



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

A FORMACIÓN DE PALABRAS NO GALEGO MEDIEVAL: A AFIXACIÓN

XOÁN LÓPEZ VIÑAS

TESE DE DOUTORAMENTO DIRIXIDA

POLO PROFESOR DOUTOR **MANUEL FERREIRO**

Visto e prace,

Manuel Ferreiro

A Coruña, 2012

*Para a miña irmá e os meus pais.
Para toda a miña familia.
Para Cilha, Mer e Munsá.
Para os meus amigos e as miñas amigas.
Para os meus compañeiros e as miñas compañeiras de licenciatura.
Para Lui.*

*Obrigado por estardes sempre aí, nomeadamente nos peores momentos;
obrigado por serdes parte de min e por serdes o meu norte;
obrigado por todos eses abrazos, bicos, sorrisos e conversas con sabor a café.*

*Sodes a barba do mar que acaricia a area.
Caión, 20 agosto de 1981.*



AGRADECIMENTOS

Esta Tese de Doutoramento nunca tería sido posíbel sen o apoio e a axuda de moitas persoas, de modo que nestas primeiras páxinas permítanme deixar constancia do meu máis sincero agradecemento a cada unha delas.

En primeiro lugar, quero expresar a miña total gratitude ao meu director, o profesor Dr. Manuel Ferreiro, por me iniciar na historia das palabras, por me dar a oportunidade de realizar este estudo e por me orientar de forma sabia e segura. Así mesmo, cómpre recoñecer a súa dispoñibilidade e a confianza depositada en min.

En segundo lugar, agradezo tamén ás profesoras responsábeis das dúas estadías de investigación que realicei en 2006 e 2009, a Dra. Márcia Mongelli, especialista medieval da Universidade de São Paulo, e a Dra. Maria Teresa Brocardo, especialista en Lingüística Histórica portuguesa do Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa (CLUNL). A elas estarei eternamente agradecido tanto pola súa calorosa acollida canto polas súas agudas e iluminadoras observacións que foron sumamente proveitosas para o encamiñamento certo desta pesquisa. Alén disto, tamén quero salientar a figura da Dra. Maria do Céu Caetano, autora da disertación de doutoramento *A Formação de Palavras nas Gramáticas Históricas do Português*, con quen partillei moitos puntos de vista comúns sobre a formación de palabras e puiden reafirmar a miña investigación.

Por outra parte, non podería deixar de manifestar o meu agradecemento á miña colega de traballo, e sobre todo amiga, a profesora Cilha Lourenço Mória, pola axuda, polos consellos e polos comentarios sempre acertados, perspicaces e proveitosos.

Finalmente, quero enviar os últimos –e os máis cálidos– agradecementos a todas aquelas persoas que sempre estiveron aí e que nunca deixaron que abandonase, con especial relevo á miña irmá Rebeca (que tanto me apoiou e axudou neste percurso!), a Mercedes Regueiro Diehl, a Montserrat Domínguez Pérez e aos amigos e familiares. Obrigadísimo!

*Olha mais perto e contempla as palavras.
Cada uma
tem mil faces secretas sob a face neutra
e te pergunta, sem interesse pela resposta,
pobre ou terrível, que lhe deres:
Trouxeste a chave?*

(Carlos Drummond de Andrade)



ÍNDICE

<i>Resumo</i>	17
<i>Resumen</i>	19
<i>Abstract</i>	21
Abreviaturas, siglas e símbolos utilizados	23

PARTE I: Estudo

1. Presentación	29
2. Introducción	33
2.1. Definición do obxecto de estudo e obxectivos	33
2.2. Metodoloxía	39
2.2.1. Definición do corpus de traballo	39
2.2.1.1. Delimitación e descrición do corpus textual	43
2.2.1.2. Periodización e denominación do período	48
2.2.2. Proceso de elaboración do traballo	49
2.2.3. Elaboración e descrición do <i>Diccionario de afixos do galego medieval</i>	55
2.2.3.1. Corpo do diccionario: macroestrutura e microestrutura dos artigos lexicográficos.....	56
2.2.3.1.1. Macroestrutura dos artigos lexicográficos.....	58
2.2.3.1.2. Microestrutura dos artigos lexicográficos.....	58

3. A formación de palabras na teoría lingüística xeral e nos estudos galego-portugueses	65
3.1. A formación de palabras na teoría lingüística xeral	67
3.1.1. Modelos de descrición morfolóxica	87
3.1.1.1. Modelo <i>Item and Arrangment</i>	88
3.1.1.2. Modelo <i>Item and Process</i>	90
3.1.1.3. Modelo <i>Word and Paradigm</i>	93
3.2. A formación de palabras nas gramáticas históricas do portugués e do galego	96
3.2.1. Gramática histórica e gramáticas históricas	96
3.2.2. O tratamento da formación de palabras nas gramáticas históricas	106
3.3. A formación de palabras nas gramáticas sincrónicas galegas	122
4. A afixación	129
4.1. Definición	129
4.2. Tipos de afixación	132
4.2.1. Prefixación	132
4.2.1.1. Caracterización xeral da prefixación	136
4.2.1.2. Clasificación dos prefixos	144
4.2.2. Sufixación	146
4.2.2.1. Caracterización xeral da sufixación	146
4.2.2.2. Clasificación dos sufixos	150
4.2.2.3. Sufixación nominal	151
4.2.2.3.1. Sufixos nocionais formadores de substantivos	153
4.2.2.3.2. Sufixos nocionais formadores de adxectivos	155
4.2.2.3.3. Sufixos apreciativos formadores de substantivos e adxectivos	157
4.2.2.4. Sufixación verbal	157
4.2.2.4.1. Sufixos formadores de verbos	164

4.2.2.5. Sufixación adverbial	165
4.2.3. Parasíntese	167
4.2.3.1. Delimitación da noción de parasíntese	170
4.2.3.2. Estruturas parasintéticas	180
4.2.4. Derivación regresiva	182
4.2.4.1. Caracterización xeral da derivación regresiva	183
5. A afixación no galego medieval	187
5.1. Caracterización xeral	187
5.2. A prefixación no galego medieval	189
5.2.1. Prefixo <i>a-</i>	191
5.2.2. Prefixo <i>ante-</i>	193
5.2.3. Prefixo <i>bis-</i>	194
5.2.4. Prefixo <i>con-/co-</i>	195
5.2.5. Prefixo <i>de-</i>	195
5.2.6. Prefixo <i>des-</i>	196
5.2.7. Prefixo <i>en-/in-</i>	198
5.2.8. Prefixo <i>entre-</i>	200
5.2.9. Prefixo <i>es-</i>	201
5.2.10. Prefixo <i>re-</i>	202
5.2.11. Prefixo <i>tras-</i>	203
5.3. A sufixación no galego medieval	204
5.3.1. Sufixación nominal	204
5.3.1.1. Sufixo <i>-al</i>	204
5.3.1.2. Sufixo <i>-çon</i>	206
5.3.1.3. Sufixo <i>-do/-da</i>	208
5.3.1.4. Sufixo <i>-ez/-eza, -ece/-ice</i>	210
5.3.1.5. Sufixo <i>-idade</i>	211
5.3.1.6. Sufixo <i>-eiro/a, -deiro/a</i>	213
5.3.1.7. Sufixo <i>-mento</i>	214
5.3.1.8. Sufixo <i>-nça</i>	217
5.3.1.9. Sufixo <i>-or/-dor</i>	218
5.3.1.10. Sufixo <i>-oso/a</i>	221

5.3.1.11. Sufixo <i>-ura/-dura</i>	222
5.3.1.12. Outros sufixos nominais	224
5.3.2. Sufixación verbal	226
5.3.2.1. Sufixo <i>-ar</i>	227
5.3.2.2. Sufixo <i>-ear/-ejar</i>	228
5.3.2.3. Sufixo <i>-ecer</i>	230
5.3.2.4. Sufixo <i>-entar</i>	231
5.3.3. Sufixación adverbial	231
5.3.1.1. Sufixo <i>-mente</i>	231
5.4. A parasíntese no galego medieval	232
5.4.1. Parasintético < <i>a-...-ar</i> >	232
5.4.2. Parasintético < <i>a-...-ear</i> >	234
5.4.3. Parasintético < <i>a-...-ecer</i> >	235
5.4.4. Parasintético < <i>de-...-ar</i> >	235
5.4.5. Parasintético < <i>des-...-ar</i> >	236
5.4.6. Parasintético < <i>en-...-ar</i> >	236
5.4.7. Parasintético < <i>en-...-ecer</i> >	237
5.4.8. Parasintético < <i>en-...-entar</i> >	238
5.4.9. Parasintético < <i>es-...-ar</i> >	238
5.4.10. Parasintético < <i>es-...-ecer</i> >	239
5.4.11. Parasintético < <i>re-...-ar</i> >	240
5.4.12. Parasintético < <i>so-...-ar</i> >	240
5.5. A derivación regresiva no galego medieval	241
6. Conclusións	245

PARTE 2: Dicionario

7. Dicionario de afixos do galego medieval	255
7.1. Guía de uso	255
7.2. Prefixos	256
7.3. Sufixos	299

7.4. Parasintéticos	518
7.5. Regresivos	548
8. Referencias bibliográficas	577
8.1. Textos	577
8.2. Estudios	578

Este traballo de investigación ten como obxectivo principal realizar o primeiro estudo histórico-descriptivo dos diferentes procesos de formación de palabras en que interveñen afixos, con base nunha selección textual representativa do galego medieval. O corpus, en que analizaremos as diferentes clases de afixación (prefijación, sufixación, parasíntese e derivación regresiva), está delimitado á produción literaria, de modo que se estende do século XIII ao XV. Alén disto, a descrición dos prefixos, sufixos, parasintéticos e regresivos, permitiranos observar a mudanza lingüística que estes sofren ao longo dos séculos e que semella estar sometida a variábeis de produtividade e de concorrencia afixal, feito que pode derivar nunha rivalidade e futura substitución.

Para levarmos a cabo este estudo, foi preciso contextualizarmos o fenómeno da afixación; así, primeiramente, ofrecemos un panorama histórico da formación de palabras na teoría lingüística xeral e nos estudos galego-portugueses e, a seguir, elaboramos unha revisión da afixación e dos seus diferentes mecanismos. Neste sentido, destaca o feito de estudarmos unicamente as formacións afixais que se produciren no mesmo sistema lingüístico.

Finalmente, explotamos o resultado dos datos deste estudo coa construción do *Dicionario de afixos do galego medieval*, que conforma o primeiro dicionario temático de afixos.

Palabras chave: afixación, diacronía, *Dicionario de afixos do galego medieval*, formación de palabras, galego medieval, Gramática Histórica, Historia da Lingua, Lexicografía, portugués, sincronía.

Este trabajo de investigación tiene como objetivo principal realizar el primer estudio histórico-descriptivo de los diferentes procesos de formación de palabras en que intervienen afijos, con base en una selección textual representativa del gallego medieval. El corpus, en que analizaremos las diferentes clases de afijación (prefijación, sufijación, parasíntesis y derivación regresiva), está delimitado a la producción literaria, de modo que se extiende del siglo XIII al XV. Además, la descripción de prefijos, sufijos, parasintéticos y regresivos, nos permitirá observar el cambio lingüístico que estos experimentan a lo largo de los siglos y que parece someterse a variables de productividad y concurrencia afijal, pudiendo derivar en una rivalidad y futura substitución.

Para llevar a cabo este estudio, fue preciso contextualizar el fenómeno de la afijación; así, primeramente, ofrecemos un panorama histórico de la formación de palabras en la teoría lingüística general y en los estudios gallego-portugueses y, a continuación, elaboramos una revisión de la afijación y de sus diferentes mecanismos. En este sentido, destaca el hecho de estudiar únicamente las formaciones afijales producidas en el mismo sistema lingüístico.

Finalmente, explotamos el resultado de los datos de este estudio con la construcción del *Diccionario de afixos do galego medieval*, que conforma el primer diccionario temático de afijos.

Palabras clave: afijación, diacronía, *Diccionario de afixos do galego medieval*, formación de palabras, gallego medieval, gramática histórica, historia de la lengua, lexicografía, portugués, sincronía.

The primary aim of this research is to present the first historical-descriptive study of the different processes in word formation where affixes appear, based upon a representative textual selection of Mediaeval Galician. The corpus, where we analyze the different types of affixation, i.e., prefixation, affixation, parasynthesis and regressive derivation, is limited to the literary production from the 13th to the 15th century. In addition to that, the description of both parasynthetic and regressive suffixes and prefixes will allow us to analyze the linguistic change they suffer through the centuries, which seem to be submitted to variables of productivity and affixal concurrence which may lead to rivalry and future substitution.

To carry this research out, it was necessary to put in context the phenomenon of affixation. Thus, we first show a historical panorama of word formation in general linguistic theory and in Galician-Portuguese studies. Secondly, we make a revision of affixation and its different mechanisms. In this sense, it is worth mentioning the fact that only the affixal formations produced in the same linguistic system are studied. Finally, we develop the result of the data from this study in the *Dictionary of Affixes in Mediaeval Galician*, the first thematic dictionary of affixes.

Key words: Affixation, diachrony, dictionary of affixes in mediaeval Galician, word formation, mediaeval Galician, historical grammar, history of language, lexicography, Portuguese, synchrony.

ABREVIATURAS, SIGLAS E SÍMBOLOS UTILIZADOS

1. Abreviaturas e siglas¹

A	<i>Cancioneiro da Ajuda</i>
adx.	adxectivo
ant.	antigo
arc.	arcaico
B	<i>Cancioneiro da Biblioteca Nacional</i>
C1	primeira conxugación
C2	segunda conxugación
C3	terceira conxugación
cast.	castelán
cat	catalán
cfr.	confróntese
coord(s).	coordinador/a/es/as, coordinación
DEL P	<i>Dicionário Histórico da Língua Portuguesa</i>
DHLP	<i>Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa</i>
DRAG-e	<i>Dicionário da Real Academia Galega</i> [versión electrónica]
ed(s).	editor/a/es/as, edición
fem.	feminino
FP	formación de palabras

¹ Polo que respecta aos nomes das linguas, cómpre indicar que finalmente nos inclinamos a utilizar, tanto no corpo xeral da tese como no dicionario, as abreviaturas máis asentadas nos estudos lingüísticos, que se formaron a partir do nome da lingua no idioma en que se redacta (neste caso en galego) e que non sempre se corresponden con linguas modernas (González Rei: 2004). Porén, hoxe en día, con maior asiduidade nos traballos científicos e sobre todo terminolóxicos, os nomes das linguas represéntanse mediante símbolos (por tanto, sen punto abreviativo) internacionais que parten do nome orixinal de cada idioma e que, xa que logo, permiten un intercambio de información máis universal. Estes símbolos estandarizáronse na norma ISO 639 (parte 1: 2002 e parte 2: 1998) (*Codes for the representation of names of languages. Part 1: Alpha-2 code / Part 2: Alpha-3 code*) en que se especifican en que se especifican, mediante dúas ou tres letras, os símbolos ou códigos internacionais das linguas do mundo.

ft.	francés
gr.	grego clásico
<i>i.e.</i>	<i>istud est</i> ('isto é')
<i>IA</i>	<i>Item and Arrangement</i>
<i>IP</i>	<i>Item and Process</i>
ing.	inglés
it.	italiano
lat.	latín
LC	latín clásico
LM	latín medieval
LT	latín tardío
LV	latín vulgar
MA	morfema aspectual
masc.	masculino
MMT	morfema modo-temporal
MNP	morfema número-persoal
MS	morfema substancial
ms.	manuscrito
n.	nota
org(s).	organizador/a/es/as, organización
P1 _{sing.}	primeira persoa do singular
P1 _{pl.}	primeira persoa do plural
P2 _{sing.}	segunda persoa do singular
P2 _{pl.}	segunda persoa do plural
P3 _{sing.}	terceira persoa do singular
P3 _{pl.}	terceira persoa do plural
p. ex.	por exemplo
pl.	plural
pop.	popular
port.	portugués
pref.	prefixo
prep.	preposición
prov.	provenzal

RAL	Regras de Alomorfia
RFP	Regra de Formación de palabras
RR	Regras de Reaxustamento
RTr	Regras de Truncamento
<i>s.d.</i>	<i>sine die</i> ‘sen data de edición’
<i>s.l.</i>	<i>sine loco</i> ‘sen lugar de edición ou de impresión’
<i>s.v.</i>	<i>sub voce</i> ‘baixo a voz lexicográfica citada, baixo a entrada’
sing.	singular
subst.	substantivo
suf.	sufixo
trad.	tradutor/a, tradución
V	<i>Cancioneiro da Vaticana</i>
VT	vogal temática
WP	<i>Word and Paradigm</i>

2. Siglas das obras do corpus

AT = Arte de Trovar

CSM = Cantigas de Santa Maria

CSMI = Crónica de Santa Maria de Iria

CT = Crónica Troiana

LT = Livro de Tristan

LP = Lírica profana

MS = Mirages de Santiago

3. Símbolos

§ (sub)epígrafe

~ alterna con

<> grafema, forma gráfica

< proveniente de

> que evoluciona en

- deriva en
- [] representación fonética
- // representación fonológica
- ⌚ datación cronológica [*Diccionario*]
- ↪ relaciónese con [*Diccionario*]
- ↩ resultado actual [*Diccionario*]



**PARTE I:
ESTUDO**

1. PRESENTACIÓN

A história de uma língua é justamente a história de suas inovações.

Celso Cunha

Cando os falantes se confrontan por vez primeira a un referente descoñecido, precisan ou deben nomealo. Tal necesidade denominativa resólvese nas linguas a través de diferentes mecanismos lingüísticos, entre os cales se encontra a afixación. En galego, a afixación ou derivación afixal conforma un dos procedementos morfolóxicos e léxicos máis rendíbeis para ampliar o caudal léxico e consiste na modificación dunha base existente mediante a adición de determinados elementos mórficos denominados afixos.

A presente tese de doutoramento, titulada *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*, céntrase, por tanto, no estudo histórico-descriptivo dos diferentes procesos de formación de palabras en que unicamente interveñen afixos, con base nunha selección textual representativa do galego medieval. O corpus, en que analizaremos as diferentes clases de afixación (prefixación, sufixación, parasíntese e derivación regresiva), está delimitado á produción literaria, de modo que se estende desde o século XIII até o século XV. Alén disto, a descrición dos prefixos, sufixos, parasintéticos e regresivos, permitirá observar a mudanza lingüística que estes sofren ao longo dos séculos e que semella estar sometida a variábeis de produtividade e de concorrencia afixal, feito que pode derivar nunha rivalidade e futura substitución. Así mesmo, cos datos extraídos elaboramos o *Dicionario de afixos do galego medieval*, que conforma o primeiro dicionario temático de afixos dentro do sistema lingüístico galego-portugués.

Para levarmos a cabo este estudo, foi preciso contextualizarmos o fenómeno da afixación, de modo que, primeiramente, ofrecemos un panorama histórico da formación de palabras na teoría lingüística xeral e nos estudos galego-portugueses e, a seguir, elaboramos unha revisión da afixación e dos diferentes mecanismos de afixación. Neste último caso, destaca a nosa concepción do estudo das derivacións afixais unicamente cando se produciren no mesmo sistema lingüístico.

En consecuencia, como se pode concluír, a nosa disertación intégrase nunha das liñas de investigación do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (Grupo ILLA)¹ de que formamos parte, como é a de ‘Lingüística Histórica e Historia da Lingua’, coa finalidade de xerarmos coñecemento novo sobre este ámbito científico.

Canto á organización dos resultados da nosa investigación, decidimos estruturar este traballo en dúas grandes partes. Na primeira sección, titulada “I. Estudo”, realizamos a análise da afixación no galego medieval tras a pertinente contextualización no marco teórico xeral dos estudos lingüísticos, e na segunda, denominada “II. *Diccionario*”, presentamos o *Diccionario de afixos do galego medieval*.

A parte “I. Estudo” está dividida en seis capítulos. O primeiro deles é esta presentación en que resumimos o contido da tese e indicamos a estrutura dos diferentes capítulos que compoñen a nosa investigación.

No capítulo “2. Introducción” definimos o obxecto de estudo desta pesquisa e formulamos os obxectivos que pretendemos conseguir. Neste capítulo tamén describimos a metodoloxía utilizada, de modo que en primeiro lugar definimos e delimitamos o corpus textual en que baseamos a análise da afixación, tomando como referencia as edicións máis fiábeis do punto de vista ecdótico. Este corpus está constituído pola produción literaria do galego medieval (séculos XIII a XV).

A seguir, describimos o proceso de elaboración do traballo que consistiu na colecta dos datos, na identificación das voces afixadas en galego medieval e a análise lingüística das unidades lexicais en causa. En último lugar, cerramos o capítulo co proceso de elaboración do *Diccionario de afixos do galego medieval* e coa descrición e organización da macroestrutura e microestrutura dos artigos lexicográficos de que consta.

¹ Consúltese <<http://illa.udc.es/>>.

No capítulo “3. A formación de palabras na teoría lingüística xeral e nos estudos galego-portugueses” realizamos un breve percurso sobre o tratamento da formación de palabras nos diversos movementos ou escolas lingüísticas desde o nacemento desta disciplina como ciencia no século XIX até as teorías máis actuais. Nesta panorámica poderemos observar as discrepancias sobre o estatuto categorial da formación de palabras, pois uns autores consideran que esta área de coñecemento conforma unha disciplina propia, en canto outros argumentan que constitúe ora nunha subcompoñente da Morfoloxía ora do léxico. Así mesmo, examinamos e comparamos os modelos de análise ou descrición morfolóxica que foron propostos polas diversas correntes lingüísticas, como o *Item and Arrangement (IA)*, o *Item and Process (IP)* e o *Word and Paradigm (WP)*, así como o modelo formulado pola Morfoloxía Natural.

Na segunda subepígrafe deste terceiro capítulo, centrámonos no tratamento que as gramáticas históricas do portugués e do galego ofrecen a respecto da formación de palabras, debido á importancia destas obras no estudo diacrónico da lingua, e en particular no estudo dos fenómenos de afixación da lingua galego-portuguesa. Porén, antes de estudarmos os diversos procedementos de creación vocabular, fixamos o catálogo de gramáticas históricas do portugués e do galego, após o levantamento dos tratados gramaticais que se adoitan englobar baixo este paraugas nominal e tras os inventarios de Martins (1996) e Caetano (2003).

En último termo, xa nun ámbito máis próximo e para completarmos o encadramento global da formación de palabras na teoría lingüística, con especial atención á afixación, estudamos o encadramento que levan a cabo as gramáticas sincrónicas do galego sobre estes procedementos.

O capítulo “4. A afixación” céntrase xa nunha revisión xeral da derivación mediante afixos, constituída por catro tipos de mecanismos, como a prefixación, a sufixación, a parasíntese e a derivación regresiva. Neste apartado explicitamos e defendemos a nosa concepción sobre o estudo da afixación no galego (medieval) –e que podería estenderse ás diferentes linguas–, que consiste *grosso modo* en considerarmos que unicamente estamos perante un proceso de creación vocabular cando as formacións derivativas se produciren no mesmo sistema lingüístico. É dicir, só temos en conta aqueles casos en que a afixación se creou no romance galego-portugués, de modo que

excluimos aquelas formacións que son exóxenas ao noso sistema (latinas, españolas, provenzais...).

No capítulo “5. A afixación no galego medieval” incluimos o estudo dos diferentes tipos de afixación no corpus fixado, en que realizamos unha análise máis concreta de cada prefixo, sufixo, estrutura parasintética ou derivado regresivo, pois consideramos necesario que este estudo precisaba un tratamento diferenciado a respecto do capítulo anterior, tanto polo carácter teórico daquel como polo carácter específico deste capítulo (descrición do afixo, produtividade, alternancia de sufixos etc.).

O último dos capítulos desta primeira parte, “6. Conclusións”, está destinado, como o seu nome indica, á enunciación das conclusións extraídas nesta investigación e da pertinencia desta tese na sociedade do coñecemento, particularmente no ámbito galego-portugués.

Por outra banda, a segunda parte desta investigación, titulada “*Dicionario*”, está dedicada á presentación do *Dicionario de afixos do galego medieval*. Esta sección iníciase cunha breve guía de uso do *Dicionario*, en que esquematizamos a estrutura dos artigos lexicográficos que compoñen esta obra, e continúa coa disposición dos diferentes (sub)dicionarios de prefixos, de sufixos, de parasintéticos e de regresivos.

Para concluímos este estudo, relacionamos as diferentes fontes bibliográficas e os índices remisivos das materias máis pertinentes e dos autores que fomos citando ao longo das páxinas.

2. INTRODUCCIÓN

Co toque do cicel a pedra crúa e fría convértese nun molde vivinte. Canto máis se gasta o mármore, máis crece a estatua.
Miguelanxo

2.1. Definición do obxecto de estudo e obxectivos

O estudo da formación de palabras foi tratado por investigadores de épocas, xeografías e perspectivas lingüísticas diversas, se ben que coa chegada da última grande corrente lingüística, a Gramática Xenerativa Transformacional, esta área de estudo foi desatendida até a denominada “Hipótese Lexicalista” de Chomsky (1970). A partir deste momento, a Morfoloxía derivativa “reespertou” o interese de diversos autores que formularon teorías heteroxéneas, esencialmente sincrónicas (Halle 1973; Aronoff 1976; Selkirk 1983; Scalise 1986; Corbin 1987 e 1991 etc.), mais ningunha delas permite dar conta do fenómeno da formación de palabras en toda a súa extensión, conforme máis adiante veremos (cfr. §3.1.).

Alén disto, este dominio constituíu –e aínda constitúe– un caso paradigmático de indefinición identitaria na Lingüística xeral, pois non está claro o seu estatuto (sub)disciplinar nin “ocupa” un lugar “fixo” na gramática: unhas veces a formación de palabras é considerada unha compoñente subordinada da Morfoloxía, outras veces do léxico, e nalgunhas ocasións inclusive se concibe como unha compoñente autónoma (cfr. §3.1.). A dita imprecisión talvez sexa debida á participación da formación de palabras na Morfoloxía, na Sintaxe, na Fonoloxía e no léxico.

No espazo galego-portugués, a formación de palabras tamén foi unha área cultivada polos estudos gramaticais portugueses e galegos, nos cales encontramos o mesmo problema de encadramento como disciplina ou subdisciplina. Alén disto, o tratamento que os gramáticos históricos realizan sobre esta área pode cualificarse de reducido, xa que se limita –cando aparecer– a listaxes de afixos na maior parte deles, salvo dignas excepcións como a de Nunes (1930), Ali (1964), Câmara (1975) e Ferreiro (1997) (cfr. §2.2.). Pola súa parte, nas gramáticas sincrónicas galegas, máis próximas no tempo, xa se observa unha análise máis pormenorizada (cfr. §3.3.). En contrapartida, na maior parte destas abordaxes diacrónicas e sincrónicas foi privilexiado nomeadamente o estudo da Morfoloxía flexional, unha situación que encontra paralelo noutras linguas.

Por todos estes motivos, resulta obvio e evidente que non exista na actualidade ningún traballo completo e profundo sobre os diversos procesos de creación vocabular. Esta circunstancia xa a advertía a ínclita filóloga Carolina Michaëlis de Vasconcelos nas súas *Lições de Filologia Portuguesa*:

A história da sufixação, prefixação e composição portuguesa está por escrever. Há, isso sim, em cada gramática portuguesa destinada ao ensino secundário oficial, um capítulo sobre derivações e composição, com listas dos sufixos e prefixos que servem actualmente para a formação de substantivos, adjetivos e verbos, ordenados ora alfabeticamente, ora segundo as funções que eles exercem. Mas os fins práticos e restritos dessas obras não admitem que a matéria seja tratada exaustivamente, nem mesmo com certa extensão e intensidade (Vasconcelos 1956: 45).

O certo é que, un século despois das súas “prelecções” de 1911/1912 e 1912/1913, os traballos sobre a Morfoloxía derivacional ou sobre a formación de palabras –nomeadamente a nivel diacrónico, mais non só– son menos prolíficos do que sobre outras disciplinas lingüísticas, ou mesmo sobre a Morfoloxía flexional. Así, na actualidade aínda non contamos cun estudo exhaustivo dos distintos procedementos de formación de palabras no ámbito galego-portugués, nin do punto de vista diacrónico nin relativo a calquera sincronía (como, por exemplo, a medieval), á altura do que, por exemplo, desfruta o español contemporáneo en Bosque / Demonte (2000), unha publicación de natureza académica cuxa extensión ultrapasa as 500 páxinas.

Con todo, a respecto da abordaxe analítica da sincronía galego-portuguesa medieval, cómpre mencionar a profesora brasileira Virgínia Mattos e Silva (2008), quen

realiza n'*O Português Arcaico* un ponderado estudo sobre algúns mecanismos de formación de palabras centrado na fase inicial da lingua (galego)-portuguesa.

Por tanto, coa finalidade de emendar esta situación, propuxémonos como obxectivo de partida deste traballo de investigación o estudo de todos os procesos de formación de palabras existentes nos textos galego-portugueses medievais. Porén, debido á amplitude e complexidade tanto do obxecto de estudo canto do corpus previsto, consideramos que era preciso reducirmos a dita pretensión inicial. Consecuentemente, decidimos centrarnos exclusivamente na afixación e acoutarmos a base textual á produción literaria, eludindo a prosa notarial e a historiográfica, unha redución xa prevista no Proxecto de Tese de Doutoramento. Desta maneira, tal restrición permitíanos, igualmente, dar conta dunha visión abranxente do fenómeno –pois a afixación é o procedemento de creación vocabular máis produtivo– a partir dunha selección operística representativa e, talvez, máis cohesionada lingüística e estilisticamente. En vista diso, foi solicitada unha mudanza do título orixinal, *A formación de palabras no galego-portugués*, polo actual *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*².

En síntese, o obxectivo basilar ou principal que procuramos levar a termo nesta pesquisa é realizarmos un estudo histórico-descriptivo, necesariamente xeral polo carácter desta tese, da derivación por medio de afixos con base na fase inicial da lingua galega. Pretendemos, pois, caracterizar a prefixación, a sufixación, a parasíntese e a derivación regresiva desde un punto de vista diacrónico e descriptivo, para alén de ofrecermos unha descrición etimolóxica, morfosintáctica e semántica destes procedementos rexistrados no corpus demarcado, que comprende o arco temporal dos tres primeiros séculos de expresión escrita en lingua galega medieval.

A partir deste obxectivo central, derivan outros tanxenciais non menos importantes. En primeiro lugar, para describirmos a configuración deste cadro afixal do galego medieval ou antigo foi preciso recorrermos a varios aspectos de diferentes teorías lingüísticas e modelos de análise ou descrición morfolóxica, xa que, como apuntamos anteriormente e teremos ocasión de comprobar en páxinas sucesivas, tras a revisión bibliográfica pertinente, non existe ningún modelo de análise morfolóxica válido para un

² O Proxecto de Tese de Doutoramento orixinal foi modificado no Consello de Departamento do día 27/09/2011, en que se informou favorablemente da mudanza de título, e foi aprobado posteriormente pola Comisión de Doutoramento da UDC na súa reunión do día 25/10/2011.

estudo da formación de palabras en que se contemplan parámetros diacrónicos. Por tanto, xulgamos preciso elaborarmos un breve percurso histórico polas diferentes correntes lingüísticas e polos estudos gramaticais diacrónicos e sincrónicos galego-portugueses para contextualizarmos o marco teórico en que nos movemos e para evidenciar a dita problemática.

Ambas as panorámicas supoñen dúas achegas novas na lingüística galega, pois estamos perante a primeira caracterización do fenómeno da formación de palabras na teoría lingüística xeral (en galego) e nas gramáticas históricas do portugués e do galego³. A respecto desta última cuestión, para estudarmos os diferentes mecanismos de formación de palabras nestas obras gramaticais, foi preciso realizarmos un levantamento dos tratados existentes –e con base nas reflexións e disensións entre Martins (1996) e Caetano (2003)– e fixarmos o catálogo completo de gramáticas históricas galego-portuguesas (cfr. §3.2.).

Noutra orde de cousas, é a nosa intención observarmos e manifestarmos a importancia da achega diacrónica nos estudos sobre a formación de palabras en xeral, xa que é nesta (sub)disciplina en que parece diluírse o binomio “diacronía/sincronía”. Precisamente, o solapamento da dimensión histórica nos estudos sincrónicos produciu, ao noso modo de ver, análises ou interpretacións parcialmente incorrectas destes procedementos de creación vocabular ao se faceren derivacións non xustificadas a nivel “léxicoxenético”. Neste sentido, cremos que o estudo diacrónico promove indirectamente tamén unha reflexión sobre o método sincrónico, o cal necesita incorporar informacións de índole histórica para non incorrer en determinados desacertos descritivos. Así mesmo, tamén cómpre manifestar a forte interrelación que se produce entre a Morfoloxía, o léxico e a formación de palabras, a nos centrarmos especialmente na afixación.

Outro dos obxectivos que perseguimos con esta pesquisa asenta no exame e análise da mudanza morfolóxica e semántica que sofren diferentes afixos ao longo dos séculos, inclusive dentro dunha mesma sincronía, e que semella estar sometida a variábeis de produtividade e de concorrencia afixal, feito que pode derivar nunha rivalidade e futura substitución.

³ Cómpre indicar, como veremos no punto §2.2., que Caetano (2003) realiza un profundo e rigoroso estudo da sufixación nas gramáticas históricas do portugués, acompañado dunhas lacónicas liñas sobre os outros procesos de formación de palabras.

En último lugar, froito da colecta e análise dos vocábulos, resolvemos construír un *Dicionario de afixos do galego medieval*, que conforma a segunda parte do presente traballo, no cal se recollen os datos lingüísticos examinados; porén, cómpre sinalar que este *Dicionario*, polas características desta Tese de Doutoramento e por ser algo complementario, non foi confeccionado cun nivel de completitude e de concreción maior (como, por exemplo, a discriminación de acepcións), mais certamente co paso deste traballo tornouse máis importante e absorbeu moito tempo de elaboración. Mesmo así, este catálogo afixal constitúe unha novidade nos estudos lingüísticos galegos e tamén portugueses, xa que na actualidade non existe ningún dicionario temático⁴ de prefixos e/ou sufixos, quer da fase actual quer doutra anterior.

Neste sentido, cabe manifestarmos desde estas liñas iniciais a inexistencia e a necesidade dun repertorio léxico íntegro de toda a produción medieval –global ou por xéneros–, pois unicamente se reducen aos glosarios de Vasconcelos (1920), de Nunes (1972 e 1973), de Lapa (1970) e das edicións críticas de trobadores a respecto da lírica profana⁵; ao glosario de Mettmann (1972) para a poesía relixiosa; e aos glosarios de Magne (1944) e Lorenzo (1977) relativos á prosa (non notarial). Con todo, é de xustiza indicarmos a existencia do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*, que, malia non constituír *stricto sensu* un dicionario (pois trátase dunha base de datos), fornece unha importante información lingüística.

Finalmente, cómpre mencionarmos tamén a existencia dun glosario de locucións adverbiais (Álvarez de la Granja 2005) e, sobre todo, a construción de novos glosarios para a lírica galego-portuguesa medieval, elaborados con visos de se converteren en modelos metodolóxicos para a confección de produtos lexicográficos exhaustivos (con información morfolóxica, semántica e sintáctica) da época medieval. Canto ao primeiro

⁴ Cómpre adiantar que non se trata dun dicionario inverso (cfr. Martínez de Sousa 1995, Guerrero Salazar 2001/2002, Porto Dapena 2002), pois non listamos os vocábulos segundo a súa terminación, senón que unicamente incluímos as palabras afixadas, ordenadas alfabeticamente conforme o afixo correspondente. Podería considerarse, en certo modo, un dicionario especializado ou de especialidade, mais esta denominación non semella ser moi adecuada, xa que os modificadores “especializado” ou “de especialidade” remiten para as linguas especializadas ou linguaxes de especialidade. Véxase ao respecto, Cabré (1992) e Lerat (1997).

⁵ Entre outras edicións críticas, salientamos as de Lanciani (1977), Finazzi-Agrò (1979), Simões (1991), Ferreiro (1992), Martínez Pereiro (1992), Tavani (1992), Arbor Aldea (2001), Tato Fontaiña (2007), Lorenzo Gradín (2008) e Lorenzo Gradín / Marcerano (2011). A maior parte destas, xunto coas de Nunes (1972 e 1973) e Vasconcelos (1920), áchanse incorporados no *Dicionario de dicionarios do galego medieval (DDGM = González Seoane 2006)*.

deles, trátase do *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa (GLOPOGAPO)*⁶, dirixido polo profesor Manuel Ferreiro⁷ e no cal participamos como colaborador, no marco do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da UDC. A esta primeira parte seguirá unha segunda, cinxida ás *Cantigas d'escarnho e maldizer*. O segundo destes catálogos lexicais que mencionamos é o eventual glosario do *Cancioneiro da Ajuda*, cuxa primeira versión (Varela Barreiro 2010) constitúe un exemplo de especificación da información morfolóxica e semántica, ao menos canto á estrutura das entradas verbais.

A este panorama debemos acrecentar a ausencia dun dicionario histórico e etimolóxico galego completo⁸, que impide aos filólogos e aos investigadores en xeral obteren datos concretos sobre a orixe, a cronoloxía, a formación e a transmisión das voces do léxico galego, para alén das atestacións en corpus. Esta carencia sorprendente, se ben comprensíbel polo carácter serodio da nosa tradición gramatical (Sánchez Rei 2005a) e pola inexistencia dunha edición íntegra dos textos medievais, xustifica a necesidade urxente da construción deste glosario na nosa investigación coa finalidade de avanzarmos no coñecemento da nosa historia lingüística e de completarmos esas lacunas existentes na Lexicografía galega. Así mesmo, co noso glosario poderemos subministrar datos para a confección do proxecto *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa*.

⁶ A primeira parte deste *Glosario (I. Cantigas de amigo e de amor)* está a ser desenvolvida ao abeiro do Proxecto de Investigación (FFI2009-08917), subvencionado polo Ministerio de Ciencia e Innovación desde o ano 2010, cuxo período de elaboración conclúe no presente ano 2012.

⁷ Poden consultarse as liñas xerais e o proceso de elaboración do proxecto en Ferreiro (2010).

⁸ Esta eiva está a ser reparada polo Instituto da Lingua Galega (ILG) mediante a elaboración do *Dicionario Histórico da Lingua Galega* e co *Dicionario Medieval do Galego-Portugués*, aínda que felizmente nesta (longa) espera podemos recorrer aos dous dicionarios etimolóxicos para o portugués. Confróntese Santamarina (2008), en que comenta os dicionarios históricos existentes e indica as características que debe cumprir un dicionario histórico galego, alén de manifestar as súas consideracións sobre a súa viabilidade.

En ámbito portugués, cómpre salientar a construción dun *Dicionario do Portugués Medieval*, que está a ser desenvolvido nomeadamente no seo do Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa (CLUNL) polas profesoras Maria de Lourdes Crispim e Maria Francisca Xavier (cfr. Xavier 2008).

2.2. Metodoloxía

Para alcanzarmos os obxectivos desta investigación, enunciados brevemente na epígrafe anterior, non adoptamos un único cadro teórico de análise morfolóxica –tal e como afirmamos nas liñas precedentes– para levarmos a cabo o estudo da afixación a través dun corpus de lingua escrita. Por tanto, na nosa investigación asumimos presupostos de diferentes modelos morfolóxicos (cfr. §3.1.), polo que utilizaremos tanto metodoloxías estruturalistas e funcionalistas, como por exemplo para a identificación e para a delimitación dos morfemas, canto xenerativistas, na súa relación entre Morfoloxía e léxico. Alén disto, tamén empregamos a metodoloxía cuantitativa para obtermos índices de produtividade afixal.

Dividimos este capítulo en tres seccións que pretenden mostrar o noso procedemento metodolóxico de traballo. Así, en primeiro lugar, delimitamos e describimos o corpus textual en que se basean os datos examinados. En segundo lugar, expomos o proceso de elaboración do traballo, que consistiu na extracción, na análise e na sistematización dos datos. Para executarmos esta tarefa cumpríu adiantar a nosa concepción sobre o proceso da afixación –que desenvolvemos por extenso no capítulo §4.– á hora de discriminarmos o tipo de formación (latina ou romance) perante a cal nos encontrabamos. Neste sentido, na nosa investigación defendemos que unicamente se pode considerar que existe afixación en galego –e, por tanto, é susceptible de se incluír neste estudo– cando esta formación se produciu no romance galego-portugués. Finalmente, en terceiro lugar, explicamos o proceso de elaboración do *Diccionario de afixos do galego medieval*, xunto coa descrición da macroestrutura e microestrutura dos artigos lexicográficos.

2.2.1. Definición do corpus de traballo

Nos estudos de Lingüística Histórica adoita partirse dun corpus de traballo que permita observar e analizar uns datos concretos que constitúan o obxecto da investigación, de modo que a selección e fixación das fontes, tanto primarias (textos) como secundarias (glosarios, dicionarios, gramáticas...), constitúe unha das tarefas máis importantes da pesquisa filolóxica. Alén diso, este proceso de establecemento dun

conxunto de mostras reais de uso dunha lingua⁹ ten que facer fronte a varias problemáticas derivadas da(s) etapa(s) cronolóxica(s) e da natureza das fontes seleccionadas.

Canto á cronoloxía, estudar unha sincronía pretérita, como é o galego medieval, implica que o corpus xa se encontra *per se* delimitado e restrito aos documentos existentes, aínda que moitos deles están por editar e tamén por descubrir¹⁰. A este respecto, é moi probábel que o número de obras que existiron nesta franxa temporal de máis de tres séculos fose maior do que nos chegou á actualidade¹¹ e que se perdesen por diferentes causas como os espolios sufridos nos pazos e nos mosteiros en que se custodiaban os manuscritos, a incuria, a falta de sensibilidade cultural e o decaemento do pergamiño, que levaría á utilización destes para outros fins (como cuberta de libros impresos, de base para os foguetes...) (Lorenzo 2000: 367).

Con todo, a falta de textos na Galiza emana, nomeadamente, da “falta de independencia política e [d]a inexistencia dunha institución rexia e dunha corte independente” que instaure centros creadores e que imponha a lingua galega, “cun resultado negativo para a produción de prosa literaria” (Lorenzo 2000: 367).

⁹ Cómpre aclarar que esta acepción de “corpus” que asumimos é a que se corresponde coa da “lingüística do corpus” (Caravedo 1999), xa que na Lingüística actual o vocábulo “corpus” aparece asociado frecuentemente á Lingüística Computacional ou “lingüística de corpus” (Caravedo 1999: 17), en que o material lingüístico se almacena mediante un procesamento informático e se difunde en soporte magnético ou electrónico. Precisamente, é por isto que Rocío Caravedo, a quen seguimos, diferencia entre “lingüística do corpus” e “lingüística de corpus”: “Hace algunos años se viene usando el nombre de “lingüística de corpus” (*corpus linguistics*) para designar una nueva tendencia cuyo principal objetivo reside en la construcción de grandes conjuntos de material lingüístico, extraídos del habla escrita y oral, construcción para la cual la intervención de las computadoras [...] es fundamental. [...] El término que aquí utilizo de “lingüística del corpus”, sin embargo, no alude de modo restrictivo solo a esta tendencia –si bien la incluye– y se aplica, más bien, a todo enfoque u orientación lingüística que considere fundamental para el estudio del lenguaje el valerse de un conjunto de textos de considerable dimensión, tomados de la realidad del habla para cualquier tipo de indagación y en cualquiera de las dimensiones analíticas de la estructura de una lengua” (Caravedo 1999: 17).

Así pois, a través deste método recoñecemos a prioridade da observación na análise e na síntese do razoamento científico, un método que colide, por exemplo, cun enfoque chomskyano, que tende a estudar a lingua a través da intuición lingüística do falante.

¹⁰ Chama poderosamente a atención o feito de non contarmos coa publicación de toda a documentación medieval existente na actualidade, independentemente do rigor con que se levase a cabo. Neste sentido, tamén destaca a carencia de rigor filolóxico en certas edicións existentes, nomeadamente nalgunhas efectuadas por historiadores.

¹¹ Entre outras obras perdidas, sabemos da existencia dunha *Crónica Galega de España e Portugal* ou *Cronicón Galego-Portugués*, escrita en galego-portugués entre 1341 e 1342 (Campos Souto / Campos Souto 1996: 168), e a versión galega orixinaria da cal procede a *Crónica de 1404* (Lorenzo 2000: 384).


A respecto da natureza das fontes, encarámonos co feito de seren textos manuscritos realizados no período arcaico da nosa lingua, polo que os documentos en que nos imos basear presentan a peculiaridade de constituíren as primeiras mostras ou os primeiros ensaios de escrita en galego-portugués. Por tanto, a *scripta* medieval repercute inexorablemente na edición destes textos ao conteren grafías heteroxéneas sen distribución grafemática para un mesmo fonema, abreviacións, palabras mal segmentadas –sobre todo no caso da lírica¹²– etc., que poden alterar o significado e/ou a veracidade dos datos lingüísticos que pretendemos analizar.

Consecuentemente, é preciso empregarmos aquelas edicións máis confiábeis, xa que moitas delas se deben a historiadores e non a filólogos –nomeadamente no caso da documentación notarial–. En calquera caso, convén non esquecermos que un corpus medieval “é constituído, não pelos textos na forma em que se conservaram, mas pelas *edições* modernas desses textos” (Brocardo / Emiliano 2002: 273).

Por outra parte, tamén cómpre sinalar a tipoloxía dos textos, feito que pode condicionar algúns intereses investigadores. Na produción medieval cultívase poesía e prosa en termos cualitativos e cuantitativos desiguais, en canto o teatro fica excluído deste repertorio operístico. A lírica de creación propia reflicte o esplendor do galego-portugués como lingua peninsular durante os séculos XIII-XIV, mentres que a prosa é de menor calidade, realízase en época tardía e redúcese –na maior parte dos casos– a traducións de exemplares en castelán, a exceptuarmos a prosa notarial. Precisamente, esta última mostra documental supera en cantidade (aproximadamente o 80%) a produción total do corpus galego medieval (con máis de 16 000 unidades textuais¹³, repartidas en 82 obras), tal e como podemos visualizar na seguinte gráfica do corpus do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*.

¹² A este respecto, é moi ilustrativo o artigo de Manuel Ferreiro (2012, no prelo), en que recolle numerosos casos de erros editoriais producidos por unha segmentación textual errada.

¹³ De acordo cos responsábeis de sección do *TMILG* (Paulo Martínez Lema e Ricardo Pichel Gotérrez, a quen agradecemos esta información), unha “unidade textual” correspóndese con unha cantiga (no caso da lírica), un capítulo (para a prosa non notarial) ou un documento (no caso da prosa notarial). Esta etiqueta de “unidade textual” é algo discutíbel, xa que hai capítulos na prosa literaria que ultrapasan moito máis do que “mide” unha cantiga; porén, permite deseñar *grosso modo* un mapa porcentual dos diferentes tipos de produción galega medieval.



Gráfica 1 Corpus do TMILG segundo a tipoloxía textual. Datos extraídos de Pichel / Varela Barreiro (2009) e Martínez Lema (2008).

Por tanto, na liña do horizonte deste *corpus* galego-portugués medieval divisamos poesía orixinal ou de creación propia, prosa traducida (literaria, histórica, xurídica e técnica) e prosa orixinal (prosa técnica e notarial). Neste sentido, é preciso facermos referencia ás observacións de Mattos e Silva (1989: 39) para a constitución dun corpus representativo ou tipo do portugués medieval. A autora brasileira divide os textos dese período en tres categorías (posteriormente subdivididas en “dialetos”¹⁴):

- documentación poética (lírica galego-portuguesa);
- documentación en prosa non literaria (documentación xurídica orixinal);
- documentación en prosa literaria (quer textos escritos en portugués, quer traducidos do latín ou de outras linguas).

Así pois, tendo en conta todos estes parámetros canto á controversia do corpus, e conscientes da imposibilidade de se facer unha análise exhaustiva de todo o inventario documental do galego medieval, decidimos efectuar unha selección representativa de todo este magma textual, xa que as diferenzas tipolóxicas dos documentos se xustifican pola posibilidade de obter un maior número de ocorrencias afixais e polo desempeño dun maior número de funcións e significados diversos.

¹⁴ Mattos e Silva (1989) denomina “dialetos” os distintos tipos de documentos do período arcaico, xa que, ao colectar documentos de natureza diversa (poéticos ou en prosa, traducidos ou non traducidos e literarios ou non literarios), podemos coñecer na diacronía a variación lingüística.

En consecuencia, o corpus textual inicial con que pensabamos operar sufriu unha redución que responde, tal e como xa comentamos, a cuestións de orde científico-metodolóxica, pois un corpus demasiado abranxente ten como consecuencia un manexo dos datos moi voluminoso, para alén da posíbel indefinición do obxectivo a que pretendemos chegar. Sexa como for, é claro que unha pesquisa en córpora de grandes dimensións será tanto máis eficiente canto mellor o investigador puider delimitar aquilo que procurar.


2.2.1.1. Delimitación e descrición do corpus textual

O corpus que manexamos representa *grosso modo* o 15% da produción total do período medieval, segundo os datos que extraemos do corpus do proxecto *TMILG*, tal e como adiantamos nas liñas precedentes (cfr. “Gráfica 1”, páx. 40).

As obras que constitúen o noso corpus engloban toda a poesía orixinal ou de creación propia, tanto profana como relixiosa, excepto a Escola galego-castelá (1350 a 1450) por seren poemas deturpados a nivel lingüístico; a prosa literaria traducida, elaborada en territorio galego; e unha obra en prosa técnica orixinal (*Arte de Trovar*). Cinximos, pois, o noso corpus á produción literaria, de modo que a prosa histórica, a xurídica e a notarial fican, consecuentemente, ausentes do noso catálogo, por seren obras demasiado fragmentarias e con edicións deficientes na súa maioría.

As sete obras do noso corpus (se considerarmos a lírica profana como un único volume), que se corresponden con 2754 unidades textuais, imos clasificalas en cinco grandes ámbitos, conforme o xénero e, dentro deste, segundo o tema:

1. Lírica profana: *Cantigas d'amigo*, *cantigas d'amor*, *cantigas d'escarnho e malizer* e xéneros menores
2. Lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María*
3. Prosa literaria: i. Ciclo clásico (*Crónica Troiana*), ii. Ciclo bretón (*Livro de Tristán*)
4. Prosa relixiosa: *Miragres de Santiago* e *Crónica de Santa María de Iria*
5. Prosa técnica: *Arte de Trovar*



Gráfica 2 Obras que conforman o noso corpus, segundo o número de unidades textuais.

A seguir, imos describir estas obras coa indicación da edición de que partimos para efectuar o noso estudo. Neste sentido, cómpre salientar que non realizamos ningunha reformatación dos textos, senón que mantemos as lecturas que cada editor, con criterios de edición diferentes, realizou sobre o manuscrito medieval, xa que nos pode proporcionar información gráfico-fónica interesante en determinados casos.

O corpus lírico na súa vertente profana (representado pola sigla *LP*) está constituído por 1673 cantigas¹⁵ (Tavani 1986: 11; Brea 1996), que se encontran recollidas nos tres grandes cancioneiros (*Cancioneiro da Ajuda* [A], *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (antigo *Colocci-Brancutti*) [B] e *Cancioneiro da Vaticana* [V]), xunto coa copia case fiel de V (o *Cancioneiro da Biblioteca Bancroft* ou *Cancioneiro de Berkeley* [K]), así como nos diversos pergamiños ou follas voantes (*Pergamiño Vindel* [N], *Pergamiño Sharrer* [D], *Tençon ente Afonso Sanches e Vasco Martíns de Resende* [M e P], os cinco *Lais de Bretaña* [L]). Porén, en vez de partirmos das diferentes edicións facsimilares, diplomáticas ou críticas destas colectáneas por xéneros, ou individualizadas por trovador, seguimos os textos publicados nos dous volumes da *Lírica profana galego-portuguesa*, coordinados por Mercedes Brea (1996), que hoxe en día funcionan como *Vulgata*. Esta compilación selecciona en principio as edicións máis fiábeis do seu punto de vista, aínda que nalgúns casos persisten erros de lección.

¹⁵ Para o cómputo total non se tiveron en conta as cantigas tardías incrustadas no corpus (622, 799, 816, 822, 972, 1077, 1079, 1124b?, 1178, 1179, 1180 e 1181), as dúas cantigas en castelán (467 e 623), a cantiga en provenzal (449) e os versos nesta lingua das cantigas 475 e 869 e, finalmente, a cantiga 462 por se corresponder coa composición n.º 40 das *Cantigas de Santa María*.

A dimensión lírico-relixiosa vén representada polas *Cantigas de Santa María* (CSM) do rei Afonso X o Sabio, responsábel da colección e autor de varias cancións. Estas composicións coñécense a través de catro códices, procedentes da propia corte afonsina: Códice T do Escorial, Manuscrito F da Biblioteca Nacional de Florencia, Códice E do Escorial e Códice To de Toledo, en que as cantigas aparecen en diferente contía (193, 104, 417 e 128 composicións respectivamente).

Para o estudo das CSM, apoiámonos na última edición crítica en tres volumes de Walter Mettmann (1986-1988-1989)¹⁶, en que se refíren até 429 composicións (427 CSM, precedidas de dúas cantigas iniciais [A (*Intitulatio*) e B (Prólogo)]); porén, na realidade, trátanse de menos poemas ao estaren 9 deles repetidos¹⁷, de maneira que a edición final se establece en 420 cantigas marianas.

No que atinxe aos textos en prosa conservados, estes son cronoloxicamente posteriores á lírica, xa que datan desde mediados do século XIV até mediados do XV. É nesta época cando se comezan a diferenciar timidamente galego e portugués¹⁸, de modo que no noso corpus só nos cinxiremos á prosa escrita na Galiza. Por outra parte, é necesario salientarmos que todos estes documentos prosísticos son, excepto a *Arte de Trovar*, traducións¹⁹ de “obras latinas, castelás ou francesas e non temos prosa de creación propia” (Lorenzo 2000: 367), feito que implica que poidan darse cita algúns castelanismos, correspondentes á pasaxe do español para o galego. Porén, non é posíbel negar a indubidábel importancia desta prosa, mitigada pola excelencia da lírica, como tamén sinala Lorenzo:

Como contrapartida, debemos resaltar que a lingua da documentación medieval foi maioritariamente o galego ata finais do XV, polo que hoxe posuímos unha enorme cantidade de documentos notariais e cartularios e tamén actas de concellos, ordenanzas, foros, libros de tenzas, libros de posesións ou padróns (Lorenzo 2000: 367).

¹⁶ Partimos desta edición, e non da de 1972 en catro volumes (con glosario incluído), por ser a última revisada polo autor e por corrixir lecturas do manuscrito (p.ex.: *adestrado a levaron* [1972] / *adestrado o levaron* [1986-1988-1989]).

¹⁷ O propio editor alemán xa decide non incluír estas cantigas duplicadas e limitase a facer a correspondencia (p. ex.: <373 = 267>). Non obstante, persisten na edición para manter a simbólica numeración.

¹⁸ “Tratándose da prosa, a situación é diferente e podemos e podemos distinguir claramente entre textos escritos en Galicia e textos escritos en Portugal” (Lorenzo 2000: 366).

¹⁹ José Luís Rodríguez (1999: 1286) afirma que as traducións deben considerarse como “um princípio de autoafirmação da própria identidade, de emulação, e da dinâmica decorrente” dentro dunha “Península disseminada en reinos in(ter)dependentes, mas não entidades linguísticas de todo autónomas”.

Na prosa literaria, que “conserva algunhas propiedades dos textos orais” e mostra “unha maior depuración lingüística e unha maior preocupación estilística, que representa un paso adiante na modernización da prosa” (Freixeiro 1996: 140), comprobamos que están presentes todos os temas que circulaban por Europa na Idade Media, de modo que a Galiza medieval estivo conectada coas diversas modalidades xenéricas da literatura europea. Cultiváronse, pois, as materias de Troia e de Bretaña.

A materia de Troia foi tratada en dous textos, a *Crónica Troiana* (CT) e a *Historia Troiana* (HT). Prescindimos deste último contributo no noso repertorio por dúas causas: por unha banda, a deficiente edición²⁰ realizada por Kelvin Parker (1975), e, por outra, a confección do manuscrito, elaborado a partir dun texto castelán moi deteriorado, do século XIV, en que se completaron os fragmentos que faltaban en lingua galega²¹.

Pola súa parte, a *Crónica Troiana*, con 517 unidades textuais (516 capítulos e un apéndice [folio 100]), constitúe unha das versións máis importantes que se elaboraron do *Roman de Troie*, de Benoît de Saint-Maure. A tradución para o galego por orde do conde Fernán Pérez de Andrade, concluída en 1373, fíxose a partir da *Crónica Troyana* castelá que Afonso XI mandara versionar, procedente por súa vez dunha suposta versión galega ou portuguesa perdida (Lorenzo 2000: 402) que tería filiación directa co *Roman de Troie*.

Das edicións existentes da *Crónica Troiana* galega, conservada no ms. 10 233 da Biblioteca Nacional de Madrid, a máis sólida é a do profesor Ramón Lorenzo (1985), polo rigor con que cristalizou o traballo e pola emenda dos erros de lectura precedentes, xunto coa achega de novos datos sobre as fontes e a análise lingüística do texto.

Outro dos ciclos prosificado e trasladado en pergamiño ao galego medieval foi o ciclo bretón ou da materia de Bretaña, como reflicten os fragmentos do *Livro de Tristán*²².

O *Livro de Tristán* (LT) chegou a nós parcialmente²³, pois só conservamos dous folios en pergamiño (con liñas borradas e palabras soltas, por causa da humidade), que

²⁰ Xa advertido por Rodríguez (1977) e Lorenzo (1982).

²¹ Con todo, temos constancia de que se está a preparar unha rigorosa edición, da autoría de Ricardo Pichel Gotérrez (2012, en preparación) e dirixida polo profeso Xavier Varela, que no momento de redacción desta tese de doutoramento aínda non está finalizada.

²² Carolina Michäelis de Vasconcelos (1990 II: 516) supón que debeu existir unha tradución galego-portuguesa do *Tristan en prose* de inicios do século XIV, na cal aparecerían os cinco *Lais de Bretanha* que encabezan o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (B).

pertencen a pasaxes diferentes do libro e que conteñen 13 capítulos ou unidades textuais. Estes dous fragmentos constitúen probabelmente unha tradución da versión *Vulgata* do *Tristan en prose* (1225-1235), tal e como refiren Lorenzo Gradín / Souto Cabo (2001: 111), autores da última edición do *LT*. Non obstante, na nosa investigación manexamos o texto disposto por Pensado (1962), xa que os investigadores santiagueses aluden en frecuentes ocasións á edición pensadiana e as lecturas entre unha e outra publicación correspóndense en esencia.

No que atinxe á cronoloxía e glotoloxía deste opúsculo, após a análise gráfico-lingüística, Pensado Tomé (1962: 12-13) deduce que se sitúa no último terzo do século XIV e está redactado en galego-portugués. A este respecto, Lorenzo (2000: 415) e Lorenzo Gradín / Souto Cabo (2001: 29-55) discrepan do filólogo negreirés e coinciden en que o texto se aproxima máis ao galego, nomeadamente polo uso das grafías <ll> e <ñ>.

Enlazando co xénero relixioso, o ciclo xacobeo ou carolinxiño ensaiouse maxistralmente cos *Miragres de Santiago (MS)*, unha tradución de varios códices, principalmente do *Codex Calixtinus*, en que se narran episodios sagrados ou profanos, a carón de elementos fantásticos, que os aproximan máis á literatura que á historia sagrada. Para o estudo do manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid, de finais do século XIV ou inicios do XV, apoiámonos na edición que fixa Pensado (1958) ao se tratar da edición publicada²⁴ máis fiábel, como é usual no profesor, na cal podemos distinguir 63 capítulos de extensión irregular.

Pola súa parte, o último e máis tardío volume de prosa relixiosa, e de todo o noso corpus, é a *Corónica de Santa María de Iria (CSMI)*, escrito entre 1467 e 1468 por Ruy Vasques –conforme figura na última folla–, quen traduce libremente fragmentos de varias obras latinas da Idade Media (Souto Cabo 2001: 20-35). O códice, custodiado no Arquivo da Catedral de Santiago, foi editado por varios autores, sendo a última revisión da responsabilidade de José António Souto Cabo (2001), que é a cal seguimos. En

²³ Os manuscritos, que estaban encadernando unha copia notarial do testamento do marqués de Santillana, foron descubertos por Serrano y Sanz, quen os editou en 1928. Na actualidade encóntranse extraviados no Arquivo Histórico Nacional de Madrid (Lorenzo 2000: 415), de sorte que só se conservan as fotos que tirou Pensado.

²⁴ A este respecto, é preciso indicar a existencia dunha edición inédita máis moderna, de 2001, que levou a cabo Xosé María Gómez Clemente na súa tese de doutoramento, defendida na Universidade de Santiago de Compostela.

concreto, asumimos a “Segunda Leitura” (*SL*) do manuscrito que nos ofrece o investigador da USC, xa que se trata dunha edición similar a unha paleográfica interpretativa e nela o texto dispónse en 6 capítulos, nos cales podemos discernir 49 unidades textuais.

No que respecta aos textos técnicos, encontramos a *Arte de Trovar (AT)* en galego-portugués. Trátase dunha poética que se encontra nas páxinas iniciais do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (B)* e que chegou a nós de xeito incompleto, pois comeza no subcapítulo cuarto do Capítulo terceiro e finaliza no Capítulo sexto, de xeito que computamos un total de 17 unidades textuais.

Fronte á lírica occitana en que proliferan as poéticas, a galego-portuguesa só conserva este breve tratado de creación propia, datada “provavelmente na fase final da trajectória poética galego-portuguesa” (Tavani 2002: 29), e que posibelmente foi redactado polo propio Conde de Barcelos. Para a análise da *AT* seguimos a transcripción realizada por Tavani (2002), xa que consulta o manuscrito conservado en Lisboa e mais a reprodución fotográfica de 1924, alén de revisar as lecturas anteriores desta poética fragmentaria.

2.2.1.2. Periodización e denominación do período

Como tivemos ocasión de ir constatando no apartado anterior, o arco cronolóxico dos textos do noso corpus varía segundo o tipo de produción de que se tratar; así, a lírica abranxe aproximadamente de 1200 a 1350, circunscibíndose a lírica relixiosa apenas ao século XIII, mentres que a prosa é no xeral serodia e comprende desde os inicios do século XIV até o último cuartel do século XV.

Así pois, esta dicotomía cronolóxica entre a poesía e a prosa sitúanos na fenda medi(év)al de 1350, que coincide co inicio do período postrobadoresco (1350-1500)²⁵. A este respecto, cómpre recordar que os textos prosísticos que manexamos para este período circunscríbense exclusivamente á área galega, e non á portuguesa, nos cales xa se poden percibir trazos propios diferenciados a unha e a outra marxe do Miño. Este feito,

²⁵ Adoptamos as datas máis asentadas para a subdivisión da época arcaica ou medieval, con base no fenómeno trobadoresco (Ferreiro 1999: 185; Teyssier 2004), aínda que para outros autores a barreira se sitúa en 1385 coa Batalla de Aljubarrota.

xa referido anteriormente sobre a lingua dos textos prosísticos con que traballamos (véxase n.11), corrobórase ao longo dos dous volumes da *Gramática Histórica Galega* de Manuel Ferreiro (1999 e 1997).

Ao fío disto, temos que facer referencia á denominación do período en que se acomoda o noso *corpus*, xa que para a mesma etapa é patente a heteronimia tanto dentro da propia lingüística portuguesa como dentro da galega²⁶. Pola nosa parte, asumimos a etiqueta “galego medieval”, seguíndomos os principios que inspiraron o *TMILG* e o *DDGM*. Así mesmo, parécenos que esta etiqueta nominal é a máis adecuada de acordo co corpus que establecemos, xa que nos centramos na produción en prosa galega e excluimos a portuguesa a partir do período postrobadoresco.

2.2.2. Proceso de elaboración do traballo

Após o establecemento do corpus de traballo, constituído por textos en formato papel, procedemos ao tratamento exhaustivo e sistemático dos datos lingüísticos, isto é, exploramos cuantitativa e cualitativamente todos os procesos de derivación afixal existentes nas sete obras medievais. Para realizarmos este traballo seguimos un método indutivo de traballo para a extracción de termos *in vivo* (Cabré 1992), ou sexa, a partir de textos reais (e orixinais) en soporte papel.

O proceso de elaboración do traballo consta das seguintes fases interrelacionadas:

1. Colecta dos datos
 - Extracción dos datos
 - Identificación dos morfemas afixais
 - Agrupamento de variantes gráficas
2. Identificación das voces afixadas galego-portuguesas
 - Discriminación dos vocábulos segundo o proceso latino ou romance
 - Consulta dos dicionarios histórico-etimolóxicos

²⁶ Non é a intención neste traballo abordarmos a manida cuestión da periodización da historia da lingua, dado que moitos filólogos e historiadores, nomeadamente portugueses, se teñen debruzado desde os inicios do século XX até a actualidade. Para unha visión crítica das diversas propostas de periodización, véxase Brocardo (2005), sobre todo no referido á periodización en si propio, aos criterios e ás diversas propostas metodolóxicas, para alén da consulta dun dos manuais máis recentes en que se retoma esta discusión, como é o de Mattos e Silva (2008: 16-24).

3. Análise lingüística das unidades lexicais

- Abonación
- Clasificación gramatical do derivado e da base
- Determinación dos significados
- Produtividade
- Inclusión no *Dicionario de afixos do galego medieval*

Na primeira fase de levantamento dos datos presentes nos textos, fixemos a extracción *verbo pro verbo* de todas aquelas palabras complexas que presentaban afixos derivativos e que eran candidatas a formaren parte deste vocabulario analítico, aínda que é seguro que nesta colecta haxa esquecementos e erros, derivados tanto do proceso manual canto da diversa metodoloxía que efectuamos ao corpus ao longo deste anos. Talvez nesta era tecnolóxica fose máis lóxico empregarmos técnicas informáticas de construción de corpus e recuperación da información, mais a ausencia dos documentos en formato electrónico –ou, no caso de existiren, a inaccesibilidade a eles– e a problemática das edicións fan que sexa necesario un traballo máis manual e minucioso. Á parte disto, as ferramentas lexicográficas informatizadas que existen (*TMILG*, *DDGM*) non permiten unha busca efectiva das palabras formadas por medio de afixos derivativos; e ademais, no que respecta ao *DDGM*, este non inclúe, de momento, toda a documentación que manexamos. Estas ferramentas, coidamos, poderían ser utilizadas *a posteriori*.

Esta etapa de recompilación comprendeu varios niveis, como a identificación e a división dos morfemas afixais –para os clasificarmos posteriormente–, a procura etimolóxica, a tipoloxía do proceso de formación vocabular etc., para nunha fase posterior analizarmos os resultados lingüísticos obtidos.

En primeiro lugar, para segmentarmos os morfemas adoptamos o método estruturalista, pois ningunha outra teoría posterior superou esta metodoloxía para a análise formal dos constituíntes morfolexicais. De facto, como indica Rio-Torto (1998: 19-20), a ausencia de explicitación dos métodos que rexen a segmentación e análise morfolexical é un feito recorrente nos estudos de Morfoloxía contemporáneos, consecuencia, segundo a autora, dunha adopción previa –non expresa– dos principios estruturalistas de segmentación e clasificación dos constituíntes mórficos, que “fazem já parte do património científico comum” (Rio-Torto 1998: 20).

A partición morfolóxica estruturalista parte do morfema como unidade mínima de significación, aínda que como xa vimos (cfr. §2.1.) contra este postulado houbo diversos autores que se opuxeron, pois considera(ba)n que a unidade mínima de significado era a palabra (Aronoff 1976: 9) “já que alguns dos seus constituintes são de difícil caracterização semântica” (Rio-Torto 1998: 18).

A este respecto, cómpre sinalarmos as consideracións de Jesús Pena (2003: 4318) –cinxido á Morfoloxía do español– sobre o concepto de morfema. Este autor considera que o morfema é a unidade mínima na análise estrutural da palabra, mais propón como definición máis adecuada para a noción de morfema a de ‘unidade gramatical mínima’, pois, segundo Pena, non sempre é posíbel atribuír un significado determinado ás unidades mínimas obtidas na análise formal da palabra. A sentenza do profesor da USC está condicionada, entre outros factores, por contemplar a existencia dos interfixos como elementos mórficos desprovistos de significado.

A nosa opción é mantermos a definición de morfema como ‘unidade mínima de significado’, polo que aqueles casos de interfixación ou infixación son considerados variantes alomórficas dun mesmo morfema afixal derivativo (cfr. §4.). Esta concepción é a que defende a maior parte dos estudos gramaticais galegos actuais (Ferreiro 1997, Freixeiro 1999, López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011)²⁷.

Con base no método estruturalista funcional, a segmentación dos ítems lexicais colectados efectuouse segundo o principio da conmutación, que –como se sabe– consiste no establecemento de paradigmas formais e na identificación de unidades distintivas, a través da substitución e comparación de segmentos recorrentes. Así, creamos paradigmas lexicais ou patróns morfolóxicos en que un constituínte mórfico, que presenta a mesma funcionalidade, se repite e os restantes compoñentes mórficos son diferentes, tal e como podemos ollar na seguinte tabela:

²⁷ Polo contrario, en Álvarez / Xove (2002: 687-688) contéplase a existencia dos interfixos, os cales non son considerados “morfemas afixais coma os demais, pois non aparecen sós e carecen de funcionalidade propia definida e clara, pero tampouco son variantes fonéticas condicionadas dos sufixos ou das bases”.

Forma ocorrente	Forma opositiva	Forma recorrente
<i>castigamento</i>	castiga-	-mento
<i>falimento</i>	fali-	
<i>desleal</i>	-leal	des-
<i>desmesura</i>	-mesura	

Tabela 1 Mecanismo da comutación

Así, a partir do mecanismo conmutacional, delimitamos os morfemas, a súa carga semántica, o seu comportamento distribucional e os seus posíbeis alomorfos. Con todo, este procedemento de isolación está condicionado pola comprobación etimolóxica do proceso afixal, xa que con este sistema poderíamos delimitar palabras simples que presentan secuencias idénticas a determinados afixos como se fosen voces complexas.

Así mesmo, neste paso tamén tratamos o agrupamento das variantes gráficas dos vocábulos afixados atestados no corpus. Estas recibiron con posterioridade un tratamento de lematización para establecer o lema de entrada no *Dicionario*, que se operou atendendo ao criterio de frecuencia no corpus e conforme os criterios habituais de elección de lemas en dicionarios (cfr. §2.3.), para alén dunha regularización gráfica.

Nunha segunda fase, foi preciso determinar se as formas recorrentes constituían propiamente morfemas afixais (*castigamento* < *castigar*+*-mento*) ou, pola contra, conformaban terminacións no caso dos posíbeis sufixos (*instrumento* < INSTRUMENTUM), para alén de discernir entre derivado e préstamo, pois algunhas das derivacións romances que encontramos son préstamos do castelán. Por tanto, restrinximos o corpus lexical a aquelas palabras que unicamente presentaban afixación romance, pois defendemos que o estudo da afixación no galego medieval só pode ser pertinente cando se producir o fenómeno afixal dentro do sistema lingüístico en que se encontrar, tal e como expomos no capítulo §4. por extenso. Deste modo, estas palabras que presentaban morfemas derivativos foron seleccionadas e pasaron a constituír o noso corpus real de análise.

Para determinarmos o tipo de formación afixal (romance ou latino) perante o que nos achabamos, recorreremos simultaneamente á procura da orixe etimolóxica de cada palabra derivada, a partir dun confronto de varios dicionarios histórico-etimolóxicos da lingua portuguesa (*DENFLP* 1989, *DELP* 1977, *DHLP* 2001), da latina (*OLD* 1982), da francesa (*TLFi* 2005) e da española (Corominas / Pascual 1991), para alén das

etimoloxías suxeridas por Lorenzo (1977), por Ferreiro (1997)²⁸. Este procedemento tivo como obxectivo asegurarnos a presenza do proceso derivativo en cada palabra, alén de confirmarmos o étimo das bases e dos sufixos, xa que existen discrepancias entre as diferentes propostas etimolóxicas. En liñas xerais sempre se primou a opción de coincidencia maioritaria e, nalgúns casos, grazas a esta investigación, adiantamos a data de aparición desa nova palabra (véxase *Diccionario de sufixos e de prefixos do galego medieval*). No seu defecto, cando non se encontrou en ningunha destas fontes, a nosa actuación foi realizar unha proposta etimolóxica.

Unha vez reunidos, ordenados e sistematizados os datos relevantes para a nosa investigación, procedemos á análise lingüística de cada voz, co fin de conseguirmos o obxectivo principal desta investigación, cal é a descrición da afixación no galego medieval.

Posteriormente, inserimos todos estes ítems lexicais en diversos documentos para cada unha das obra do noso corpus, segundo o tipo de procedemento (derivación prefixal, sufixal, parasintética e regresiva), en que se recolleu cada ocorrencia de palabra complexa no contexto literario en que se inserir. Na análise de cada palabra afixada, detivémonos primeiramente no tipo de afixo e logo na categoría morfosintáctica do derivado e tamén da base. A seguir, procuramos o significado concreto da voz no fragmento textual referenciado, para logo establecermos os trazos semánticos contidos no afixo. E finalmente, tamén observamos nesta fase analítica as diversas variantes morfolóxicas, logo de as agruparmos.

Canto á análise e presentación dos datos (cfr. capítulo §4.), por razóns metodolóxicas describimos cada procedemento afixal de acordo coas súas propiedades morfosintácticas, excepto a prefixación. Este tipo de derivación foi clasificada segundo o significado, por causa da mellor diferenciación das propiedades dos prefixos e da óptima sistematización do cadro prefixal. No caso da sufixación, determinamos clasificar os derivados conforme a clase sintáctica resultante, isto é, conforme foren formadores de substantivos, de adxectivos, de adverbios ou de verbos; no caso de poderen realizar dúas funcións, como a clase nominal, separamos da sección formador de substantivos e da de

²⁸ Alén disto, para o significado e rexistro dalgúns medievalismos que non se recollían nestes dicionarios tamén consultamos Barreiro García (1985, 1995), Cejador y Frauja (1929).

formador de adxectivos aqueles casos en que presentan unha dupla función e englobámoslos nun grupo á parte.

Nun proceso ulterior, toda esta colección de datos (cualitativos e cuantitativos) trasladouse a unha tabela coa finalidade de sistematizarmos o seu tratamento e para podermos explotar os citados datos. Por este motivo, debido a que entre os obxectivos principais desta Tese non se encontra a confección dunha base de datos, non consideramos oportuno incluír esta macrotabela neste traballo, pois a maior parte desta información vai incluída no *Diccionario*.

Esta táboa de datos contén información descritiva e interpretativa de natureza varia: etimolóxica, morfosintáctica, semántica, lexicométrica²⁹ ou cuantitativa, contextual e bibliorreferencial. En consecuencia, realizamos unha investigación cualitativa e tamén cuantitativa, que consideramos de grande pertinencia para a análise sistemática do proceso afixal e tamén das mudanzas afixais no galego.

Convén aclararmos xa nestas páxinas iniciais que para a análise da produtividade, non tivemos en conta o número de ocorrencias de cada palabra, senón o número de ocorrencias de cada sufixo sobre unha base lexical diferente, xa que isto significaría reducir o concepto da produtividade ao de frecuencia e, xa que logo, falsear a análise real. En resumo, os datos tratados son nomeadamente ocorrencias das unidades rexistradas e analizadas en córpora textuais³⁰.

Finalmente, toda esta información foi incorporada ao *Diccionario de afixos do galego medieval*, cuxo proceso de elaboración reflectimos a seguir. Neste proceso interesa destacar, como xa comentamos, que levamos a cabo un proceso de lematización, que nos permitiu unificar e sistematizar as variantes gráficas que agrupamos na fase inicial de compilación dos datos.

²⁹ A Lexicometría é a parte da Lexicoloxía que estuda as frecuencias relativas de uso das diferentes palabras ou léxico, mediante diversos procedementos estatísticos.

³⁰ Esta metodoloxía de análise no modelo SILEX (cfr. §3.1.), por exemplo, non se pode levar a cabo porque se concibe que as unidades lexicais posúen propiedades semánticas que lles son inherentes, independentemente dos contextos en que esas unidades poidan ocorrer (cfr. §3.1.).

2.2.3. Elaboración e descrición do *Dicionario de afixos do galego medieval*³¹

Após a análise dos datos, xulgamos que sería moi interesante dispor todos estes vocábulos afixados nun repertorio léxico dicionarizado co fin de obter un maior aproveitamento do noso traballo e de o divulgar ou transferir máis capilarmente á sociedade, xa que –como enunciámos nos obxectivos e estado da arte deste capítulo, epígrafe §2.1.– non existe na actualidade ningún repertorio lexicográfico galego similar centrado nos afixos derivativos, nin para o período actual nin para o histórico nin restrinxido a unha sincronía pretérita. No máximo, sufixos e prefixos encóntranse incorporados asistematicamente no lemario dalgúns dicionarios xerais actuais. Nestes dicionarios (*DLG* 1995, *DGII* 2004, *GDCLG* 2004, *GDS2ILG* 2005, *DXL* 2005, *GDXL* 2009, *DRAG-e* 2012) unicamente aparecen reunidos os prefixos, salvo en *DXL* e *GDXL* en que tamén se recolle o sufixo *-mente*.

Así, considerándonos isto, comezamos a elaborar o *Dicionario de afixos do galego medieval*, que consiste no primeiro dicionario temático, descritivo e histórico (no sentido de que se trata dun dicionario específico da sincronía galega medieval con informacións histórico-etimolóxicas), contextualizado (con base nas atestacións presentes no noso corpus representativo). Non se trata, por tanto, dun dicionario ao uso, nin tampouco un dicionario inverso (cfr. Martínez de Sousa 1995, Guerrero Salazar 2001/2002, Porto Dapena 2002), como xa indicamos anteriormente, pois non listamos os vocábulos segundo a súa terminación, senón que só incluimos as palabras afixadas ordenadas alfabeticamente conforme o seu afixo correspondente. Podería considerarse, en certo modo, un dicionario de especialidade, mais esta denominación non semella ser moi adecuada, xa que o este remite para as linguaxes de especialidade³².

Non obstante, é preciso subliñar que non realizamos –como xa arguímos no inicio deste traballo e como se poderá comprobar decontino na presentación e estrutura do

³¹ Unha primeira versión deste *Dicionario* foi presentada nunha comunicación oral no “Encuentro Internacional de Jóvenes Investigadores en Filología, Lingüística y Literaturas Románicas y áreas afines ‘Filología Románica Hoy’ (Madrid, 3-5 de noviembre de 2011)”. Esta versión final máis ampliada do *Dicionario* que se presenta nesta subepígrafe foi aceptada para se publicar no número 13 da *Revista Galega de Filoloxía* (López Viñas 2012, no prelo).

³² Sobre os dicionarios especializados, consúltense as características e o proceso de elaboración en Cabré (1992). A respecto das diverxencias na denominación “lingua” / “linguaxe” e “especializado” / “de especialidade”, véxase Lerat (1997).

Dicionario–, non realizamos un labor tan minucioso e profundo como, por exemplo, o que describe Varela Barreiro (2010) para a construción dun novo glosario do *Cancioneiro da Ajuda*, a partir da lectura crítica (e inédita) establecida por Mariña Arbor Aldea, xa que o *Dicionario* non é o obxectivo principal desta disertación de doutoramento –aínda que ben puidese ser obxecto, acompañado dun estudo máis amplo e pormenorizado, dunha tese por si propia.

No seguinte apartado, tentamos describir máis pormenorizadamente a elaboración e a estrutura do *Dicionario de afixos do galego medieval*.

2.2.3.1. Corpo do dicionario: macroestrutura e microestrutura dos artigos lexicográficos

Denomínase corpo do dicionario o lugar onde se relaciona o conxunto de artigos lexicográficos, verbetes ou entradas³³ (Martínez de Sousa 2003: 10, 2009: 287; Haensch 1982: 459); neste apartado proporciónase toda a información sobre a unidade léxica ou gramatical de que se tratar e varía en función da finalidade ou tipo de dicionario, do destinatario, da intención do autor, da extensión da obra etc. Cada artigo lexicográfico está formado por unha unidade lingüística que constitúe o lema e por un conxunto de informacións ordenadas que o suceden (Martínez de Sousa 2003: 10, 17; 2009: 101, 123). Estas dúas partes reciben os nomes de *macroestrutura* e *microestrutura*, respectivamente, que foron propostos orixinalmente pola lexicógrafa Rey-Debove (1971: 21). A investigadora francesa entende por macroestrutura o conxunto de entradas ordenadas segundo a progresión vertical do dicionario e que veñen representadas polo lema, entrada ou voz. Este lema actúa tanto no nivel externo do corpo do dicionario, isto é, na ordenación das voces, canto no nivel interno, como cabeza de entrada ou palabra que abre e precede a microestrutura. Porén, posteriormente o lexicógrafo alemán Haensch (1982: 452) estendeu o significado de macroestrutura á estrutura global do dicionario, ou sexa, á parte introdutoria, ao corpo do dicionario en que se dispoñen os artigos e aos anexos.

³³ A respecto desta última denominación, cfr. na n. 37 expomos os diversos significados que a palabra “entrada” presenta e advertimos do uso que facemos desta na nosa tese.

No tocante á a microestrutura, tamén existen dúas posturas encontradas. Así, para Rey-Debove (1971) trátase do conxunto de informacións ordenadas que no artigo lexicográfico seguen á entrada, de modo que afecta o artigo como unidade de estruturación e descrición lingüística e a súa lectura é horizontal. En troca, Haensch (1982: 461-479) argumenta que a microestrutura se refire ao conxunto de artigos ou entradas, que se compoñen dun lema e dunha parte definatoria (etimoloxía, pronuncia, grafía, indicacións gramaticais, acepcións mediante definicións...).

Por tanto, na literatura especializada actual non existe unanimidade sobre a delimitación ou normalización³⁴ do concepto de macroestrutura e de microestrutura – aínda que a maior parte dos estudos debaten fundamentalmente sobre a noción de macroestrutura–, de xeito que uns investigadores optan pola hipótese francesa (Martínez de Sousa 2003: 10 e 17, 2009: 101 e 123; Porto Dapena 2002: 135-136), en canto outros se decantan pola alemá (Barros 2004, Krieger / Finatto 2004)³⁵.

Pola nosa parte, secundamos a teoría de Haensch cunha leve discrepancia. Estimamos que macroestrutura debe reservarse unicamente para a maneira en que organizan os artigos lexicográficos, cuxa ordenación ten como referente principal o lema, e, por consecuencia, non temos en conta as introducións nin os anexos. No entanto, con microestrutura designamos as partes en que se divide o artigo lexicográfico: lema, categoría gramatical, acepcións, contextos ou abonacións etc.

Vexamos, pois, a seguir, a macroestrutura e a microestrutura dos artigos lexicográficos.

³⁴ Utilizamos “normalización” co sentido de “normalización terminolóxica” (Cabré 1992: 417), que alude á actividade encargada de “fijar las denominaciones y sus correspondientes definiciones o explicaciones con objeto de hacer posible una comunicación que no dé lugar a confusiones como consecuencia de la univocidad de sus términos, teniendo en cuenta el principio de economía del lenguaje” (Irazazábal / Andrés / Ferrándiz 1997: 2). Este termo tamén se coñece co nome de *estandarización* (ing. *standardization*; cfr. ISO = *International Organization for Standardization* en inglés), aínda que para Cabré (1992: 409) son conceptos diferentes.

³⁵ Para profundar máis na falta de consenso sobre o concepto de macroestrutura, véxase Bugueño Miranda (2007). Por outra parte, non debe confundirse coa denominación *macroestrutura (textual)*, creada polo lingüista holandés Van Dijk (1977) (cfr. tamén López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 542-543), que se refire á estrutura semántica do conxunto do texto.




2.2.3.1.1. Macroestrutura dos artigos lexicográficos

Canto á organización externa dos artigos lexicográficos do dicionario –isto é, canto á macroestrutura–, adoptamos un criterio alfabético³⁶ reitor tanto na ordenación de todos os prefixos e sufixos como na disposición interna de cada un destes afixos (cfr. “Parte II”, §7.). No caso dos sufixos, cómpre precisar que estes foron colocados conforme a determinación mórfica de cada sufixo, é dicir, desprovisto daqueles elementos –como, por exemplo, da vogal temática– que foren susceptíbeis de alomorfía (cfr. §5.).

Noutra orde de cousas, do punto de vista tipográfico, todos os artigos aparecen distribuídos en dúas columnas por páxina, como acostuma ser o máis habitual nos dicionarios en papel (Martínez de Sousa 2003: 14, 2009: 275).

2.2.3.1.2. Microestrutura dos artigos lexicográficos

Na microestrutura imos especificar toda a información que se inclúe en cada artigo lexicográfico ou verbete e que xira en torno á unidade léxica inicial. En cada artigo descriptivo, a información incluída artículase consoante catro apartados: 1. Entrada; 2. Aparato de variantes; 3. Datación cronolóxica; 4. Remisións

	LEMA	NÚMERO TOTAL DE OCORRENCIAS	ORIXE ETIMOLÓXICA	CATEGORÍA GRAMATICAL		
ENTRADA	assacar	[6]	(< a- + sacar)	vbo.	ACEPCIÓNS	
	calumniosamente, inventar*					
APARATO DE VARIANTES	V1	<i>assacar</i> [1]: CT [1]. et tal cousa lles asacà que nica foy dita nê pensada (CT 51.7).				OBRA + OCORRENCIAS POR OBRA
	V2	<i>assacar</i> [5]: LP [3]. que mi assaca tal mentira e al, / al meu amigo, vedes quant' i á: (LP 63,4). De fazer mentira sei-m'eu guardar, / mais non de quen me mal quer assacar. (LP 63,4).				NÚMERO DE OCORRENCIAS POR VARIANTE
		<i>Pero d'Ambroa sei eu ca foi lh'i; / mais queres-te-lhi tu mal assacar. (LP 116,15). CSM [1]. outrosi que me guardes d'ome torp' avardan, / e d'ome que assaca, que é peor que can, / e dos que lealdade non preçan quant' un pan, pero que semp' en ela muito faland' estan (CSM 401.62-71). CT [1]. Cõmo fforõ assacados os jogos dos dados et do asedex et das tablas (CT 16.1). </i>				SEPARADOR DE EXEMPLOS
						SEPARADOR DE OBRAS
DATAÇÃO CRONOLÓXICA	 XIII					
REMISIÓNS	 sacar/asacar					
	 assacar					

³⁶ Este é o criterio básico e común de ordenación dos artigos na maior parte dos dicionarios, mais existen outros criterios como o ideográfico, o etimolóxico, o estatístico etc. (cfr. Haensch 1982: 452-457; Porto Dapena 2002: 178-181).

1. Entrada:

A entrada³⁷, disposta tipograficamente en cor negra grossa para destacar o lemario, está orientada a fornecer de forma resumida as informacións lingüísticas máis importantes. Na súa versión máis extensa, a entrada componse dos seguintes elementos:

- a) lema principal
- b) número total de ocorrencias
- c) orixe etimolóxica
- d) categoría gramatical
- e) información semántica

a) O **lema**, cabeza de verbete ou entrada, é a unidade (neste caso, palabra derivada por afixación) sobre a que versa todo o artigo lexicográfico e vén resaltado tipograficamente en letra minúscula negra grossa de tipo redondo. Para o establecemento do lema optamos por utilizar os criterios morfolóxicos máis habituais nos dicionarios e tamén o criterio estatístico para a determinación gráfica con base no corpus medieval.

Así, os nomes substantivos sen oposición de xénero lematízanse³⁸ no masculino singular ou no feminino singular coa grafía máis frecuente. Este mesmo lematizado é o que seguen os nomes adxectivos con unha terminación, ao presentaren unha única forma sincrética para masculino e feminino. Canto aos substantivos con oposición xenérica baseada en diferenzas de sexo e aos adxectivos de dúas terminacións, indícase a forma masculina singular seguida da feminina, representada neste caso mediante a terminación

³⁷ Os manuais de Lexicografía consideran que “entrada” pode facer referencia quer ao lema quer ao artigo lexicográfico en si, polo que existe certa confusión á volta desta palabras (véxase Martínez de Sousa (1995: 180-181, s. v. **entrada**; 2003: 101-104 e 123-124) e (Porto Dapena 2002: 136 e 182-185) que reflexionan acerca da polisemia e controversia da denominación entrada (calco do inglés *entry*). Neste sentido, cómpre advertir que, como non é un dicionario xeral, facemos un uso semántico ampliado do vocábulo “entrada”, xa que o usamos para nos referirmos ao enunciado da información lingüística principal de cada artigo e non só ao lema (cfr. Varela Barreiro (2010), que propón a denominación “cabezallo”).

³⁸ A *lematización* consiste en representar todas as posibilidades flexivas dunha palabra mediante unha mesma “forma de citación” (Lyons 1980: 20) ou lema. Unha definición máis desenvolvida achámola no *Dicionário de Termos Linguísticos* (Xavier / Mateus 1990/1992, s.v. **lematização**) en que se contempla a lematización como o “reagrupamento sob uma forma gráfica representativa de todas as formas que pode apresentar uma mesma unidade de significação lexicográfica (tradicionalmente, palavra simples ou complexa)”. Porén, algúns autores alargan o sentido deste termo; así, Iriarte Sanromán (2001: 20-21) entende por lematización “o acto de registrar (no sentido de consignar, catalogar ou inventariar), sob a *entrada*, *lema* ou *vedeta* que encabeça o artigo do dicionário (ou sob uma *sub-entrada* ou *sub-lema*), diferentes tipos de unidades lexicográficas de uma língua, de preferência extradiás de um *corpus*”.

final da palabra precedida de trazo curto (*-a, -ora ...*)³⁹. Polo que respecta aos verbos, estes incorpóranse segundo o infinitivo do verbo correspondente, acompañado do pronome persoal átono *se* cando constituír un verbo pronominal. Finalmente, no que se refire aos adverbios, ao seren invariábeis, estes transcríbense tal e como aparecen, tendo en conta a frecuencia gráfica.

gornimento [12] (< <i>gornir</i> + <i>-mento</i>) <i>subst. masc.</i> ‘adorno, vestido’; ‘socorro, axuda’
mandado [22] (< <i>mandar</i> + <i>-ado</i>) <i>subst. masc.</i> ‘recado, aquilo que se lle manda facer a alguén’
onra [22] (< <i>honrar</i>) <i>subst. fem.</i> ‘sentimento do deber, distinción, graza’
maravilloso -a [13] (< <i>maravilha</i> + <i>-oso/a</i>) <i>adx.</i> ‘extraordinario, admirábel, sobrenatural’
apoderar [12] (< <i>a-</i> + <i>poder</i> + <i>-ar</i>) <i>vbo.</i> ‘tomar pose, conquistar’
regeamente [4] (< <i>regeo/a</i> + <i>-mente</i>) <i>adv.</i> ‘de modo rexio’

Un problema que, a respecto da lematización, hai que ter en conta é o representado polos casos de homonimia, isto é, cando dúas ou máis entradas coinciden no significante. Tal coincidencia pode levarse a cabo unicamente no plano fónico ou da pronuncia, de maneira que falamos de homófonos, mais tamén no plano gráfico, a se denominaren por iso homógrafos. Como é obvio, o problema radica nomeadamente nos homógrafos, que poden ser homófonos ou non homófonos.

b) A seguir, cuantificamos o **número total de ocorrencias gráficas** (*tokens*) dunha mesma palabra do noso *corpus* textual. Este número confrontarase, no estudo relativo a cada un dos prefixos e dos sufixos, coa cifra de palabras lingüística ou gramaticalmente diferentes (*types*)⁴⁰.

c) En cuarto lugar, especificamos a **orixe etimolóxica** da palabra derivada. Neste último aspecto cinxímonos a indicar o étimo máis común a nos basearmos nos dicionarios etimolóxicos consultados que xa especificamos no apartado anterior; naqueles casos en

³⁹ A forma feminina pode marcarse co morfema {a} (precedida ou non de trazo e separada da masculina por unha vírgula ou non) cando se trata dunha substitución ou da eliminación dun fonema (*galego -a*); nos casos en que se tratar dun incremento, transcríbese/repítase a secuencia desde a última vogal tónica (*sabedor -ora, francés -esa...*). Nos dicionarios xerais actuais da nosa lingua, esta é a opción maioritaria para representar o xénero feminino (*GDXL, e-DRAG*), aínda que noutros (*Digalego*) se emprega sistematicamente a repetición da sílaba final completa (*galego -ga, sabedor -ra, francés -esa*). Existen outras posibilidades de representación que poden consultarse en Martínez de Sousa (2009: 114).

⁴⁰ A diferenciación entre *tokens* e *types* procede de Peirce en 1971.

que existiren diversas propostas de orixe, seleccionamos a opción maioritaria ou a que consideramos máis acertada, xa que existen diverxencias varias.

d) No apartado dedicado á **categoría gramatical**, sinalamos en letra itálica mediante o uso das abreviaturas habituais (véxase §“Desenvolvemento de abreviaturas, siglas e símbolos”, pág. 21) a clase de categoría gramatical (substantivo, adxectivo, verbo ou adverbio)⁴¹ e deseguido o xénero no substantivo e a caracterización sintáctica no verbo (transitivo, pronominal...). Neste ítem debemos salienta o feito de incluímos no glosario os adverbios acabados en *-mente*, feito que non acontece nos dicionarios xerais e raramente se especifica noutros repertorios léxicos.

e) Finalmente, na **acepcións** reúnen os diferentes significados que se encontran no corpus. A acepción é o significado en que se toma unha unidade léxica (Martínez de Sousa 2009: 184). Este significado exprésase mediante unha definición (lexicográfica), que na maioría dos casos nós optamos ben por unha definición sinonímica ou definición por sinónimos, en que se remite a outra unidade ou a outras da mesma categoría gramatical e de igual significado (Martínez de Sousa 2009: 159), ou ben por unha definición intensional.

Por tanto:

Verbete (principal) [X = número total de ocorrencias] (< orixe etimolóxica) <i>categoría gramatical</i> ‘información semántica’
gornimento [12] (< <i>gornir</i> + <i>-mento</i>) <i>subst. masc.</i> ‘adorno, vestido’; ‘socorro, axuda’

2. Aparato de variantes

No parágrafo seguinte colocamos o aparato de variantes gráficas do lema contextualizadas nos diferentes textos do noso *corpus*. Esta sección articúlase conforme os seguintes parámetros secuenciais:

a) variante gráfica^{1,2,3...}

b) número total de ocorrencias (por variante), conforme as obras en que se documenta

⁴¹ A terminoloxía para clasificarmos as diferentes categorías de palabras é a empregada en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2011), que está baseada, con certas mudanzas, en Freixeiro Mato (2000) e Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988).

- c) sigla da(s) obra(s) en que se rexistra
- d) número parcial de ocorrencias (por obra)
- e) abonación(s) e localización na obra

a) Canto ás diferentes **variantes gráficas**, estas aparecen separadas en alíneas diferentes e ordenadas alfabeticamente. A decisión de manter esta diverxencia gráfica sen distribución grafemática para un mesmo fonema radica no feito de estas poderen ter unha utilidade para outros estudos tanxenciais e por preferirmos conservar os datos tal e como aparecen reflectidos nas edicións, posto que en moitos casos hai abreviacións mal desenvoltas, palabras mal segmentadas –sobre todo no caso da lírica– etc. que poderían alterar o significado e/ou a veracidade dos datos lingüísticos.

Por outro lado, é preciso lembrar que as palabras rexistradas cos dous xéneros e/ou cos dous números non son susceptíbeis de conformaren dúas variantes morfolóxicas, ou lemas secundarios, senón que se engloban nunha única que se corresponde co lema designado.

b) Os seguintes elementos que se citan son o número total de ocorrencias por variante, a sigla da obra, as ocorrencias por obra e, finalmente, a abonación, isto é, a contextualización da voz sufixada nun fragmento de texto e a súa localización (sigla, número do capítulo e liña) na obra. Este excerto normalmente ten como unidade de medida o enunciado que vai desde o punto anterior até o seguinte. Nesta versión estamos a incorporar exhaustivamente todas as veces en que aparece cada termo sufixado, mais é probábel que posteriormente fagamos unha selección das citas textuais máis interesantes debido á suma extensión do *Glosario*.

variante^{1,2...} [X] (= total de ocorrencias por variante). **SIGLA** + [X] (= ocorrencias por obra): *contexto* (localización da obra).

gornimêto [4]. **CT** [4]: *Et andaua tâ rricament armado que nũca foy home que tal gornimêto uisse, ca todos seus gornimêtos erã cubertos de ouro et de pedras preçiosas (CT, 234.58-9)...*

gornimento [7]. **CT** [7]: *ca nihũ gornimento nõ lles ualía nada (CT, 253.44-45). | | Et Pares et seus companeyros sobirõ en seus palafrêes, mays ante se gorneçerõ moy ben de moy bõos gornimentos de Greçia (CT, 49.7)...*

guarnimento [1]. **LP** [1]: *Na tenda non ficou pano / nen cordas nen guarnimento / que toda non foss'a dano, / pelo apoderamento / da Meestra (LP).*

3. Datación cronolóxica

En terceiro lugar, indícase a categoría gramatical (substantivo, adxectivo, verbo ou adverbio) e o xénero (dos substantivos), mediante o uso de abreviaturas regularizadas en letra itálica e entre parénteses. Neste ítem debemos salientar o feito de incluímos no glosario os adverbios acabados en *-mente*, circunstancia que non adoita ser habitual nos dicionarios, mais si por exemplo no *DDGM* ou no *Glosario* de Mettmann.

🕒 (= data da primeira aparición testemuñal en corpus textual)

🕒: s. XIII (<i>entendimento</i>).

4. Remisións

Os seguintes parámetros correspóndense co número total de ocorrencias do verbete no noso *corpus* textual, co significado ou significados da palabra sufixada e coa orixe etimolóxica da palabra derivada e da base. Neste último aspecto cinxímonos a indicar o étimo máis común a nos basearmos nos dicionarios etimolóxicos consultados, nomeadamente naqueles casos en que existiren diversas propostas de orixe.

🔗: ‘relaciónese con’.

🔗: ‘resultado actual’.

🔗: port. <i>guarnecimento</i> .

🔗: [→ gornición, guarnición]

3. A FORMACIÓN DE PALABRAS NA TEORÍA LINGÜÍSTICA XERAL E NOS ESTUDOS GALEGO-PORTUGUESES

There is no other domain whose place in the grammatical description of a language is more controversial than word-formation.

Kastovsky

O enorme interese, amplitude e complexidade que presenta a área de estudo denominada “formación de palabras” tórnase evidente ao comprobarmos que este tema foi tratado desde os inicios dos estudos gramaticais occidentais⁴² –aínda que dun modo máis científico tras a creación da Lingüística como ciencia no século XIX⁴³– até á actualidade e, a pesar disto, na realidade ningunha das teorías ou modelos expostos desde as diferentes escolas lingüísticas –mesmo a utilizaren todo tipo de criterios– pode considerarse definitiva nin comunmente aceptada para unha caracterización xeral de todos os procesos que envolven a formación de palabras. Alén disto, a maioría dos traballos publicados, independentemente de seren orientacións de tipo estruturalista, funcionalista ou xenerativista, céntrase en aspectos parciais e sempre desde un punto de

⁴² Datan xa da época clásica ou grecorromana estes primeiros traballos, como os de Dionisio de Tracia, Apolonio, Quintiliano, Donato, Varrón ou Prisciano, cuxas concepcións gramaticais “perduraron na Lingüística europea ata o século XIX e chegaron, nalgúns casos, ata o século XX, dando lugar ó que se vén denominando *Gramática Tradicional*” (Dubert García 2000: 464). Cfr. tamén Tuson (1982: 15-38) e sobre todo os exhaustivos capítulos 2 e 3 de Robins (2000: 31-106).

⁴³ Neste sentido, nos primordios do século XX, un dos principais representantes da escola preindoeuropeísta alemá, Hermann Paul, manifestaba que unicamente o estudo histórico era o científico (Yllera 1983b: 346; Robins 2000: 258). Hai, con todo, autores que consideran que a Lingüística científica principia no século XX, co estruturalismo saussureano, a se basearen en que só a partir deste momento é cando existe unha autonomía do obxecto científico.

vista descriptivo ou sincrónico⁴⁴. Precisamente, estes feitos impiden que nos poidamos achegar a este dominio con certa seguranza teórica, de modo que se crean moitas dificultades de tipo práctico que o investigador debe encarar. Por outras palabras, e seguindo Lang (1990: 62), parece non existir unha hipótese adecuada para explicar as particularidades do léxico, xa que a teoría morfolóxica se encontra na actualidade nun permanente estado de flutuación, con formulacións sintácticas, léxicas e fonolóxicas moi diversas, en función das distintas teorías de que proviñeren:

no theoretical proposal adequately accounts for the peculiarities of the lexis, even if the various hypotheses and approaches taken overall point towards some sort of cohesive lexical system with clearly discernible formational procedures and productive patterns. [...] on the grounds that present-day theory is in a state of flux, with various morphological, phonological, and syntactic approaches being advocated by different schools (Lang 1990: 62).

Alén disto, a controversia da formación de palabras tamén se cinxe á autonomía ou subalternidade como disciplina ou subdisciplina respectivamente, pois pode encontrarse inserida dentro da Morfoloxía ou dentro da Semántica, ou inclusive como disciplina autónoma. Así, dentro do que coñecemos como Gramática Tradicional, a Morfoloxía nunca constituíu un dominio único e autónomo de investigación: a morfoloxía flexiva inclúese na gramática no sentido xeral e a morfoloxía derivativa (formación de palabras), de aparecer, adoita figurar como apéndice (Pena 1999: 77).

Pola nosa parte, consideramos que a formación de palabras debe incluírse como un dominio da Morfoloxía que, como toda disciplina, ten relacións transversais co resto de disciplinas lingüísticas, pois xulgamos que son fundamentalmente morfolóxicos os mecanismos de formación de palabras, aínda que logo intervén a Sintaxe, a Fonoloxía, a Semántica e o Léxico.

Por tanto, neste capítulo inicial examinaremos unha serie de movementos lingüísticos que configuraron algunhas das actitudes e supostos actuais. O Historicismo, o Estruturalismo, o Funcionalismo e o Xenerativismo son as principais tendencias ou actitudes de que nos ocuparemos.

⁴⁴ Como veremos máis adiante, a focaxe sincronicista levou a que se fixesen análises erradas sobre a formación dalgúns palabras, con base en determinadas regras de formación de palabras, sen ter en conta a formación histórica dos constituíntes, de maneira que se acaban por considerar formacións derivadas en galego que tiveron lugar noutro sistema lingüístico, nomeadamente o latino.

3.1. A formación de palabras na teoría lingüística xeral

A Lingüística como ciencia iníciase no século XIX da man da Lingüística Histórica⁴⁵ cos estudos de comparativismo lingüístico de Friedrich Schlegel (1808), Franz Bopp (1816) e Jacob Grimm (1822), que buscaban o parentesco entre as linguas do mundo (Yllera 1983a: 43-48, 1983b: 346). Na segunda metade deste século xa se pode afirmar que existe unha teorización sobre a mudanza da lingua coa chamada escola neogramática, que se centrou nomeadamente no estudo da dialectoloxía (Robins 2000: 258) e, sobre todo, da mudanza fónica –como un proceso que responde a leis fonéticas regulares⁴⁶– e mais da analoxía –como segunda grande forza alteradora da lingua–. Para os neogramáticos as explicacións das variacións morfolóxicas atenden a estes dous últimos factores como principios básicos da evolución histórica. Así, a mudanza fonética modifica os paradigmas morfolóxicos e produce irregularidades que son reducidas *a posteriori* pola analoxía⁴⁷. Este fenómeno asimilador crea unha nova forma que substitúe a forma sincronicamente regular –en termos de evolución fonética–, aínda que tamén pode orixinar novas estruturas sen desprazar as xa existentes a partir dun modelo. O primeiro tipo de analoxía, denominado mudanza analóxica, prodúcese nos paradigmas flexivos e tamén nos derivativos, se ben que nestes últimos é máis frecuente o segundo tipo de analoxía, a creación analóxica.

A nos centrarmos especificamente na formación de palabras, nestas consideracións de teor diacrónico recórrese fundamentalmente á orixe etimolóxica dos constituíntes da palabras como principal procedemento de análise, de maneira que se confrontan os elementos romances cos latinos ou gregos de que proceden. Este tipo de estudo, que, como se pode concluír, permite diferenciar tanto as fontes dos constituíntes como a súa evolución, foi o enfoque principal nos traballos anteriores (estudos e

⁴⁵ Para un estudo completo mais sintético sobre a evolución desta disciplina, consúltese Yllera (1983b: 345-388) e Robins (2000: 231-267). Cfr. tamén Tusón (1982: 71-110).

⁴⁶ A absoluta regularidade das leis fonéticas foi unha das principais obxeccións ás teses neogramáticas, aínda que non se lles pode negar a importante influencia na maior parte dos autores que crearon a lingüística do século XX, como Saussure, Sapir ou Bloomfield, entre outros (Yllera 1983a: 51-52).

⁴⁷ Os neogramáticos coidaban que as leis fonéticas actuaban á marxe da Morfoloxía e da Sintaxe, en canto a analoxía constituía unha mudanza de índole gramatical e secundaria a respecto da evolución fonética. Porén, o certo é que os condicionamentos morfolóxicos poden inhibir certas leis fonéticas. Sirvan como exemplo os diversos cambios históricos acontecidos no verbo galego, cuxas transformacións históricas se deben principalmente á regularización analóxica (Ferreiro 1999: 278-351).

Para unha aproximación xeral á mudanza lingüística, véxase Yllera (1983b: 380-385).

gramáticas tradicionais, históricas...) ao século XX, mais tamén se prolonga até os últimos anos deste. É o caso, por exemplo, do traballo de Tekavčić (1972) sobre a morfoloxía derivativa do italiano –cronoloxicamente situado no plexo apoxeo da corrente xenerativista–, que nunha data tan serodia –ou acrónica– continúa esta liña etimolóxica para explicar a formación de palabras, en que a procedencia latina ou grega das compoñentes teñen a prioridade nas descrições.

Neste panorama non podemos deixar de facermos mención ao *Traité de la formation des mots composés* que Darmesteter (1967) publicou no ano 1894 e que foi modelo de investigación até a chegada dos estruturalistas⁴⁸. Nel adoptou unha perspectiva diacrónica que o levou a considerar isoladamente cada forma de composición e mais a recorrer ao espírito como única realidade universal. Fronte á crítica que recibiu por estes posicionamentos de base psicolóxica, o máis interesante é salientarmos que o francés acode á sintaxe como principio explicativo da composición (Darmesteter 1967: 5), razoamento que séculos despois encontraremos nos traballos iniciais do Xenerativismo.

En liñas xerais, estas aproximacións históricas ocúpanse de dar conta do significado final de todas as palabras compostas por un determinado afixo e interpretan o termo “formación” non como o proceso de “formar” palabras senón como a maneira en que as palabras están constituídas. Así mesmo, presentan as palabras derivadas e os significados dos sufixos sen, por exemplo, esclarecer cal é a base da palabra, que tipo de base selecciona ou restrinxen a presenza dun determinado sufixo etc. En conclusión, o estudo da derivación consiste unicamente en “enumerar procesos e listar exemplos” (Basilio 1987: 15), polo que non se realiza un estudo interpretativo ou sistemático deses elementos. En definitiva, móstrase unha interpretación mecánica da sufixación, de xeito que se conduce á conclusión de que, para se formar unha determinada palabra sufixada cun determinado significado, basta acrecentar un sufixo a unha base; por exemplo, para o significado de ‘posíbel’ xuntárase o sufixo <-bel> a un verbo.

A partir do século XX, a Lingüística experimentou unha mudanza epistemolóxica na consideración dos feitos da linguaxe, pois dunha perspectiva histórica pasouse a unha

⁴⁸ Moitas das teorías de Darmesteter, e das cales iremos facendo referencia nos capítulos respectivos, foron consagradas por lingüistas posteriores, como a denominación do termo parasíntese e a súa concepción (cfr. §4.2.3.1.).

concepción descriptivo-sincrónica. Deste modo, os estudos de Lingüística Histórica ficaron relegados a un segundo plano na reflexión lingüística⁴⁹, á vez que recibiron a influencia destas novas correntes lingüísticas, o Estruturalismo e o Xenerativismo, caracterizadas polo común predominio dunha abordaxe sincronicista.

Correspondeu a Ferdinand de Saussure sintetizar as ideas latentes en investigadores anteriores e reformular o estudo da linguaxe, colocando a vertente sincrónica como o obxecto esencial da Lingüística. No *Cours de linguistique générale* (1916), considerada a obra fundacional da Lingüística moderna⁵⁰, lanzou diversos conceptos que se tornaron fundamentais para toda a produción lingüística posterior como a teoría do signo, a dicotomía diacronía/sincronía⁵¹, a interrelación entre lingua e fala etc. Saussure comproba que un estado de lingua non é un conglomerado de elementos, mais un conxunto organizado ou *sistema*, no cal o valor de cada elemento só pode ser definido polas relacións de equivalencia ou de oposición que mantén cos demais; ese conxunto de relacións forma a *estrutura*, voz que dará nome a toda a escola lingüística: o

⁴⁹ Para obter un panorama sobre a vitalidade da Lingüística Histórica (romance) na actualidade, véxase o volume 31.2 do ano 2003 de *La Corónica*, cuxa primeira sección, dirixida por Dworkin (2003), está dedicada a esta ciencia que leva o provocador título de “Historical Romance Linguistics: The Death of a Discipline?”. Fronte a esta relegación xeral da disciplina, segundo apunta Company (2005), hoxe en día asistimos a un auxe da investigación en Sintaxe histórica románica.

⁵⁰ A publicación do *Cours* –postumamente en 1916 polos seus discípulos, Bally e Sechehaye–, ten sido descrita como unha “revolución copernicana” na materia, como indica Verburg (citado en Robins 2000: 272), e, de facto, a influencia de Saussure na Lingüística (do século XX) non foi aínda superada. Non obstante, cómpre recordar que *Cours* non espertou excesivo entusiasmo cando se deu a coñecer, pois moitas das súas teorías, como o signo lingüístico, o feito social etc., xa foran formuladas anteriormente (cfr. Yllera (1983: 57), Sánchez Rei (2005b: 26), Tusón (1982: 117), Lyons (1984: 189) e Robins (2000: 272), entre outros). Na realidade, a importancia do *Cours* radica non tanto no seu pensamento global como na serie de oposicións consideradas o eixo da doutrina saussureana. Pola nosa parte, seguiremos a rigorosa tradución para o galego do *Cours* –acompañada dun interesante e documentado estudo introdutorio– realizada polo profesor da Universidade da Coruña, Xosé Manuel Sánchez Rei (Saussure 2005).

⁵¹ É xa un cliché afirmar que con Saussure se produce unha separación irreconciliábel da diacronía coa sincronía, tendencia que influíu até os nosos días; porén desde o Primeiro Congreso Internacional de Lingüistas do Círculo Lingüístico de Praga xa se rebatía a marcada antinomia saussureana entre estudo sincrónico e análise diacrónica (Lyons 1984: 193; Yllera 1993a: 58-59). Como proba da contribución dos estruturalistas postsaussureanos ao estudo da Lingüística Histórica está a elaboración da Fonoloxía diacrónica –Círculo de Praga, Martinet– e a separación das diversas etapas dunha lingua susceptíbeis de seren estudadas sistematicamente –Wartburg– (Yllera 1983b: 346).

Por outra parte, tamén se ten indicado que o Estruturalismo supón unha ruptura coa gramática tradicional, mais, como afirma Tusón (1982: 114), é exaxerado cualificar de “revolución” isto. Na realidade, o que fixo o Estruturalismo foi levar a cabo un serio traballo de depuración metodolóxica e eliminar o punto de vista nociónal en gramática. Así, “el “nombre” ya no será la “parte de la oración que designa personas, animales, cosas...”; sino el miembro de una clase caracterizada por poseer ciertas características flexivas y por tener unas determinadas posibilidades funcionales. En definitiva, el estructuralismo no ha ido más allá de clasificar las partes de la oración y de estudiar las relaciones posibles entre ellas”.

Estruturalismo. Así mesmo, o xenebrino define a lingua como un sistema abstracto e homoxéneo de signos arbitrarios, compostos dun significante e dun significado, que manteñen entre si relacións sintagmáticas (*in praesentia*) e relacións asociativas⁵² (*in absentia*), polo que esta homoxeneidade do sistema exclúe a variación e, por tanto, a mudanza.

No *Cours* podemos entrever un “modelo saussureano de Morfoloxía”⁵³ baseado na palabra como un todo non segmentábel, e non no morfema⁵⁴. Neste modelo, as palabras establecen entre si relacións asociativas (de tipo fonolóxico, semántico e morfolóxico) con outras palabras, de maneira que a segmentación en morfemas resulta das series asociativas das cales a palabra fai parte, e non ao contrario. Vexamos os seguintes fragmentos ilustrativos:

Cando unha palabra cal *indecorábel* xorde na fala [...], supón un tipo determinado, e este, por súa vez, unicamente é posíbel pola lembranza dun número suficiente de palabras parecidas pertencentes á lingua (*imperdoábel, intolerábel, infatigábel* etc.) (Saussure 2005: 260).

Unha unidade como *desexoso* componse de dúas subunidades (*desex-oso*), mais non son dúas partes independentes engadidas simplemente a unha á outra (*desex + oso*): é un produto, unha combinación de dous elementos solidarios que só teñen valor mediante a súa acción recíproca nunha unidade superior (*desex x oso*). O sufixo, tomado isoladamente, é inexistente, xa que o que lle confire o seu lugar na lingua é unha serie de termos usuais como *calor-oso, mentir-oso* etc. Por súa vez, o radical non é autónomo, pois unicamente existe a través da súa combinación cun sufixo: no francés *roul-is*, o elemento *roul-* non é nada sen o sufixo que o segue, do mesmo modo que no galego *xener-* non é nada sen o elemento *-oso* (Saussure 2005: 263).

Para Saussure, pois, “a estrutura morfolóxica de uma palavra é decorrente das relações associativas estabelecidas por ela” (Maroneze 2008: 7). En consecuencia, a formación de palabras dáse por analogía, xa que esta é concibida como unha “comparación inconsciente cos materiais depositados no tesouro da lingua, onde as formas xeradoras están ordenadas segundo relacións sintagmáticas e asociativas” (Saussure 2005: 312). Así,

⁵² Conforme o uso de Saussure, empregamos o termo “relación asociativa”, a pesar de a Lingüística posterior ter consagrado o termo “relación paradigmática” para describir o mesmo tipo de relación (Maroneze 2008: 3). Cfr. ao respecto o Capítulo V da Segunda parte do *Cours*, titulado “Relacións sintagmáticas e relacións asociativas” (Saussure 2005: 258-262).

⁵³ Para unha lectura máis exhaustiva da visión saussureana da Morfoloxía e da formación de palabras, véxase Maroneze (2008).

⁵⁴ McCarthy (2005: 7-10) argumenta que, embora se poida encontrar unha concepción da Morfoloxía baseada en morfemas, no *Cours* predomina unha idea do signo como equivalente á palabra.

Arborizar non foi xerado por *árbore*, mais foi formada sobre o modelo de *valor* : *valorizar* etc.; do mesmo modo, *arborizar* debe a súa existencia á analoxía de *parabenizar*, *axilizar*, *amenizar* etc. (Saussure 2005: 313).

Non obstante, como se pode depender do excerto, esta visión pode conducir a análises falsas ou erradas, pois unha palabra como *coloso* podería descomperse nas “subunidades” –segundo a terminoloxía saussureana– “*col-*” (de *cola* (?), por exemplo) + “*-oso*”, cando na realidade neste caso non estamos perante unha palabra derivada mediante o sufixo *-oso*, mais perante unha palabra simple, procedente do latín *COLOSSUM*, que á súa vez provén do grego *κολοσσός*. Obsérvase, no entanto, que é posíbel salvar este “erro” grazas á explicación histórica, de modo que fica patente a necesidade da inclusión do elemento diacrónico na teoría morfolóxica⁵⁵. Esta concepción é, por tanto, a que nós defendemos e que trataremos de aplicar neste traballo de doutoramento, xa que para o estudo da formación de palabras, e en concreto dos diversos procesos de afixación, é vital. Como teremos ocasión de comprobar e xa indicamos, só consideramos, por pertenceren a sistemas lingüísticos diferentes, que existe afixación no galego medieval unicamente cando esta se produciu no romance galego-portugués e non se trata dun proceso latino.

Por outra banda, na pasaxe anterior tamén se formula o problema da analoxía, xa que ese patrón que actuaría como molde analóxico non contempla formacións futuras *ex novo*. En vista diso, para que haxa o seguimento dun determinado patrón debe existir unha palabra-modelo inicial, que nunca poderá xurdir se non nace como froito da analoxía con outra anterior. Así mesmo, isto nega o fenómeno creativo da linguaxe (neste caso, especificamente da formación de palabras).

Esta concepción saussureana da Morfoloxía e da formación de palabras foi abandonada polo Estruturalismo posterior –nomeadamente o norteamericano– e polo Xenerativismo, se ben esas ideas parecen ser retomadas na fin do século XX coa Lingüística Cognitiva –Bybee e Langacker, entre outros– (Maroneze 2008).

⁵⁵ Como indica Rio-Torto (1993: 897): “uma abordagem estritamente sincrónica pode distorcer ou falsear a interpretação da estrutura das palavras, pelo que a análise destas não prescinde duma simultânea consideração da sua história”. Véxase tamén o artigo de Viaro (2010) que precisamente fala da necesidade da diacronía nas explicacións morfolóxicas.

No período postsaussureano, o interese centrouse nos segmentos mínimos da fala, como o fonema e o morfema, sendo inclusive cuestionada a validez da existencia da palabra como unidade de análise (Lang 1990: 5). A partir deste momento, e do punto de vista morfolóxico, o Estruturalismo considerou o morfema⁵⁶ como a unidade mínima significativa e de análise gramatical –de existencia independente– e abandonou practicamente o uso dos termos de analoxía ou de relación asociativa que empregara Saussure para a formación de palabras. Pola súa parte, a Morfoloxía é vista como o estudo da estrutura interna dunha palabra, isto é, o estudo de como os morfemas se organizan para construíren os vocábulos. Nas palabras de Eugene Nida, un dos autores do manual de Morfoloxía máis importante da tradición estruturalista,

Morphology is the study of morphemes and their arrangements in forming words. Morphemes are the minimal meaningful units which may constitute words or parts of the words, e.g. *re-*, *de-*, *un-*, *-ish*, *-ly*, *-ceive*, *-mand*, *tie*, *boy*, and *like* in the combinations *receive*, *demand*, *untie*, *boyish*, *likely*. The morpheme arrangements which are treated under the morphology of a language include all combinations that form words or parts of words” (Nida 1949: 1).

Neste sentido, a palabra créase a través da concatenación de morfemas e a formación de palabras concíbese como unha xunción destes elementos, nos cales non se atende á súa combinación en unidades superiores. A máxima preocupación reside en establecer formulacións xerais das formacións xa existentes na lingua, mais non nas creacións novas, as cales serán o obxecto fundamental da gramática xerativa.

No tocante ás diversas escolas estruturalistas postsaussureanas (a de Praga, a de Copenhague, a norteamericana, a francesa, a inglesa...), aparecidas durante a primeira metade do século XX, estas produciron análises e traballos de excelente calidade nas diversas áreas lingüísticas, nomeadamente na Fonoloxía. Para o estudo da formación de palabras, imos centrarnos nos autores máis marcantes.

O Círculo Lingüístico de Praga, fundado en 1926, herda a concepción saussureana da lingua como sistema, mais baixo un punto de vista funcional, polo que a Lingüística nacida do Círculo recibirá o nome de Lingüística funcional ou Funcionalismo. As teses do Círculo supoñen unha das máis importantes achegas á Fonoloxía –na cal destacan Nicolay Trubetzkoy e Roman Jakobson–, aínda que tamén contribuíron ao estudo da Morfoloxía e, sobre todo, á definición do morfema. O seu

⁵⁶ Denominamos morfema como a denominación xeral para tal concepto, xa que no Estruturalismo, á parte de morfema, tamén se utilizaron outros termos como *plerema* (Hjelmslev) ou *monema* (Martinet).

esforzo nesta disciplina tamén se pode notar coa creación da Morfoloxía, que foi atribuída a Trubetzkoy e que se ocupa da estrutura fonolóxica dos morfemas. A nos centramos propiamente no nivel morfolóxico, alén das achegas de Skalička e Havránek, son considerábeis os contributos de Trnka e de Jakobson. No primeiro caso, débese a Trnka a noción de “expoñentes morfolóxicos” (*morphological components*), que se definen como todos os medios formais que desempeñan unha función sintáctica e entre os cales se inclúe a formación de palabras; en concreto, os fenómenos de derivación contémpanse nos expoñentes “sintéticos” (Černý 1998: 164). Pola súa parte, Jakobson tratou de aproveitar a teoría fonolóxica sobre as oposicións privativas ou binarias aplicándoa ao sistema morfolóxico. O interesante deste binarismo é a súa aplicabilidade á diacronía, xa que podería ser factíbel unha explicación opositiva para o par erudito/patrimonial en palabras e en afixos, na cal o membro marcado é sempre o máis recente cronoloxicamente, ou sexa, o erudito.

A outra escola europea inspirada en Saussure foi a de Copenhagen, cuxa contribución principal consistiu na elaboración da Glosemática, é dicir, unha teoría dedutiva, abstracta e xeral, destinada á descrición das linguas naturais. Esta teoría xeral, elaborada por Louis Hjelmslev, pretende levar o pensamento de Saussure até as últimas consecuencias; así, a partir da afirmación saussureana de que a lingua é unha forma e non unha substancia, opón unha a outra, tanto no plano do contido (significado) como no da expresión (significante). En conclusión, segundo Hjelmslev (1972: 173), se todo na lingua é forma, toda lingüística é Morfoloxía. Esta disciplina, que se diferencia da Semántica e da Fonoloxía mais non da Sintaxe, concíbese como o estudo da función, do valor e da significación dos morfemas, así como das unidades cenemáticas ou fonemas⁵⁷, que son as unidades en que se poden descompor unha palabra. En consecuencia, foi na Morfoloxía onde o danés englobou a formación de palabras. Porén, Hjelmslev precisa que a análise gramatical debe comprenderse como un mecanismo total, que consiste tanto na descrición por separado das partes deste mecanismo como na observación das súas relacións e do seu funcionamento. Por esta razón, renuncia á distinción entre Morfoloxía e Sintaxe (Hjelmslev 1972: 177).

⁵⁷ O Círculo de Copenhague tamén se caracteriza polo uso dunha terminoloxía propia como consecuencia da súa visión da linguaxe. Así, introduciu termos como *cenema*, que se corresponde co fonema, ou *plerema*, equivalente de morfema.

Pola súa parte, en canto en Europa se desenvolvían estas escolas, nos Estados Unidos tamén se chegaba a postulados estruturalistas con certa independencia da renovación lingüística europea e en virtude dunhas necesidades específicas⁵⁸. Esta nova corrente nacida por volta de 1930, coñecida co nome de Distribucionalismo ou Estruturalismo norteamericano, partilla moitísimos puntos de encontro co Estruturalismo, ora no estudo sincrónico da lingua entendida como un código, ora no principio das unidades mínimas de significación dos praguenses; non obstante, existen outras cuestións que os afastan, como a propia noción de *estrutura*.

Este novo rumbo da Lingüística –representado polas figuras de Boas, de Sapir e, sobre todo de Bloomfield– céntrase na organización dos datos concretos das linguas indíxenas e do inglés, xunto coas súas relacións de xerarquía e dependencia. Con base no método funcionalista de recoñecemento dos fonemas⁵⁹ –que Sapir coñecía ben–, preocupáronse non tanto pola oposición pertinente entre unidades –como fixeran os europeos– canto pola identificación, segmentación e clasificación dos morfemas, alén de pola súa distribución, polas súas posibilidades virtuais de substitución e pola súa organización en unidades superiores para formar palabras (Villar Díaz 2009: 240). Serán estas técnicas⁶⁰ a base e o fundamento do estruturalismo americano que representa Bloomfield.

No seu célebre *Language* (1933), pedra angular do Estruturalismo americano, Bloomfield postula a existencia de dúas compoñentes nas cales se debería centrar o estudo da correlación entre sons e significados: o léxico e a gramática. Mentres o léxico constitúe o inventario total ou efectivo de morfemas dunha lingua, a gramática é a combinación morfemas dentro de calquera forma complexa (Bloomfield 1979: 162-163).

⁵⁸ Como relata Tusón (1982: 130), “parece bastante seguro que la obra póstuma de Saussure (publicada en 1916) no comenzó a influir sino a partir de 1922, año de la segunda edición francesa”, é dicir, cando xa Bloomfield, por exemplo, publicara contributos tan significativos como *An Introduction to the Study of Language* (1918) ou “A Set of Postulates for the Science of Language” (1926), en que xa aparece unha definición de morfema. En segundo lugar, como se sabe, a lingua inglesa apenas ten flexión, de maneira que a clasificación das unidades dificilmente podía basearse no recurso á forma, unha vez que se rexeitaban os métodos da gramática tradicional. Isto explica por que se optou por atender ao contexto ou distribución como método para establecer as categorías gramaticais. Alén disto, como non existía ningún estudo anterior sobre as linguas amerindias, o lingüista non podía basearse na palabra, xa que só tiña ante si unha secuencia fónica, debía descubrir as unidades que a constituían (morfemas) e observar que categorías gramaticais constituían (Tusón 1982: 130-131).

⁵⁹ Cfr. Gutiérrez Ordóñez (1983: 78-83) para verificar os principios da Fonoloxía funcionalista.

⁶⁰ Precisamente, a preocupación dos gramáticos estruturalistas por estes procedementos foi tan grande que outras compoñentes lingüísticas, como a Sintaxe e a Semántica, ficaron desatendidas.

Por tanto, o significado dun enunciado despréndese da suma do significado dos ítems lexicais mais o significado proporcionado pola gramática, que inclúe tanto a Sintaxe (construción de frases) como a Morfoloxía (a construción de palabras), dominio este último en que se insire a formación de palabras.

Neste ensaio, o lingüista norteamericano pon en relevo o método de análise distribucionalista (modelo Item and Arrangement, cfr. §3.1.1.) e fíxase en dúas unidades que admiten descrición obxectiva: o fonema e o morfema. O fonema constitúe “*a minimum unit of distinctive sound-feature*”⁶¹ (Bloomfield 1979: 79) e identifícanse segundo as súas posibilidades distribucionais, en que a función de cada palabra depende da súa posición no enunciado –de modo que unha mudanza de posición implica unha mudanza de función–; así, fonema é aquel elemento que por si propio ten a virtude de aparecer nun conxunto de contextos (*a b c*) parcialmente diferente do conxunto de contextos doutro elemento (*a b d*). Deste xeito, Bloomfield elimina o recurso á mudanza de significado dos morfemas.

En segundo lugar, por “forma simple” ou morfema entende “a linguistic form which bears no partial phonetic-semantic resemblance to any other form” (Bloomfield 1979: 161). Considera, pois, que os elementos *voz*, *a-* e *-mento* son morfemas porque non presentan ningunha coincidencia de son nin de significado con outros. Para el, os morfemas –cuxo número é finito– poden ser libres (ou independentes), como *día* e *ceo*, ou trabados (ou inseparábeis), no caso de *pre-*, *-s* ou *-ento*. Entre os trazos que el atribúe aos morfemas figura o principio de singularidade, isto é, a unha única forma peculiar correspóndelle un único significado; consecuentemente, rexeita toda a sinonimia, xa que para el unha diferenza de formas implica unha diferenza de significado. Non obstante, terá que recorrer a falar de “alternantes”, ou realizacións dun morfema, para falar de, por exemplo, a sinonimia das formas de plural dos substantivos (Bloomfield 1979: 209).

No que respecta á palabra, é considerada unha “minimum free form” (Bloomfield 1979: 181). No caso de a palabra non constituír unha forma mínima, senón que contén máis morfemas no seu interior, estamos perante unha construción morfolóxica; a forma libre que actúa como base recibe o nome de “forma subxacente” (*underlying form*).

⁶¹ A itálica é de Bloomfield. Obsérvese tamén que uns anos antes en “A set of postulates for the science of language”, definía o morfema como “a recurrent (meaningful) for which cannot in turn be analyzed into smaller recurrent (meaningful) forms” (Bloomfield 1926: 155).

Segundo a natureza dos seus *constituíntes inmediatos*, Bloomfield (1979: 209-246) distingue tres tipos de construcións morfolóxicas:

1. Composición, en que aparecen dúas (ou máis) formas libres: ing. *door-knob*; gal. *bulebule*⁶². Para a descrición e clasificación das palabras compostas, e aínda que finalmente dependerá dos trazos característicos desa lingua, reconece dúas liñas de clasificación (Bloomfield 1979: 233-237). Por unha banda, no concernente á relación dos membros, diferencia entre *compostos sintácticos* (aqueles que manteñen a mesma relación gramatical (“subst. + adx.”; “vbo. + subst.” etc.) que nunha frase: ing. *blackbird*; gal. *corvo cincento*) e *compostos asintácticos* (cuxos membros non ocorren en construcións sintácticas: ing. *door-knob*; gal. ?⁶³). Pola outra banda, con base na relación do composto na súa totalidade cos membros que o compoñen, distingue entre *construcións endocéntricas* (se a palabra posúe a mesma categoría que a forma libre principal do composto: ing. *blackbird* [subst.] < *bird* [subst.]; gal. *corvo cincento* [subst.] < *corvo* [subst.]) e *construcións exocéntricas* (se a categoría gramatical difire: ing. *turnkey* [subst.] < *turn* [vbo.]; gal. *lavalouza* [subst.] < *lavar* [vbo.]).

2. Derivación secundaria, na cal encontramos como constituínte inmediato unha forma libre, que pode ser unha frase ou unha palabra. Esta última recibe –como xa apuntamos– o nome de “forma subxacente” e pode ser unha palabra composta (ing. *gentlemanly*; gal. *paraugueiro*), outra derivada (ing. *actresses*; gal. *estruturalismo*) ou unha palabra-morfema (*morpheme-word*) (ing. *boyish*; gal. *laboral, refacer*). Ademais, contempla para outras linguas “formas subxacentes teóricas” (*theoretical underlying forms*), denominadas raíces (*stems*), cando formas que perderon algún elemento vocálico (gal. *arteiro* < *art-*). Esta a forma subxacente está acompañada por un afixo (prefixo, sufixo), morfo cero etc.

3. Derivación primaria, no caso de a palabra conter máis de unha forma ligada entre os seus constituíntes inmediatos. Fronte á secundaria, a derivación primaria dáse nas palabras primarias complexas, cuxas formas ligadas están determinadas polas características de similitude parcial –fronte ás primarias simples, que conforman

⁶² Nestes pares de exemplos, indicamos en inglés as palabras modelo que emprega Bloomfield e en galego as súas posíbeis correspondencias (mais non equivalencias).

⁶³ Salvo erro, en galego non existen compostos asintácticos; todos eles posúen unha estrutura sintáctica interna que é posíbel trasladala á sintaxe da frase, en particular, e do enunciado, en xeral.

morfema-palabras-. A parte da palabra primaria que semella o afixo derivacional da palabra secundaria (-al, en *laboral*, e re-, en *refacer*) pode describirse como afixo primario. Así, dise que as palabras primarias *vital* e *recibir* conteñen o sufixo -al e o prefixo re- respectivamente⁶⁴, que acompaña a base (*root*).

A influencia de Bloomfield foi moi notábel, pois moitos dos seus postulados aínda se están a utilizar hoxe en día, e converteuse no mestre indiscutíbel dunha xeración de lingüistas norteamericanos como Hockett, Wells, Bloch, Hall e Harris. Nesta retomada do esquema xeral bloomfieldiano destacamos Wells e Harris polo desenvolvemento das estruturas sintácticas e a súa posterior incidencia na Gramática Xenerativa e Transformacional.

Rulon S. Wells (1947) desenvolve, seguindo Bloomfield, a *teoría dos constituíntes inmediatos* (“immediate constituent theory” ou “IC theory”), que consiste na análise binaria de todos os constituíntes inmediatos dun enunciado, isto é as partes que o forman, e que permite describir a estrutura dunha lingua. Diferencia dunha gramática interna, baseada na forma, e dunha gramática externa, referida á función, de modo que prescinde do significado. Neste artigo, Wells propón un método para encontrar os esquemas determinados das linguas; por exemplo en galego aparece, entre outros, o esquema SUXEITO-PREDICADO. Como se observa, tal teoría é útil para a análise sintáctica e constitúe, na realidade, a base do sistema xenerativo de Chomsky (Otero 1989: 175).

Pola súa parte, Zellig Sabbetai Harris, outro dos discípulos bloomfieldianos, representa a culminación da lingüística estrutural (Tusón 1982: 137), sobre todo por causa do seu louvadísimo libro *Methods in Structural Linguistic* (1947). A obra de Harris, caracterizada por un máximo rigor metodolóxico, asenta inicialmente na segmentación e clasificación dos constituíntes inmediatos e no uso do método distribucional, polo que rexeita o recurso ao significado; posteriormente introduciu, de forma pioneira, o concepto de *transformación* aplicado á Sintaxe, que se sitúa como punto de partida da gramática xenerativa e transformacional de Chomsky, quen precisamente figuraba como un dos seus alumnos.

⁶⁴ No fondo, Bloomfield coa derivación primaria e secundaria está a facer unha diferenciación entre sufixo e terminación.

Tendo como precedentes as escolas de Xinebra, Praga e Copenhague, e nalgúns casos a americana, unha serie de lingüistas europeos retomaron as súas teorías e métodos e, inclusive, chegaron a desenvolver as súas ideas de maneira creativa. Polo seu tratamento na formación de palabras, destacamos Martinet, Coşeriu, Guillaume, etc., todos eles caracterizados polo feito de continuaren a ensaiar presupostos estruturalistas nunha altura en que comezaba a última grande corrente da Lingüística moderna, o Xenerativismo.

André Martinet representa a síntese dos trazos positivos do comparativismo cos de todas as escolas estruturais, creando ao mesmo tempo unha nova teoría da lingua, amplamente respectada (Černý 1998: 195). Nesta nova proposta, Martinet insistiu en que a unidade *palabra* non posúe unha realidade lingüística determinada e estableceu a designación de *monema* como o segmento lingüístico mínimo que contén forma (significante) e sentido (significado) (Martinet 1970: 15-16). Neste sentido, e de acordo coa autonomía e co significado, o lingüística francés fala de dous tipos de monemas: lexemas, para os monemas autónomos que presentan un significado lexical, e morfemas, para os monemas non autónomos de significado gramatical e derivativo. Así mesmo, Martinet diferenciou entre *monemas conxuntos* (no orixinal inglés, *joint*), para se referir aos elementos semanticamente que se comportan como monemas únicos, e *monemas libres*⁶⁵ (ing. *free*), para aludir aos non conxuntos. Así, nos vocábulos franceses *indésiderable* e *pomme de terra* identificamos tres monemas conxuntos en cada caso, de igual modo que no galego *indesexábel* e *castaña da terra*; no caso das voces francesas *donnerons* e *sur la table* estamos perante tres monemas libres, así como no galego *fixemos* e *sobre a mesa*. Alén disto, caso de os monemas poderen funcionaren como conxuntos ou libres, empregou a denominación *monemas liberábeis*.

Por súa parte, o lingüista francés estableceu a distinción entre *sintagma* (complexo de monemas libres: *sobre o sofá cama*) e *sintema* (complexo de monemas conxuntos: *sofá cama*) (Martinet 1978: 204-274), de maneira que os distintos procedementos de formación ou *sintemática* quedarán establecidos a partir da determinación dos constituíntes: “monema sempre conxunto + monema liberábel = prefixación”; “monema liberábel + monema sempre conxunto = sufixación”; e “monema

⁶⁵ Advirtase que Martinet (1978: 246), como puntualiza en *Estudios de sintaxis funcional* (edición orixinal inglesa de 1975), concibe o seu *free morpheme* como un signo diferente á *free form* de Bloomfield.

liberábel + monema liberábel = composición”. En vista disto, a oposición entre derivación e composición reside na facultade de cada elemento constituír unha unidade sintáctica autónoma ou non; mellor dicindo:

la différence entre composition et dérivation se résume assez bien en disant que les monèmes qui forment un composé existent ailleurs que dans des composés, tandis que, de ceux qui entrent dans un dérivé, il y en a un qui n'existe que dans les dérivés et qu'on appelle traditionnellement un affixe (Martinet 1970: 134).

Así, a perspectiva estruturalista, alén da dimensión estritamente morfolóxica, achegou o recoñecemento dunha dimensión sintagmática entre as unidades que forman os vocábulos derivados e os compostos nunha relación de determinante-determinado. Esta premisa foi a base dun dos autores máis notábeis sobre a formación de palabras, de Hans Marchand, a quen se considera –especialmente na Europa– o pai da teoría moderna sobre a formación de palabras (Štekauer 2000: 29).

O enfoque metodolóxico de Marchand (1969)⁶⁶ foi moi importante para o desenvolvemento das teorías sobre a formación de palabras por varios motivos: “First, it delimited word-formation as a linguistic discipline on its own, and secondly, it provided an account of many fundamental problems of word-formation in English in a systematic and comprehensive way” (Štekauer 2000: 29). Igualmente, é interesante a utilización dos métodos sincrónico, como obxectivo principal para a descrición dos tipos de formación de palabras, e diacrónico, para a explicación da expansión deses tipos en etapas anteriores da lingua.

Polo que se refire á súa fundamentación, Marchand introduciu o concepto de *sintagma* para caracterizar a composición, a prefixación, a sufixación, a conversión (ou *derivation by morphem zero*) e a derivación regresiva (ou *back derivation*). Para o lingüista alemán os diversos tipos de formación de palabras son vocábulos formados por sintagmas gramaticais, isto é, por combinacións de signos lingüísticos plenos. Alén disto, considera que a creación dunha nova palabra se basea nunha relación sincrónica entre morfemas que se articula a través dunha relación de determinante/determinado (*determinant/determinatum*), isto é, de modificador/núcleo. Se non existir este vínculo, a respectiva formación considérase un monema, quer dicir, unha palabra inanalizábel en dous morfemas (do tipo *recibir* [< lat. RECIPERE; e non **re-cibir*] ou *doenza* [< lat.

⁶⁶ A teoría orixinal data do ano 1960, mais é revisada posteriormente na segunda edición de 1969.

DOLENTIAM; e non **doe-nza*]). Como se pode reparar, esta análise é moi importante na formación de palabras, pois, como xa comentamos, unicamente estaremos perante un caso de derivación cando este mecanismo se producir nun sistema lingüístico concreto.

Por outra parte, unha determinada combinación sintagmática pertence á expansión (*expansion*) ou á derivación (*derivation*) –que son as dúas categorías básicas da formación de palabras– conforme o determinado sexa ou non un morfema independente (Marchand 1967); e, aínda, un sintagma tamén pode experimentar o fenómeno da transposición (*transposition*), que se produce cando a palabra é usada con outra función diferente da habitual. Así, do punto de vista marchandiano, por expansión enténdese a palabra complexa na cal o determinado é un morfema independente, en canto o determinante é un morfema trabado ou libre; precisamente, isto permítelle englobar a prefixación e a composición nesta mesma categoría. Polo seu lado, cando o determinado é un morfema trabado trátase dunha derivación, proceso en que insire a sufixación.

En consecuencia, Marchand clasifica prefixación e sufixación como palabras de natureza categorial diferente. Para alén disto, reduciu a frases todas as expansións e derivacións, repercutindo nos traballos sobre formación de palabras da gramática xenerativa transformacional.

Con todo, o criterio sintáctico na análise da formación de palabras xa se contemplaba en propostas anteriores á de Marchand, como en Bally, en Tesnière e en Benveniste, entre outros⁶⁷. Charles Bally, un dos ilustres discípulos de Saussure, considera que a palabra composta é un sintagma porque cada un dos seus elementos pode ser substituído por outros; porque manifesta unha idea única que, xa que logo, pode substituírse por unha única palabra; e porque é virtual. Segundo Bally, na composición reflíctense os principais tipos de relacións gramaticais e, de acordo con isto, é posíbel diferenciar entre compostos de coordinación, de concordancia e de rección. Cómpre salientar que nas conxecturas ballyanas os derivados por prefixación e por composición contémpanse como compostos orixinariamente (Bally 1965: 238).

Lucien Tesnière é coñecido por comezar a elaborar a teoría da valencia sintáctica (Černý 1998: 192), de aí que divida os diferentes derivados substantivos en relación co

⁶⁷ Un tratamento xenerativo transformacional tamén o encontramos noutros autores como Dubois (1962), que mesturou métodos funcionalistas, distribucionalistas e xerativistas, Guilbert (1971) e Giurescu (1975).

verbo de que parten; así, se o verbo é de acción produce substantivos de acción, de actante e de circunstante, mais se o verbo é de estado o substantivo resultante é abstracto. Para Tesnière, na derivación evidénciase unha transposición sintáctica ou translación fixada, en canto na composición o determinante é o obxecto dunha translación que o converte nunha categoría susceptible de ser subordinada ao determinado (Tesnière 1976: 406).

Tamén Émile Benveniste utiliza o recurso á transposición ou transformación para explicar a formación de palabras. No que di respecto á composición, xulga que cada tipo de composto debe estudarse como a transformación dun tipo de enunciado sintáctico libre (Benveniste 1977: 147) para poder coñecer a función dos compostos e as condicións que os fan posibles e necesarios. Do mesmo xeito, na derivación nominal tórnase esencial o tratamento da transposición, en que o derivado se expresa mediante unha transposición dos elementos de que proveñen e en virtude de criterios sintácticos e semánticos (Benveniste 1977: 117-129). En ambos os casos, é o modelo sintáctico o que posibilita a formación morfolóxica por medio da transformación.

Este tratamento da formación de palabras na Sintaxe coincide co período inicial do Xerativismo, coñecido como Gramática Transformacional ou Xenerativa e Transformacional, pois nunha segunda etapa desta corrente lingüística ten máis importancia o léxico.

Como puidemos constatar, na maior parte dos estudos estruturais o significado carece de interese, polo que a teoría de Eugen Coşeriu (1977) representa un dos enfoques máis relevantes no tratamento estrutural da formación de palabras ao situar esta área de estudo dentro do léxico. O lingüística romanés abórdaa desde un punto de vista léxico-semántico (semántica funcional), pois engloba estes procesos no marco xeral das estruturas lexemáticas (paradigmáticas secundarias). Na concepción coşeriana a formación de palabras consiste nunha *gramaticalización* do léxico primario e os diferentes procedementos formativos diferéncianse pola natureza e polas condicións de gramaticalización que implicaren. Para o lingüista romanés, a formación de palabras corresponde co que el denomina “estruturas paradigmáticas secundarias”, nas cales distingue tres tipos: modificación, desenvolvemento e composición (Coşeriu 1977: 178-

182)⁶⁸. A diferenciación entre as dúas primeiras e a segunda reside no número de unidades implicadas no proceso formativo (unha ou dúas), en canto que a distinción entre as dúas primeiras se basea no tipo de función gramatical implicado (“inactual” ou “actual”). Vexamos cada caso:

1. Modificación. Trátase dun procedemento isocategorial, ou sexa, que se produce dentro da mesma categoría de palabras, e só afecta as palabras individuais. Dentro desta, diferéncianse tres grupos: a) cuantificación (*casa* > *casiña*), b) repetición (*ler* > *reler*); c) parcialización (*seguir* > *perseguir* > *proseguir*).
2. Desenvolvemento. Este procedemento é inactual e leva consigo unha mudanza da categoría gramatical, isto é, unha transcategorización.
3. Composición. Trátase de dous elementos de base unidos por algunha relación gramatical. dentro dela pode distinguirse: a) composición xenérica, cando un dos dous elementos combinados non existe na lingua como lexema (*limoeiro*); b) composición específica: une dous lexemas nunha relación gramatical. Diferencia así entre os que chamará compostos prolexemáticos (clásicas formacións cos sufixos *-eiro*, *-dor* etc., pois ve neles unha unidade de natureza pronominal) e compostos lexemáticos. Isto leva consigo que nos clásicos compostos, do tipo *limpabotas*, conciba primeiro unha composición prolexemática en *limpa* que entra posteriormente en composición lexemática.

Para Coşeriu a formación de palabras é un procedemento de contido ao que corresponde un procedemento material, de aí que critique as propostas tradicionais e outros máis modernos que mesturan criterios formais e de contido e que non diferencian entre contido lingüístico e extralingüístico. Desta maneira, as explicacións das palabras compostas remitíndoas a frases concretas (como se fixo no modelo transformacional) concirnen á función da designación, a unha aplicación dos significados á realidade determinada polo coñecemento das cousas e da norma da lingua considerada. Mais son relacións que non son dadas polo contexto, senón que son determinacións ulteriores nun intento de interpretación exhaustiva.

⁶⁸ Para un tratamento semántico-funcional da formación de palabras aplicado ao galego, véxase Freixeiro Mato (1999) e tamén o punto §3.3. desta tese en que comentamos as súas ideas máis importantes.

A finais dos anos 50 do século XX, produciuse unha verdadeira innovación na teoría lingüística xeral –que tamén afectou a formación de palabras– coa emerxencia da chamada Gramática Xenerativa Transformacional. Esta nova corrente, froito da reacción aos presupostos estruturalistas, foi iniciada polo lingüista norteamericano Noam Chomsky, discípulo de Harris, quen lanzou en 1957 as bases da Gramática Xenerativa Transformacional coa publicación *Syntactic Structures*⁶⁹. Neste ensaio sinalaba as inadecuacións da escola estruturalista como a filosofía mecanicista, condutista e indutivista, a clasificación das unidades e a insuficiencia de operaren unicamente con regras lineares ou sintagmáticas –propostas por Bloomfield e por Harris– (Chomsky 1957: 51-66). En contrapartida, Chomsky propuxo un modelo baseado nun conxunto de hipóteses formalizadas, de tipo dedutivo, para explicar as estruturas das linguas. Neste marco, todo falante nativo posúe “competencia” lingüística, que lle permite producir e comprender –isto é, “xerar”⁷⁰– infinitos enunciados nunca ouvidos e rexeitar aqueles agramaticais, e “actuación” (*performance*), que consiste na realización desta capacidade en calquera situación. Alén disto, concede á competencia a creatividade, aínda que está sometida a certas regras.

Canto á formación de palabras, nesta fase incipiente da Gramática Xenerativa Transformacional, os vocábulos complexos analizáronse como se respondesen a unha estrutura sintáctica, a considerar o derivado e o composto como unha representación superficial desta. Así mesmo, os procedementos implicados na formación de palabras son análogos aos comprendidos na xeración de novas oracións. Por tanto, asistimos a un regreso á palabra como unidade de análise, en que tanto a palabra composta como a derivada teñen que se formar por medio de regras, toda vez que no léxico unicamente existen palabras simples (Scalise 1986: 8-9).

En consecuencia, esta mudanza de perspectiva foi substancial para o tratamento da formación de palabras, xa que non se privilexiaba unicamente a descrición dos elementos constitutivos das formas creadas, senón tamén os das novas creacións.

⁶⁹ Esta é a primeira formulación da teoría chomskyana, mais nela faltan termos característicos como “estrutura profunda” e “estrutura superficial” (Yllera 1983: 66). Será en *Aspects of the Theory of Syntax* (1965), coñecida como “teoría estándar”, onde reelabore as súas hipótese e introduza, por vez primeira, a separación entre o léxico e as regras.

⁷⁰ Como puntualiza Yllera (1983: 67, n.152), lémbrese que o termo “xerar” significa ‘explicitar’, ‘enumerar explicitamente mediante regras’. De igual modo, “regra” designa unha ‘formulación que encerra un proceso’.

O primeiro tratamento xenerativo transformacional nos procesos de creación de palabras áchase na obra de Robert Lees (1960). O lingüista norteamericano propuxo que os compostos nominais se xerasen mediante transformacións a partir de estruturas subxacentes oracionais en que se reflicten as mesmas relacións gramaticais que as expresadas implicitamente entre as unidades que os forman.

Tamén encontramos unha análise transformacional da derivación na obra dos franceses Dubois (1962 e 1968) e Guilbert (1971 e 1975). No que respecta a Jean Dubois, este considera que na composición é esencial contarmos coa Sintaxe, pois “le terme composé est un syntagme dont les règles son un sous-ensemble de la combinatoire habituelle aux constituants de la phrase” (1968: 28). A derivación é contemplada como unha etapa nun proceso sintáctico que conduce a frases simples a partir de frases complexas. Polo seu lado, Louis Guilbert defende o método transformacional no análise da creatividade léxica e no establecemento dos diferentes tipos de formación de palabras (composición, prefixación e sufixación), que os envolve baixo un único proceso: a derivación. Para Guilbert xa non interesa a autonomía ou non dos constituíntes, nin a súa orde, senón o tipo de transformación. Así mesmo, estableceu a oposición entre forma paradigmática e sintagmática, feito que lle permitiu diferenciar entre prefixación e composición.

Nos anos 70 orixinouse unha variación na abordaxe da Morfoloxía xenerativo-transformacional que se traduciu nunha aproximación á compoñente léxica. Esta mudanza de perspectiva debeuse a que as regras morfolóxicas que operan na compoñente transformacional tiñan demasiado poder e eran capaces de xerar formas inexistentes. Neste sentido, a formación de palabras deixou de ser considerada como un reflexo da estrutura da frase e da formación do enunciado e pasou a se tratar dentro do léxico, unha vez que este se concibiu como unha importante subcompoñente da gramática de base. Nas palabras de Scalise (1986: 1), “the development of Transformational Generative Grammar from its beginning up to the present, ca be seen, among other ways, as a progressive refinement of the structure fo the lexical component”.

Esta viraxe orixinouse a partir da publicación de “Remarks on Nominalization” de Chomksy (1970), en que o propio autor chamou a atención para a posibilidade de independencia da Morfoloxía perante a Sintaxe e enunciou a célebre “Hipótese Lexicalista”, segundo a cal as estruturas nominais xéranse mediante regras de base e a

relación entre verbos e nominalizacións acontecen no propio léxico. Por tanto, o norteamericano propuxo un tratamento léxico das formacións derivadas mediante transformacións morfolóxicas que operan na compoñente léxica, iniciando desta maneira a Morfoloxía léxica ou derivativa. En conclusión, descártase a solución transformacional como único medio de descrición dos procedementos de ampliación léxica e enúnciase un tratamento múltiplo (transformacional, léxico-semántico e léxico).

Dentro desta tendencia convén diferenciar ao menos dúas formulacións diferentes, a de Halle, baseada no morfema, e a de Aronoff, centrada na palabra. Morris Halle (1973) formula un modelo de derivación baseado en catro subcompoñentes: a listaxe de morfemas; as regras de formación de palabras, que se encargan de relacionar uns morfemas con outros; o filtro, que marca as formacións posíbeis mais inexistentes – mediante o trazo [-inserción léxica]– e que establece os procesos morfolóxicos adecuados para readaptar as formacións obtidas; e, finalmente, o dicionario, onde se almacenan as construcións que pasaron o filtro, as cales, por tanto, son correctas e existentes.

Pola súa parte, Mark Aronoff (1976) disinte do modelo de Halle por considerar que o morfema non é unha significativa mínima, xa que o significado dunha palabra derivada non se pode obter a partir do significado das súas compoñentes. Por tanto, a concibir a palabra como a unidade mínima, diseña un mecanismo de derivación que consta de tres subcompoñentes: o dicionario, formado exclusivamente polas palabras existentes e simples; as *Word Formation Rules (WFR)*, ou Regras de Formación de Palabras (RFP), en que se encontran os afixos, encargadas de especificar as palabras sobre as que pode operar, a súa etiqueta sintáctica e a súa interpretación semántica.

Desta proposta de Aronoff dunha Morfoloxía baseada na palabra destacamos os principios máis importantes (cfr. tamén §3.1.1.2.):

1. A *Word Based Hypothesis (WBH)*, que fai referencia aos conceptos de *palabra existente / palabra posíbel*; postúlase do seguinte xeito:

All regular word-formation processes are word-based. A new word is formed by applying a regular rule to a single already existing word and the existing one are members of major lexical categories (Aronoff 1976: 21).

3. A formación de palabras na teoría lingüística xeral e nos estudos galego-portugueses

2. A coherencia semántica de toda palabra complexa: unha RFP produtiva deberá estar sempre en función do significado da base a que se aplicou tal regra.

3. A *Unitary Base Hypothesis (UBH)*, ou Hipótese da Base Única (HBU), segundo a cal un afixo se xunta a unha única base lexical. De acordo con isto, concíbense tantas RFP como xuncións de afixo. Así, a base dunha determinada regra de afixación poderá ser un verbo ou un nome, mais unha mesma regra non poderá ter como base tanto nomes como verbos.

4. A *Binary Branching Hypothesis (BBH)*, ou Hipótese da Ramificación Binaria (HRB), en virtude da cal a estrutura interna de calquera construción derivativa é, por definición, binaria con ramificación á dereita ou á esquerda. Por tanto, unicamente se xunta un afixo de cada vez a unha base.

Moitas destas hipóteses foron levadas á práctica por Scalise (1984, 1986, 1994), en que xa se formularon os problemas reais aos cales intentou dar solucións. Entre elas salienta a modificación da *UBH*, a través da chamada *Ipotesi Modificata della Base Unica (IMBU)* ou Hipótese Modificada da Base Única (HMBU). Conforme esta, un sufixo pode ser engadido só a bases que forman unha clase sintáctica definíbel, ou como nome ou como verbo, isto é, un sufixo concreto pode xuntarse tanto a nomes como adxectivos, ou bern a adxectivos e verbos. Así, unicamente os sufixos que se xunten a nomes e verbos indistintamente violarían a HBUM, xa que estas dúas categorías non teñen ningún trazo sintáctico en común.

Finalmente, queremos facer referencia á morfóloga francesa Danielle Corbin, por presentar un modelo interesante de Morfoloxía posxenerativa para a formación de palabras. O modelo de Morfoloxía construcional, concebido por Corbin e desenvolvido polos membros do grupo SILEX da Universidade de Lille, non chegou a se cristalizar definitivamente polo óbito da investigadora principal, mais é presentado a grandes trazos en Corbin (1987 e 1991).

Na súa etapa inicial (Corbin 1987), o modelo SILEX concíbese como un modelo de Morfoloxía derivativa bastante ríxido, asumidamente sincrónico e baseado en dous principios fundamentais: a obrigatoriedade da unicidade categorial e da unicidade semántica das RFP, nunha formulación similar á de Aronoff (1971). Por tanto, este tipo

de descrición non permitía tratar a polisemia das unidades derivadas, de maneira que as diferentes acepcións eran consideradas homónimas.

Nunha fase intermedia (Corbin 1991), este modelo aínda se entende como un modelo de Morfoloxía derivativa, mais desta vez xa permitía dar conta da polisemia. Isto foi posíbel grazas á consideración do significado conferido pola RFP, do significado herdado da base e do significado específico do operador morfolóxico. Así mesmo, suavizouse o principio da obrigatoriedade da unicidade categorial da bases en relación ás Regras de Contrución de Palabras.

Finalmente, na súa versión máis recente, o modelo SILEX xa se define como un modelo de Morfoloxía construcional, que permite o tratamento da Semántica e das palabras construídas morfoloxicamente ou non. Na actualidade, este modelo aproxímase cada vez máis a unha teoría xeral do léxico.

3.1.1. Modelos de descrición morfolóxica

Desde mediados do século xx a análise morfolóxica das diferentes teorías lingüísticas evolucionou considerabelmente. No estudo de Hockett (1954), diferéncianse tres modelos de descrición gramatical que, segundo Pena (1990: 6), “se han utilizado en la lingüística estructural como técnicas de análisis morfológico”: *Item and Arrangement* (IA), *Item and Process* (IP) and *Word and Paradigm* (WP). Estes tres modelos de descrición morfolóxica non representan as características morfolóxicas de todas as linguas, de modo que non se poden aplicar ao mesmo tipo de lingua, é dicir, non son universais. A seguir, presentamos brevemente as formulacións teóricas de cada un destes modelos e describíense os métodos de análises que empregan estes enfoques⁷¹.

⁷¹ Para unha descrición dos modelos, alén do artigo de Hockett (1954), véxase Pena (1990), Morant Marco (1990), Spencer (1991, especialmente 49-53 e 216-224) e, aínda que só trata os modelos IP e WP, Bosque (1983) e Bustos Gilbert (1998).

3.1.1.1. Modelo *Item and Arrangement*

En primeiro lugar, o *Item and Arrangement* (IA) –nas súas versións romances *Unidade e Orde* (Morant Marco 1990) ou *Elemento e Disposición* (Bosque 1986, Pena 1999)– é un modelo que se postula nas teorías lingüísticas estruturais de Bloomfield e que se reformula a mediados do século XX cos estudos distribucionalistas posbloomfieldianos de Harris (1948), Nida (1949) e Hockett (1954), entre outros. Neste modelo, a análise lingüística consiste en tomar un determinado enunciado e ir descompoñendo nos seus constituíntes inmediatos en sucesivas etapas de análise até chegar a delimitar as unidades significativas mínimas, chamadas “morfemas” (cfr. §2.1.). As representacións fonémicas das palabras, isto é, os segmentos recorrentes, denomínanse “morfos”.

O IA describe as relacións internas dentro das palabras ou dos sintagmas que son de tipo secuencial ou linear e presenta un método de análise gramatical, denominado “análise morfé mica”⁷² (Pena 1990: 12), en que se distinguen dúas etapas. Nunha primeira, denominada “morphemics”, segméntase a forma fonémica dunha palabra en segmentos mínimos portadores de significado constante, separadamente combinábeis, conmutábeis e recorrentes, ou sexa, que aparecen noutras palabras co mesmo significado, co fin de obter a listaxe de morfos dunha lingua. A seguir, co fin de inventariar os morfemas e as súas variantes de realización, os diferentes morfos –que, por tanto, son diferentes a nivel fonémico– agrúpanse como morfemas, se presentaren significados diferentes, ou como alomorfos, no caso de teren o mesmo significado. Alén disto último, para que dous ou máis morfos poidan ser agrupados á volta dun mesmo morfema, deben estar en distribución complementaria. Finalmente, descríbense as diferenzas fonémicas entre os alomorfos de cada morfemas, clasifícanse e compáranse coas diferenzas entre alomorfos doutros morfemas. Na segunda etapa, chamada “tactics”, descríbese a estrutura da unidade complexa en función da distribución mutua das unidades significativas mínimas que hai no interior (Pena 1990: 14).

⁷² Seguindo tamén Pena (1999: 77), cfr. Matthews (2002), en que se ofrece o mellor estudo crítico sobre este método de análise morfé mica. Por outra parte, este método analítico é o que resulta máis familiar, pois é o que figura en bastantes manuais de gramática ou de lingüística xeral, a usar nocións como *morfo*, *morfema*, *alomorfo*, *morfo cero*, *distribución dos morfos*, *morfo continuo/discontinuo*...

Así pois, o modelo *IA* concibe a palabra como unha secuencia linear de morfemas e morfos como constituíntes últimos nunha correspondencia un a un, en que se trata de facer explícitos, de acordo coa metodoloxía distribucional, os contextos en que aparece unha determinada forma (Bosque 1983: 145). A estrutura das palabras descríbese, xa que logo, por medio dun patrón ou esquema; así, por exemplo, o patrón (ou estrutura) dos adxectivos en galego é o seguinte: *alt-a-s*. A este respecto, o modelo *IA* considera que as diversas formas dun adxectivo (*alto*, *alta*, *altos* e *altas*) son palabras distintas, xa que están constituídas por diferentes conxuntos de morfemas, ao contrario do modelo *WP* en que todas elas serían formas dunha única palabra. Deste modo, para o modelo *IA* non fai sentido falarmos de palabras variábeis e invariábeis, pois todas as palabras son “disposicións” (*arrangements*) particulares de morfemas; podemos, no entanto, ter palabras monomorfémicas, trimorfémicas etc.

Como evidencia Pena (1990), así como Morant Marco (1990: 144) e Bybee (1996), este modelo de descrición funciona en linguas de carácter aglutinante, aquelas que teñen unha estrutura baseada na concatenación de morfemas, mais non explica problemas formais que se encontran nas linguas flexivas:

El modelo así formulado es un modelo simple y homogéneo que, además, resulta adecuado para el análisis de lenguas de tipo aglutinante, onde la constitución morfémica de la palabra se caracteriza preferentemente por la yuxtaposición mecánica y regular de afijos; pero no resulta tan adecuado el modelo para el análisis de lenguas conocidas tradicionalmente como flexivas, donde la afijación conlleva en muchos casos la coalescencia o fusión entre los morfos y donde, además, se utilizan las modificaciones internas o cambios pertinentes a la raíz de las palabras; ambos fenómenos dificultan el análisis según dicho modelo pues no siempre será posible hacer la segmentación entre morfos ni, por consiguiente, mantener la relación alomórfica en la correspondencia simple uno a uno (Pena 1990: 21).

Por outra banda, non sempre é fácil sabermos cal é a forma real dun morfema, aínda que establezamos as variantes por distribución. Así, por exemplo, “no podemos decir que un prefijo negativo “abstracto” se representa mediante las formas /in-/ /im-/ /i-/, porque existen varios prefijos negativos (*in-*, *des-*, *a-*) la mayor parte de las veces con idéntico significado” (Bosque 1983: 145).

Debido a estas inadecuacións, o modelo foi sometido a remodelacións parciais; tanto é así que “si se suman las distintas modificaciones de que ha sido susceptible el modelo tal como se ha formulado en un principio, el modelo resultante es practicamente distinto y, además, tan heterogéneo que difícilmente es definible” (Pena 1990: 21). Os principais fenómenos revisados afectan fundamentalmente á restrita relación alomórfica,

xa que se acabará por admitir todas as posibilidades, isto é, que un morfo se corresponda unicamente a un morfema, que ningún morfo se asigne con ningún morfema ou máis (morfo cero⁷³), que un morfo se corresponda con máis dun morfema (morfo superposto ou acumulativo) e que un morfo non se asigne a ningún morfema (morfo baleiro).

Noutra orde de cousas, tamén nos interesa salientar outro trazo deste modelo, que consiste na eliminación da distinción entre Morfoloxía e Sintaxe e na consideración do sistema gramatical dunha lingua como un dominio de investigación único e uniforme canto á análise (Pena 1999: 77). Como indica Bloch (1947: 399-400): “Any sentence, phrase, or complex word can be described as consisting of such-and-such morphemes in such-and-such order”.

Os dous modelos que imos describir a seguir, *IP* e *WP*, negan as dúas nocións básicas deste IA: a do morfo como segmento discreto e identificador do morfema e a de relación alomórfica entendida como o emparellamento morfo-morfema na correlación un a un. Así mesmo, tamén se critica que o modelo *IA* se limite a enumerar as variantes alomórficas sen explicar a súa distribución nin sen indicar que morfo representa o morfema.

2.1.1.2. Modelo *Item and Process*

O segundo modelo, *Item and Process (IP)*, ou *Unidade e Proceso*, á diferenza do anterior (*IA*), ten unha concepción dinámica e sintética da lingua segundo a cal as distintas formacións son o resultado de aplicar nunha determinada orde diferentes *procesos* de formación a unha forma básica que se toma como punto de partida (normalmente a raíz). Así, como vimos, se no modelo *IA* se analizaba a palabra nos seus constituíntes últimos (p. ex.: *re-forza-mento-s*), no *IP* a palabra “reforzamento” é resultado de aplicar, nunha determinada orde, sucesivos *procesos* de afixación, neste caso, á forma básica (p. ex.: *forza* → *reforzar* → *reforzamento* → *reforzamentos*) (Pena 1990: 35-37).

⁷³ A noción de morfo cero ten sido obxecto de moitas críticas. A obxección principal radica en que se trata dun concepto irreal, puramente teórico, creado só para cubrir un baleiro dentro dun esquema morfolóxico.

En consecuencia, este modelo toma como unidade básica da gramática o morfema, ao igual que en IA, e interpreta que as relacións entre os morfemas son secuenciais (Pena 1990: 35). Na realidade, as unidades ou morfemas especificanse nunha forma básica subxacente (Bauer 2004: 60, *s. v.*: **item and process**), tamén chamada raíz, e pártese dela para construír a palabra por medio de procesos (ou fases) sucesivos. Estes procesos morfolóxicos “son procesos de creación de palabras” (Pena 1990: 36) e redúcense aos de adición, ou afixación, á forma base e aos de modificación desta. Como se observa, *IP* interésase pola Morfoloxía derivativa e léxica, polo que explica a formación de palabras a través de procesos aplicados a certas formas básicas xa establecidas.

Canto ás alternancias fonoloxicamente condicionadas, propias do modelo *IA*, a forma de as describir consiste en “establecer una representación fonémica básica o subyacente del morfema a partir de la cual se puedan predecir sus alomorfos por medio de procesos de modificación como asimilación, disimilación, fusión, epéntesis, etc.” (Pena 1990: 34). Segundo isto, a forma básica adoita ser o alomorfo máis frecuente ou aquel que implique menos procesos ou procesos máis simples.

Os primeiros postulados do método *IP* son estruturalistas, pois atribúense tamén a Bloomfield⁷⁴; posteriormente foron desenvolvidos baixo o paraugas xenerativo na década dos anos 70 por diferentes lingüistas, cales Chomsky / Halle (1968), Halle (1973), Hockett (1961), Aronoff (1976) etc.

O máis característico desta nova versión do modelo *IP* é a concepción da Morfoloxía como unha compoñente autónoma da gramática dunha lingua, desvinculada da Fonoloxía, da Sintaxe e da Semántica. Dentro do marco teórico da Gramática Xenerativa créanse dúas disciplinas, a Fonoloxía xenerativa e a Morfoloxía xenerativa. A respecto desta última, que é a que nos interesa neste estudo, as súas técnicas de análise baséanse nun modelo de *proceso*, en regras transformacionais coñecidas co nome de “regras de formación de palabras” (RFP) (cfr. as siglas inglesas WFR [Word Formation Rules]). O primeiro traballo en que aparece clasificado o proceso morfolóxico das RFP

⁷⁴ De aí que, como anota Pena (1990: 35, n.61), nas descrições gramaticais dos anos 40 e 50 se combinen con frecuencia as técnicas dos modelos IA e IP.

Con todo, conforme Bosque (1983) –que segue Matthews– e Morant Marco (1990: 141), este modelo ten un precursor claro nos gramáticos hindús, que estableceron as regras de formación de palabras para o sánscrito.

dentro da compoñente do léxico autónomo é nos “Prolegomena to a Theory fo Word Formation” de Halle (1973). Podemos observar o seu modelo de descrición morfolóxica no seguinte deseño:




Figura 1. Modelo de descrición morfolóxica de Halle

Segundo este modelo, a Morfoloxía está formada por tres compoñentes: a listaxe de morfemas, as regras de formación de palabras e o filtro que contén as “propiedades idiosincrásicas” das palabras (Pena 1990: 45).

Este enfoque, iniciado por Halle, continúa no estudo que se desenvolve na análise morfolóxica por regras de Aronoff (1976). Este autor non acepta o modelo de Halle por unha razón sinxela: acredita que o morfema non é unha unidade significativa, porque o significado da palabra derivada non pode obterse a partir do significado dos seus compoñentes. Por tanto, proxecta un mecanismo de derivación que parte da palabra e consta de:

- Un dicionario, formado unicamente por palabras existentes e simples.
- Unhas Regras de Formación de Palabras (RFP) en que se encontran os afixos. Estas son regras derivativas encargadas de especificar as palabras sobre as cales se pode operar, a etiqueta sintáctica e o marco de subcategorización da palabra resultante xunto coa interpretación semántica.
- Unhas Regras de Reaxustamento (RR), que actúan tras as RFP, que teñen a función de axustar a forma fonolóxica da palabra antes de esta ser sometida á inserción léxica.

Aronoff diferencia dous tipos de RR: as Regras de Truncamento (RTr), que eliden o morfema final do tema perante un sufixo determinado, e as Regras de Alomorfía (RAL), encargadas de axustaren as formas dun morfema no contexto doutro morfema.

Este modelo, na súa versión inicial, é susceptíbel dunha obxección fundamental para o lingüista, pois resulta inadmisíbel describir procesos como asimilación, disimilación, metafonía etc. desde unha posición sincrónica dun determinado estado de lingua. Por outra parte, describir os procesos morfolóxicos a partir dunha forma básica (raíz) pode ser efectivo para linguas cunha flexión relativamente simple, como a do inglés, mais non para outras cunha flexión máis complexa como a nosa. Así mesmo, non se proporciona un criterio válido para decidir cal é a forma básica sobre a que ha de operar o proceso (Morant Marco 1990: 147-148) nin para explicar un conxunto de fenómenos alomórficos predicíbeis (Bustos Gisbert 1998: 40). E finalmente, outro inconveniente deste modelo é o feito de se non especificar a orde que han de seguir os procesos na derivación, nin sequera nos casos de parasíntese.

2.1.1.3. Modelo *Word and Paradigm*

Finalmente, o modelo *Word and Paradigm* (WP), na súa versión vernácula *Palabra e Paradigma*, ten uns principios e uns métodos de análise diferentes aos dous anteriores. Este modelo encóntrase xa implícito nas gramáticas clásicas de Dionisio de Tracia ou Prisciano e, no xeral, en toda a tradición gramatical das linguas indoeuropeas. Como apunta Pena (1990: 63), as primeiras versións do modelo WP modelo encóntranse no ano 1959 en Robins e será desenvolvido e formalizado no marco da gramática xenerativa por Matthews e, posteriormente, por Anderson, Hammond, Platt, Thomas-Flinders etc. dentro do que se coñece como modelo *Extended Word-and-Paradigm* (EWP). A respecto da súa concepción morfolóxica, WP parte da palabra como unidade de estudo e das relacións entre forma e significado que se establecen entre unha palabra e o resto da súa familia lexical que configura un paradigma. Desde esta óptica, o modelo WP ten unha visión modular da Morfoloxía, caracterizada polo establecemento dunha serie de redes de conexións internas entre os diferentes elementos que configuran o

paradigma, e relaciónase coa hipótese asociativa polo feito de separar a Morfoloxía do resto de compoñentes da gramática.

As características singulares do modelo *WP* son dúas: por unha banda, considerar a palabra como unidade básica da análise gramatical –aínda que non mínima (Pena 1990: 63)– e, por outra, agrupar as palabras variábeis como membros dun paradigma para logo describir as relacións de oposición entre elas e no interior do paradigma. A metodoloxía de sistematización dos trazos regulares que partillan os termos dunha mesma familia lexical corresponde coa noción clásica de analoxía, como principio básico para organizar nun paradigma ou nun esquema gramatical as palabras que manteñen unha relación de ‘semellanza ou proporción’ formal e semántica. Segundo esta perspectiva, e a recuperarmos o exemplo anterior de *alto, alta, altos, altas*, cada unha destas formas constitúe unha palabra, das cales unha é escollida como “representante” do paradigma enteiro e é recoñecida como a “forma de citación” do paradigma.

Do punto de vista lingüístico, a unidade de análise do paradigma estúdase e amplíase no modelo *WP*. Na estrutura interna da palabra diferénciase entre o tema ou raíz, chamada “lexeme”, que é a parte invariábel que permite agrupar semanticamente os termos que teñen a mesma forma, e a parte flexiva (“afixos flexivos”), en troques, é a que determina a existencia dun paradigma, pois o conxunto de terminación é o que configura sintacticamente unha estrutura paradigmática. Neste modelo, a parte invariábel e flexiva da palabra, denominada *grammatical word*, considérase un todo porque é a que “asume el papel identificador de las categorías gramaticales dadas en un determinado paradigma” (Pena 1990: 64). O modelo implementa, por tanto, a Morfoloxía flexiva.

As técnicas de análise do modelo *WP* son, por tanto, os paradigmas, coñecidos tamén como esquemas ou patróns derivativos. O método de análise do *WP* consegue resolver algúns dos inconvenientes que se encontran na técnica de distribución ou de *arrangement* do modelo *IA*. Así, concibir a palabra como unidade mínima supón eliminar a ambigüidade da homonimia de morfós (Pena 1990: 67) e tamén resolver os problemas relacionados coa segmentación, como nos casos dos *cranberry morphs* (Aronoff 1976, Bybee 1996: 64), en que non é posíbel realizar unha separación en morfemas. Pola súa parte, a práctica da análise morfolóxica no modelo *WP* adoita ser máis favorábel que o modelo baseado nas RFP de *IP* (Bybee 1996), porque as irregularidades que aparecen nos procesos analóxicos poden xustificarse desde un punto de vista asociativo.

Como anunciamos anteriormente, este modelo *WP* ten unha segunda versión desenvolvida nos estudos de Anderson (1977), e doutros lingüistas que xa citamos, coñecida como o modelo *Extended Word and Paradigm (EWP)*. Nesta segunda versión, sitúase a proposta de Zwanenburg (1984a e 1984b), cualificada como *derivation types* ou *word formation types*.

Nos últimos anos encontramos na Lingüística Cognitiva outros modelos de descrición que teñen en conta os principios do EWP e doutros enfoques, como o método formal computacional ou conexionista, que defende Bybee (1985 e 1996) no seu *modelo de redes* –baseado tamén en esquemas ou patróns morfolóxicos–, ou o modelo de *Morfoloxía de base lexema-morfema* (ing. *LMBM [Lexeme-Morpheme Base Morphology]*) de Beard (1995), que é unha variación do modelo que Aronoff (1994) denomina *lexeme-base morphological theory*.

Por outra parte, tamén encontramos o modelo morfolóxico da Morfoloxía Natural, teoría nacida en Europa por volta dos anos 70 co propósito de se ocupar de determinados aspectos ignorados pola Gramática Xenerativa e Transformacional. Esta corrente, cuxo máximo representante é Dressler, preséntase como un modelo de carácter funcional que presenta cinco compoñentes lingüísticas relacionadas, a saber: a fonolóxica, a morfolóxica, a sintáctica, a léxica e a textual. Cada un destes é definido por unha serie de funcións en que a cuestión principal é a do fin para o que un elemento ou operación (morfolóxica, sintáctica...) é utilizada; por exemplo, na Morfoloxía diferéncianse dúas funcións principais: a da morfoloxía flexiva, que expresa as categorías sintácticas das palabras derivadas, e a da morfoloxía derivativa, cuxa función é formar novas palabras por medio de termos morfoloxicamente derivados. Por tanto, non se privilexian determinados fenómenos morfolóxicos en detrimento doutros.

3.2. A formación de palabras nas gramáticas históricas do portugués e do galego

É tamén importante examinar a información que nos proporcionan as gramáticas históricas do portugués e do galego. Porén, antes de analizarmos este proceso formador de palabras nas gramáticas históricas do portugués, elaboradas tanto no espazo portugués como no brasileiro, e nas do galego, cómpre contextualizarmos que se entende por gramática histórica; consecuentemente, imos explorar cales son as obras que se encadran baixo este binomio. Logo desta reflexión previa, en que fixaremos o *corpus* histórico-gramatical, profundaremos unicamente naquelas obras que tratan o fenómeno da formación de palabras, xa que non se aborda en todas as gramáticas históricas⁷⁵.

3.2.1. Gramática histórica e gramáticas históricas

Talvez sexa necesario revisar o concepto de “gramática histórica”, como recentemente indicou Wulf Oesterreicher (2007)⁷⁶, mais para a elaboración desta pesquisa, así como para o establecemento do *corpus* de gramáticas históricas existentes, é preciso partirmos de parámetros tradicionais, xa que a maioría das gramáticas históricas tiveron a súa creación nos inicios do século XX, de maneira que recibiron as teorías dos comparativistas e neogramáticos, principalmente, alén dos estruturalistas.

Como é sabido, o descubrimento do parentesco do sánscrito co latín e o grego supuxo o reactivo, como se dunha reacción química se tratar, para o estudo dos primeiros traballos de Lingüística Histórica. Do confronto entre esas linguas, xunto coa persa e coa alemá, xurdiu a Gramática Comparada en 1816 da man de Franz Bopp⁷⁷ (*Über das Conjugationssystem der Sanskritsprache in Vergleichung mit jenem der griechischen, lateinischen, persischen und germanischen Sprache*) e, seis anos despois (1822), a

⁷⁵ Trataremos en primeiro lugar as gramáticas históricas do portugués por seren cronoloxicamente anteriores á primeira gramática histórica galega, de 1909.

⁷⁶ Para este autor, a concepción tradicional de gramática histórica non é válida e expón unha nova proposta na cal o aspecto lingüístico debería estar combinado coas tradicións discursivas, co espazo variacional e co contacto entre linguas.

⁷⁷ Con todo, é de xustiza advertir que –como xa anotamos en §2.1.– uns anos antes, en 1808, Friedrich Schlegel publicou o tratado *Über die Sprache und Weisheit der Indier*, en que estudou as estruturas das linguas conforme as súas relacións xenéticas; alén disto, parece deberse a el a introdución do termo “gramática comparada” (Robins 2000: 241).

Gramática Histórica con Jacob Grimm (*Deutsche Grammatik*), centrada na lingua alemá (Yllera 1983: 345-346). En consecuencia, o punto de partida da Lingüística Histórica, así como da Gramática Histórica, sitúase nos inicios do século XIX, aínda que anteriormente houbera intentos illados⁷⁸, e ambas nacen asociadas ao comparativismo. A partir dese momento, comezan a aparecer diversas gramáticas históricas, como a de F. Diez, que a mediados do século XIX (1836-1844) sintetiza o método comparativo de Bopp e o aspecto histórico de Grimm, ou a do neogramático W. Meyer-Lübke, que atravesará os séculos XIX e XX (1890-1906). Neste período intersecular tamén se produce o apoxeo das gramáticas históricas do portugués (que tiveron como referencia fundamental as gramáticas deses dous autores), así como doutras linguas románicas, auxe a que se incorpora igualmente o galego con V. García de Diego (1909)⁷⁹.

Tórnase obrigado, por tanto, aplicar, para a análise e estudo das gramáticas históricas, primordialmente as máis antigas, a definición tradicional de “gramática histórica”⁸⁰, que extraemos do xa citado traballo de Oesterreicher:

En principio, la ‘gramática histórica’ se definió en el marco de la lingüística histórico-comparativa como estudio diacrónico de todos los niveles del sistema gramatical de una lengua particular, o también de una familia de lenguas. [...] La gramática histórica persigue poner en relación diferentes etapas de la evolución gramatical de una lengua así como presentar, y, si es posible, explicar, los cambios que han tenido lugar en la fonología, la morfología y la sintaxis e incluso reconstruir, hipotéticamente, formas lingüísticas no documentadas (Oesterreicher 2007: 109).

Esta definición débemola enriquecer co ensaio provisorio sobre gramáticas históricas románicas do ucraíno Yakov Malkiel (1968), un clásico no estudo da Gramática Histórica como disciplina, que na década de 60 chamaba a atención sobre a

⁷⁸ Con todo, é necesario puntualizar que hai certos precedentes illados do comparatismo desde o século XVI, mais esta corrente non xerminou como disciplina científica até o século XIX (Yllera 1983: 346).

⁷⁹ Sorprende, curiosa e gratamente, o feito de o galego se unir aos estudos de gramática histórica practicamente á par das outras linguas románicas, como a portuguesa, xa que o galego, como sabemos, se incorporou serodiamente ao estudo gramatical sincrónico. Con todo, é común a exigüidade de manuais e o uso diglósico do español como lingua vehicular do volume, mentres o galego serve como fonte dos exemplos.

Para unha visión xeral da tradición gramatical galega, véxase Sánchez Rei (2005a: 93-121).

⁸⁰ Situación diferente é, de se crear unha nova gramática histórica, como debería abordarse e cal debería ser a súa estrutura, principalmente tendo en consideración os últimos estudos que incorporan achegas da xeografía lingüística, da psicolingüística ou da sociolingüística.

necesidade dunha nova orientación⁸¹, e, ao mesmo tempo, enunciaba os principios necesarios para unha gramática histórica:

A historical grammar may be defined as a formal arrangement of strictly linguistic data pertaining to structure rather than to the lexicon and viewed in diachronic perspective; that is to say, it presupposes at least two parallel sets of forms separated by a sufficiently extended period of time for sharply marked contrasts between corresponding forms to have crystallized, if not in every instance, at least on a considerable scale. [...] Every historical grammar is, by definition, comparative, the minimum comparison residing, we recall, in a point-by-point confrontation of two successive, reasonably distant stages of the same language (Malkiel 1968: 72-73).

A tomar como base esta definición, tanto Martins (1996) como Caetano (2003), confeccionan, con certas diferenzas, o inventario de gramáticas históricas. Ana Maria Martins, nunha comunicación presentada ao *XI Encontro da APL*, contempla un total de 17 obras “de maior fôlego e ambição; elaboradas visando a comunidade científica” (Martins 1996: 56), en contraposición ás “gramáticas didácticas” e a varios monográficos sobre diacronía, non atribuíbeis ao rótulo “gramática histórica”.

Pola súa parte, Maria do Céu Caetano (2003), na súa excelente tese de doutoramento en que estuda a formación de palabras nas gramáticas históricas, a se centrar fundamentalmente na sufixación, examina os artigos de Malkiel e de Martins e reelabora o *corpus* de gramáticas históricas, cifrado en 18 obras. Porén, o repertorio de Caetano difire en certos aspectos do de Martins, ao non concordar coa exclusión das gramáticas “didácticas” nin co inherente “cientifismo” que estas deben posuír, ao que hai que engadir o simple nominalismo (“elementar”, “noções”, “pontos”...), pois a inserción no rango “gramática histórica” non depende de que a obra leve este cualificativo, senón que a concepción latente no libro (moitas veces manifestada nos prólogos), a estrutura e o tratamento, sexan os propios dunha gramática histórica.

Á vista do anterior, cremos necesario facer un punto de encontro entre as dúas propostas das investigadoras portuguesas e a definición tradicional, enriquecida coa achega malkieliana. Deste modo, propomos unha serie de características que debe posuír

⁸¹ “The prospects of revival are today less break than they were thirty years ago. Now that the novelty of straight descriptivism has begun to wear off, now that lexicocentric linguistic geography certainly is past its peak, a golden opportunity cannot be made good through an unimaginative return to past practice. To be reactivated, historical grammar must move in the direction of general glottodynamics, not only away from de cloggy detail and toward a more coherent integration of the whole, but at the same time ever closer to the establishment of truly evolutionary –beside essentially static– categories of transmutation” (Malkiel 1968: 147-148).

unha gramática histórica tradicional. Tratarase, pois, dun estudo diacrónico das disciplinas básicas do sistema gramatical, exento dun enfoque comunicativo, en que haberá unha comparación mínima de dous estadios lingüísticos, tratados con amplitude e profundidade (“breath and deep”, Malkiel 1968: 73-83). A estrutura e método da obra responderá a un parámetro comparativo e terá unha finalidade histórico-gramatical, sen necesariamente estar enfocada a un público “científico”.

Con base nisto, reestruturaremos o catálogo de gramáticas históricas do portugués, alén de incorporarmos as galegas. Non obstante, para a análise da prefixación, imos seleccionar no corpus xeral só aquelas que teñan este proceso morfolóxico.

En consecuencia, o acervo histórico-gramatical do portugués está constituído por 20 gramáticas, elaboradas tanto no territorio portugués como no brasileiro (sendo neste sector onde encontramos máis obras saídas do prelo), en canto o do galego consta unicamente de dúas gramáticas históricas. O marco temporal en que se desenvolven estas obras abrangue o arco de 1876 a 1975, para o portugués, e de 1909 a 1997, no caso do galego.

I. Gramáticas históricas da lingua portuguesa⁸²

1. [1876] Teophilo Braga: *Grammatica Portugueza Elementar*.
2. [1878] Carl von Reinhardstoettner: *Grammatik der Portugiesischen Sprache*.
3. [1878] Manuel Pacheco da Silva Júnior: *Grammatica Historica da Lingua Portugueza*.
4. [1884] (1906²) Jules Cornu: *Grammatik der Portugiesischen Sprache*.
5. [1887] (1913⁴) Pacheco da Silva Jr. e Lameira de Andrade: *Grammatica da Lingua Portuguesa*.
6. [1900] António Ribeiro de Vasconcelos: *Grammática Histórica da Lingua Portuguêsa⁸³*.

⁸² Colocamos excepcionalmente por motivos diacrónicos, en primeiro lugar, a data da primeira publicación entre corchetes e, a seguir, a última edición que consultamos e que foi corrixida en vida do autor. No caso de existir unha única tirada, esta vai igualmente entre corchetes. Ao longo do traballo, así como nas Referencias bibliográficas (cf. §8.), empregamos a orde habitual no sistema de citación americano que seguimos, excepto para Sequeira [1938a] e [1938b], en que utilizaremos sempre o ano da primeira edición.

⁸³ Para a datarmos esta gramática, establecemos o ano que aparece impreso no prólogo, xa que a edición carece de tal referencia ora no inicio, ora no final do volume.

7. [1916] (1935⁹) Eduardo Carlos Pereira: *Grammatica Historica*.
8. [1916] (1937⁸) Othoniel Mota: *O Meu Idioma*.
9. [1917] Hermínio Sarmiento: *Gramática Histórica e Comparativa da Língua Portuguesa*.
10. [1919] (1930²) José Joaquim Nunes: *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa. Fonética e Morfologia*⁸⁴.
11. [1929] Antenor Nascentes: *O Idioma Nacional. Vol. IV*.
12. [1930?] (s.d.³) Brant Horta: *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional*⁸⁵.
13. [1931] (1964³) Manuel Said Ali: *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*.
14. [1933] (1986) Joseph Huber: *Gramática do Português Antigo*.
15. [s.d.] (1937²) Jaime de Sousa Martins: *Elementos de Gramática Histórica*.
16. [1938a] (1959³) Francisco Júlio Martins Sequeira: *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*.
17. [1938b] Francisco Júlio Martins Sequeira: *Gramática de Português*.
18. [1938] (1973⁶) Ismael de Lima Coutinho: *Pontos de Gramática Histórica*⁸⁶.
19. [1938] (1961) Edwin Williams: *Do Latim ao Português. Fonologia e Morfologia Históricas da Língua Portuguesa*.
20. (1975) Joaquim Mattoso Câmara Jr.: *História e Estrutura da Língua Portuguesa*.

II. Gramáticas históricas da lingua galega:

21. [1909] (1984) Vicente García de Diego: *Elementos de gramática histórica gallega*.
22. [I: 1995; II: 1997] (I: 1999⁴; II: 2001²) Manuel Ferreiro: *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe; II. Lexicoloxía*.

⁸⁴ Seguimos a 2.^a edición por ser a última corrixida en vida polo autor.

⁸⁵ A data estimada de 1930 para a primeira edición é proposta por Caetano (2003: 20, n.1), a se basear na “Impressão de Leitura” (que aparece na 2.^a e 3.^a edición) de João Ribeiro, que fai referencia ás gramáticas anteriores de Pereira [1916] e Nascentes [1929], sen facer alusión á de Ali [1931]. Alén disto, é significativo que se produce unha mudanza titular da 2.^a para a 3.^a edición da obra, xa que as *Noções de Gramática Histórica da Língua Portuguesa* convértense en *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional*, talvez influenciado pola importancia alcanzada da obra de Nascentes, que en 1943 é impresa por terceira vez, desde a primeira de 1929.

⁸⁶ Esta 6.^a edición póstuma corrige os erros tipográficos da anterior, última revisada polo autor.

No repertorio portugués, hai unha serie de gramáticas en que as dúas autoras citadas coinciden, como as de Braga, Silva Jr., Vasconcelos, Pereira, Nunes, Horta, Ali, Huber, Martins, Coutinho, Sequeira [1938a] e Câmara Jr. As gramáticas de Cornu e Williams, son inventariadas por ambas, mais non forman parte do corpus de estudo de Caetano por non trataren a Formación de palabras. De igual modo, Martins (1996) considera tres gramáticas históricas, a de Nascentes, Coelho e Sá Nogueira, das cales Caetano rexeita estas dúas últimas por trataren só a Fonética. No lado contrario, só Caetano (2003) inclúe a Reinhardstoettner, Silva e Andrade, Leite de Vasconcelos, Sequeira [1938b] e Michaëlis de Vasconcelos. Porén, ningunha delas fai referencia á de Herminio Sarmiento.

En consecuencia, as 22 gramáticas mencionadas adáptanse a eses parámetros que expuxemos. Canto á estrutura e postulados teóricos, é evidente que a maioría dos gramáticos continúan o modelo, algúns declaradamente, que consagraron F. Diez e W. Meyer-Lübke, nas *Grammatik der Romanischen Sprachen*, de título homónimo. Nestas obras, séguese unha organización cuadripartita, de acordo coas disciplinas lingüísticas máis habituais: I. Fonoloxía, II. Flexión, III. Formación de palabras e IV. Sintaxe, en Diez (1836-1844); e I. Fonoloxía, II. Morfoloxía (Flexión e Formación de palabras) e III. Sintaxe, segundo Meyer-Lübke (1890-1906).

Así, a gramática de Braga (1876), a pesar de non levar no título o rótulo gramática histórica, no subtítulo fai referencia ao “methodo historico-comparativo” e trata a “Phonologia”, a “Morfologia” (en que se encontra a Formación de palabras) e a “Syntaxe”⁸⁷. Braga segue unha estrutura análoga á de Diez, a quen cita en varias ocasións, de igual modo que Carl von Reinhardstoettner (1878).

Pacheco da Silva Jr. publica en 1878 unha gramática histórica e en 1887 sae á luz, en autoría con Lameira de Andrade, unha gramática de portugués, sen reflectir no título que é histórica. Seguindo a Caetano, decidimos incluír esta última polo feito de “não apresentar grandes diferenzas quanto ao conteúdo, método e estrutura, quer relativamente à *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* de Silva Jr. (1878), quer no que diz respeito às restantes” (2003: 26), posto que se asenta na comparación mínima de dous períodos diacrónicos e está dividida en dous “livros”: o primeiro dedicado á Lexicoloxía,

⁸⁷ Para unha descrición máis pormenorizada da análise e estrutura das diversas gramáticas históricas, véxase Caetano (2003: 19-82).

en que se encontra a Morfoloxía, e no seu interior a Formación de palabras; o segundo, á Sintaxe.

Na *Grammatica Historica* de Pereira (1935) encontramos un estudo amplo, profundo e rigoroso das diversas disciplinas lingüísticas baixo un prisma histórico. Organizada á volta de catro grandes bloques, a Fonética, a Morfoloxía (restrita á flexión), a Etimoloxía (que abarca desde a constitución do léxico portugués, en que se trata a derivación e composición, até a Semántica) e a Sintaxe (sen dúbida, a parte máis traballada), esta obra caracterízase pola adopción dunha terminoloxía coidada e dun tratamento completo das disciplinas habituais.

O brasileiro Othoniel Mota, seguidor de Vasconcelos e de Pereira, publica, por vez primeira en 1916, baixo o título *O Meu Idioma*, unha obra que tamén se pode catalogar como gramática histórica, combinando o aspecto histórico co didáctico-expositivo. Organizada en *lições*, que é como titula os capítulos, trata a Fonoloxía, a Morfoloxía (ligada á Etimoloxía e á Flexión) e a Formación de palabras, nun apartado independente, sempre cunha perspectiva diacrónica.

A *Gramática Histórica e Comparativa da Língua Portuguesa*, de Hermínio Sarmiento (1917), cumpre cos requirimentos necesarios para formar parte do corpus histórico-gramatical. Por un lado, a obra fócuse desde un punto de vista histórico, en que se comparan diversos estados evolutivos das palabras e, en xeral, da lingua. Por outro, Sarmiento distribúe a obra en tres partes basilares, Fonoloxía, Morfoloxía e Sintaxe, ás que hai que agregar unha cuarta, denominada “Sematologia”.

Nunes converteu o *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa* (1930) nun clásico nos estudos gramaticais diacrónicos. O volume articúlase á volta de dous grandes eixos, a “Fonética ou estudo dos sons” e a “Morfologia ou estudo das formas”.

O cuarto volume de *O Idioma Nacional* de Nascentes (1929) formúlase como unha gramática histórica, fronte aos volumes anteriores que posúen un cariz máis “expositivo”, conforme o autor. Este cuarto libro estrutúrao en tres partes cunha óptica diacrónica: a Fonética (leis fonéticas, fôrmas converxentes e diverxentes...), a Morfoloxía (que só atende á flexión), e a Sintaxe (rexencias e construcións, períodos en que se divide a lingua portuguesa e pragmática histórica –primeiro e único gramático que a trata).

Brant Horta (s.d.), en *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional*, ordena o libro en vinte e seis *lições*, que como en Mota (1916) equivalen a seccións, a se pronunciar máis na Fonética e na Morfoloxía flexional.

Coa *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* de Manuel Said Ali (1964), recuperamos a estrutura cuádrimembre de Fonética e Flexión (denominados polo autor como “Estudo dos sons” e “Lexeologia”), na primeira parte, e Formación de palabras e Sintaxe do Portugués Histórico, na segunda. Constitúe unha das gramáticas máis completas e rigorosas, xa que atende todas as disciplinas lingüísticas tradicionais, aínda que nalgúns aspectos sexa moi xeral.

En 1933, Joseph Huber publica en alemán unha gramática histórica de portugués, traducida para esta lingua en 1986, a pesar de deter a súa confrontación histórica no período antigo da lingua portuguesa. Nesta *Gramática do Português Antigo*, Huber realiza a mesma división que Diez: Fonética, Morfoloxía (restrita á flexión), Formación de palabras e Sintaxe, ás cales engade unha última titulada “Textos”.

Francisco Júlio Martins Sequeira publica no mesmo ano, 1938, dúas gramáticas de portugués, unha titulada *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* e outra simplemente *Gramática de Português*. A pesar de que só a primeira manifesta o viso de historicidade no título, debemos incluír as dúas, dado que a estrutura, visión e contido son os mesmos. Estas dúas gramáticas diferéncianse do resto na concepción da Morfoloxía, que ocupa o bloque central, ao incluír o Léxico dentro desta, de maneira que se engloba por tanto flexión, derivación e composición. A Fonética sitúase antes deste capítulo (que en 1938a ocupa un espazo maior), coa referencia a leis fonéticas, evolucións de vogais e consoantes etc., encanto a Sintaxe (en 1938b máis ampliada) comparece no último lugar, en que trata cuestións de concordancia e funcións sintácticas das diferentes categorías gramaticais.

Pontos de Gramática Histórica de Ismael de Lima Coutinho (1973), aínda que non ten unha estrutura tan marcada como outras gramáticas, nordea cara a dous eixos, a Fonética descritiva e histórica (leis fonéticas e analoxías), e a Morfoloxía flexional. Porén, tamén hai espazo para a Formación de palabras, nun capítulo situado entre ambas as disciplinas. Alén disto, no inicio do libro, logo dunha reflexión sobre a gramática histórica, sobre a lingua etc., repara en varios conceptos como os conceptos de latín vulgar e latín clásico, unha breve historia da lingua e apuntamentos de ortografía, entre

outros. Por outra parte, a gramática fica orfa da Sintaxe, omitida porque, conforme o autor, non aparece nos programas de estudo.

A gramática histórica portuguesa máis próxima no tempo é a de Joaquim Mattoso Câmara Jr. (1975), *História e Estrutura da Língua Portuguesa*, que dimana, como se desprende do título, un enfoque histórico estruturalista revelador “dos avanços alcançados pela Lingüística, desde a sua constituição enquanto ciência até à publicação deste trabalho” (Caetano 2003: 76). A obra de Câmara Jr. aparece fragmentada en dez capítulos, sen computarmos a Introducción, entre os cales dedica un á Fonoloxía, seis á Morfoloxía flexiva, dous ao Léxico (o segundo dedicado á creación de palabras) e o último á Sintaxe.

Alén destas, un grupo de gramáticas históricas caracterízase polo feito de non trataren a Formación de palabras, como a de Cornu (1906), Nascentes (1929) e Williams (1961). O outro grupo de gramáticas destacan polo feito de non incluíren a prefixación. Entre estes últimos temos a peculiar (canto a título e datación) *Gramática Histórica da Língua Nacional* do brasileiro Brant Horta (s.d.), que disemina breves notas sobre a formación de palabras ao longo do libro, xunto cos *Elementos de Gramática Histórica* de Jaime de Sousa Martins (1937), unha das gramáticas históricas máis fracas canto a información fornecida, que tamén presenta de modo disperso a derivación e a composición.

Na órbita galega, o corpus está formado por dúas gramáticas que distan grandemente unha da outra, tanto polo espazo temporal como pola metodoloxía, estrutura e contidos encarados.

O soriano Vicente García de Diego en 1909 converteuse no primeiro autor en elaborar unha gramática histórica para o galego, xustamente na época en que as gramáticas portuguesas, como puidemos enxergar, estaban en pleno apoxeo. O filólogo español redixiu na súa lingua natal os *Elementos de gramática histórica gallega*, que aparece subtitulada “Fonética y Morfología”, os dous núcleos en que se divide o libro.

Pola súa parte, Manuel Ferreiro, coñecedor da tradición gramatical e dos estudos lingüísticos máis actuais, elabora a *Gramática histórica galega* (I: 1995; II: 1999), de maneira que se converte nunha das gramáticas históricas máis completas e exhaustivas de todo o *corpus*, superando en moitos aspectos (terminolóxicos, de contido etc.) as obras

máis antigas. O autor escinde a obra en dous volumes, o primeiro dedicado á Fonética e Morfosintaxe históricas e o segundo á Lexicoloxía. A este respecto, cómpre salientarmos o feito de introducir o termo Morfosintaxe, en que trata os aspectos flexivos das palabras, acompañados de notas sintácticas, polo que non contempla a Formación de palabras na Morfoloxía, senón no Léxico.

Fóra deste inventario de gramáticas históricas, existen aínda outras obras que non incorporamos por estaren incompletas ou careceren dunha estrutura determinada. Porén, non significa que estes “conatos” histórico-gramaticais non sexan dunha gran calidade ou non constitúan unha enorme e riquísima fonte de información.

Nesta exosfera encontramos, por un lado, as gramáticas “unidisciplinares” (segundo a terminoloxía de Malkiel 1968: 83) e, por outro, as monografías. Entre as primeiras, encontramos, p.ex., a de A. Coelho (1868), e a de R. Nogueira (1932), mencionadas por Martins (1996: 56-57), que restrinxen a Gramática á Fonoloxía e Fonética históricas, respectivamente.

No que se refire ás monografías, destacamos especialmente as *Lições de Filologia Portuguesa* (1959) de J. Leite de Vasconcelos e as homónimas *Lições* (1956) de C. Michaëlis de Vasconcelos, apreciadas por Caetano como gramáticas históricas (2003: 28-29). Porén, independentemente de estaren estruturadas en *lições*, pois outras gramáticas tamén o están, o feito de non teren a finalidade e consistencia estrutural propia dunha gramática, senón tenderen á dispersión, así como por estaren definidas polos propios autores como unha compilación de leccións, lévannos a que as recusemos do corpus de gramáticas históricas.

3.2.2. O tratamento dos procesos de formación de palabras nas gramáticas históricas⁸⁸

Na caracterización de cada gramática histórica fomos describindo e apuntando o lugar en que se encadraba a formación de palabras, tal e como tamén fixemos a respecto da súa posición nas diversas teorías lingüísticas. Como se puido observar, nestas gramáticas maniféstanse tres posturas claramente diferenciadas canto á concepción da formación de palabras: a) o estudo dentro da Morfoloxía, b) a inclusión no léxico e c) o tratamento autónomo.

Así mesmo, nestas obras trátanse os procesos da prefixación⁸⁹, da sufixación, da parasíntese e da composición, mais cunha atención desigual. Efectivamente, a sufixación é, con moito, o mecanismo estudado con maior profundidade, seguido da prefixación e da composición; nun último lugar, encóntrase a parasíntese. Por outra parte, en varias gramáticas históricas a prefixación aparece incluída como un tipo de composición, mais realmente a delimitación de cada procedemento non é o fundamental para estes lingüistas. Como afirma M.^a do Céu Caetano:

o desenhar de fronteiras entre derivação e composição não constitui para alguns gramáticos históricos uma preocupação capital, visto que, nas suas opiniões, todos os processos morfológicos dão origem à formação de novas palavras, embora reconheçam a sufixação como o “mais fecundo” e, ao mesmo tempo, como um dos processos mais complexos (Caetano 2003: 6).

Por tanto, imos comprobar que nas gramáticas históricas tamén se reflicte a falta de unanimidade sobre o estatuto ou a identidade gramatical dos diversos mecanismos de formación de palabras, pois, por exemplo, a prefixación aparece incluída quer nos procesos de derivación (que é a postura de Meyer-Lübke) quer nos de composición (a continuar a concepción dieziana), segundo o autor e sen atender a períodos cronolóxicos escolas lingüísticas ou territorios.

Así pois, nas próximas páxinas imos debuzarnos sobre o tratamento que as gramáticas históricas do portugués e do galego confiren aos diversos mecanismos de

⁸⁸ Para un estudo máis completo e sistemático, consúltese a tese de doutoramento de Caetano (2003).

⁸⁹ Parte do contido que a seguir imos expor, xa foi adiantada na nosa contribución nos *Estudos Galego-Brasileiros 4*, en que analizamos a identidade gramatical da prefixación nas gramáticas históricas (López Viñas 2010). De todos os modos, o tratamento conxunto de todos os procedementos por obra gramatical fai que se dilúan as similitudes con este artigo.

formación de palabras, para o cal seguiremos a mesma orde que empregamos anteriormente na exposición de cada gramática. Neste percurso gramatical, desde Theophilo Braga (1876) até Manuel Ferreiro (1999), tamén será palpábel a mudanza de perspectiva e de refinamento na definición, caracterización e clasificación dos diferentes procedementos de creación vocabular.

A nos centramos xa no corpus de gramáticas históricas, a formación de palabras vén dispersa en varios puntos da “Parte II. Da Morphologia” (1876: 19-127) da *Grammatica Portugueza Elementar* de Teophilo Braga. Así, derivación e composición insírense na formación dos substantivos, dos adxectivos e dos verbos. En primeiro lugar, a prefixación aparece referida como un tipo de composición, en que un prefixo, cualificado como “palavra”, se antepón ao radical, alterando o significado da base. É mais, a composición equivale unicamente á prefixación, pois non se inclúe ningún composto con máis de un morfema radical. Fronte a este, o sufixo descríbese como unha terminación, que lle dá “sentido novo ou extensivo” ao termo base (1876: 31).

Aínda que Braga non fai un tratamento profundo dos prefixos, xa que se cinxe a expor cales son os máis “usuais” e os “empregados no uso exclusivamente científico”, proporcionando unicamente exemplos (*antepassado, bemquerença, desagradavel, discordancia, influencia, malandança, não-rasado...*)⁹⁰, chama a atención que inclúe os adverbios *ben-* e *mal-* nos prefixos, como antes fixeran Diez e Meyer-Lübke. Pola contra, a sufixación é definida como un proceso prolífico, cuxos elementos (sufixos) derivan das formas latinas e das formas “diminutivas e pejorativas do genio da lingua” (Braga 1876: 33). Alén disto, no exame de cada sufixo non só se ofrece unha relación de exemplos de cada sufixo (*cidade, ferreiro, italiano, supportavel*), mais tamén as nocións que este expresa e as súas especificidades de forma e significado.

Clasificados en tres tipos segundo a categoría gramatical, diferencia entre sufixos nominais, sufixos adxectivais e sufixos verbais, que á súa vez se subclasifican en “formados por composición” (quer dicir, por prefixación) e “formados por derivación”. Con todo, cómpre matizar que a organización dos substantivos difire levemente a respecto das outras dúas categorías gramaticais, pois Braga diferencia entre: a)

⁹⁰ A explicación desta falta de amplitude descritiva, nomeadamente de tipo nocional, nos prefixos, talvez sexa por Braga considerar que o prefixo “não altera a significação da palavra, e por isso se chama *expletiva*” (Braga 1876: 31).

“substantivos derivados de substantivos”, que subdivide en prefixos portugueses, sufixos portugueses, sufixos diminutivos e sufixos aumentativos; b) “substantivos derivados de adxectivos”; e c) “substantivos derivados de verbos”. Neste último inclúe derivados regresivos en *-o* e en *-a*, mais non considera que sexan sufixos, senón terminación de primeira e terceira persoa do singular do presente do Indicativo dos verbos da primeira conxugación (Braga 1876: 39-40).

Seguindo coa orde cronolóxica, a gramática de Carl von Reinhardstoettner (1878) consta por vez primeira dun capítulo dedicado á formación de palabras (“*wortbildung*”), en que insire derivación e composición, que ocupa 45 páxinas e que se corresponde porcentualmente cunha oitava parte da gramática. Dos catro libros en que se fracciona a obra, a formación de palabras pertence, de maneira insólita, á terceira parte do libro primeiro, “Zur portugiesischen Lautlehre” (Fonética/Fonoloxía portuguesa), que antecede a flexión. Dentro da formación de palabras, o alemán estuda a derivación, tanto nominal (Reinhardstoettner 1878: 122-147) como verbal (Reinhardstoettner 1878: 147-149), e a composición.

Por derivación entende o resultado da unión de “desinencias” aos “radicais”, de modo que o gramático presenta unha descrición e un exemplario bastante exhaustivos de cada sufixo (*gelosia, frescal, rideiro, avisar, formiguejar*), que se ordenan conforme a forma latina orixinaria; fóra desta etimoloxía latina, encóntranse os sufixos ibéricos *-arra* e *-orra* e mais o xermánico *-engo*. É de salientar a diferenciación que o gramático fai (Reinhardstoettner 1878: 147) entre derivación verbal directa, aquela que unicamente se acrecenta un <*-r*> ao “tema” (*força > forçar*), e derivación verbal indirecta, a cal se realiza por medio da xunción dun sufixo *-car, -gar, -ejar, -ecer, -entar...* (*fabricar, gracejar, favorecer, adormentar...*).

Dentro da composición, distingue entre compostos nominais, que son os formados por “substantivo + substantivo” (*pedra-pomes, fidalgo*), por “adxectivo + substantivo” (*maltratada*), por “adxectivo + adxectivo” (*agri-doce*), por “adxectivo + verbo” (*equi-vocar*); compostos por partículas (“*partikel-zusammensetzung*”), que é onde aparece tratada a prefixación (*ante-braço, ob-edecer, per-fectar*); compostos de adverbios nominais (*bem-sabido, mal-andrim*) e adverbios numerais (*bisavó, milfolhas*), de modo idéntico a Diez con *bene-, male-, archi-, vice-...* Repárese tamén que algunha segmentación é sincronicamente incorrecta.

Na *Grammatica Historica da Lingua Portugueza* de Pacheco da Silva Jr. (1878), derivación e composición aparecen en diversos puntos: nos neoloxismos, ao tratar os elementos “grego”, “latino” e “francez”, e nalgúns outros capítulos de forma moi residual. Considera este autor que a derivación é un procedemento riquísimo que consiste na adhesión de sufixos a unha palabra para crear outra nova; así, *lector*, *leitura*, *lectivo*... fórmense a partir de *ler*. Así mesmo, agrupa neste proceso palabras como *telegrapho*, *telegraphista*..., isto é, aglutina unha parte dos polémicos compostos eruditos ou neocompostos.

Porén, á prefixación grega, asociada ao vocabulario científico, destínalle un apartado especial, limitado a unha listaxe de prefixos gregos, enumerados dentro do “Elemento grego” (1878: 108-109). Neste catálogo verificamos unha mestura de prefixos gregos (*ana-*, *anti-*, *dia-*...) cos denominados “temas”, que actualmente se adscriben á neocomposición (*chrono-*, *ortho-*, *thermo-*...).

Nove anos máis tarde da publicación da gramática histórica, Pacheco da Silva Jr. xunto con Lameira de Andrade (1887) dan ao prelo a *Grammatica da Lingua Portugueza*, en que xa aparece un apartado específico sobre a Formación de palabras, precisamente titulado así. Aquí profundan bastante sobre derivación e composición, tratados no capítulo IV da Morfoloxía (Parte III), disciplina que aparece inserida no “Livro I. Lexicologia”. Novamente, pois, a prefixación volta a estar incrustada dentro da composición, pois a palabra composta “forma-se de dous ou mais termos, dos quaes só um experimenta a idéa principal, que é determinada ou precisada pelos outros” (Silva / Andrade 1913: 294). É interesante observarmos, pois, a designación de “termo” que se lle adxudica neste apartado tanto aos prefixos como aos substantivos e adxectivos. Porén, máis adiante, os autores empregan a palabra “partícula” para se referiren aos prefixos, que teñen orixe adverbial ou preposicional, cal *bem-*, *bis-*, *in-*, *mal-*, *semi-*...

Silva / Andrade (1913: 297) son os primeiros en distribuír os prefixos en “separábeis” e “inseparábeis”, de acordo con Diez, segundo teñan vida propia ou existan só como elementos de composición. Así mesmo, separan en prefixos portugueses e latinos, conforme a orixe, en canto os gregos (*an-*, *dia-*) son incorporados na composición propiamente dita, xunto coas bases gregas (*anthropo-*, *gastro-*). Para os autores, un dos tipos de composición por prefixos realízase a través da “junção simultanea do prefixo e do suffixo ao radical” (Silva / Andrade 1913: 298), isto é,

mediante “parasíntese”, que pode ser verbal e nominal (*resfriar, encordoamento*), constituíndo o primeiro rexistro de tal procedemento de formación de palabras nunha gramática histórica portuguesa.

Alén da composición mediante prefixo, os gramáticos brasileiros tamén contemplan a “composição com adverbio” (*bisneto, satisfação, bemdito, maldizer, ingratião, não razão...*) e a “composição propriamente dita” (*beira mar, novo-mundo, porta-voz, contra-veneno...*). Este último tipo de compostos son considerados “phrases descriptivas abreviadas” (Silva / Andrade 1913: 311), polo que podemos enxergar claramente unha concepción sintáctica da formación de palabras. Desta maneira, os compostos clasifícanse conforme catro tipos de procesos: por concordancia (ou coordinación), por subordinación (ou dependencia), verbal ou por partículas (*ante, contra, entre, para, sem, sobre, vice e sub*). Por súa vez, segundo o tipo de relacións que mantiveren, estes poden ser sintácticos ou asintácticos (aqueles en que o primeiro elemento é un tema); canto ao tipo de unión, os compostos poden acharse en xustaposición (*arco-iris*) ou en fusión (*mordomo*).

Por súa parte, consideran a derivación como un proceso de formación de palabras a través do “acrescentamento de um suffixo a um vocabulo primitivo (i. é, ao thema como signal de categoria grammatical)” ou por medio da “modificação de sentido” (Silva / Andrade 1913: 331). O primeiro proceso recibe o nome de derivación propia e o segundo de derivación impropia. Nesta última trata os casos de conversión (*um louco, dormente, jornal*) e de derivación regresiva (*amanho, janta*), aínda que en ningún momento mencionan tales denominacións, como en Braga (1876). Conciben os regresivos como aqueles casos en que se deriva “o substantivo directamente do thema verbal (*subst. verbaes*) ou de uma das fôrmas nominaes” (Silva / Andrade 1913: 333-334). Finalmente, os sufixos poden ser de formación “popular” ou “erudita”.

Na súa *Grammática Histórica da Língua Portuguêsa* Ribeiro de Vasconcelos tamén inscribe a prefixación dentro da composición “perfeita”, que pode ser tanto por adición de prefixos como propiamente dita. Este proceso, xunto coa derivación, aparece estudado nunha subparte da Morfoloxía, a “Thematologia” ou estudo dos temas, sendo o primeiro autor do corpus histórico-gramatical en denominalo así. O estatus do prefixo é definido por Vasconcelos como “palavra” (1900: 134), que novamente se caracteriza por proceder dun adverbio ou dunha preposición. Dentro da composición popular, clasifica

os prefixos adverbiais e preposicionais en “separábeis” (*bem-*, *mal-* e *sobre-*, *entre-*, adverbios e prefixos respectivamente) e “inseparábeis” (*bis-*, *en-* e *es-*, *des-*, en correspondencia), é dicir, se aparecen illadamente como palabras fóra da composición.

A composición erudita, pola súa parte, diferénciase da popular en que se forma “segundo as leis de composição da língua donde nos vëem [sic] os respectivos elementos, quer seja a latina quer a grega” (1900: 139), alén de que na erudita interveñen “*themas de palavras*”. Dentro da composición latina, temos a formada por prefixos, os cales reaparecen “com a sua fôrma latina, ou com fôrma aproximada, certas partículas que, ou não existem no português vulgar, ou están bastante modificadas” (1900: 140-141), como *bene-/ben-*, *bis-*, *inter-/intra*, *male-/mal-*, *ob-*, *per-*, *satis-*, *supra-*... Pola súa parte, na composición erudita grega por prefixos destaca *a-*, *amphi-*, *anti-*, *dia-/di-*, *endo-*, *hyper-*, *pro-*, *proto-*, *tele-* etc.

No que di respecto da derivación, este é o outro medio que ten a lingua “para alargar o ámbito do seu vocabulário”, para facer “*dimanar de palabra ou palavras, existentes na própria língua ou nas outras, uma nova palavra portuguesa*” (Vasconcelos 1900: 125). Neste sentido, os procesos de derivación son creados por vía popular, ora mediante derivación impropia, ora mediante derivación propia, ou por vía literaria ou erudita. A derivación impropia consiste apenas nunha alteración da función da palabra (*o jornal, uma compra, um passe...*) –na cal se encontra novamente a derivación regresiva–, en canto na derivación propia trata os casos de sufixación. Vasconcellos clasifica os sufixos en tres grupos: os que existiron no período arcaico, mais caeron en desuso; os que se manteñen desde os inicios da lingua e aínda sobreviven; e os que se orixinaron xa na lingua portuguesa. Por outra parte, trata da autonomía dos sufixos e da analoxía destes canto a formación:

palavras isoladas, com significação independente, exprimindo uma idéa ou uma imagem própria. Elles não passam de outras tantas fórmulas gerais de idéas abstractas. A língua, encontrando-os nesta ou naquella palavra, destaca-os para os juntar a outras palavras análogas na forma; o suffixo junta à significação destas palavras a idéa accessória que havia nas outras (Vasconcellos 1900: 128).

Outro aspecto que ten en conta Vasconcelos é o da “perda de produtividade de certos sufixos, a qual se verifica, na sua opinião, quando no derivado se perde a ideia secundária expressa pelo prefixo” (Caetano 2003: 102). Alén disto, o gramático tamén

expón que en numerosas ocasións se sobrepoñen “un suffixos a outros por adjuncções successivas” (Vasconcelos 1900: 129) , isto é, concede aos sufixos a propiedade da recursividade.

Desde que sae á luz en 1916, en menos de dez anos, a *Grammatica Historica* de Eduardo Carlos Pereira convértese na gramática histórica portuguesa máis reeditada (xunto coa de Nunes), con nove edicións, a última de 1935⁹¹. Igual que Vasconcelos, Pereira circunscribe a derivación e composición á “Thematologia”, mais esta non aparece asociada á Morfoloxía, senón á “Constituição do léxico português”, unha subparte da Etimoloxía.

Para o autor mineiro, os dous procedementos de formación de palabras difiren na capacidade de modificar ou de se fusionar nun novo concepto, pois, se a derivación é “o processo pelo qual de um thema commum se fórma uma serie de vocabulos pela adjunção de certas syllabas finaes, denominadas *suffixos*” (1935: 202), a composición é “o processo pelo qual se formam palavras novas pela união de dois ou mais elementos, que se fundem na representação de uma imagem unica” (1935: 219).

A derivación, como viña sendo habitual nas gramáticas anteriores, divídese en derivación propia (por medio de sufixos, os cales non teñen capacidade autónoma⁹²) e a derivación impropia (tratada á semellanza das gramáticas anteriores, en que se engloba a derivación regresiva). De acordo co autor, os sufixos clasifícanse en nominais, verbais ou adverbiais, conforme a categoría gramatical resultante, e en populares ou eruditos, atendendo á etimoloxía. É innovador o estudo da sinonimia sufixal que acontece, por exemplo, entre os sufixos *-ano*, *-ense*, *-ez* (*-és*) e *-eiro* para expresaren o mesmo significado de ‘nacionalidade’. Así mesmo, o autor observa que na soldadura do sufixo á base se producen modificacións fonéticas, como a perda da vogal final da palabra primitiva ou a inserción dunha consoante “*euphonica* (*t, z* ou *l*)” (Pereira 1935: 205).

Na composición, as palabras fórmanse por xustaposición, en que os elementos conservan a súa integridade gráfica e prosódica (*pontapé*); por aglutinación, cuxo primeiro elemento perde a súa independencia prosódica e fúndese co seguinte (*vinagre*); e por prefixación, na cal os prefixos son partículas adverbiais (adverbios e preposicións)

⁹¹ Talvez o éxito editorial radique no feito de incluír unha teoría e terminoloxía máis completas e científicas do que as anteriores.

⁹² Esta consideración parte de Darmesteter, que como vimos tamén aparecía anteriormente en Vasconcelos.

que se antepoñen ao tema, determinándoo e “ajunctando-lhe uma idéa accesoria ou modificadora” (Pereira 1935: 222) (*depor, maldizer*). Alén de partículas, os prefixos tamén son definidos como un tipo de “affixos”, sendo a primeira gramática histórica portuguesa en usar esta nomenclatura, que preceden á raíz (Pereira 1935: 123-124). Sen dúbida, Pereira é o gramático que máis profunda sobre os diversos tipos de prefixos, quer clasificándoos canto ao significado (expletivo / inxpletivo), canto ao uso (separábel / inseparábel) ou canto á orixe (latina / grega), quer detallando as ideas que conteñen os prefixos (separación, proximidade, movemento para fóra/diante, posición anterior/superior, bo/mal éxito etc.).

Os compostos por xustaposición tamén son clasificados por Pereira en populares e eruditos, así como en vernáculos, latinos e gregos. Pola súa parte, os compostos por aglutinación poden ser propios ou perfectos e impropios ou imperfectos.

Finalmente, cómpre salientar o tratamento que Pereira fai da parasíntese, pois colócaa nun estadio intermedio entre a derivación e a composición. Para o gramático, os “parasynteticos” son “palavras formadas pela synthese de prefixos e suffixos appostos a uma palavra radical, como – *enlaçar* = *en* + *laço* + *ar*” (Pereira 1935: 237). Así mesmo, segundo o tipo de formación xerada, diferencia entre parasintéticos verbais (*embarcar*) e nominais (*submarino*).

Encaixada na “Lição XIV”, a “Formação de Palavras” conforma o capítulo derradeiro de *O Meu Idioma* de Othoniel Mota (1937), obra editada até oito veces desde 1916. Unha vez definidos os modos por que as palabras se forman (mudanza de categoría, sufixación, prefixación e xustaposición), Mota confecciona un estudo dos sufixos e prefixos portugueses. De ambos os procesos, considera que o mecanismo máis fecundo para formar palabras é a sufixación, que pode ser de tipo nominal ou verbal. Na caracterización dos sufixos, denominados por Mota como “partículas” en oposición ás palabras”, aborda o fenómeno da alteración fónica da base pola unión do sufixo –igual que Pereira (cfr. *supra*)– e mais o fenómeno da recursividade –segundo Vasconcelos–.

Os prefixos tamén se consideran “partículas” que se xuntan a verbos ou a substantivos para crear palabras coa mesma categoría gramatical (*perfazer, contraprova*). Chama a atención a mestura de prefixos “propios” (*a-, ante-, con-, de-, re-...*) e sobre todo doutros máis controvertidos (*bem-, centum-, contra-, multi-, omni-...*). En calquera

caso, este procedemento de formación vocabular englobase, como na maior parte das gramáticas anteriores, dentro da composición.

Sarmento (1917), na súa *Gramática* histórico-comparativa, reserva un apartado, dentro do capítulo de Morfoloxía, á “Formación de palabras”, que pode facerse mediante dous procesos: derivación, que se clasifica en progresiva (*largura*), co acrecentamento de sufixos, ou regresiva (*combate*), en que a palabra “diminuí” (Sarmento 1917: 146); e composición, “consecuencia de combinaciónes ou justaposicións [...], ou da lei da *afixação*”, en que sempre se amplía a palabra (Sarmento 1917: 146). En efecto, de novo aparece ligada á composición a prefixación, na cal distingue entre os prefixos de orixe “latino-portuguesa” (1917: 160-162), a través de *a-*, *ambi-*, *bem-*, *contra-*, *in-*, *menos-*, *re-* etc., e os “prefixos greco-portugueses” (1917: 162-163), como *anfi-*, *anemo-*, *biblio-*, *hiper-*, *neo-*, *osteo-*, *zoo-*... Así mesmo, os compostos poden producirse por xustaposición (portuguesa e latina: *couve-flor*, *homicida*) e por aglutinación (*fidalgo*).

Como se ve, Hermínio Sarmento reduce a derivación á sufixación e, por tanto, clasifica os diversos sufixos en nominais (*animalejo*, *lisboeta*), verbais (*odiar*) e adverbiais (*sabiamente*). A seguir, elabora unha relación da evolución dalgúns sufixos latinos para os portugueses correspondentes, xa que para o autor a derivación en portugués se orixinou maiormente en latín quer por vía popular, quer por vía literaria. Con todo, tamén refire que outros sufixos son de procedencia grega, cal *pedagogo*, *micróbio*...

Obsérvese, pois, que en Sarmento a chamada neocomposición, que é aquela en que se empregan “temas” gregos e latinos, aparece fraccionada en tres tipos de procesos diferentes: sufixación (*-gogo*), prefixación (*biblio-*) e xustaposición (*-cida*).

Continuando coa vaga de gramáticas históricas máis reeditadas (até nove veces), e unha das máis coñecidas, o *Compêndio de Gramática Histórica*, de José Joaquim Nunes (1930), trata a Formación de palabras, que pode ser de tipo popular ou literaria, no capítulo V do bloque de Morfoloxía. Na formación popular, trata a derivación e a composición. Define a primeira como o proceso polo cal se “conserva a palabra herdada, mas com função diversa da que até então desempenhára, ou cria termos, novos pela sua estrutura e significação, embora, na sua maioria, velhos na sua ideia básica; no primeiro caso a *derivação é imprópria*, uma simples habilitação; no segundo dá-se a *derivação propriamente dita ou própria*” (Nunes 1930: 371-372).

Dentro da derivación impropia ou sen afixos, alén dos casos de transcategorización (*camélia, avelã...*), incorpora os “chamados *regressivos* ou substantivos tirados de verbos, principalmente da primeira conjugação, sem auxílio de sufixo, os quais são masculinos ou femininos, conforme terminam en *-o* e menos veces em *-e*, ou em *-a*” (Nunes 1900: 374), como en *desprezo, desembarque* e *falha*. Por tanto, Nunes é “continuísta” na tradición histórico-gramatical anterior en que non se considera a derivación como un proceso afixal.

A derivación propia para Nunes, así como para outros dos gramáticos anteriores, equivale á sufixación, na cal certos elementos ou sufixos se acrecentan aos radicais (raíz ou tema) producindo unha modificación da significación. Ademais da clasificación dos sufixos en “mortos” e “vivos”, da súa significación e da repercusión fonética que pode sufrir a base coa fusión, Nunes introduce dous conceptos moi interesantes e pouco frecuentes nas gramáticas. En primeiro lugar, indica as dúas condicións indispensábeis para a produtividade sufixal: por un lado, que base e sufixo sexan isolábeis, e, por outro, que o sufixo teña tonicidade de seu. En segundo lugar, apunta a permuta e sinonimia de sufixos, como en *-ame, -ada, -al* e *-edo*, que partillan a noción de ‘colectivo’.

De por parte, na composición –que pode facerse por xustaposición, por elipse ou por prefixación– reúnen “duas ou mais palavras que, tendo tido antes vida própria e independente e possuído cada una delas una significação especial, vieram por fim a fundir-se por forma tal que dessa fusão resultou uma única” (Nunes 1930: 404). Deste fragmento, é posíbel inferirmos que un prefixo é unha palabra, mais cando trata propiamente a prefixación indica que é un “processo em extremo activo e fecundo, que consisten em antepor ao radical ou tema uma partícula, chamada por isso *prefixo*, a qual serve de modificar a ideia expressa pelo elemento primitivo” (Nunes 1930: 407-408). Á semellanza de moitos gramáticos anteriores, o gramático divide os prefixos en “separáveis” e “inseparáveis”, conforme a súa autonomía, e tamén indica a súa procedencia preposicional ou adverbial (*a-, ante-, com-, es-, em-/en-, mal-, menos-, per-, pre-, re-, sobre...*).

Tamén Nunes considera os parasintéticos, en que a derivación se combina coa xustaposición e a prefixación, de maneira que comprende tanto as palabras parasintéticas formadas simultaneamente (*desalmado*) como aqueles casos en que se produce primeiro composición e logo sufixación (*acompanhamento*).

Na epígrafe reservada para a formación literaria, comenta os casos de palabras constituídas de temas, de sufixos e de prefixos cultos ou eruditos. Nas formacións latinas, salienta as palabras derivadas mediante estes sufixos cultos ou eruditos, como por exemplo *-culo* en *corpúsculo* ou *pedúnculo*. Na composición latina fala dos neocompostos, que nomeadamente presentan vogal de enlace *-i-* (a pesar de que algúns non son temas latinos, senón bases galegas), do tipo *agricultura* e *boquiaberto*, respectivamente; así mesmo, tamén inclúe neste tipo os casos de composición latina con partículas (*ab-*, *bis-/bi-*, *circum-*, *extra-*, *intro-*, *ultra-...*). Canto á formación culta de procedencia grega, separa entre derivación, circunscrita aos sufixos *-ía*, *-ico*, *-ose* e *-ite* (*amorfia*, *axiomático*, *gastrose*, *bronquite*, *antracite*), e composición, ben por medio de temas gregos (*cronómetro*, *microscopía*) ou ben mediante partículas que “fazem as veces de prefixos” (Nunes 1930: 420) (*anfi-*, *ana-*, *apo-*, *arqui-*, *dis-*, *epi-*, *eu-*, *hipo-*, *meta-*, *peri-* etc.).

Brant Horta (s.d.) en *Noções de Gramática Histórica da Língua Nacional*, en concreto na “Lição IV. Formação do léxico português”, simplemente nomea os procesos de derivación e composición, latina e vernácula, mais non realiza ningún tipo de descrición nin comentario. Con todo, Horta aparece referida información escasa dentro da Morfoloxía flexional. Así, comenta moi brevemente algúns sufixos (*-ão*, *-alho*, *-inho*, *-ote...*) no espazo dedicado ao grao dos adxectivos e, unhas páxinas máis adiante, clasifica os compostos por “juxta-posição” (*guarda-sol*), por “aglutinação” (*puxavante*) e por “locução” (*pé de cabra*), na subepígrafe “Nomes compostos” (Horta s.d.: 120-121), se ben que a maior parte da información versa sobre a flexión de plural de cada tipo de nomes compostos.

Outra obra moi (re)coñecida é a *Gramática Histórica* de Manuel Said Ali (1964), que constitúe un punto de inflexión entre as gramáticas históricas precedentes, pois é a primeira en tratar case todos os procesos de derivación (sufixal, prefixal, parasintética e regresiva) e composición, a pesar de reservar para a formación de palabras un número moderado de páxinas, só vinte e cinco. Por derivación entende o proceso que “toma palavras existentes e lhes acrescenta certos elementos formativos com que adquirem sentido nôvo, referido contudo ao significado da palavra primitiva” (Ali 1964: 229), mentres que a composición consiste en “crear palavras novas combinando vocábulos já existentes” (Ali 1964: 229).

O gramático de Petrópolis foi pioneiro en incluír nunha gramática histórica do portugués a prefixación dentro da derivación, aínda que admite non estar “bem demarcada a fronteira entre a derivación prefixal e a composición” (Ali 1964: 229). Para o estudioso, os prefixos tamén se orixinan de adverbios e preposicións, de modo que son palabras independentes; porén, ao non seren vocábulos autónomos todos os prefixos (*in-*, *dis-*, *re-*...), constitúen elementos derivativos. Alén destas consideracións previas, no apartado “Derivação prefixal” (Ali 1964: 249-253) dedícase a analizar unha serie de prefixos coas súas variantes (principalmente *con-*, *in-*, *des-*, *re-*, *sobre-*, *ante-*, *anti-*, *vice-*, *bis-*, *per-*, *entre-*, *trans-* etc.), reservando os adverbios *mal-* e *ben-* para a composición.

Así mesmo, Ali trata por vez primeira na tradición histórico-gramatical a “derivação regressiva” como un fenómeno de derivación propia que, por tanto, presenta trazos afixais –aínda que non o exprese explicitamente–. Así, mediante este proceso

a palavra nova, não por adição, mas por sustração do elemento formativo. Dá-se êste fenômeno por um erro de raciocínio. O termo preexistente é realmente primitivo, mas produz a impressão de ser derivado por causa da sua semelhança com outros vocábulos que, por sua vez, são derivados; e assim vai-se-lhe crear um suposto termo derivante à guisa dos derivantes (Ali 1964: 256).

Said Ali apunta que este proceso da derivación regresiva xa foi utilizado no latín (Ali 1964: 256; cfr. tamén Ferreiro 1997: 210-211) e maniféstase igualmente no portugués, dando orixe a substantivos deverbais ou posverbais.

Na “Derivação sufixal”, o autor fornece tamén unha cantidade congrua de datos sobre os sufixos formadores de “substantivo + adxectivo” e de “verbos”, como a etimoloxía, as significacións que estes afixos achegan á base, as alomorfias e os copiosos exemplos coa fonte de que proveñen (cfr. tamén Caetano 2003: 109).

Por outra parte, tamén á diferenza dos seus colegas anteriores, Ali rexeita a inclusión do que se viña denominando “derivación impropia” (ou “enriquecemento do vocabulário sem auxílio de elementos formativos”, segundo Ali), xa que considera que este proceso debe ser estudado na semántica (Ali 1964: 231).

Como vimos na epígrafe anterior, Huber (1986) na súa *Gramática do Português Antigo* escinde a Morfoloxía (flexiva) da Formación de palabras, á cal lle concede un

capítulo propio, aínda que moi sintético⁹³ (Huber 1986: 271-278). Nesta última disciplina, Huber distingue entre formación nominal, verbal e adverbial. Así, a prefixación aparece tanto na formación nominal como na verbal, asociada á derivación (“Derivação por meio de prefixos”), mais unicamente se cinxe a indicar a frecuente alternancia de prefixos (*enx-/eix-*, *es-/as-*), habitual na primeira fase da lingua. Do mesmo xeito, a “Derivação por meio de sufixos” verificase na formación nominal, como na verbal. No interior da nominal, Ali subdivide os sufixos en “átonos”, facendo referencia aos derivados regresivos con sufixo *-a*, *-o* e *-e*, e en “acentuados”, en que lista os sufixos, ofrece os significados e os exemplos de cada un deles.

O tratamento da formación de palabras nos *Elementos de Gramática Histórica* de Jaime de Sousa Martins (1937) resulta bastante anecdótico e inclusive contraditorio. Por un lado, o autor considera que derivación e composición son os dous procesos de enriquecemento do léxico. No que atinxe á derivación, Martins inicialmente apunta que sufixos e prefixos sufriron poucas variacións formais e semánticas no paso do latín ao portugués, mais como reconece Caetano (2003: 111) o gramático contraría esta aserción en páxinas posteriores cando afirma que o portugués adulterou “sufixos latinos tanto na forma como no sentido” (Martins 1937: 69).

Sequeira é o autor de dúas gramáticas, que consideramos históricas, publicadas no mesmo ano (1959 [1938a] e 1938b⁹⁴). Xa foi apuntado no capítulo precedente que ambas presentan practicamente a mesma estrutura e inclúen a formación de palabras na renovación do léxico, dentro da Morfoloxía; porén, o estudo desta é moito máis amplo e completo no segundo libro. Así, dentro dos “meios de formação de palavras” diferencia entre a derivación, que constitúe o proceso máis fecundo, e a composición. Nas dúas obras, subdivide a derivación en propia, que é aquela que se fai “por meio de sufixos que se aplicam a uma palavra primitiva (*form-al*), a uma palavra composta (*informa-ção*) ou mesmo a uma palavra já com sufixo aglutinado (*form-al-mente*)” (Sequeira 1938b: 94; cfr. definición case idéntica en 1959: 152), e en impropia, que consiste na “mudança de uma palavra de uma categoria gramatical para outra” (Sequeira 1938b: 103, 1859: 151).

⁹³ Caetano intúe que talvez esta descrición tan resumida se deba a que Huber considerou que “nesta fase do português tais processos seriam escassamente utilizados” (Caetano 2003: 70).

⁹⁴Confróntese a epígrafe 2.2.1. en que indicamos que seguimos a terceira edición de 1959 da *Gramática Histórica da Língua Portuguesa*, mais o libro saíu por vez primeira do prelo en 1938, ano en que tamén se publicou a súa *Gramática de Português*.

Por tanto, o gramático limita a derivación propia á sufixación e clasifica os sufixos en “mortos” e “vivos”, segundo a súa dispoñibilidade para novas formacións; estes últimos poden ser “populares” (-eiro, -inho, -ar [verbal]...) ou “eruditos” (-áριο, -ismo, -óide...).

Alén disto, en Sequeira (1938b), alúdese ás modificacións formais da base por causa da adxunción do sufixo e efectúase a relación de sufixos nominais (-aria, -echo, -nte...), verbais (-ar, -ear, itar...) e adverbiais (-mente). En troca, en Sequeira (1959: 153-154) acrecenta un terceiro tipo de derivación, a regresiva –a cal non aparece na outra obra–, que se aprecia como un “encurtamento” final dun vocábulo xa existente. Así, considera que non existe un proceso de afixación no derivado, senón que o sufixo que “lhe dava a falsa aparência de [palavra] derivada” (Sequeira 1959: 153) foi suprimido. Por consecuencia, retoma a consideración dos regresivos como derivados sen sufixo que coinciden con formas flexivas dos verbos (P1_{sing.} do presente do Indicativo para os acabados en -o; P3_{sing.} do presente do Indicativo para os terminados en -a; e “conjuntivo presente” para os de -e final).

Relativamente á composición, en ambas as obras, o gramático inclúe a prefixación como unha clase de composición, mais en Sequeira (1859) concede apenas unhas liñas á “composição por prefixos”, caracterizada pola súa colocación anteposta á base e por seren partículas sen “significação autónoma”, sexan separábeis ou inseparábeis. Esta case inexistencia de datos e dunha listaxe de prefixos está xustificada polo autor en que tal información cómpre atendela na gramática descritiva. Deste modo, na *Gramática do Português* de Sequeira (1938b) afonda o estudo da “prefixação”, achegando listaxes de prefixos latinos e gregos (*ab-*, *ambi-*, *bem-*, *contra-*, *de-*, *entre-*, *in-*, *mal-*; *ana-*, *arqui-*, *epi-*, *meta-*...) e as ideas que imprimen ao vocábulo a que se xuntan (separación, unión, depreciación...), igual que en Pereira (1916).

Alén da prefixación, Sequeira contempla a composición por xustaposición (en 1959 e 1838b), a composición por aglutinación (só en 1938b) e a composición erudita (tamén nas dúas). Por tanto, en Sequeira (1938b) diferencia entre xustaposición (*beira-mar*) e aglutinación (*fidalgo*), que se corresponden respectivamente en Sequeira (1959) coa xustaposición imperfecta e perfecta. En último lugar, examina a composición erudita, na cal “os elementos latinos ou gregos se combinam debaixo das regras latinas ou gregas, e só depois se acomodam à nossa língua” (Sequeira 1938b: 114; 1959: 155). A seguir,

detállanse algunhas características formais e en Sequeira (1938b) enuméranse exemplos de compostos latinos e gregas por vía erudita.

Ismael de Lima Coutinho (1973) en *Pontos de Gramática Histórica*, obra que tamén foi obxecto de múltiples edicións (a sétima e última de 1976), tamén inclúe a formación de palabras baixo o apartado “Constituição do léxico português”; a este respecto, partilla esta designación con Pereira (1935), mais non só mostra concomitancias neste aspecto co seu colega brasileiro, como imos salientar inmediatamente. Igual que Pereira, previamente aos dous grandes procedementos de creación vocabular, caracteriza a estrutura das palabras (raíz, radical e afixos), para logo discriminar entre derivación, composición, “parassintetismo” e onomatopea. No primeiro tipo inclúe a derivación propia ou sufixación, a derivación impropia e a derivación regresiva; no segundo asocia a prefixación, a xustaposición e a aglutinación; en terceiro lugar, trata das palabras parasintéticas; e en último lugar, as onomatopeas. O tratamento de todos estes procesos é máis prolixo do que noutros repertorios gramaticais, se ben que coincide no xeral na súa abordaxe teórica, como por exemplo na concepción da derivación regresiva –que coincide con Nunes e Sequeira– e da parasíntese. Coutinho concibe a parasíntese como unha “combinação do processo da derivação sufixal, ou derivação própria, com o da prefixação” (Coutinho 1973: 181). Canto á natureza do proceso que se envolve na prefixación, o brasileiro en nota de rodapé apunta a consideración por parte de “alguns autores” de que o termo parasintético remite unicamente para un proceso simultáneo de xunción de prefixo e sufixo, mais non semella asumir ou non reflicte a súa opinión ao respecto.

Será Câmara Jr. (1975) quen, na *História e Estrutura da Língua Portuguesa*, dea un ar novo á gramática histórica portuguesa, tendo en conta a tradición gramatical que arrincara cen anos atrás e utilizando a metodoloxía estrutural. Neste sentido, xulga importante a delimitación do sufixo e do radical, visto que “na história da língua os sufixos se ampliam ou se reduzem, incorporando fonema do radical ou destacando de si o que era um seu fonema inicial” (Câmara Jr. 1975: 217). Alén disto, fala da modificacións do sufixo á base, da orixe dos sufixos e da súa produtividade.

Incluídos no segundo capítulo dedicado ao Léxico, Câmara Jr. estuda os diversos procesos de derivación e composición. Dentro da derivación, diferencia entre a derivación nominal, os substantivos abstractos e a expresión do grao. Como apunta

Caetano (2003: 119), “o autor justifica o tratamento isolado dos substantivos abstractos porque, segundo afirma, estes pertencem a uma categoria particular já existente em latim e, no caso dos sufixos aumentativos e diminutivos, por estes terem a especificidade de se oporem “a uma dimensão considerada normal” (Câmara Jr., 1975: 226)”. Xunto con esta derivación propiamente dita, na cal interveñen sufixos, o gramático menciona outros dous “padrões”: o da formación de vocábulos regresivos, cuxas vogais finais son consideradas vogais temáticas nominais (*jogo, luta, ataque*), e o das palabras por conversión.

No que atinxe aos parasintéticos, Câmara Jr. non ten en conta a simultaneidade afixal nestes derivados e unicamente comenta a mudanza de clase ou categoría nominal (en formacións do tipo *enfiar < fio*). Por outra banda, insire a prefixación na composición. As razóns que Câmara Jr. aduce volven de novo a estar ligadas á existencia dos prefixos como palabras independentes (adverbios ou “preverbos” e preposicións); porén, visto que algúns prefixos nunca comparecen illados, o autor salva este inconveniente ao asentar o sistema prefixal baseado en “três grupos de partículas: A) as que também funcionan como preposições; B) as que são variantes (em forma erudita) de preposições; C) as que são exclusivamente prefixos” (Câmara Jr. 1975: 230). Algúns destes son *con-*, *menos-*; *in-*, *sub-*; e *des-*, *justa-* respectivamente, excluindo as partículas adverbiais *ben-* e *mal-*.

No espazo galego, a primeira gramática histórica é a de García de Diego, mais nela non se trata propiamente a formación de palabras, senón que se limita a describir e enumerar con exemplos os prefixos e os sufixos. Os primeiros aparecen unicamente delimitados como “preposiciones y adverbios que preceden á la raíz para modificar su significado” e que na súa maior parte son separábeis, “conservándose por tanto [...] la conciencia de su significado” (García de Diego 1909: 181), de maneira que se supón que os integraría dentro da composición.

Haberá que agardar até 1995 para que saia ao lume a *Gramática histórica galega*, da autoría de Manuel Ferreiro, que, como avanzamos, destina o segundo volume á Lexicoloxía, en que alén da constitución do léxico, dos cambios semánticos históricos e do acrecentamento lexical pola vía dos préstamos, elabora o estudo máis amplo e exhaustivo de todo o corpus histórico-gramatical sobre a formación de palabras, pois

analiza os diversos valores, formas e funcións dos diversos mecanismos de derivación e composición. O estatuto que atribúe á prefixación é o derivativo, pois cualifica os prefixos, tamén os sufixos, como morfemas derivativos, “aínda que algúns prefixos poidan ter existencia independentemente na lingua en canto coinciden con preposicións e adverbios” (Ferreiro 1997: 67), aludindo a Câmara Jr. (1975).

3.3. A formación de palabras nas gramáticas sincrónicas galegas

No que se refire xa a un ámbito máis concreto, imos analizar os estudos sincrónicos galegos a partir dos anos 80, década en que se inicia o período autonomista, dado que isto implica o estudo da lingua galega dentro dun marco oficial e en vías de normalización.

En liñas xerais, podemos afirmar que todas estas obras, así como a maior parte da produción gramatical internacional, ofrecen unha radiografía da mestura das diversas escolas, presupostos, procedementos etc. que vimos na epígrafe inicial deste capítulo (§3.1.). Porén, neste apartado xa non nos interesa tanto o marco teórico como o tratamento que conceden á formación de palabras, o lugar en que a encadran e a delimitación dos diferentes tipos de mecanismos de formación de palabras que realizan.

En 1986 publícase a primeira *Gramática galega* de Álvarez / Monteagudo / Regueira (1993), de teor tradicionalista. Nela a formación de palabras aparece na sección dedicada á Morfoloxía –aínda que non apareza nomeada esta disciplina como tal–, após o adxectivo, baixo o título “Diminutivo, aumentativo e despectivo. Procedementos para a formación de palabras novas” (Álvarez / Monteagudo / Regueira 1993: 81-133). Como se pode observar na denominación do capítulo hai unha certa primacía da derivación sufixal apreciativa ou alterativa, segundo os autores, a respecto da derivación nocional. Este feito podería ser casual, mais cremos que pode deberse a factores sociolingüísticos que xogan a favor do tratamento deste tipo de sufixación. Neste sentido, cómpre lembrar que o sufixo *-iño/a* é un dos trazos que se apunta como máis característicos da lingua galega. Para alén diso, a sufixación de tipo apreciativo é moito máis subxectiva do que a nocional, esta última máis obxectiva, con maiores posibilidades de abstracción e con maior presenza en textos científicos e de maior abstracción.

O capítulo en cuestión ábrese cunha breve descrición dos elementos que conforman unha palabra, como o lexema e os morfemas, estes últimos divididos entre morfemas flexionais e derivativos. Canto aos derivativos, logo de discriminar entre prefixo e sufixos conforme un criterio posicional a partir da raíz, diferencian unicamente entre sufixos alterativos (ou apreciativos) e derivativos (ou nocionais):

Os prefixos son morfemas derivativos que están situados antes da raíz da palabra, e que permiten derivar palabras novas (que figuran como entradas no dicionario) dunha palabra, pertencendo os derivados á mesma clase gramatical cá base. Os sufixos alterativos están situados despois da raíz, non producen habitualmente palabras novas, e os derivados pertencen á mesma clase cá base. Os sufixos derivativos forman palabras novas que non pertencen necesariamente á mesma clase gramatical cá base (Álvarez / Monteagudo / Regueira 1993: 83).

Alén da capacidade de a transcategorización marcar a diferenza entre ambos os sufixos, tamén se apuntan informacións semánticas, pois os sufixos alterativos “engaden especificacións de dimensión ou connotacións subxectivas á base, pero raramente chegan a crear palabras novas, mentres que os segundos –os sufixos derivativos– engaden á base unha carga léxica suficiente como para crear palabras novas” (Álvarez / Monteagudo / Regueira 1993: 82).

Canto aos diferentes tipos de procedementos para a formación de palabras novas que contemplan estes autores, diferencian entre sufixación, prefixación, derivación regresiva, parasíntese e composición. A sufixación retrátase como o procedemento máis rendíbel e indícase a posibilidade da acumulación de sufixos. Dentro deste procedemento, contémpanse os chamados interfixos, que se definen como “fonemas de ligamento, normalmente consonánticos”, mais non se especifica o estatuto morfolóxico destes, deixando en aberto o problema.

Pola súa parte, a derivación regresiva defínese como o procedemento que consiste na “redución dunha base verbal e a engádegas dos morfemas *-o*, *-a* e *-e* para a creación de nomes (sobre todo substantivos)” (Álvarez / Monteagudo / Regueira 1993: 84). Porén, a seguir, indican que “tamén pode ocorre-lo contrario, que a un nome se lle engada unha terminación verbal para crear un verbo”. Este último caso, de substantivos que se verbalizan (do tipo *áncora* → *ancorar*), aínda que os autores da *Gramática galega* o contemplan como derivación regresiva, hoxe en día está máis asentado que se trata dun caso de sufixación.

Outro mecanismo de creación vocabular é a chamada parasíntese, que se cualifica como un mecanismo de prefixación e sufixación ao mesmo tempo. Este procedemento, xunto co da composición, definida como menos habitual do que os anteriores, recibe un tratamento de moi poucas liñas e unicamente se basea na simultaneidade do proceso para a diferenciación deste tipo de derivación a respecto das anteriores, tal e como corresponde á definición tradicional (cfr. §4.2.3.1.).

Dous anos máis tarde da *Gramática galega*, sae á luz a *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira 1988), que, malia non ofrecer ningún tratamento sobre a formación de palabras, cómpre deixar constancia da importancia desta obra canto ao cadro teórico e aos conceptos terminolóxicos adoptados polos seus autores, como a delimitación dos morfemas, as diferentes clases etc.

Será preciso esperar ao solpor do século XX para encontrarmos a primeira gramática en que a formación de palabras reciba un tratamento diferenciado, máis pormenorizado e con maior reflexión teórica, como é a *Gramática da lingua galega* de Freixeiro Mato (1999). Nesta obra a formación de palabras aparece incluída no volume III dedicado á Semántica, xa que é contemplada como “o proceso normal de enriquecemento do léxico galego, xuntamente cos empréstimos externos (importación de palabras) e internos (intercambios entre as varias linguas funcionais da mesma lingua histórica), coa mudanza de palabras e coas construcións fraseolóxicas ou expresións equivalentes” (Freixeiro Mato 1999: 159). De todas as formas, após describir a relación da formación de palabras coa Morfoloxía, coa Sintaxe e coa Semántica, afirma que corresponde “principalmente á morfoloxía lexical o estudo dos procesos de formación de palabras” (Freixeiro Mato 1999: 165).

O profesor da UDC diferencia entre procedementos máis especificamente morfolóxicos (derivación por sufixación e prefixación, parasíntese, derivación regresiva, derivación xenérica, conversión categorial e composición) e outros non necesariamente morfolóxicos, como a onomatopeia, os encurtamentos ou os estranxeirismos. Fóra de discutirmos até que punto estes tres últimos procedementos, como un encurtamento (*cinema* > *cine*), constitúen casos de formación vocabular, imos centrarnos nos mecanismos que son obxecto de estudo na nosa investigación, isto é, na prefixación, na sufixación, na parasíntese e na derivación regresiva.

A sufixación, caracterizada como o procedemento máis produtivo de formación de palabras, é dividida entre apreciativa e non apreciativa ou nocional. No primeiro tipo englobáanse os diminutivos, os aumentativos, os pexorativos e os intensificadores, aos cales realiza unha profunda análise morfolóxica, semántica e expresivo-estilística⁹⁵, nomeadamente no caso dos sufixos diminutivos, que xa foron obxecto dunha rigorosa monografía anterior, *Os diminutivos en galego* (Freixeiro Mato 1996). Ofrécese, así mesmo, unha análise moi pormenorizada de cada sufixo apreciativo, con especial relevo de *-iño/a*, o cal supón un avance na descrición do cadro sufixal na nosa tradición gramatical.

Por outra banda, a sufixación nocional é o mecanismo con capacidade transcategorial, non obrigatoria, que modifica de forma obxectiva e substancial o contido semántico da base (Freixeiro Mato 1999: 220). Neste tipo de sufixación, alén de se indicaren os aspectos máis relevantes sobre o tipo de bases a que se xuntan, o tipo de categoría que forman, a colocación sintáctica determinada de sufixos concatenados ou por acumulación, os criterios de clasificación dun sufixo etc., tamén se salienta o alto grao de alomorfía deste tipo de afixos (*canción* → *cancioneiro*, *café* → *cafeteira*). Este fenómeno é o que permite resolver a Freixeiro Mato a problemática dos interfixos (*café-t-eira*), xa que este acaba por englobalos dentro da variante alomórfica do sufixo en cuestión. Ao noso modo de ver, cremos que é a solución perfecta para salvagardar a noción de morfema como unidade mínima con significante e significado, alén de ser unha decisión coherente coa historia propia das linguas con presenza de variantes alotrópicas.

Porén, o tratamento de toda a formación de palabras en Freixeiro Mato (1999), como acontece na maior parte das obras, realízase unha mestura dos procedementos de formación de palabras que teñen lugar en diferentes sistemas lingüísticos, quer no latino quer no romance galego. Así, indícanse casos de derivacións galegas como en *comprender* → *comprensión*, cando a palabra *comprensión* non se formou a partir de *comprender* senón que procede do étimo latino COMPREHENSIONEM.

Un anos após, a *Gramática da lingua galega* de Álvarez / Xove (2002) individualiza a formación de palabras nun capítulo autónomo, fóra da Morfoloxía e da

⁹⁵ O tratamento da Estilística é unha característica recorrente ao longo da obra gramatical de Freixeiro Mato.

Sintaxe (e da Semántica, aínda que esta disciplina non é tratada). Este feito supón unha mudanza de perspectiva, xa que na anterior gramática de 1986 da coautoría da primeira autora (Álvarez / Monteagudo / Regueira 1993) a formación de palabras era enmarcada dentro da Morfoloxía, tal e como era preceptivo nas gramáticas de teor tradicional.

Nesta gramática xa apreciamos un notábel aprofundamento na análise dos diversos tipos de formación de palabras, alén dunha maior reflexión teórica. Así, establécese a composición –que fica fóra do noso estudo– e a derivación como as dúas clases básicas de xeración de novas palabras, entre as que destaca a primeira pola súa produtividade e tipoloxía variada de subprocedementos que nela se envolven. Apunta a posibilidade de outros autores consideraren un terceiro proceso, como a parasíntese, mais para Álvarez / Xove (2003: 676), a diferenza “entre a parasíntese, a prefixación e a sufixación é só formal, non funcional”. En definitiva, negan a existencia da parasíntese como máis un mecanismo de formación vocabular.

Álvarez / Xove (2003) diferencian entre derivación sen afixos e derivación mediante afixos. Dentro da primeira, como se pode confrontar, encontramos un novo xiro a respecto de Álvarez / Monteagudo / Regueira (1993), pois aparece englobada a derivación regresiva nos casos de conversión de palabras xa que non consideran esta se realice por medio de morfemas derivativos; así, as vogais finais *-a*, *-e* e *-o* correspóndense coas vogais temáticas. Alén disto, na conversión inclúense os exemplos habituais das formas que funcionan como participios e como adxectivos.

Canto á derivación por medio de afixos, diferénciase entre sufixación e prefixación, a se basearen en criterios transcategorizadores, posicionais e do tipo de asociación ás bases. Tanto a derivación sufixal como a prefixal son obxecto dunha profunda caracterización: o tipo de bases a que se xuntan, as categorías gramaticais resultantes, as variantes alomórficas, os significados de cada tipo de afixo, estatuto gramatical etc.

Xa para finalizar o percurso de gramáticas sincrónicas galegas, cómpre indicar a existencia da última obra gramatical publicada até o momento, a *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión* (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011). Os mecanismos de formación vocabular son incluídos na Morfoloxía, precisamente por seren procedementos fundamentalmente morfolóxicos, a pesar de interviren outros niveis gramaticais ou de teren repercusión no léxico, pois os diferentes

tipos de creación de palabras axudan a ampliar e renovar. Estes autores contemplan a derivación por prefixación, a derivación por sufixación, a derivación parasintética, a derivación regresiva, a derivación impropia e a composición.

Non obstante, en todos estes manuais gramaticais realízanse as análises mesturando sistemas lingüísticos diferentes para o tratamento dos diferentes tipos de formación de palabras, polo que este estudo que a seguir ofrecemos constitúe unha revisión da afixación.

3. A formación de palabras na teoría lingüística xeral e nos estudos galego-portugueses

4. A AFIXACIÓN

Nós não somos do século de inventar as palavras. As palavras já foram inventadas. Nós somos do século de inventar outra vez as palavras que já foram inventadas.

Almada Negreiros

Após o levantamento dos datos máis relevantes sobre a formación de palabras na teoría lingüística xeral, nas gramáticas históricas portuguesas e galegas, así como nas sincrónicas galega, neste capítulo pretendemos analizar máis pormenorizadamente os diferentes procedementos de afixación para, así, reflectir a nosa concepción sobre o fenómeno da afixación en xeral, que facemos extensíbel a todos os tipos de formación de palabras en lingua galega. Deste modo, intentamos demostrar que algunhas palabras que do punto de vista sincrónico poden ser analizadas morfoloxicamente como palabras complexas e transparentes (por exemplo, *festividade, perdurar, pescador, vestidura...*) non se formaron no galego(-portugués), senón que o seu proceso de formación é latino, aspecto que obriga a reecuacionar o estatuto de derivado afíxal e de afíxo, respectivamente.

4.1. Definición

A afixación é un proceso morfolóxico derivativo de formación de palabras que consiste en acrecentar afixos derivativos a unha base. Esta última parte do significante, é dicir, a base ou raíz, adoita realizarse por adición para crear unha nova palabra, aínda que tamén é posíbel que se vexa subtraída ou igualada conforme o seu tema de palabra. Por

tanto, a afixación é un dos tipos derivación existentes en galego, xunto coa derivación xenérica e a derivación impropia ou conversión (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 195-207), en que non se opera con afixos derivativos.

En galego, e no resto da linguas románicas, a afixación ou derivación afixal conforma un dos procedementos morfolóxicos e léxicos máis rendíbeis para ampliar e renovar o caudal léxico, nomeadamente a afixación por medio de sufixos. Deste fenómeno daremos cumprida conta no capítulo seguinte destinado á afixación no galego medieval (cfr. §5.), pois nel veremos que o procedemento máis rendíbel con diferenza é o da sufixación.

A afixación, que como indicamos consiste na adición dun afixo a unha base, ofrece moitas posibilidades de combinación e tamén permite a súa repetición en formacións sucesivas ou simultáneas a partir dunha mesma base. Dentro da afixación, o mecanismo máis rendíbel para a formación de palabras complexas é a sufixación, fronte ao outro grande procedemento como é a prefixación. Ambos os procedementos, como veremos, están delimitados pola (o)posición á raíz, que é o significante común que resulta de eliminar os afixos.

A cantidade de morfemas existentes –bases, raíces e principalmente os afixos– e o excesivo número de combinacións permitidas dificultan o estudo das propiedades derivativas do léxico a través da relacións que se establecen entre os morfemas constituíntes. Con todo, é certo que as palabras posúen uns patróns comúns de comportamento morfolóxico.

Por outra parte, como xa fomos avanzando nas páxinas iniciais deste estudo –e detallamos máis concretamente na páxina 71–, consideramos un feito básico, e que vai rexer a nosa concepción ao longo do estudo, delimitarmos adecuadamente a achega diacrónica para fixar o estatuto morfolexical dos constituíntes dunha palabra, como afirma Rio-Torto. Transcribimos a seguir un exemplo que ilustra á perfección esta afirmación:

Tomemos como exemplo as palabras *abusão* ‘erro, engano; supertição; crendice’ e *aleijão* ‘lesão num membro; deformidade física ou moral’. Nelas o segmento *ão* non representa un sufixo, já que, ao contrário do que uma abordagem sincrónica podería fazer crer, e muito embora estes nomes possam equivaler a “o facto de V”, não se trata de produtos deverbais do português mas, a fazer fê nos dicionários etimológicos, dos representantes modernos de ABUSIÃO-/*AVISIÃO- e de LAESIÃO- (Rio-Torto 1998: 141).

En consecuencia, unicamente consideramos que existe afixación galega cando todos os pasos derivativos se produciron exclusivamente no romance. Esta visión sobre fenómeno da afixación coincide coa de Rio-Torto (1998), como vemos, e tamén coa máis recente tese de doutoramento sobre a sufixación en gramáticas históricas do portugués (Caetano 2003).

Así, nunhas palabras como *compracente* e *apresentar*, a afixación prodúcese en estadios diferentes do punto de vista diacrónico, e tamén en sistemas distintos, primeiro no latino (PLACĒRE > *pracer* → COMPLACĒRE > *compracer*; PRAESENTEM > *presente* → PRAESENTARE > *presentar*) e logo no romance (*compracer* → *compracente*; *presentar* → *apresentar*); por tanto non consideramos que estes casos constitúan derivacións sucesivas por se produciren en sistemas lingüísticos diferentes.

Como vemos a achega diacrónica, así como o acompañamento de variábeis formais e semánticas, móstrase como un elemento importantísimo para a delimitación dos procesos afixais. Por tanto, determinarmos o tipo de proceso é necesario nunha perspectiva diacrónica –pois a historia derivativa dunha formación complexa é unicamente unha–, xa que as análises sincrónicas esclarecen ou limitan interpretacións estruturais e procesuais diferentes. De igual modo, cómpre diferenciar entre sufixo e terminación, por exemplo.

Así mesmo, como indica Almela Pérez (1999: 195), “no es aplicable a un análisis sincrónico la distinción entre agregación simultánea y agregación sucesiva. En sincronía se estudian los hechos en su funcionamiento conjuntado simultáneo”. Porén, imos comprobar que, tanto do punto de vista diacrónico como sincrónico, é mester que os diversos elementos funcionen conxuntamente, pois en sincronía é posíbel explicar as estruturas conforme

Noutra orde de cousas, incluímos a afixación, e por extensión a formación de palabras, dentro da Morfoloxía, como defendemos en López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2011), por considerarmos que os mecanismos de creación de novas palabras son primordialmente morfolóxicos, ou morfosintácticos. Evidentemente, por se trataren de palabras da lingua, pertencen e van estudarse no léxico, como se doutras unidades se trataren. Vimos neste sentido que moitos autores o inclúen como mecanismos de ampliación lexical, que efectivamente permiten o acrecentamento

vocabular, mais tamén se pode acrecentar o léxico vía préstamo, onomatopea etc. A esencia é fundamentalmente morfolóxica, dado que se actúan e se combinan elementos morfemáticos radicais con afixais. É máis, aínda que estes autores o inclúen dentro do léxico, en case todos os casos a sufixación, a prefixación e os demais procedementos son definidos mediante criterios formais e/ou morfolóxicos.

4.2. Tipos de afixación

Como indicamos, a afixación ofrece moitas posibilidades de combinación e tamén permite a súa concorrencia nunha mesma formación. Diferenciamos catro tipos de afixación ou derivación afixal: prefixación ou derivación prefixal, sufixación ou derivación sufixal, parasíntese ou derivación parasintética e derivación regresiva. Para a delimitación dos diversos procedementos tivemos en conta factores formais e/ou posicionais, pola (o)posición á raíz, que é o significante común que resulta de eliminar os afixos; porén, tamén é preciso aplicar criterios semánticos, en liña coa propia definición de morfema, xa que desde o noso punto de vista este sempre presenta un significante e un significado, de modo que fica fóra a consideración do fenómeno da interfixación.

Neste sentido, os dous grande procedementos afixais, baséanse na distinción entre prefixación e sufixación conforme posición do prefixo (antes da base) e do sufixo (despois da base), mais tamén cómpre indicar a capacidade de transcategorización que presentan os sufixos, xa que as palabras sufixadas frecuentemente presentan unha categoría diferente á da base.

4.2.1. Prefixación

Definimos a prefixación ou derivación prefixal como o proceso mediante o cal un afixo, denominado prefixo, se une á esquerda da base para crear unha nova palabra⁹⁶. Esta inclusión da prefixación como un tipo de derivación, e máis concretamente de afixación, non está exenta de polémica, xa que constitúe un dos mecanismos de

⁹⁶ Esta consideración da prefixación como un proceso derivativo está largamente asentada nos estudos de Lingüística (Jordan / Manoliu 1972, Ferreiro 1997, Rio-Torto 1998, Freixeiro 1999, Álvarez / Xove 2003 etc.).

formación de palabras sobre o cal recae un grande número de interrogantes a respecto do seu estatuto. Así, nos diversos estudos existentes o rol da prefixación débátese entre a consideración como un procedemento derivativo fronte á súa integración como un mecanismo compositivo.

As persoas especialistas que prefiren inserir a prefixación como un tipo de composición baséanse en argumentos de natureza diversa que a seguir ofrecemos, como a “autonomía” dos prefixos –pois teñen orixe ou coincidencia preposicional–, a ausencia de transcategorización ou as regras sintácticas. Darmesteter (1894), por exemplo, incorpora a prefixación nunha das clases de composición, a composición por partículas separábeis ou inseparábeis (preposicións e adverbios), a constituír o tipo de compostos máis produtivo: “Des trois sortes de composition que connaissent les langues néo-latines, la composition par particules est de beaucoup la plus riche et la plus féconde” (Darmesteter 1894: 89). Alén disto, para reafirmar a súa orientación, o francés tamén se basea na semellanza existente entre a prefixación e a composición, pois as dúas son xeradas por transformación dunha base, en cuxo proceso opera fundamentalmente o principio sintáctico; pola contra, a xunción e a categoría gramatical son algo accesorio.

Pola súa parte, Iordan / Manoliu (1972) indican que a diferenza entre sufixación e prefixación radica no estatuto gramatical e no valor semántico do prefixo a respecto do sufixo. Así, por un lado, “la gran mayoría de los prefijos son preposiciones y adverbios”, que “en ningún caso se pueden asimilar a los sufijos”, e, por outro, “el papel de los sufijos se limita ordinariamente a matizar el sentido previo de la palabra base [...]. Por el contrario, los prefijos y, sobre todo, los seudoprefijos, suponen muchas veces un cambio profundo del sentido” (Iordan / Manoliu 1972: 37-38).

Así mesmo, cómpre destacar pola súa singularidade a proposta de Alvar Ezquerra (2006), para quen os prefixos vulgares (*con, des, en* etc.) “pertenecen a la composición, mientras que los prefijos cultos [*bio, crono, tele* etc.], los interfijos y los sufijos forman parte de la derivación” (Alvar Ezquerra 2006: 41). O criterio basilar deste autor reside no feito de que “estos prefijos coinciden con las preposiciones” (Alvar Ezquerra 2006: 40). Alvar continúa a estela de gramáticas españolas de teor tradicional en que tamén aparece a prefixación integrada dentro da composición, como na de Alemany Bolufer (1920), na de Bello (1981) ou nas da Real Academia Española (1931 e 1973). Esta concepción

asenta nos casos en que os prefixos coinciden coas preposicións, de modo que estamos perante dúas formas libres, característica xeral que define un composto.

Pola súa parte, convén lembrar que un nutrido grupo de gramáticas históricas do portugués aliñan coa concepción da prefixación como un tipo de composición (cfr. §3.2.).

Outros son partidarios de concibir a prefixación como máis un proceso de formación de palabras ao mesmo nivel do que a composición e a sufixación. É o caso de Guilbert (1975) que defende a formación de palabras dentro dun proceso xeral de transposición dun esquema sintáctico a outro léxico: “Les formation préfixées comprennent celles qui résultent de la transformation d’une phrase de base comportant un syntagme verbal où intervient une préposition ou un adverbe” (Guilbert 1975: 219). Así, para este lingüista as diferenzas entre prefixación e composición ciméntanse en que os prefixos nunca constitúen elementos de relación predicativa, en canto os membros dos compostos establecen efectivamente este tipo de vínculo.

Porén, na maior parte dos estudos a prefixación aparece considerada como un tipo de derivación afixal, como así aparece unicamente tratado na tradición gramatical galega, quer a nivel diacrónico quer a nivel sincrónico (cfr. §3.2. e §3.3.). Entre algúns dos argumentos que inducen a tratar os prefixos como afixos derivativos podemos mencionar o feito de seren unidades recorrentes en moitas palabras, determinaren e combinárense con bases léxicas (substantivas, adxectivas, verbais ou adverbais) e moitos deles non funcionaren de modo independente. En efecto, moitos dos prefixos coinciden formalmente coas preposicións, como *a-*, *con-*, *de-* etc., mais existe un grande grupo non autónomo, cal *anti-*, *des-*, *es-*, *pre-*, *re-* etc. Alén disto, malia existir esta correlación coas unidades preposicionais, os prefixos funcionan de modo diferente aínda que partillen significado, pois estes non exercen de nexos senón como determinacións da base (Álvarez / Xove 2003: 724) e mesmo poden asumir funcións verbais. Na composición, en troca, o principio fundamental de adhesión está constituído polas regras de formación sintáctica e polas categorías de palabras relacionadas.

Non debe identificarse, pois, o prefixo coa correspondente preposición que pode aparecer na cadea lingüística relacionando unidades léxicas⁹⁷. Estes casos de xunción dun enlace preposicional a unha base léxica para xerar unha palabra composta é o que procede de secuencias preposicionais do tipo *por menor* > *pormenor*, *para ben* > *parabén...*⁹⁸ (Álvarez / Xove 2003: 725).

Así mesmo, outros factores como o tipo de significado dos derivados prefixados, a existencia de alomorfos entre os prefixos (igual que os sufixos), así como o establecemento de relacións paradigmáticas entre os diferentes prefixos, por sinonimia (*ante-*, *pre-*...) ou por antonimia (*sobre-*, *so-*...), inclinan a contemplar o prefixo como afixo e, por tanto, a prefixación como un tipo de afixación (Varela / Martín García 2000: 4995-4996).

Relacionado coa composición, convén facermos referencia aos denominados “prefixos adverbiais”: *menos-* (med. *mēos-*), *ben-* e *mal-*. Estas partículas aparecen moi frecuentemente contempladas como prefixos en diversos manuais (Varela / Martín García 2000, Ferreiro 2001⁹⁹) mais, continuando a liña de Freixeiro Mato (1999) ou Alvar Ezquerro (2006), estas partículas constitúen casos de composición ao seren unidades léxicas de existencia autónoma.

Nesta liña, tamén cabe facer referencia á discriminación entre os neocompostos e os prefixos e neoprefixos. Así, a neocomposición, ou composición erudita, ten como resultado a xunción dunha base romance a unha base latina ou grega, ou as dúas de procedencia clásica, que debido á súa produtividade e falta de autonomía están na fronteira entre a composición e a prefixación. Para diferenciarmos ambos os procesos, convén termos presente as seguintes condicións (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 211-212)¹⁰⁰:

⁹⁷ Sobre a crítica a estas propostas en que se tentan explicar os procesos de prefixación (verbal) a partir de expresións en que aparece un complemento introducido por unha preposición, asimilábel co prefixo, cfr. Val Álvaro (1993).

⁹⁸ Este tipo de estrutura sintáctica evidénciase moito máis nos denominados “conglomerados frásicos” (Ferreiro 1997: 229) ou “compostos frásicos” (Freixeiro Mato 1999: 295) do tipo *noraboa* (< en + hora + boa), *bailanacriba* (< bailar + en + a + criba) etc.

⁹⁹ Ferreiro (2001: 105) inclúe os casos de *menoscabar* (med. *mēoscabar*) e *menosprezar* (med. *mēospreçar*).

¹⁰⁰ Neste mesmo volume, inclúense as tabelas cos neocompostos (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 212-217).

1. Fronte aos prefixos, cada unha das bases do neocomposto pode derivarse por sufixación; así en *hidrofobia* podemos acrescentar sufixos ás dúas bases: *hydr-* → *hídrico*; *fob-* → *fóbico*.
2. Dous prefixos non poden combinarse para formar unha unidade léxica.
3. As bases do neocomposto poden aparecer como primeiro ou segundo elemento (*filosofía*, *necrófilo*), en canto o prefixo só pode constituír o primeiro elemento (*subdirector*, **directorsub*).

A gramaticalización dalgúns neocompostos levou a que algúns destes funcionasen como neoprefixos, como teremos ocasión de ver na seguinte subepígrafe (cfr. §4.2.1.1.).

Así pois, unha vez exposta a nosa orientación do proceso en que se enmarca e polo cal se rexe a prefixación, a seguir trataremos de delimitar e caracterizar aqueles trazos máis pertinentes da prefixación como parte da derivación afixal.

4.2.1.1. Caracterización xeral da prefixación

A doutrina tradicional sobre os prefixos, e por extensión sobre a prefixación, vértase, como se observa na definición, á volta da súa situación topolóxica, mais tamén é froito das súas relacións morfolóxicas coa base, das súas formas, das súas funcións e dos seus significados. Todos estes mesmos puntos continúan a atraer as consideracións de quen se ocupa deste tipo de afixación, de modo que procuraremos levar a cabo unha caracterización xeral de cada un deles.

O sistema de prefixación galego coincide en liñas xerais co do latín clásico (Ferreiro 2001: 68), que consistía no acrescentamento dunha serie de prefixo coincidente co sistema de preposicións latino, mais tamén con algúns adverbios¹⁰¹. Deste modo, os prefixos que interveñen na formación do léxico galego adoitan corresponderse na súa forma cos das outras linguas próximas debido á súa común orixe grega e latina, estando presentes nas palabras cultas de case todas os idiomas occidentais (Vilela 1994: 86-90).

¹⁰¹ Cfr. Ferreiro (2001: 68), que indica como prefixos deadverbiais as formas PAENE, RETRO ou SATIS; así mesmo, este autor indica que, pola contra, no grego todos os prefixos son adverbios e preposicións conxuntamente.

Á diferenza do que acontece cos sufixos, e como xa sinalamos, un número determinado de prefixos pode aparecer de modo independente, como verdadeiras preposicións (*sobre-*, *contra-*, *en-*, *entre-*), mais tamén existe outro grupo amplo en que só se encontran de forma ligada (*anti-*, *per-*, *ultra-*).

Polo contrario, na maior parte dos casos de formacións de orixe latina xa non é tan fácil recoñecer a forma prefixal inicial, nomeadamente por causa da apofonía (ĪN- + CADĒRE > INCĪDĒRE) ou das asimilacións progresivas a partir do contacto da consoante final do prefixo coa consoante inicial da base (CUM- + LABORĀRE > CÖLLABORĀRE). Alén disto, a este esvaecemento ou escurecemento da conciencia lingüística na hora de recoñecer o carácter prefixal acrecéntase a evolución fonética destes vocábulos, como por exemplo en CUM- + ĒDĒRE > *comer* (cfr. Ferreiro 2001: 68-69).

Así mesmo, esta situación contribuíu a históricos casos de “refacción (EXHĒRĒDĪTĀRE > med. eixerdar~enxerdar→desherdar), de evolución atípica (OBTŪRĀRE>aturar, OFFŌCĀRE>afogar) ou de falsa segmentación vocabular, ás veces consolidados: [...] recobrar (<RECŪPĒRĀRE) → cobrar” (Ferreiro 2001: 69). Porén, tal e como xustificamos neste estudo, tal tipo de formacións latinas fican fóra do noso estudo por se produciren consecuentemente noutro sistema lingüístico diferente do galego.

Neste sentido, é bastante “frecuente a convivencia dunha base lexical con diferentes derivados prefixais alternantes” (Ferreiro 2001: 70). É o caso de *arrequentar/enrequentar*, *escabeçar/descabeçar* etc. Por outra parte, existe unha especial alternancia dos prefixos *es-* e *des-*, xa desde o período medieval: ant. *destorvar* → mod. *estorbar*.

Por outro lado, fronte aos sufixos, os prefixos non alteran o acento natural da base a que se xuntan (*ter* → *entreter*, *paciente* → *impaciente*), de modo que non pode utilizarse un criterio divisor deste tipo. Así mesmo, a integración fónica e formal coa base non implica mudanzas morfolóxicas fortes, pois os prefixos raramente provocan reaxustamentos e normalmente conservan a súa estrutura fonolóxica; con todo, algúns destes afixos poden sufrir algunha variación alomórfica.

Canto ás propiedades morfolóxicas de xénero, número, modo-tempo e número-persoa, tampouco son alteradas pola asociación dun prefixo a unha base: *organización* [+fem., +sing.] → *desorganización* [+fem., +sing.].

Alén disto, a estrutura dos derivados prefixais pode estar suxeita a unha análise sintáctica, de forma semellante a como se analiza a estrutura dos compostos e dos derivados sufixados: *sala* → *antesala*, *vivir* → *convivir*. Así, a relacións entre os constituíntes pode concibirse como adxectiva en *antesala* (‘sala anterior’) ou preposicional en *convivir* (‘vivir con alguén’), de aí que se considerasen casos de composición, como acabamos de referir no apartado anterior. Por outra parte, os prefixos poden alterar a estrutura argumental de subcategorización da base á cal se asocian: *confiar* (*en*) / *desconfiar* (*de*).

Adoita indicarse que na prefixación, á diferenza da sufixación, se respecta a *Unitary Base Hypothesis* (*UBH*) ou Hipótese da Unicidade da Base (*HUB*) de Aronoff (1976), pola cal un afixo se xunta a unha única categoría lexical (cfr. §3.1.). Porén, como teremos ocasión de ver no capítulo seguinte (cfr. §5.2.), existen prefixos que violan a *UBP* porque se poden asociar a substantivos, adxectivos ou a verbos, “o que parece mostrar que a selección das bases estará sobretudo dependente de criterios semânticos” (Brocardo / Caetano 2000: 44-45); tal é o caso do prefixo *des-* (cfr. §5.2.).

De igual modo, os prefixos, fronte á maior parte dos sufixos, non adoitan provocar unha mudanza de categoría gramatical da base, xa que na maioría dos casos o educto de derivación correspóndese sintacticamente coa base primitiva (*facere* → *desfacere*). Por tanto, o criterio de transcategorización sintáctica utilizado para os sufixos nociónais tampouco resulta válido neste caso, de modo que a función semántica das preposicións pasa a ser un elemento fundamental e será o que sigamos na clasificación que ofrecemos máis adiante.

Pola súa parte, a conexión semántica entre o prefixo e a base é moito menos rixida do que a existente entre o sufixo e a base, de modo que a sensación de derivación, como afirma Lang (1990: 168), é moito maior. Así, este tipo de derivación constrúe formacións *ad hoc*, efémeras, de tal maneira que o lexicón formalizado do dicionario non é unha guía moi fiábel para determinarmos a produtividade dos diferentes prefixos. En xeral, os prefixos presentan casos de polisemia moderada, pois non adoitan ter máis de tres sentidos, fronte aos dos sufixos.

Noutra orde de cousas, un grupo de prefixos existentes no galego moderno é o constituído polos chamados “neoprefixos”¹⁰², que teñen a súa orixe nalgúns radicais latinos e gregos que pasaron a funcionar como auténticos prefixos. Como indica Freixeiro Mato (1999: 261),

auto, procedente do grego, formou a palabra *automóbil*, que abreviadamente tamén pasou a se denominar polo primeiro constituínte, formando a partir de aí novas palabras (compostas) como *autoestrada*, *autoescola* ou *autovía*. Mais tamén co seu significado orixinario o étimo grego *auto* se mostra hoxe produtivo na creación de novos termos, actuando como se dun prefixo se tratar e mantendo, en consecuencia, a categoría da base: *autodeterminación*, *autoestima*, *autoodio*, *autocontrol* (Freixeiro Mato 1999: 261-262).

Entre a nómina de neoprefixos podemos citar, entre outros, *aero-*, *electro-*, *eco-*, *euro-*, *foto-*, *macro-* e *micro-*, *moto-*, *neo-*, *radio-*, *tele-* e *video-*.

Revisamos a seguir, pois, os aspectos máis controvertidos da prefixación desde un punto de vista máis pormenorizado.

1. Morfonoloxía: procesos fonolóxicos e alomorfía

A morfonoloxía da prefixación resulta bastante sinxela se a compararmos coa da sufixación (Lang 1990: 169), pois practicamente consiste na adición directa do afixo a unha base co único requisito de respectar os trazos fonolóxicos básicos da Morfoloxía galega. Nesta unión do prefixo á base, estes dous elementos poden afectarse minimamente no que se refire á súa constitución fonolóxica. Neste sentido, os prefixos manifestan dúas características fonolóxicas que derivan do grao de dependencia a respecto da base léxica: por un lado, non interfíren na configuración fonolóxica da base, pois non acostuman alterar o acento da palabra base, como xa indicamos; por outro lado, no xeral preservan a súa propia integridade fónica, de maneira que a base a que se une non sofre elisión vocálica¹⁰³, como pode acontecer cando se tratar dun sufixo, nin cando concorren dúas vogais homólogas (*re-educar*, *co-operar*) ou diferentes (*pre-avisar*, *co-edición*).

¹⁰² Tamén reciben o nome de “prefixoides”, nomeadamente no ámbito hispánico (Lang 1990), ou “pseudoprefixos” (Cunha / Cintra 1991), xa que na tradición gramatical galega unicamente se fala de “neoprefixos” (Freixeiro Mato 1999, Ferreiro 2001). Esta denominación, por outra parte, parécenos moito máis acaída para o tipo de prefixos a que se fai referencia.

¹⁰³ Outros autores falan de “cancelación vocálica” (Scalise 1994: 215, Varela / Martín García (2000: 5007).

Esta característica que acabamos de indicar está fortemente relacionada coa autonomía da maior parte das formas prefixais, como xa mencionamos, aínda que iso non evita que os prefixos presenten leves alteracións. Así, existen casos en que o prefixo pode presentar unha pequena variación alomórfica causada polo seu contexto fonolóxico. Así, esta alomorfa, por unha banda, pode vir motivada polo fonema inicial da palabra base, tal e como acontece co prefixo negativo *in-* /iN/¹⁰⁴ cando a palabra base comeza polos fonemas /l/ ou /r/; en tales casos, o *-n-* asimílase ou redúcese a *i-* (*in + legal > ilegal; in + real > irreal*). Igualmente, seguido de consoante oclusiva bilabial (/p/ ou /b/), o *-n-* pode grafarse como *-m-* e realizarse tamén como nasal bilabial [m] (*in + practicábel > impracticábel; in + bebíbel > imbebíbel*).

Por outra banda, a alomorfa acostuma explicarse etimoloxicamente pola convivencia dunha forma latinizante con outra patrimonial (*inter + porto > interporto / entre + cerrar > entrecerrar*). Porén, como afirman Álvarez / Xove (2003: 725), as formas culta e popular dun prefixo coa mesma orixe latina non funcionan como tales, “senón como unidades diferenciadas, da mesma maneira ca outros prefixos cultos de orixe grega que tamén poden ter sentidos análogos”.

Alén destes prefixos, outros autores tamén destacan a alomorfa de *a-/an-* (*amoral, an-alfabeto*), aducindo que esta alternancia fonolóxica pode ter como obxectivo preservar a identidade do prefixo e do radical (Varela / Martín García 2000: 5009). Porén, están a realizar análises sincrónicas erradas que se solucionan con exames etimolóxicos, pois no caso de *amoral* a prefixación prodúcese no sistema romance, en canto en *analfabeto* estamos perante unha palabra con prefixación latina (que á súa vez é de orixe grega). Cabe dicir a este respecto que na lingua galega non se rexistra ningunha palabra creada intrinsecamente por medio do sufixo *an-*. En consecuencia, nestes casos non podemos falar de alomorfa propiamente dita, xa que esta non pode producirse en sistemas lingüísticos diferentes.

No que se refire ás combinacións de prefixo e de base vetadas por motivos fonolóxicos, estas son anecdóticas. Así, o prefixo negativo *in-* é substituído polo seu

¹⁰⁴ A representación maioritaria deste arquifonema final nasal, sempre grafado con *-n-*, é a velar [-ŋ], mais tamén poden aparecer os alófonos [-ŋ̃], seguido de consoante labiodental, [-ɲ], após consoante (inter)dental, e [-n̠], tras consoante palatal. Para as diversas realizacións dos fonemas nasais finais, cfr. Freixeiro Mato (1998: 175-179) e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2011: 118).

homólogo semántico *des-*, nun proceso de disimilación léxica (Varela / Martín García 2000: 5008), perante bases que comezan por *in-* (**in-informado* → *des-informado*), de igual modo que acontece con *re-* nas palabras iniciadas por *r-*, ora co significado de repetición (**re-realizar*) ora co de intensificación (**re-rizar*) (Varela / Martín García 2000: 5008).

2. Valor transcategorizador do prefixo

O valor “transcategorizador / non transcategorizador” do prefixo afecta á propia consideración da prefixación como procedemento derivativo afixal. Como indicamos anteriormente, un dos elementos máis característicos na distinción tradicional entre a prefixación e a sufixación baséase en que a primeira non permite unha transcategorización da base, en canto que a segunda pode comportar ou non mudanza categorial¹⁰⁵. De aí que, seguindo Serrano Dolader (1995: 61), os sufixos poidan dar lugar a derivados tanto excocéntricos como endocéntricos, en canto os prefixos teñan como posibilidade exclusiva crear derivacións endocéntricas.

Porén, existe unha serie de autores que sosteñen o valor transcategorizador dos prefixos, como Hall (1948: 136-165), quen tamén inclúe os casos tradicionalmente cualificados como parasintéticos dentro da prefixación exocéntrica, Wagner (1952: 54) e Tekavčić (1972: 146), para o cal a parasíntese tamén forma parte da prefixación. Outros e outras lingüistas manifestan referencias máis imprecisas ao falar dos prefixos, quer na prefixación quer na parasíntese. Así, por exemplo, Badia Margarit (1962: 396), a se referir aos parasintéticos, non afirma categoricamente que o prefixo teña a capacidade de transcategorizar a base, senón que este se apoia no sufixo para conferir a “fisionomía genuina” ao verbo que procede dun substantivo. De igual modo, Brea (1977: 135), no seu estudo dedicado á parasíntese nas *Cantigas d’escarnho e de maldizer*, indica que os prefixos –a se referir principalmente a “a-” e “en-”– son “una especie de “marcas universales” como los sufijos, que no parecen ser utilizadas más que para actualizar, para convertir una base sustantiva o adjetiva en un verbo”.

¹⁰⁵ Porén, para algúns estudiosos a parasíntese constitúe unha excepción a este principio xeral, pois recoñecen o valor transcategorizador do prefixo. Sobre esta cuestión, consúltase a relación de referencias bibliográficas en Corbin (1987: 129-130).

Canto aos autores que defenden de maneira rotunda a mudanza de categoría dos prefixos, cómpre salientar a Danielle Corbin, que se ocupa desta cuestión en pormenor no seu estudo dedicado aos parasintéticos. Para a francesa, o prefixo é o único afixo transcategorizador nas supostas construcións parasintéticas, xa que ela nega o carácter derivativo da desinencia verbal *-ar* (Corbin 1980: 188-190, 1987: 129-131). Por tanto, para a investigadora do grupo SILEX estamos unicamente perante casos de prefixación, concepción que tamén mantén a lingüista portuguesa Margarita Correia (1992), para quen o prefixo *anti-* presenta unha transcategorización en casos modernos, como en *crema antiarrugas*, *loita antidroga*, en que un substantivo base deriva nun adxectivo.

Non obstante, a consideración maioritaria a respecto desta propiedade dos prefixos é a negación destes afixos como transcategorizadores, de modo que os prefixos só interveñen ou participan en procesos isocategoriais de adxectivación deadxectivo (*legal* > *ilegal*), nominalización denominal (*organización* > *desorganización*) e verbalización deverbal (*facer* > *refacer*). Entre os seguidores desta opinión, podemos citar, por exemplo, a Serrano Dolader (1995: 64), Freixeiro Mato (1999: 254), Varela / Martín García (2000: 4995-1997) ou Rio-Torto (1998: 87). Para esta última, “as operacións de prefixação que não envolvem alteração categorial são formalizáveis através do esquema $[X]_Y \rightarrow [\text{prefixo } [X]_Y]_Y$ ” (Rio-Torto 1998: 87). Alén destes autores, convén mencionarmos as propostas de Scalise (1984) e Alcoba Rueda (1987), porque tamén coinciden en afirmar o carácter “non transcategorizador” do prefixo; porén, na epígrafe reservada á parasíntese (cfr. §4.2.3.) teremos ocasión de estudar en pormenor estes dous modelos de análise estrutural diverxente que formulan para os parasintéticos, alén de revisarmos de novo estas consideracións sobre a (non) transcategorización do prefixo nos parasintéticos.

3. Combinatoria de prefixos

A combinatoria de prefixos é bastante limitada e está sometida a restricións semánticas moi rixidas, de aí que os casos de concatenación ou acumulación múltipla sexan pouco frecuentes.

Por outra parte, nalgúns manuais (Álvarez / Xove 2003: 726) indícase a dificultade da orde de aplicación en certas palabras que participan da prefixación e da

sufixación de modo sucesivo, non simultáneo, de modo que non resulta fácil identificar que mecanismo actúa antes ou despois. Así, dubídase se *inutilidade* provén de “*inútil + -idade*” ou de “*in- + utilidade*”. Porén, neste caso, p. ex., non existe dúbida posíbel, xa que tanto *inutilidade* como *inútil* proceden do latín INŪTILĪTĀTEM e INŪTĪLEM. Por tanto, para discernir a secuenciación destes procesos o método máis fiábel é o histórico-etimolóxico.

4. Propiedades semánticas

A conexión semántica entre o prefixo e a base é moito menos rixida do que a existente entre o sufixo e a base, de modo que a sensación de derivación, como afirma Lang (1990: 220), é moito maior. Os prefixos normalmente matizan, corrixen, modifican ou orientan o significado da palabra, polo que o seu aspecto semántico se ve matizado ou lixeiramente alterado.

Ao igual que os sufixos, os prefixos requiren certas propiedades semánticas das bases a que se xuntan. Así, certos prefixos verbais só poden unirse a verbos perfectivos, como o prefixo *des-* con valor reversivo (*desfacer*) ou os prefixos *re-*, *sobre-* e *sub-* co significado de iteración (*reconstruír*, *sobreedificar*, *subdistinguir*). Polo contrario, estes mesmos prefixos con diferente significado poden seleccionar bases verbais imperfectivas, como o prefixo *des-* negativo (*desacatar*), e os prefixos *re-*, *sobre-* e *sub-* con valor intensivo (*relimpar*, *sobrecargar*, *subestimar*) (Varela / Martín García 2000: 5009).

A presenza dun afixo dado na base pode favorecer ou impedir (no sentido de bloquear) a asociación dun prefixo a esa base. Deste modo, os prefixos que seleccionan bases adxectivas adoitan aterse a restricións de tipo aspectual; así, os prefixos *des-* e *in-* asócianse unicamente a adxectivos imperfectivos, é dicir, a aqueles que constrúen co auxiliar *ser* e son parafraseábeis por ‘non X’ (*descortés*, *desleal*, *incapaz*, *impopular*). Así mesmo, é preciso indicar que o prefixo *des-* non se asocia a adxectivos acabados en *-bel*, pois neste caso só o prefixo *in-* é permitido: *inaccesíbel*/**desaccesíbel*, *insoportábel*/**desoportábel*.

Cando a base do derivado prefixal é un nome non se pode afirmar que existan restricións semánticas propiamente ditas. Con todo, é posíbel observamos certas tendencias na súa selección. Como apuntan Varela / Martín García,

algunos prefijos como los privativos seleccionan nombres que denotan estados o situaciones [...] (*asimetría, deshonor*). Los prefijos locativos, por su parte, suelen adjuntarse a nombre concretos para establecer la posición espacial [...] (*antecocina, contraventana, entrepierna, subtítulo*). En la formaciones con prefijos temporales [...], la base nominal suele tener como referente un nombre que denota un periodo o suceso localizado en el tiempo (Varela / Martín García 2000: 5010).

No xeral, os prefixos son menos ambiguos do que os sufixos, cunha tendencia manifesta cara á monosemia (*a-, ante-, anti-, des-...*), o que implica un significado máis claro e constante. Con todo, o máis frecuente é que os prefixos tamén manteñan relacións de polisemia, aínda que esta sexa algo máis restrita que nos sufixos, pois non presentan máis de tres sentidos (*contra-, entre-, ex-, re-...*).

Por tanto, como se viu, un mesmo prefixo pode presentar valores diferentes, mais, ao contrario, un contido semántico pode expresarse a través de varios prefixos. Así,
-orde, anterioridade, prioridade: *pre-, ante-*;
-intensidade: *re-, super-, arquí-, hiper-*;
-negación: *des-, in-*;
-etc.

4.2.1.2. Clasificación dos prefixos

En liñas xerais, os prefixos tamén se poden clasificar en apreciativos ou nomenclais, coa particularidade de que os primeiros son todos intensificadores.

1. Prefixos apreciativos

Os prefixos apreciativos teñen, pois, todos valor intensificador e coinciden cos sufixos dos mesmo valor en que amplían morfoloxicamente a base producindo un efecto hiperbólico: *listo* → *listísimo* / *superalto* (Freixeiro Mato 1999: 255). Diferéncianse os seguintes: *arquí-, extra-, hiper-, hipo-, pre-, re-, requete-, sobre-/super-, ultra-*.

2. Prefixos nocionais

Estes prefixos modifican de forma substancial o contido da base, de igual modo que os sufixos nocionais, podendo inclusive negar o significado da mesma. Mais polo xeral non producen unha alteración tan profunda do significado da base como a que os sufixos nocionais achegan, en boa medida por non mudaren a categoría gramatical da base.

Por causa da monosemia dominante, imos agrupar os prefixos nocionais en virtude dos seus valores semánticos, dado que a función do prefixo, que resulta sintacticamente ambigua nalgúns casos, é principalmente semántica. Seguindo este criterio, poden diferenciarse os seguintes:

- a) Prefixos de negación: *a-*, *anti-*, *contra-*, *des-* / *dis-*, *extra-*, *in-*.
- b) Prefixos locativos: *ante-*, *circun-*, *entre-* / *inter-*, *infra-*, *intra-*, *meta-*, *retro-*, *sobre-* / *super-*, *sub-* / *so-*, *tras-* / *trans-*, *ultra-*, *xusta-*, *vice-*.
- c) Prefixos temporais: *ante-*, *co-* / *con-*, *pos-*, *pre-*.
- d) Prefixos de cantidade e de tamaño: *bi-* / *bis-*, *mini-*, *mono-*, *multi-*, *pluri-*, *semi-*, *uni-*.

Sintetizamos no seguinte cadro a clasificación dos prefixos en galego:

Prefixos apreciativos	Intensificadores	<i>arqui-</i> <i>extra-</i> <i>hiper-</i> <i>hipo-</i> <i>pre-</i>	<i>pro-</i> <i>re-</i> / <i>requete-</i> <i>sobre-</i> / <i>super-</i> <i>ultra-</i>
	Prefixos nocionais	De negación	<i>a-</i> <i>anti-</i> <i>contra-</i>
	Locativos	<i>ante-</i> <i>circun-</i> <i>en-</i> <i>entre-</i> / <i>inter-</i> <i>es-</i> / <i>ex-</i> <i>extra-</i> <i>infra-</i> <i>intra-</i> <i>meta-</i>	<i>retro-</i> <i>so-</i> / <i>sub-</i> <i>sobre-</i> / <i>super-</i> <i>supra-</i> <i>tras-</i> <i>ultra-</i> <i>xusta-</i> <i>vice-</i>
	Temporais	<i>ante-</i> <i>co-</i> / <i>con-</i> <i>pos-</i>	<i>pre-</i> <i>retro-</i>
	De cantidade e de tamaño	<i>bi-</i> / <i>bis-</i> <i>mini-</i> <i>mono-</i> <i>multi-</i>	<i>pluri-</i> <i>semi-</i> <i>uni-</i>

Tabela 2 Cadro de clasificación dos prefixos en galego

Outra clasificación posíbel, e máis tradicional, é aquela que diferencia entre a orixe dos prefixos, latinos ou gregos; é a que vemos na maior parte das gramáticas históricas do portugués, así como na do galego (Ferreiro 2001).

As características e produtividade de cada prefixo serán estudadas na prefixación no galego medieval (cfr. §5.2), de modo que non aparecerán neste estudo todos os prefixos referidos no cadro anterior.

4.2.2. Sufixación

Tornouse xa un *clixé* afirmar que a sufixación se define como o “procedemento máis produtivo na formación de palabras pola grande cantidade de sufixos existentes na lingua, así como pola flexibilidade que presentan na súa distribución” (Ferreiro 1997: 114), tanto nas linguas romances como na latina. Precisamente, este feito levou á identificación da derivación coa sufixación, debido a que uns consideran a derivación como equivalente de afixación e outros como un tipo de afixación (Almela Pérez 1999: 71).

Este procedemento de formación vocabular, por súa vez, conforma o mecanismo afixal máis complexo (Almela Pérez 1999: 71), feito que se explica polo elevado número de unidades de que dispón.

4.2.2.1. Caracterización xeral da sufixación

A sufixación ou derivación sufixal consiste na creación de novas palabras a través da adición de un afixo, denominado sufixo, á dereita da base. Este procedemento de formación de palabras mediante sufixos tamén ten a súa orixe no propio latín, de modo que o galego herda moitos destes sufixos latinos. Porén, a evolución fonética dalgúns, a produtividade doutros e a aparición de novos sufixos provocou unha importante renovación dos procesos sufixais do idioma (Ferreiro 2001: 114).

Diferéncianse dous tipos de sufixación: apreciativa e non apreciativa ou nocional (Freixeiro Mato 1999: 167). Na sufixación nocional o sufixo modifica o contido semántico da base de modo obxectivo e substancial, e posúe capacidade

transcategorizadora, en canto a sufixación apreciativa é máis subxectiva ou emocional e non permite unha mudanza de categoría gramatical.

A nómina de sufixos existentes en galego integra elementos tónicos e átonos. Así, mentres estes últimos non alteran o acento da base, os tónicos si deslocan a posición do acento principal da palabra base a que se xuntan: *casa* → *casiña*, *bondade* → *bondadoso*.

Acostuma indicarse que nesta unión do sufixo á base se desencadean moitísimos reaxustamentos fonolóxicos e formais (Lang 1999: 126-127, Varela / Martín García 2003: 4509-4511), vocálicos e consonánticos, mais o certo é que esta afirmación parte de descrições ou análises parcialmente incorrectas dos procedementos afixais. Así, indícase que *agredir* → *agresor*, de maneira que se crea unha RFP en que se enuncia unha perda do /d/ ou, segundo outros autores, este pasa a se realizar como /s/ cando se xunta ao sufixo *-or*. Evidentemente, esta é unha análise incorrecta, que se resolve do punto de vista diacrónico ao recorrermos á etimoloxía, pois podemos ver que tanto *agredir* como *agresor* derivan das formas latinas AGGREDIO e AGGRESOR. Noutros casos, ponse ao mesmo nivel unha base latina con outra romance: *monxe* → *monacato*.

Os únicos casos en galego que podemos considerar como modificacións da base de derivación limítanse a modificacións vocálicas como a posíbel elisión da vogal final de tema (“cancelación vocálica”), como en *branc(o)* → *brancura*, a variación /k/ - /θ/ (*caduco* → *caducidade*) ou a adición dunha consoante eufónica *-c-* [θ] (*café* → *café-c-iño*) ou *-t-* [t] (*café* → *café-t-eira*).

Por tanto, a variación alomórfica a que se ven sometidos os sufixos tamén é moderada. Así, por exemplo, *-eiro* presenta os alomorfos *-adeiro*, *-edeiro*, *-ideiro* (no caso de se xuntar a base verbais), e *-teiro* (cando a base é un nome acabado en vogal tónica); mais tamén temos outros como *-ura* (*-adura*, *-edura*, *-idura*), *-nte* (*-ante*, *-ente*, *-inte*), *-or* (*-ador*, *-edor-*, *-idor*) etc. Tal e como podemos observar, e así tamén o indica Freixeiro Mato (1999: 222), moitas destas alomorfias “explícanse por se tratar de formacións deverbais en que aparecen *a*, *e* ou *i* como vogais temáticas dos verbos da CI, CII e CIII servindo de enlaces entre o lexema e o sufixo”. Noutros casos, estas variacións parecen estar sometidas a procesos eufónicos (*café-t-eira*) e, por veces, de numeración silábica (*limpo* → *limpeza*; *tímido* → *timidez*). Así mesmo, outras alomorfias responden a evolucións diacrónicas (culto/patrimonial): *ligar* → *ligazón*; *acabar* → *acabación*.

Moitas destas variantes son tratadas tradicionalmente como casos de “interfixos”, cal o de *-c-* de *cafeciño*, o *-ad-* de *-adeiro* etc., mais ao noso modo de ver na realidade constitúen casos de alomorfas. Isto permite, por outra parte, salvagardar o concepto de morfema, pois o interfixo só presenta forma e non significado e o morfema é a unidade mínima significativa cun significante e un significado.

Por outra parte, e como xa adiantamos en parágrafos anteriores, unha das características máis definitorias da sufixación é a súa capacidade transcategorizadora. Efectivamente, a maior parte dos afixos nocionais poden mudar a categoría sintáctica da base, de modo que interveñen, xa que logo, en procesos de substantivación deverbal e adxectiva, de adxectivación desubstantiva e deverbal e de verbalización desubstantiva, deadxectiva, deverbal e deadverbial. Pola contra, os sufixos apreciativos non posúen esta posibilidade, de modo que unicamente operan en procesos isocategoriais.

A este respecto, Rio-Torto (1988) define e formaliza dous tipos de operacións sufixais. Para ela “as bases sobre as quais operar os procesos de sufixação podem ser temas verbais (sufixação verbal), radicais verbais, nominais e adjetivais (sufixação deverbal, denominal e deadjectival)” (Rio-Torto 1998: 88). Rexístranse, xa que logo, dous tipos de operacións:

1. Sufixación isocategorial, en que base e produto teñen a mesma categoría gramatical ($[x]_y \rightarrow [[x]_y \text{ sufixo}]_y$).
2. Sufixación heterocategorial, en que o produto presenta categoría gramatical diferente da base ($[x]_y \rightarrow [[x]_y \text{ sufixo}]_z$).

Por tanto, na maior parte dos casos, na sufixación non se respecta a *Unitary Base Hypothesis (UBH)* ou Hipótese da Unicidade da Base (HUB) de Aronoff (1976) (cfr. tamén Scalise 1987), pola cal un afixo se xunta a unha única categoría lexical (cfr. §3.1.).

Como vemos, o tipo de bases a que se unen os sufixos nocionais é variada: substantivas (*libro* → *librería*), adxectivas (*alegre* → *alegrar*) ou verbais (*beber* → *bebedela*). De igual xeito, a asociación dun sufixo a unha base pode alterar as propiedades de xénero, número, modo-tempo e número-persoa desta: *muller* [+fem., +sing.] → *mullerío* [+masc., +sing.].

Así mesmo, os sufixos nocionais poden producir tanto nomes substantivos e/ou adxectivos (*pedra* → *pedrada*; *crecer* → *crecente*) como verbos (*lide* → *lidar*) e adverbios (*feliz* → *felizmente*).

Canto á recursividade, tanto os sufixos nocionais como os apreciativos poden asociarse a unha palabra xa sufixada previamente, de maneira que se poden ir acumulando “derivacións en cadea”: *nación* → *nacional* → *nacionalizar* → *nacionalización*. No caso dos sufixos nocionais, a colocación está sintacticamente fixada por unha determinada orde (Freixeiro Mato 1999: 221). Así, por exemplo, os sufixos nominalizadores abstractos e os formadores de adxectivos deadxectivais pospóñense ao final da palabra derivada, mais sempre previos aos afixos flexivos. Vexamos algúns casos:

<-al + -izar + -ción>: *nacionalización*

<-ecer + -mento>: *florecemento*

<-ivo + -idade>: *creatividade*

<-oso + -mente>: *marabillosamente*

Consecuentemente, a presenza dun sufixo pode favorecer ou impedir (no sentido xenerativo de “bloquear”) a produtividade de asociacións doutros sufixos a esa base sufixada: *selectivo* → *selectividade* / **selectivez*, *florecer* → *florecemento* / **florección*.

Pola súa parte, os apreciativos non presentan unha ordenación interna, pois poden aparecer uns antes dos que outros e viceversa. Con todo, maniféstase unha clara tendencia a colocar *-iño* na última posición. Algunhas destas combinacións son: diminutivo + diminutivo (*gordo* → *gordocho* → *gordochiño*), aumentativo + diminutivo (*garrafa* → *garrafón* → *garrafonciño*) etc. Así mesmo, os sufixos apreciativos son compatíbeis cos nocionais, mais os primeiros sempre han de ocupar a última posición.

Alén disto, igual do que os prefixos, os sufixos poden aparecer tanto sobre bases eruditas como patrimoniais, producíndose esta acumulación de sufixos de que vimos falando (*agarim-os-eiro*), así como a posibilidade dunha mesma base poder aparecer con diferente tipo de sufixos (*grandura/grandezza*).

Do punto de vista semántico, os sufixos nocionais están moito menos motivados que os apreciativos. Así, o significado das palabras sufixadas nocionalmente non é a suma exacta dos respectivos integrantes, senón que mostran unha tendencia á

lexicalización, diluíndose a diferenciación entre o sufixo e a base. Alén disto, en canto na sufixación apreciativa o falante é máis consciente da alteración morfolóxica da base (*home* → *homiño*), na nocional o recoñecemento do proceso derivativo non é tan automático (*parar* → *parador*).

Así mesmo, os sufixos nocionais adoitan presentar unha polisemia bastante alta, fronte á monosemia habitual ou polisemia moderada dos prefixos (máximo tres significados). Por tanto, non son monovalentes, pois xeralmente expresan diversos valores semánticos, e tampouco están especializados nun único significado (Alvar Ezquerro 2006: 53). De igual maneira, rexístrase o proceso inverso, isto é, hai distintos sufixos que expresan un mesmo significado. Así, para a idea de acción temos dispoñíbeis os sufixos *-ador*, *-adura*, *-ción*, *-mento*...; para designar unha calidade partimos de *-ez*, *-idade*, - etc.

Pola súa parte, os sufixos apreciativos tamén poden presentar varios significados (p.ex.: suf. *-iño*: diminutivo, ponderativo, intensificador, afectivo, pexorativo) teñen unha carga semántica máis constante e monosémica, polo que se adoitan organizar semanticamente en diminutivos (pequenez e/ou afectividade), aumentativos (tamaño, fealdade, grandiosidade), pexorativos ou despectivos (desagrado, desconsideración, desprezo) e intensificadores (calidade en alto grao), aínda que por veces non sexa nítida esta diferenciación.

En último lugar, foi un fenómeno moi frecuente a substitución de sufixos ao longo da diacronía lingüística, sobre todo se compararmos o período medieval co moderno: ant. *brandeza* → *brandura*. Estes casos de rivalidade e substitución de sufixos teremos ocasión de os ver máis en pormenor no seguinte capítulo dedicado á sufixación no galego medieval (cfr. §5.3.).

4.2.2.2. Clasificación dos sufixos

Debido ao alto número de afixos existentes e á extraordinaria polisemia, os problemas de clasificación son acentuados. Así, existen diversas propostas de clasificación para agrupar os sufixos, de entre as cales destacamos as seguintes:

1. Patrimoniais e cultos
2. Transcategorizadores ou non transcategorizadores
3. Abstractos, profesionalizantes, locativos etc.
4. Denominais, deverbais e deaverbiais
5. Nominais, verbais e adverbais
6. Apreciativos e nocionais ou non apreciativos
7. Produtivos e non produtivos

Nas próximas liñas imos estudar os diversos tipos de sufixos segundo o tipo de categoría de palabras resultantes após o proceso derivativo. Así, diferenciamos entre sufixación nominal (substantiva e/ou adxectiva), no caso de que a palabra formada sexa un nome, sufixación verbal, se o produto resultante é un verbo, e sufixación adverbial, cando o vocábulo creado é un adverbio.

Así mesmo, dentro destes imos diferenciar entre sufixos nocionais ou referenciais, que son os que achegan significación obxectiva e modifican de maneira importante o significado da base xunto coa súa categoría sintáctica, e sufixos apreciativos, cuxa significación é subxectiva e expresiva e non teñen a capacidade de transcategorizaren a base lexical.

4.2.2.3. Sufixación nominal

O grande procedemento de formación de sufixos é a creación de nomes substantivos ou adxectivos, dúas das categorías gramaticais con maior número de palabras e cun inventario léxico sempre aberto á incorporación de novos termos. A análise da sufixación nominal en galego formula bastantes problemas nos cales convén reparar: a) a determinación do repertorio de sufixos e as súas características formais; b) a súa segmentación e c) a súa semántica xeral e específica.

1. Repertorio de sufixos

O repertorio de sufixos nocionais conta con moitos morfemas derivativos, cuxo inventario non está ben fixado, así como tampouco as súas restricións, extensión e mudanzas de todo tipo. Por tanto, non existe unanimidade nas gramáticas galegas e

portuguesas a respecto de cantos e cales son os sufixos nominalizadores do galego, como acontece igualmente co español (Lacuesta / Bustos Gisbert 1999), nin tampouco nas formas representativas dos sufixos nin das súas variantes alomórficas. Estas diverxencias parecen responder, ao menos, a dúas razóns diferentes. En primeiro lugar, é debido á existencia de sufixos que permiten a sufixación nominal e a sufixación adxectiva, como acontece por exemplo nos sufixos *-dor*, *-eiro*... o que, por outra parte, se explica dada a permeabilidade e existencia destas dúas subclases dunha mesma clase. Así, en canto uns autores consideran que deben incluírse sufixos como estes en ambos os repertorios, outros defenden que nestes casos se produce a substantivación do adxectivo correspondente ou non establecen diferenzas clasificatorias entre a sufixación nominal e a adxectiva.

En segundo lugar, non sempre resulta fácil determinar se dous elementos derivativos representan alomorfos diferentes do mesmo sufixo ou constitúen sufixos diferentes. Neste sentido, existen dúas liñas de interpretación: a) considerar como sufixos diferentes todos aqueles casos en que se producen variacións formais ou fonolóxicas na estrutura do derivado sufixado, ou b) interpretar como variantes alomórficas aqueles exemplos en que existe distribución complementaria, semellanza formal e significado gramatical e lexical próximos. Ao noso ver, xulgamos que esta é a opción máis operativa.

Alén disto, este repertorio está sometido á introdución de novos sufixos ao mesmo tempos que outros decaen ou se fosilizan; do mesmo modo, morfemas inactivos poden reactivarse polos falantes ou escritores (Lang 1990: 123).

2. Segmentación

No caso dalgúns derivados deverbais, non resulta sinxela a segmentación do sufixo en relación coa vogal temática da base verbal. Isto pode acontecer en dúas situacións diferentes:

- a) Cando a sufixación verbal só se produce con verbos dunha determinada conxugación. Así, por exemplo, nas palabras *hospedaxe*, *señoreaxe*... debe postularse un sufixo *-xe* ou *-axe*?
- b) Cando o sufixo deverbal non distingue verbos da segunda e terceira conxugacións. Os sufixos galegos presentan a este respecto un duplo comportamento, pois mentres que

nuns casos se manteñen as diferenzas flexivas entre ambas as conxugacións (-or/-dor, -ura/-dura...), noutros iguálase.

Así mesmo, non suscita menor polémica a segmentación do sufixo a respecto dun aparente interfixo, que como indicamos non contemplamos no noso estudo: *-ed-eiro* en *bebedeiro*, senón que *-edeiro* constitúe un alomorfo de *-eiro* cando este se xunta a bases verbais da C2.

3. Aspectos semánticos

Na análise semántica dos derivados nominais, cómpre diferenciar varios niveis (Santiago Lacuesta / Bustos Gisbert 2003). Nun primeiro nivel sitúase o conxunto de propiedades semánticas que aparecen asociadas á nominalización e que poden ser interpretadas en termos argumentais ou lóxico-semánticos: “acción”, “axente”, “instrumento” etc. Porén, este tipo de relacións semánticas non é suficiente para dar conta do contido semántico dos sufixos. Unha das características máis relevantes da sufixación nominal reside no feito de que varios sufixos poden estar especializados para referir determinados tipos concretos de relacións. Así, por exemplo, é frecuente que certos sufixos unicamente revelen relacións axentivas, como poden ser as “profesións”, “crenzas” etc., ou que algúns sufixos que indican conxuntos se refiran a determinados tipos de “cultivos”, “árbores” etc.

4.2.2.3.1. Sufixos nocionais formadores de substantivos

Os sufixos formadores de substantivos constitúen o fenómeno morfolóxico coñecido como nominalización, que a teoría sintáctica transformacionalista adoita restrinxir á formación de nomes deverbais (cfr. §3.1.); porén, esta pode estenderse tamén á creación de nomes a partir de substantivo ou de adxectivos (Lang 1990: 131; Freixeiro Mato 1999: 225).

Na seguinte tabela indicamos os sufixos nocionais que crean substantivos:

4. A afixación

Sufixo substantivo	Base > Derivado	Exemplo
-ada	substantivo > substantivo	<i>pedra > pedrada</i>
	verbo > substantivo	<i>rabuñar > rabuñada</i>
-ado	substantivo > substantivo	<i>empresario > empresariado</i>
-al/-ar	substantivo > substantivo	<i>area > areal</i>
-aría	substantivo > substantivo	<i>libro > librería</i>
	adxectivo > substantivo	<i>laczán > lacazanaría</i>
-axe	substantivo > substantivo	<i>etiqueta > etiquetaxe</i>
	verbo > substantivo	<i>aterrar > aterraxe</i>
-ción/-zón	verbo > substantivo	<i>administrar > administación</i>
-dade (-edade, -idade)	adxectivo > substantivo	<i>rival > rivalidade</i>
-deiro (-adeiro, -edeiro, -ideiro)	verbo > substantivo	<i>fiar > fiadeiro</i>
-dela (-adela, -edela, -idela)	verbo > substantivo	<i>beber > bebedela</i>
-do (-ado, -ido)	verbo > substantivo	<i>lavar > lavado</i>
-dor (-ador, -edor, -idor, -or)	verbo > substantivo	<i>recoller > recolledor</i>
-dura (-adura, -edura, -idura)	verbo > substantivo	<i>escordar > escordadura</i>
-eiro/a	substantivo > substantivo	<i>moeda > moedeiro</i>
-eta	verbo > substantivo	<i>fumar > fumeta</i>
-ismo	substantivo > substantivo	<i>compañeiro > compañeirismo</i>
	adxectivo > substantivo	<i>sensual > sensualismo</i>
-ista	substantivo > substantivo	<i>dente > dentista</i>
-mento (-amento, -emento, -imento)	verbo > substantivo	<i>armar > armamento</i>
-nte (-ante, -ente, -iente)	verbo > substantivo	<i>fabricar > fabricante</i>
-ón	verbo > substantivo	<i>esvarar > esvarón</i>
-ume	adxectivo > substantivo	<i>negro > negrume</i>

-ura	adxectivo > substantivo	alto > altura
------	-------------------------	---------------

Tabela 3 Sufixos nocionais formadores de substantivos en galego

Segundo o significado, podemos encontrar, entre outros, os seguintes valores semánticos Freixeiro Mato (1999: 228-229):

1. Colectivos (conxunto de): *-al, -allo, -ame, -ario* etc.
2. Cuantitativos (cantidade que cabe no obxecto sinalado pola base): *-ada*.
3. Locativos (lugar onde abunda, onde se cultiva, onde se realiza unha actividade, baixo xurisdición...): *-al, -edo, adoiro* etc.
4. Temporais (duración ou época en que se desenvolve unha actividade): *-ado, -eira* etc.
5. Acción (acto e/ou efecto): *-ame, -axe, -azo* etc.
6. Axentes (tanto obxectos como persoas): *-nte, -dor, -dura* etc.
7. Ocupacionais (profesións): *-án, -ario, -eiro, -nte* etc.
8. Caracterizadores (calidades que poden posuír as persoas ou cousas): *-dade, -nza, -or* etc.

4.3.2.3.1. Sufixos nocionais formadores de adxectivos

Alén dos casos en que hai sufixos que poden tamén formar substantivos e adxectivos á vez, xa que ambos pertencen á mesma categoría gramatical, existe unha serie de sufixos que son especificamente formadores de adxectivos.

Na seguinte tabela relacionamos os sufixos nocionais que crean substantivos:

Sufixo adxectivo	Base > Derivado	Exemplo
-al	substantivo > adxectivo	<i>policía > policial</i>
-ario	substantivo > adxectivo	<i>hospital > hospitalario</i>
-án/ana	substantivo > adxectivo	<i>testa > testán</i>
	verbo > adxectivo	<i>mentir > mentirán</i>
-bel (-ábel, -íbel)	verbo > adxectivo	<i>agradar > agradábel</i>
-nte (-ante, -ente, -inte, -iente)	verbo > adxectivo	<i>delirar > delirante</i>
-dizo	verbo > adxectivo	<i>mover > movedizo</i>

4. A afixación

<i>(-adizo, -edizo, -idizo)</i>		
<i>-doiro</i> <i>(-adoiro, -edoiro, -idoiro)</i>	verbo > adxectivo	<i>perecer > perecedoiro</i>
<i>-dor (-ador, -edor, -idor)</i>	verbo > adxectivo	<i>tranquilizar > tranquilizador</i>
<i>-ego/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>chaira > chairego</i>
<i>-eiro/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>gando > gandeiro</i>
<i>-engo/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>muller > mullerengo</i>
<i>-ento/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>graxa > graxento</i>
<i>-eño/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>ferro > ferreño</i>
<i>-és/esa</i>	substantivo > adxectivo	<i>China > chinés</i>
<i>-il</i>	substantivo > adxectivo	<i>peón > peonil</i>
<i>-ista</i>	substantivo > adxectivo	<i>vanguardia > vangardista</i>
<i>-ístico/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>humor > humorístico</i>
<i>-ón/-ona</i>	verbo > adxectivo	<i>chorar > chorón</i>
<i>-oso/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>orgullo > orgulloso</i>
<i>-sco/a</i> <i>(-isco, -esco)</i>	substantivo > adxectivo	<i>mouro > mourisco</i>
<i>-udo/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>orella > orelludo</i>

Tabela 4 Sufixos nocinoais formadores de adxectivos en galego

Entre os sufixos formadores de adxectivos en galego, poden diferenciarse polo seu significado (Freixeiro Mato 1999: 231-232):

1. Caracterizadores (calidades referidas a persoas ou cousas; semellanza; pexorativas): *-al, -az, -ado/-ido...*
2. Virtuais (poden indicar potencialidade, facilidade ou futuridade): *-bel, -dizo, ío...*
3. Relacionais (relativo ou pertencente a): *-al, -ano, -ar, -engo, -eño, ico...*
4. Xentílicos (orixe ou procedencia): *-án, -ego, -és, -ío...*
5. Tendencias ideolóxicas, artísticas ou doutrinas: *-ano, -ista...*

4.2.2.3.3. Sufixos apreciativos formadores de substantivos e adxectivos

Os sufixos apreciativos nominais forman quer substantivos quer adxectivos a partir de bases igualmente nominais, pois non é posíbel a transcategorización.

No cadro embaixo referimos os diferentes tipos de sufixos apreciativos nominais

Diminutivos		Aumentativos	Pexorativos		Intensificadores
-iño, -a	-ote, -a	-ón, -ona	-acho, -a	-ngo, -a (-anga, -a /	-ísimo, -a
(-ciño, -a)	-acho, -a	-án, -ana	-ucho, -a	-engue / -ongo)	-iño, -a
-elo, -a	-ico-, a	-azo, -a	-allo, -a	-opo, -a / -oupo, -a /	
-olo, -a			-ello, -a	-upo, -a	
-ete, -a			-astro, -a	-uzo, -a	
			-exo, -a	-oide	

Tabela 5 Cadro de clasificación dos sufixos apreciativos

4.2.2.4. Sufixación verbal

A creación de novos verbos tamén é un proceso existente no latín, “onde eran frecuentes as formacións verbais a partir de nomes por meio da adxunción das terminacións infinitivas, normalmente da primeira conxugación” (Ferreiro 1997: 197). Este proceso continúa na lingua galega, mais prodúcese tan frecuentemente con bases nominais como coas verbais. A nivel anecdótico, rexístrase a formación de verbos a partir de pronomes ou adverbios.

Así, no galego, sobre todo no período medieval, o proceso de formación máis produtivo para crear novos verbos realízase a través da xunción da desinencia *-ar* do infinitivo da primeira conxugación a unha base. Non obstante, tamén existen outros sufixos verbais, non tan rendíbeis, como *-ear/-exar*, *-iñar*, *-iscar*, *-ecer*... A este respecto, algún autores como Pena (1980) ou Serrano Dolader (2000), diferencian entre ‘derivación inmediata’, cando as terminacións verbais se unen directamente á base (*-ar*), e ‘derivación mediata’, se estas se incorporan á vez que certos sufixos (*-ecer*, *-izar*...).

Porén, no seo das formacións verbais, tanto afixais como parasintéticas (cfr. §4.2.3.), encontrámonos cun problema decisivo que afecta ao estatuto lingüístico da

desinencia (extensa) de infinitivo, composta de VT + MS (-ar, -er, -ir). Cómpre reflexionar se se trata dun morfema flexivo ou dun morfema derivativo e, no caso de ser derivativo, cal deses dous morfemas é o que permite a derivación. Inclinarsse a favor dunha ou doutra posibilidade leva consigo implicacións teóricas de diferente magnitude.

En calquera caso, a proposta que se formule debe ser coherente coa análise de todos os paradigmas verbais e debe aplicarse a todas as formacións verbais, tanto ás sufixais como ás parasintéticas. A este respecto, é preciso unificar estas análises e evitar duplicidades como as que encontramos, por exemplo, en Freixeiro Mato (1999: 232). Este autor indica que a sufixación verbal consiste fundamentalmente na “transposición á categoría verbal doutra clase de palabras mediante a terminación -ar de Infinitivo (VT + morfema substancial)”; porén, cando esta derivación formar parte dun verbo parasintético, unicamente contempla que o sufixo verbalizador está representado polas “respectivas vogais temáticas -a, -e (seguidas no infinitivo polo morfema substancial -r)” (Freixeiro Mato 1999: 273-274).

Así pois, a seguir imos reflexionar acerca do carácter flexivo ou derivativo destes morfemas. Nesta liña, a nosa proposta, coincidente coa de Serrano Dolader (1995: 45-60) e en harmonía coa derivación regresiva, baséase na consideración da vogal temática dos verbos derivados (e tamén dos parasintéticos e regresivos) como morfema derivativo. Porén, antes cómpre facermos unha revisión crítica sobre as hipóteses máis significativas sobre o tema.

1. O morfema substancial do infinitivo como morfema flexivo ou derivativo

A visión da gramática tradicional de aceptar o carácter derivativo da desinencia de infinitivo xa vén recoñecida implicitamente desde o estudo dos verbos parasintéticos de Darmester, ao indicar que estes verbos “offrent ce remarquable caractère d’être le résultat d’une composition et d’une *dérivation* agissant sur un même radical” (Darmesteter 1894: 96)¹⁰⁶. Porén, esta consideración era extensíbel a todo verbo, con independencia de ser ou non parasintético, tal e como podemos ver no resumo de Dubois (1968: 29-30) sobre as teses tradicionais das formacións verbais derivadas.

¹⁰⁶ Cfr. §4.2.3.1. en que tratamos o fenómeno da parasíntese tratado por Darmesteter (1894). Adiantamos neste sentido que o lingüista insire a parasíntese na prefixación, que á súa vez constitúe un tipo de composición e non de derivación.

A concepción do valor derivativo da terminación de infinitivo tamén se mantén en obras recentes, como a de Lang (1990: 17-18 e 163), en que “the final morphemes [...] while they also mark the infinitive mode, additionally they appear to convert a primitive noun or adjective (*cruel, líder, boicot, color*) to a verb” (Lang 1990: 17-18). Con todo, xa no espazo reservado á derivación verbal (“7. Verbalization”), o autor presenta o carácter ambivalente da desinencia de infinitivo, quer como morfema flexivo quer como morfema derivativo, mais desde un punto de vista pouco nítido, xa que non parece haber unha clara diferenza entre flexión e derivación:

Since these morphemes mark a particular accident of the verb –the infinitive– they are conventionally categorised as inflectional rather than derivational. However, since they are very frequently used, as in the examples quoted, to generate lexemes of a different syntactic category from their primitives, their function may also be viewed as derivational (Lang 1990: 163).

Porén, na verdade esta visión tradicional é rexeitada hoxe en día practicamente por case todos os autores, nomeadamente os xenerativistas. Así, Danielle Corbin (1980 e 1987), que se enfrontou a este problema a raíz do tratamento das formacións parasintéticas, indica algúns argumentos contrarios á consideración do morfema de infinitivo como sufixo derivativo (Corbin 1987: 124-129). Entre eles, afirma que o uso do morfema substancial *-r* como forma para designar un determinado paradigma verbal é, efectivamente, mera arbitrariedade¹⁰⁷. Porén, non concordamos coa autora no feito de que a existencia da clase parasintética implique a creación de tantas regras parasintéticas como afixos flexionais existiren no paradigma verbal: *costum-ar, costum-abamos...* xa que todo isto se resolve aceptando a vogal temática como sufixo derivativo, tal e como demostraremos máis adiante.

Alén disto, Corbin postula que a terminación de infinitivo cando estiver ligada a un sufixo sempre aparece após este, de maneira que se relaciona máis cos morfemas flexivos que cos derivativos. Efectivamente, os sufixos flexivos ocupan sempre unha posición máis externa e posterior aos derivativos, mais se recoñecemos a vogal temática como elemento derivativo esta podería aparecer precedendo a outros afixos en formacións posverbais:

mant e r > mant e mento

¹⁰⁷ Cfr. o latín que emprega a primeira persoa (XXX), o sánscrito parte da raíz (XXX) etc.

Así mesmo, hai outros autores que consideran que o sufixo verbal ten a finalidade de indicar ou “marcar” o carácter verbal da formación en que se integra, é dicir, ten a función de servir simplemente de traspaso dunha categoría nominal a unha verbal. Deste modo, para Pottier (1962) o morfema de infinitivo posúe unha dupla función, aspectiva e categorizadora verbal, de modo que este morfema é o indicador do dinamismo verbal. Nesta liña, Thiele (1984: 19) xulga que a terminación *-ar* constitúe un sufixo verbal, e máis concretamente un morfema gramaticalizado, “puesto que su función exclusiva es la del traspaso de radicales a la categoría de verbos”. Igualmente, Mascaró (1985) salienta que a terminación do infinitivo conforma un caso de sufixación inherente, pois aparece obrigatoriamente ao converter unha base previa (xeralmente nominal) nunha categoría verbal.

Outra posibilidade de interpretación da desinencia de infinitivo é a de recoñecer tanto a capacidade flexiva como derivativa. Neste sentido, Dubois (1962) sostén que é preciso analizar o infinitivo en relación cos paradigmas en que se integra, de aí que sexa posíbel recoñecer dous valores diferentes:

- a) Se o infinitivo se insire dentro do paradigma verbal, este debe ser cualificado como flexivo; así en *lider-ar*, *lider-amos...* *-ar* e *-amos* son flexivos.
- b) Se o infinitivo se integra dentro dun paradigma de derivación, a desinencia presenta características derivativas; por tanto, en *líder* (subst.) > *liderar* (vbo.), *-ar* é morfema derivativo.

Esta dupla posibilidade tamén aparece recollida en Malkiel (1978). Por un lado, o valor flexivo explícase do mesmo modo que en Dubois (1962), e, por outro, o carácter derivativo semella ter relación co uso nominal da forma de infinitivo (*o correr*, *a comida...*)¹⁰⁸, xa que moitos destes substantivos presentan afixos derivativos que participan neste tipo de paradigmas.

Outra proposta interesante é relacionada coa existencia de *morfemas cero*, na cal se reflexiona tamén sobre o estatuto da VT. A primeira teoría neste liña é a presentada por Hockett (1947), que propón a interpretación da vogal temática (“conjugation vowel”)

¹⁰⁸ Dado que neste estudo non incluímos o proceso de formación de palabras denominado conversión, mediante o cal unha categoría gramatical muda para outra sen sufrir ningunha adición ou resta morfolóxica, non imos reflexionar sobre o estatuto e a estrutura morfolóxica deste tipo de formacións. Para unha visión interesante e esclarecedora ao respecto, consúltese Serrano Dolader 1995: 184-188).

como un “empty morph”, isto é, un morfo que carece de significado algún e que non corresponde a ningún morfema, en canto o infinitivo si constitúe un morfema en si propio. Anos máis tarde (Hockett 1950), abandona o concepto de “empty morph” e engloba as vogais temáticas nunha categoría especial de morfemas denominada “sinais estruturais”, de xeito que a vogal temática informa de que o radical verbal pertence a unha determinada clase morfémica na súa flexión.

O concepto de *morfema cero* (\emptyset) é proposto por Marchand (1955: 7) para a análise de formacións inglesas do tipo *father* (subst.) > *to father* \emptyset (vbo.). Non obstante, o problema fundamental desta proposta é a súa colisión ou repercusión nomeadamente cos derivados parasintéticos, xa que ao aceptar a presenza dun sufixo cero nos verbos ingleses derivados denominais, como por exemplo *slave* (subst.) > *enslave* (vbo.), a análise deste tipo de estruturas responde a un esquema parasintético: “*en + slave + \emptyset* ”.

A partillar puntos coincidentes coa teoría de Marchand, Reinhemer-Rîpeanu (1972) postula a presenza constante dun morfema derivativo cero, nominal ou verbal, para todos aqueles verbos derivados de nomes sen outro sufixo que o da propia conjugación. Deste modo, a análise dun verbo do tipo liderar non respondería ao esquema “*líder* (base) + *ar* (sufixo)”, senón a unha configuración estrutural do tipo “*líder* (base) + \emptyset (sufixo verbalizador) + *ar* (flexivo de infinitivo)”. Así, a desinencia *-ar* é considerada, única e exclusivamente, como o morfema flexivo verbal do infinitivo, no mesmo nivel do que outras desinencias flexivas do resto do paradigma: *-amos*, *-iches* etc.

Relativamente aos parasintéticos, na súa proposta Reinheimer postula o mesmo nivel de análise para os derivados por parasíntese do tipo *atristar* e *entristecer*, de maneira que cabería analizarmos as desinencias *-ar* e *-ecer* como morfemas flexivos de infinitivo (Reinheimer Rîpeanu 1974: 137). Porén, tal e como sinala Serrano-Dolader (1995: 54-55), a súa estrutura é diferente, pois os derivados en *-ecer* presentan un sufixo *-ec-*, con valor incoativo.

2. A vogal temática como morfema flexivo ou derivativo

Como acabamos de expor, a gramática tradicional centrábase no estudo da desinencia do infinitivo como elemento derivativo e explicaba o resto do paradigma verbal como formas flexionadas desde o infinitivo. En consecuencia, as formas conjugadas do verbo non serían propiamente derivadas.

Efectivamente, concordamos co feito de que o infinitivo é unha mera citación de todo o paradigma verbal, mais, dado que o MS *-r* só aparece neste tempo verbal, semella lóxico rexeitarmos como sufixo derivativo toda a terminación de infinitivo. Por tanto, para manter o carácter derivativo da terminación do infinitivo, a solución áchase na vogal temática. Esta é a proposta de Scalise, coa cal coincidimos inicialmente:

In primo luogo, deve essere chiaro che comunque si vogliono rappresentare derivazioni del tipo N > V o A > V, il “suffisso” verbale non è un suffisso flessivo, è un suffisso derivazionale: una rappresentazione più corretta dunque sarebbe la vocale tematica e non la “forma de citazione” -*are/-ire* che fa pensare direttamente al morfema dell’infinito (e quindi ad una forma flessa) (Scalise 1984: 205).

Deste modo, a análise levaríanos a seguinte segmentación:

costum (base) + *a* (sufixo verbalizador) + *r* (morfema flexivo de infinitivo)

Por tanto, o morfema derivativo verbal vén explicitado polas respectivas vogais temáticas de cada conxugación: <-*a*-> para a C1, <-*e*-> para a C2 e, teoricamente, <-*i*-> para a C3, xa que desta conxugación non temos ningunha formación. A este respecto, cómpre recordar que en determinados tempos e persoas verbais poden aparecer alomorfos da VT, tal como <-*e*-, -*o*-, -*ø*-> para a C1, <-*i*-, -*ø*-> para a C2 e <-*e*-, -*ø*-> para a C3 (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 314-315). Por tanto, nalgúns casos non será factíbel indicar a vogal temática, senón que é preciso propor un morfema derivativo verbal cero, que é o alomorfo de VT que se rexistra nalgúns tempos.

Esta mesma proposta é a que sostén, por exemplo, Serrano Dolader (1995) para os parasintéticos verbais, pois considera que o derivativo verbal pode estar constituído por unha VT (no caso do infinitivo ou dalgunha persoa verbal) ou por un morfema cero nalgúns casos, que precede os flexivos verbais. Deste xeito, esta análise respecta o principio –e o sentido orixinal–, segundo o cal o concepto de morfo cero é aplicado unicamente cando, nun paradigma determinado, o lugar funcional (ocupado ás veces por ese morfo) aparece representado noutras ocasións por un morfema diferente de cero (neste caso, por unha vogal temática ou alomorfo vocálico)¹⁰⁹.

¹⁰⁹ Cfr. Reinheimer-Ripeanu (1972) que propuña un morfema derivativo verbal cero constante, considerando a terminación *-ar* do infinitivo, ou as formas conxugadas *-amos*, *-o* etc., como morfemas flexivos.

Base	Sufixo derivativo verbal + VT	Afixos flexivos	
		MMT / MS / MA	MNP
<i>guis</i>	<i>a</i>	<i>r</i>	∅
<i>guis</i>	∅	∅	<i>o</i>
<i>guis</i>	<i>o</i>	∅	<i>u</i>
<i>guis</i>	<i>a</i>	<i>ra</i>	<i>s</i>

Tabela 6 Estrutura das formacións verbais en *-ar*

Como ben indica Serrano Dolader (1995: 58), “caso contrario, el uso en morfología del concepto *morfema cero* sería un mero recurso cómodo para formular propuesta y soluciones *ad hoc*”, tal e como levou a cabo Reinheimer-Rîpeanu (1974a). Este autor propón resolver toda a problemática coa estrutura *a - guis - ∅ - ar*, na cal o morfo cero sería o morfema derivativo.

No seu estudo sobre os parasintéticos en español, Alcoba Rueda (1993) acepta que a vogal temática muda a clase gramatical da base de derivación, mais non concorda coa estrutura parasintética de Scalise (1986) nin coa de Corbin (1980). Neste artigo Alcoba Rueda (1993) pretende establecer o número e a natureza gramatical dos elementos constituíntes nas formacións parasintéticas, así como a configuración estrutural da construción parasintética.

Pola súa parte, Rio-Torto (1998: 220) dubida no feito de a vogal temática posuír capacidade derivativa, aínda que o permite, a se basear en Scalise (1983) e Alcoba Rueda (1993). Porén, se se negar o valor derivativo á vogal temática, é de supor que estamos perante casos de prefixación, pois os prefixos non teñen valores de transcategorización (cfr. §4.2.1.1. e §4.2.3.1.), como si os teñen os sufixos; por tanto, é obvio que a vogal temática tanto na derivación verbal en *-ar* como na formación de parasintéticos é a que posúe as propiedades transcategorizadoras.

Esta análise é extensíbel ás formacións con derivación mediata ou sufixo complexo, do tipo *-ecer*¹¹⁰. Recreamos a seguir o posíbel esquema a partir do formulado

¹¹⁰ Non concordamos coa proposta de Varela Ortega (1990), para quen a VT *-a-* conforma un afixo derivativo nos casos de verbos en *-ar*, mais nas formacións con sufixo *-ecer* a función derivativa vén exercida por *-ec-* e non pola VT. O lóxico semella termos a mesma consideración para o mesmo tipo de formacións.

Serrano-Dolader (1995: 57), xa que o orixinal foi elaborado para os verbos parasintéticos e non sufixados:

verd (base) + *ec* (interfixo) + *e* (sufixo verbalizador) + *r* (morfema flexivo de infinitivo)

Con todo, discrepamos unicamente con este autor na existencia do sufixo *-ec-* como interfixo, pois consideramos que se trata dun verdadeiro sufixo, a continuarmos a tendencia maioritaria nos estudos lingüísticos (Ferreiro 1997, Freixeiro 1999).

En síntese, e á vista dos datos, o carácter derivativo da terminación do infinitivo – ou cando menos dunha parte dela– é innegábel, xa que na flexión non é posíbel unha mudanza de categoría. Porén, este feito acontece nos derivados verbais desubstantivais (*líder* > *liderar*), deadxectivais (*larpeiro* > *larpeirar*) e deadverbiais (*adiante* > *adiantar*), cuxo elemento acrescentado á raíz (*-ar*) –por enteiro ou en parte– debe ser considerado como un derivativo transcategorizador. De igual modo, esta consideración de *-ar* (forma de citación) como sufixo derivativo debe estenderse aos verbos de natureza parasintética.

4.2.2.4.1. Sufixos formadores de verbos

O número de sufixos que forman verbos é moito menor do que os que xeran nomes. Caso á parte constitúeno os numerosos verbos formados por parasíntese, que trataremos posteriormente (cfr. §4.2.4.). Incluímos aquí tanto os sufixos deverbais nocionais como os diminutivos (ou diminutivo-despectivos); estes últimos adoitan levar acrescentado un matiz frecuentativo.

Eis os sufixos formadores de verbos no galego común actual (Freixeiro Mato 1999: 232-233)¹¹¹:

¹¹¹ Non consideramos adecuados todos os exemplos que indica o profesor da Universidade da Coruña (Freixeiro Mato 1999: 232-233), pois hai casos en que a sufixación verbal se produciu xa no latín. Así mesmo, tampouco contemplamos o sufixo *-itar*, por se rexistrar unicamente en formacións verbais latinas.

Sufixo verbal	Base > Derivado	Exemplo
<i>-ar</i>	substantivo > verbo	<i>lima > limar</i>
	adxectivo > verbo	<i>alegre > alegrar</i>
	pronome > verbo	<i>aquel > aquelar</i>
	adverbio > verbo	<i>atrás > atrasar</i>
<i>-ear/-exar</i>	substantivo > verbo	<i>gota > gotear/gotexar</i>
	adxectivo > verbo	<i>claro > clarear/clarexar</i>
	verbo > verbo	<i>cantar > cantarexar</i>
<i>-icar</i>	verbo > verbo	<i>chorar > choricar</i>
<i>-ichar</i>	verbo > verbo	<i>pedir > pedichar</i>
<i>-ificar</i>	substantivo > verbo ¹¹²	<i>pan > panificar</i>
	adxectivo > verbo	<i>falso > falsificar</i>
<i>-iñar</i>	verbo > verbo	<i>cuspir > cuspiñar</i>
<i>-iscar</i>	verbo > verbo	<i>orballar > orballiscar</i>
<i>-izar</i>	substantivo > verbo	<i>sinal > sinalizar</i>
	adxectivo > verbo	<i>áxil > axilizar</i>
<i>-olar</i>	verbo > verbo	<i>cantar > cantarolar</i>
<i>-uxar</i>	verbo > verbo	<i>cantar > cantaruxar</i>
<i>-ecer</i>	substantivo > verbo	<i>favor > favorecer</i>
	adxectivo > verbo	<i>verde > verdecer</i>

Tabela 7 Sufixos formadores de verbos en galego

Segundo o significado, Freixeiro Mato (1999: 233) contempla os seguintes valores semánticos:

1. Frecuentativos: indican repetición ou realización frecuente da acción; é o caso de *-ear*, *-exar*, *-icar*, *-iñar*, *-iscar*.
2. Modificativos: mudanza para un estado ou calidade; así, *-ear*, *-ecer*, *-exar*, *-ificar*, *-izar*.

¹¹² Freixeiro Mato (1999: 232-233) non considera este tipo de transcategorización; unicamente a mudanza de adxectivo a verbo.

4.2.2.5. Sufixación adverbial

A formación de novas palabras mediante sufixos nocionais complétase coa creación de adverbios a través deste tipo de afixos¹¹³, de modo que o sufixo actúa como transcategorizador¹¹⁴. Porén, fronte ao cumprido catálogo de restantes sufixos (nominais ou verbais), o único sufixo que permite a xeración de adverbios é *-mente*, procedente do substantivo latino MĚNTE (ablativo de MENS, MĚNTIS ‘mente, alma, espírito’). Este nome substantivo ía modificado por un adxectivo en forma feminina que “reflectía o estado de ánimo ou o modo no que acción verbal se levaba a cabo. Co paso do tempo, o substantivo foi asimilado a este tipo de estrutura sintáctica e semántica e acabou por perder o seu valor inicial para se converter nun sufixo adverbial” (Cereixo Silva 2003: 179).

boa + mente > boamente

rápido + mente > rapidamente

Por tanto, o que aconteceu foi un proceso gradual de gramaticalización desta estrutura adverbial formada por un adxectivo feminino mais o substantivo feminino *-mente*, a concordar deste xeito en xénero e número, de modo que o substantivo se converteu nun sufixo na maior parte das linguas románicas.

Tal progresión gramatical reflíctese no feito de que na lingua medieval “aínda podía aparecer como elemento autónomo, como se manifesta con clareza na poesía trobadoresca” (Ferreiro 2001: 206-207). Así mesmo, *-mente* tamén presenta variantes morfolóxicas; Cereixo Silva (1997) contempla *-mēte*, *-ment*, *-mēt* e *-men*, con base no corpus de galego medieval analizado na súa tese de licenciatura. Entre estas, as máis maioritarias do galego medieval son as formas plenas *-mente/-mēte*, en canto que as

¹¹³ Existen outras formas de adverbialización na nosa lingua, mais ao non participaren de afixación fican fóra deste estudo. Entre estas destaca a utilización simple do adxectivos sen sufixación modificando un verbo, do tipo *falar rápido* (cfr. Costa Casas / González Refoxo / Morán Fraga / Rábade Castiñeira (1988: 233), Freixeiro Mato (2000: 493-494) ou López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado (2011: 386, baixo o nome de “adverbialización sintáctica”), entre outros). Alén disto, pode adverbializarse a través de frases adverbiais coas formas *modo* e *maneira*, como en *de modo/maneira imprecisa* (Lang 1990: 161-162), ou introducidas polas preposicións *por* e *con* (*por fortuna* = *afortunadamente*, *con interese* = *interesadamente*) (cfr. Lang 1990: 162).

¹¹⁴ Cereixo Silva (1998) indica que estes adverbios en *-mente* tamén poden funcionar como modificadores oracionais.

apocopadas son características e exclusivas da *Crónica Troiana*, probabelmente por influxo do francés.

Este sufixo *-mente* acabou por desprazar os sufixos latinos máis frecuentes na formación de adverbios como eran *-ITER* e *-E*. Porén, na actualidade *-mente* é o único sufixo adverbial e non ten posibilidades de rivalizar con outro.

Na sufixación adverbial, como acabamos de comprobar, estamos perante un caso de sufixo único. Do punto de vista da produtividade e da mudanza morfolóxica, constitúe un caso sumamente interesante. Por unha banda, constitúe un exemplo de grande produtividade, pois fóra dos outros procesos de adverbialización referidos, é un sufixo sumamente rendíbel, aínda que como vimos non é un sufixo de adición universal a todas as bases, senón que presenta unha serie de condicións máis ou menos establecidas. Con todo, as formacións mediante este sufixo *-mente* sofren unha grande eclosión no galego medieval (cfr. §5. e Cereixo Silva 1997 e 2003) e van en aumento. Por outra banda, estamos obviamente ante un sufixo que non ten competencia sufixal, de modo que até que se cree outro sufixo que partille este tipo de formacións non é posíbel que haxa substitución sufixal de ningún tipo.

Sufixo adverbial	Base > Derivado	Exemplo
<i>-mente</i>	adxectivo > verbo	<i>boa > boamente</i>

Tabela 8 Sufixos formadores de adverbios en galego

4.2.3. Parasíntese

A parasíntese, ou derivación parasintética, defínese como unha clase especial de afixación que consiste na unión simultánea dun prefixo e dun sufixo a unha base, e que crea nomeadamente verbos a partir de nomes (*acampar*), aínda que tamén pode resultar un adxectivo (*desalmado*).

Porén, este tipo de derivación afixal constitúe outro caso polémico entre os diferentes mecanismos de formación de palabras, xa que para os especialistas que levan abordado este fenómeno non existe unanimidade na súa consideración “xenética” nin na

súa concepción como un procedemento propio ou autónomo¹¹⁵. Aínda que talvez sexan máis, destacan principalmente tres causas interrelacionadas, as cales parecen ter axudado a esta falta de consenso sobre a delimitación exacta da parasíntese:

a) a debilidade e parcialidade da definición, pois unicamente se apuntan trazos formais (Serrano Dolader 1995: 27);

b) a aplicación da denominación a “produtos lexicais de estrutura derivacional muito diversa” (Rio-Torto 1998: 211), xa que tal designación se ten adxudicado a palabras en que a prefixación e a sufixación é tanto simultánea como sucesiva;

c) o escaso estudo e tratamento (Brea 1977: 127; Freixeiro Mato 1999: 269)¹¹⁶, pois non existe un traballo exhaustivo –nin diacrónico nin sincrónico– no espazo galego-portugués sobre a parasíntese¹¹⁷.

Esta última causa contrasta –como apuntan nesas mesmas páxinas Freixeiro (1999) e Brea (1977)¹¹⁸– co feito de ser un dos procedementos caracterizados pola súa “extraordinaria importancia” debido á “súa produtividade” (Freixeiro Mato 1999: 269) e tamén á súa expresividade (Brea 1977: 127). Así mesmo, a parasíntese conforma un problema crucial na teoría lingüística xeral e actual (Alcoba Rueda 1993: 360; Rio-Torto 1998: 213), quer pola consideración do fenómeno como categoría ou clase derivativa propia quer polas consecuencias que as posíbeis análises da súa estrutura interna levan consigo nos variados modelos morfolóxicos (cfr. por exemplo, o modelo xenerativo de Aronoff (1976), coa súa *Binary Branching Hypothesis (BBH)* ou Hipótese da Ramificación Binaria (HRB) (cfr. §3.3.1. e *infra*)).

Entre os autores que defenden a existencia da parasíntese como un tipo ou subtipo de formación vocabular, podemos observar unha constante na súa definición, como é a

¹¹⁵ Cfr. tamén o indicado no capítulo §3. a respecto do tratamento da parasíntese nas gramáticas históricas e sincrónicas do portugués e do galego. Alén disto, en manuais de Lingüística española nalgúns casos a parasíntese aparece clasificada como un procedemento de formación de palabras mixto (Lang 1990, Almela Pérez 1999).

¹¹⁶ O estudo da parasíntese circunscríbese fundamentalmente ao dominio das formacións verbais (Pena 1980, Alonso Núñez 2008).

¹¹⁷ Como digna excepción, e aínda que é parcial, destaca o artigo de Rio-Torto (1998: 211-221), titulado “Esquemas de circunfixação em português”, en que aborda moitos dos aspectos polémicos da parasíntese que imos tratar nas seguintes liñas.

¹¹⁸ Esta circunstancia tamén é posta de relevo para o español por Alcoba Rueda (1993: 360) e Almela Pérez (1999: 187).

simultaneidade do proceso, e tres posturas encontradas a respecto do seu estatus categorial. Así, por unha banda, encontramos a consideración dun tipo de afixación, xunto coa prefixación, a sufixación e a derivación regresiva (Coutinho 1973, Álvarez / Monteagudo / Regueira 1993, Freixeiro 1999, Ferreiro 2001); por outra banda, rexistramos a parasíntese como un tipo de prefixación ou de sufixación (Silva / Andrade 1913, Álvarez / Xove 2002¹¹⁹; Lázaro Mora 1986); e finalmente, observamos a concepción como un estadio intermedio entre a derivación e a composición (Pereira 1935: 237).

Porén, outros autores¹²⁰ negan a existencia do fenómeno alegando factores diversos. Na tradición gramatical galega esta é a postura defendida por Álvarez / Xove (2002), como vemos a seguir, o que colide en certo modo co feito de ser unha gramática de corte tradicionalista.

En galego a diferenza entre a parasíntese, a prefixación e a sufixación é só formal, non funcional, pois non hai propiamente *circunfixos*, xa que os elementos que interveñen na circunfixación teñen existencia independente e manteñen a súa función xeral: o tipo *en-grand-ecer* (“circunfixación”) non se pode separar radicalmente dos tipos *robusto* → *robust-ecer*, só co sufixo *-ecer*, e *peor* → *em-peorar*, só co prefixo *em-*, xa que en todos eles cada afixo funciona co seu valor propio (Álvarez / Xove 2002: 676).

Nesta xustificación téñense en conta criterios formais, segundo os que apostan por contemplar este procedemento, e tamén funcionais. Porén, como xustificamos en §4.2. para diferenciarmos entre os diferentes mecanismos de afixación de palabras, tivemos en conta criterios formais, funcionais, semánticos e posicionais.

Alén disto, tamén se ten relacionado a parasíntese con casos de composición e derivación sufixal ao mesmo tempo, do tipo *botafumeiro*, *setemesiño* etc.. Este tipo de parasíntese en composición é tamén sinalada por Serrano Dolader (1995), mais dado o carácter residual e a inexistencia desta tipoloxía no noso corpus, decidimos evitar o seu tratamento.

En consecuencia, é preciso centrarmos a atención nas controvertidas cuestións que ten suscitado a parasíntese –e que aínda continúan abertas– para podermos delimitar

¹¹⁹ Con todo, é preciso indicar que en Álvarez / Xove (2002) non se contempla a parasíntese como proceso, senón que se inclúen construcións consideradas parasintéticas. Así mesmo, nótase a mudanza de posición epistemolóxica a respecto da parasíntese que se describía en Álvarez / Monteagudo / Regueira (1993: 85).

¹²⁰ Hai autores que rexeitan a existencia de tal fenómeno; outros non queren diferenciar a parasíntese da composición ou da prefixación, como Alemany Bolufer (1920).

e caracterizar a noción de parasíntese con clareza meridiana. Entre os diversos problemas que afectan este procedemento de formación vocabular, áchanse a categoría, o proceso, a estrutura, os elementos constituíntes e as clases ou tipos de parasíntese.

4.2.3.1. Delimitación da noción de parasíntese

O termo parasíntese¹²¹ foi consagrado en 1875 por Arsène Darmesteter (1894) para dar conta dun tipo de verbos que procedían da unión de “partícula e substantivo (ou adxectivo)” e que eran resultado dun proceso conxunto de composición (que se corresponde coa prefixación¹²²) e de derivación sufixal. Porén, como xa vimos (cfr. §4.2.1.), este procedemento aparece incluído na composición por partículas (isto é, na composición por prefixos), de modo que nun primeiro momento a parasíntese nace ligada a un tipo de composición –a prefixal–; por outro lado, indícase que o proceso de prefixación e sufixación é simultáneo, polo que non se teñen en conta resultados intermedios. En concreto, o autor do *Traité de la formation des mots composés* afirmaba o seguinte:

Cette sorte de composition est très riche: les mots qu'elle forme, et que l'on désigne du nom de *parasyntétiques*, offrent ce remarquable caractère d'être le résultant d'une composition et d'une dérivation agissant ensemble sur un même radical, de telle sorte que l'une ou l'autre ne peut être supprimée sans amener la perte du mot. C'est ainsi que de *barque* l'on fait *embarque-er*, *dé-barqu-er*, deux composés absolument uns et dans lesquels on ne retrouve ni des composés *débarque*, *embarque*, ni un dérivé *barquer*, mais le radical *barque*. La langue tire les deux composés immédiatement du radical, sans l'aide d'aucun intermédiaire (Darmesteter 1894: 96-97).

Como se pode ver, neste fragmento recóllense os dous criterios basilares que, segundo Darmesteter, caracterizan a parasíntese, como son a simultaneidade do proceso e

¹²¹ Como se comenta en varios manuais (especialmente en Serrano Dolader 1995: 24), o termo “parasíntese” está solidamente establecido na terminoloxía lingüística actual, con independencia do marco teórico adoptado. A única variación denominativa para designar este proceso de creación vocabular é a de “circunfixación” (Spencer 1991: 12-13), de modo que os morfemas afixais derivativos con que opera son denominados circunfixos, isto é, prefixo e mais sufixo á vez. Porén, o termo “circunfixación” non logrou desprazar a nomenclatura tradicional de “parasíntese”.

Con todo, en ámbito portugués, Rio-Torto (1998: 214) defende a denominación “circunfixação”, por estar “largamente divulgada em trabalhos de especialidade” –a se basear só nos traballos de Spencer (1991) e Bosque (1992)– e por substituír “com vantagem a de parassíntese, marcada por um acentuado carácter equívoco”.

¹²² Cómpre recordar que Darmesteter (1894) considera a prefixación como un tipo de composición, de aí que contemple a parasíntese como un proceso en que intervén a composición. Alén disto, lémbrese que non está a facer referencia aos parasintéticos por composición do tipo *setemesino*.

a inexistencia de estadios derivados previos ou intermedios. Estes principios definitorios serán asumidos e consolidados posteriormente por diversos lingüistas¹²³, sobre todo no que atinxe ao carácter simultáneo desta dupla afixación.

Por tanto, a visión tradicional da parasíntese pode caracterizarse en liñas xerais, parafraseando Serrano Dolader (1995: 27), do seguinte modo: é parasintética toda a formación constituída por unha base léxica sobre a que actúan simultaneamente un prefixo e un sufixo, sempre que se cumprir a condición da “inexistencia previa” de formacións prefixadas ou sufixadas (“pref. + base” e “base + suf.”).

Porén, a perspectiva tradicional ou clásica ten de facer fronte a diversos problemas que foron formulados nomeadamente no marco xenerativo, en que se cuestiona a simultaneidade do proceso envolvido na parasíntese, a existencia das formacións previas e, inclusive, o tipo de estrutura e dos seus constituíntes.

Alén disto, coa aparición da Gramática Xenerativa e Transformacional o problema da parasíntese tórnase máis interesante, sobre todo coa discusión á volta dos conceptos de *palabra existente* e *palabra posíbel*, pois segundo isto dependerá o tipo de estrutura morfolóxica, que necesariamente ten de ser binaria (cfr. a BBH de Aronoff 1976).

Así pois, os problemas fundamentais que a parasíntese encara son os seguintes:

1. O tipo de proceso envolvido, pois convén fixar se na parasíntese se dá unicamente un proceso simultáneo e/ou sucesivo.
2. O carácter parcial da definición, pois contémpanse exclusivamente criterios formais na súa delimitación sen se teren en conta os aspectos semánticos. Este trazo leva asociada a obrigatoriedade da (in)existencia previa de formacións afixais previas ou intermedias.
4. O tipo de estrutura (unitaria, binaria ou ternaria) e compoñentes, que dependerá da óptica adoptada nos puntos anteriores.

Imos ver en pormenor, xa que logo, cada un destes ítems para tratarmos de determinar a noción de parasíntese.

¹²³ Cfr. Nyrop (1908: 206), Thorn (1909: 8), Alemany Bolufer (1920: 152), Silva / Andrade (1913: XX), Pereira (1935: XX), Coutinho (1973: XX), Tekavčić (1972: 145), Reinheimer-Rípeanu (1973: 487), Brea (1977: 127-128), Lang (1990), Álvarez / Monteagudo / Ragueira (1993), Freixeiro (1999), Ferreiro (2001) etc.

1. Proceso simultáneo / sucesivo

En primeiro lugar, é necesario discernirmos se o proceso morfolóxico levado a cabo na parasíntese é simultáneo e/ou sucesivo, pois diso dependerán as análises futuras que se realizaren sobre as formacións previas, sobre a estrutura e sobre os compoñentes.

Como apuntamos nas liñas precedentes, a perspectiva tradicional ou clásica contempla como condición *sine qua non* o carácter simultáneo ou conxunto de prefixo e de sufixo (ou afixo descontinuo¹²⁴) da parasíntese. Esta óptica asegura a demarcación da parasíntese como un mecanismo de derivación propio, mais, como se observa, atende unicamente a criterios formais e non baliza totalmente este tipo de afixación.

Por outra banda, existe unha outra liña interpretativa de análise que cuestiona a simultaneidade do proceso e que defende que as estruturas derivativas se producen en estadios sucesivos, coa adición dun afixo en cada un deles. Esta hipótese fórmase inclusive en autores descritivistas aliñados coa concepción tradicional, como é o caso do romanés Finuța¹²⁵ Asan (1965), quen propón tanto o carácter simultáneo como sucesivo¹²⁶ da parasíntese; porén, os máximos representantes desta corrente son os xenerativistas que unicamente consideran a sucesión dos procesos, a se fundamentaren principalmente na estrutura binaria dos procedementos morfolóxicos, a cal ten como base a *Binary Branching Hypothesis* esbozada por Aronoff (1976), en virtude da cal en cada RFP se xunta un único afixo de cada vez (cfr. §3.1.). Por tanto, segundo esta óptica, só é posíbel presentar unha análise bimembre da parasíntese con prefixación inicial e sufixación posterior, ou viceversa, fronte á estrutura trimembre tradicional (cfr. *infra*).

En consecuencia, por parte dos seguidores dos postulados tradicionalistas, acrecentouse a necesidade de diferenciar os derivados parasintéticos daqueles en que interveñen derivacións prefixais ou sufixais en diferentes fases derivativas, pois no léxico

¹²⁴ Cfr. Serrano Dolader (1995: 64-71) sobre a operatividade do concepto de “morfema descontinuo” na análise dos parasintéticos.

¹²⁵ De igual modo que fixemos con <ş>, no apelido de Coşeriu, escollemos a representación grafemática con vírgula (<ş̣>) para representar o fonema africado /ts/, e non con cedilla (<ş̣>), por ser aquel o diacrítico propio na lingua romanese. A utilización da letra con cedilla, como indicamos, foi debida á inexistencia destas grafías nas primeiras versións da fonte dixital Unicode; porén, foi a partir de Unicode 3.0 cando se introduciron, por pedimento do Organismo Romanés de Estandarización Internacional.

¹²⁶ Extraemos esta aseveración de Serrano Dolader (1995: 27), quen indica que Asan contempla na parasíntese estes dous procesos.

abundan exemplos de diverso tipo nos cales se aplica prefixación e sufixación sobre unha mesma base. Vexamos os diversos casos:

- a) *compracente* ← *compracer* ← *pracer*
- b) *apresentar* ← *presentar* ← *presente*
- c) *desesperación* ← *desesperar* ← *esperar*
- d) *inconformismo* ← *conformismo* ← *conforme*
- e) *asañar* ← *saña*
- f) *aguisar* ← *guisa*

Así, en a) e en b), a afixación prodúcese en estadios diferentes do punto de vista diacrónico, e tamén en sistemas distintos, primeiro no latino (*PLACĒRE* > *pracer* → *COMPLACĒRE* > *compracer*) e logo no romance (*compracer* → *compracente*); por tanto, tal e como defendemos neste estudo, non consideramos que estes casos constitúan derivacións sucesivas por se produciren en sistemas lingüísticos diferentes.

En c) e en d), a análise diacrónica permítenos comprobar que a concorrencia do prefixo e do sufixo se produce en fases diferentes dentro do mesmo sistema lingüístico. Así, nos casos de c) a prefixación do verbo prodúcese en primeiro lugar (*esperar* → *desesperar*) e, a seguir, a sufixación (*desesperar* → *desesperación*); en canto en d) o proceso é contrario, sufixación inicial (*conforme* → *conformismo*) e prefixación final (*conformismo* → *inconformismo*).

En troca, en e) e mais en f), prefixación e sufixación orixínanse no galego de modo simultáneo (*saña* → *asañar*; *guisa* → *aguisar*) e o seu significado consiste na verbalización do nome base. Porén, ambas as formacións presentan unha pequena diverxencia; así, en e) non existe un resultado intermedio existente, nin con base nominal derivada por prefixación (**asañ-*) nin con base nominal susceptíbel de sufixación (**sañar*); pola súa parte, en f) encontramos unha suposta derivación intermedia (*guisar*), mais caberá determinar se esta constitúe ou non a base de *aguisar* para manter ou refutar o estatuto de palabra parasintética. Para tal efecto, deberemos servirmos doutros criterios como o histórico, o semántico etc.

Por tanto, como demostran os exemplos, cómpre diferenciarmos entre a simultaneidade do proceso e a sucesividade. Neste caso, debe reservarse en exclusiva o carácter simultáneo na parasíntese, para o cal será conveniente aplicarmos criterios

históricos e sincrónicos, semánticos etc. No outro polo da balanza, os exemplos de derivacións sucesivas, do tipo *galego* → *galeguizar* → *galeguización* → *desgaleguización*, deben producirse no mesmo sistema lingüístico e deben tratarse como formacións ou derivacións “mixtas” (Freixeiro 1999: 269-270; Ferreiro 2001: 208), á mesma altura que acontece coas acumulacións de sufixos.

2. Criterios formal e semántico na definición

Para delimitarmos con seguranza o concepto de parasíntese como un procedemento afixal diferenciado é preciso completar semanticamente a definición tradicional de parasíntese que se asenta exclusivamente en aspectos formais. Esta necesaria conxunción de criterios formais e semánticos ten o seu correlato na propia definición de morfema, pois –como afirmamos en §3.1.¹²⁷– este sempre posúe un significante e un significado.

Do punto de vista formal, alén da adición simultánea dun prefixo e dun sufixo a unha mesma base, cómpre ter en conta tamén o criterio da existencia ou inexistencia de etapas formativas intermedias entre a base nominal e a creación parasintética (isto é, “prefixo + base” ou “base + sufixo”). Neste sentido, cómpre cuestionar se esta presenza ou ausencia é un criterio suficiente para cualificarmos ou descartarmos que unha determinada construción do tipo “prefixo + base + sufixo” sexa ou non parasintética.

Tales cuestionamentos non terían tanta importancia desde unha perspectiva non xenerativa, de modo que non se contemple a variábel *palabras posíbeis* mais non existentes, mais tal e como comprobamos no estudo da afixación no galego medieval tales estadios anteriores nalgúns casos están documentados (cfr. §5.). Por tanto,

No es suficiente con que esté testimoniada una de las supuestas «etapas intermedias» a las que nos hemos referido ([p + B] o [B + s]) para negar, por ello, el carácter parasintético de la formación que se estudia; sino que hay que verificar si dicha formación intermedia tiene una configuración semántica que permita afirmar que es a partir de ella –y no a partir de otra base– desde donde se genera la formación que es objeto de análisis (Serrano Dolader 1995: 29).

¹²⁷ Precisamente estes procesos en que se precisa conxuntamente forma e significado, como na parasíntese, apoian a concepción do morfema como a unidade mínima de significado.

Precisamente para Scalise (1994) o punto débil da súa teoría reside no feito de propor que a etapa intermedia é constituída por *palabras posíbeis* mais non existentes (*brutto* > **bruttire* > *inbruttire*), xa que tería que enunciar unha Regra de Formación de Palabras (RFP) virtual. Con todo, tamén comenta que esta hipótese de *palabra posíbel* como base dunha regra xa fora proposta por Halle (1973) ou Corbin (1980), entre outros.

Por este motivo, é necesario aplicar criterios semánticos para asegurarmos que a construción simultánea de “prefixo + base + sufixo” constitúe unha formación parasintética, con independencia de se existiren resultados derivados previos entre a base e o derivado final parasintético. Neste sentido, subscribimos fielmente a consideración de Serrano Dolader (1995) sobre esta necesidade de asignación de criterios semánticos na análise das formacións parasintética:

Así, por exemplo, el análisis parasintético de *embaldosar* quedaría en entredicho si nos basáramos únicamente en la existencia de *baldosar*, que corresponde formalmente a la etapa [B + s]. será el análisis semántico de los miembros del paradigma formado por *embaldosar*, *baldosar*, *baldosa*, el que permita afirmar que la forma *baldosar* (“poner baldosas”) no debe ser considerada como base para la posterior creación de *embaldosar* (“poner baldosas”), sino que una y otra se generan a partir del sustantivo *baldosa*, con lo que la calificación parasintética de *embaldosar* queda totalmente a salvo. El análisis semántico permite, pues, confirmar o no la calificación de un término como parasintético (Serrano Dolader 1995: 29).

Así, en galego temos a forma *acampar*, que procede da parasíntese de “*a-* + *campo* + *-ar*”, mais existe tamén *campar*, que á súa vez procede igualmente de *campo*. Segundo o criterio da existencia dunha formación previa, *acampar* xa non podería ser cualificado como parasintético, senón como prefixado. Porén, a análise formal dos constituíntes debe ser posta en relación con estas dúas formas do paradigma de *campo* e observar que ambas proceden do sustantivo *campo*, ao cal remiten semanticamente.

Por tanto, aínda que exista o derivado anterior, o importante é a aplicación simultánea de prefixo e sufixo a unha mesma base. O mesmo pode extrapolarse, por exemplo, para os casos de *-entar*, en que o sufixo vén configurado por esta mesma forma e non se trata dun derivado de *-ar*, aínda que existise o orixinal participio de presente latino transformado en adxectivo.

Alén diso, esta concepción é a que permite resolver, como teremos ocasión de comprobar (cfr. §5.), casos problemáticos na lingua medieval, en que documentamos as supostas formacións intermedias, en verbos do tipo *costumar/acostumar* (ou tamén

pedrejar/apedrejar e *podreecer/apodreecer*¹²⁸), os cales consideramos como casos de sufixación (*costumar* < *costume* + *-ar*) e de parasíntese (*acostumar* < *a-* + *costume* + *-ar*) respectivamente.

Fronte a esta análise, Alonso Núñez (2008), a partir dos datos extraídos do concello de Castrelo do Val (Ourense), ofrece a seguinte visión do fenómeno:

Considero que hay circunfijo cuando el prefijo no puede ser eliminado sin dar lugar a unha forma inexistente (**clarecer*). Si el prefijo se puede eliminar como acontece en *podreecer*, entonces hablo de prefijo reforzador y no de circunfijo. En el habla de esta comarca [Castrelo do Val, Ourense], alternan *podreecer* y *apodreecer* sin variación de significado. Esta alternancia semeja ser un residuo de una situación idiomática del latín vulgar o, si se prefiere, del latín hablado. En latín vulgar, los prefijos se soldaban a verbos sin cambiarles el significado. Esto era debido a que el prefijo perdía su significado y pasaba a ser un simple prefijo reforzador. En algunas ocasiones, el verbo prefijado con un prefijo reforzador desbancó al verbo sin prefijo. Voy a denominar esto como *circunfijación* y es lo que acontece, en el gallego de esta zona, con *esclarecer*, verbo que eliminó su sinónimo **clarecer* (Alonso Núñez 2008: 359).

Neste fragmento, como acabamos de ver, Alonso Núñez baséase na necesidade da ausencia de formacións derivadas previas para reafirmar o carácter da parasíntese ou circunfijación. Por tanto, se existiren formacións previas, como acontece en *podreecer/apodreecer*, segundo o autor, estaríamos perante un caso de prefixación en *apodreecer*, a se apoiar nomeadamente no mantemento do significado en ambos os casos.

Non obstante, aínda que este autor presenta un razoamento interesante, presenta unha serie de erros que pasamos a enunciar. En primeiro lugar, o feito de dúas palabras derivadas como *podreecer* e *apodreecer* presentaren o mesmo significado non invalida que sexan considerados casos de parasíntese, xa que a sinonimia non implica necesariamente unha secuenciación nos procesos derivativos. No que atinxe ao significado, o que hai que investigar é se *apodreecer* procede dunha base anterior *podreecer* ou non, para o cal será necesario aplicarmos criterios semánticos, alén dos formais e dos histórico-etimolóxicos. Por outra parte, e tal e como defendemos neste estudo, Alonso Núñez está a mesturar derivacións en sistemas lingüísticos diferentes, pois *podreecer* é unha palabra evolucionada do étimo latino **PUTRESCERE*. Consecuentemente, *apodreecer* nunca poderá ter como base o substantivo *PUTRIS/podre*, de modo que non constitúe un caso de parasíntese.

¹²⁸ Con todo, cómpre indicar que en *apedrejar* e *apodreecer* pode tratarse dunha mala segmentación de *a-*.

Con todo, concordamos con Alonso Núñez (2008) en que en certos casos os prefixos, principalmente *a-* e *en-*, só actúan como reforzadores do termo simple, como xa vén acontecendo desde o latín (Väänänen 2003: 162). En concreto, estes casos de prefixo *a-* (*costumar/acostumar*) e do prefixo *en-* (*calvecer/encalvecer*), xulgamos que teñen contribuído para o escurecemento da consideración da parasíntese non como un proceso categorial propio, senón como un tipo de prefixación ou sufixación, o que talvez explique o escaso e superficial tratamento da parasíntese como un mecanismo en si propio.

En síntese, defendemos a nosa concepción da parasíntese como resultado dunha conxugación de factores formais e semánticos dentro do mesmo sistema lingüístico, alén de nos apoiarmos en factores históricos.

3. Estrutura e natureza dos compoñentes

Relativamente á cuestión da configuración estrutural das formacións parasintéticas, existen varias hipóteses que apuntan cara a unha estrutura unitaria, binaria ou ternaria.

a) Estrutura unitaria

Aínda que en ningún modelo ou corrente lingüística –Gramática Tradicional, Estruturalismo ou Xenerativismo– foi referido que as formacións parasintéticas están constituídas por un único compoñente, Alcoba Rueda (1993: 362)¹²⁹ apunta tal posibilidade a se apoiar nalgúns postulados xenerativos. Como indica o autor, esta hipótese sería a máis coherente co modelo morfolóxico baseado na palabra (*Word-Based Hypothesis - WBH*) de Aronoff (1976), e levado á práctica con modificacións por Scalise (1984 e 1986), como vimos en §3.1.

Neste caso, os parasintéticos serían considerados como non analizábeis e formarían parte do dicionario ou léxico básico da lingua, alén de isto permitir o mantemento de determinados principios e restricións sobre as RFP de Aronoff (1976). Porén, até o momento non se formulou tal hipótese, xa que, por outra parte, resulta obvio que unha palabra parasintética non é unha formación inicial ou básica no léxico.

¹²⁹ Para unha revisión máis profunda dos constituíntes da formación parasintética, consúltese o artigo completo de Alcoba Rueda (1987). Véxase tamén Corbin (1980), en especial as páxinas 183-187.

2. Estrutura binaria

Outra opción é contemplarmos a parasíntese como construcións de dous constituíntes, tal e como se rastrea desde postulados tradicionais, estruturalistas e xenerativistas. Precisamente, un xenerativista como Aronoff (1976) formulou a *Binary Branching Hypothesis*, pola cal se afirma que a estrutura interna de calquera construción derivativa é, por definición, binaria con ramificación á dereita ou á esquerda. Alén disto, tamén cómpre ter en conta a hipótese “un afixo, unha regra”, de modo que en cada RFP só pode xuntarse un afixo a unha palabra.


Poden formularse tres posibilidades nesta interpretación binaria da estrutura dos parasintéticos. Por un lado, hai especialistas para quen os parasintéticos están constituídos por unha base nominal (substantivo ou adxectivo) e por un afixo descontinuo (*a...ar*, *en...ar*). Esta é a postura que defende Bosque (1983), xa que considera que non se pode falar de prefixación en *en-tronizar* nin de sufixación en *entron-izar*, debido á inexistencia –en español, mais tamén se pode estender ao galego– de *tronizar* e *entron*, respectivamente.

Así mesmo, nunha análise de constituíntes bimembres é xulgarmos que o prefixo verbaliza unha base nominal, transformando en acción a idea dun nome ou dun adxectivo, aínda que sen achegar máis significado. Esta explicación para os casos de *abreviar* ou *encabezar* pode encontrarse, por exemplo, en Alemany Bolufer (1919) e pode representarse mediante a expresión [pref. [X]] (Alcoba Rueda 1987: 364).

E inclusive é posíbel unha análise do tipo [[X] suf.] na cal “o morfema final de palabra é un morfema de paradigma de flexión representado na forma do infinitivo en -*ar*, -*er*, ou ben un sufixo verbalizador representado polas respectivas vogais temáticas -*a*, -*e*” (Freixeiro Mato 1999: 273).

c) Estrutura ternaria

Finalmente, tamén é posíbel considerarmos que as formacións parasintéticas están integradas por tres constituíntes cunha estrutura XPY (Alcoba Rueda 1987: 367), en que P é unha palabra (substantivo ou adxectivo) e X e Y son dous afixos, de maneira que nin XP nin PY existen na lingua.



Esta análise ternaria en que se aplican nun mesmo nivel prefixo, base e sufixo, implica que dous afixos se unen simultaneamente, de modo que se incumpre a Hipótese da Ramificación Binaria. Porén, se pretendemos explicar os procedementos de formación de palabras con criterios morfolóxicos e semánticos, como vimos, cómpre manter unha estrutura dos parasintéticos non binaria. Neste sentido, as linguas románicas “semellan responder a estruturas ternarias (prefixo - lexema - sufixo), onde a prefixación e a sufixación actúan ao mesmo tempo” (Freixeiro Mato 1999: 269).

Canto á natureza dos compoñentes desta estrutura binaria, hai coincidencia en que o primeiro elemento é un prefixo, mais débátese a súa función verbalizadora (cfr. *infra*); o segundo é un nome (substantivo e adxectivo); e no terceiro discrégase se é un afixo ou un morfema de flexión.

Como apuntamos en §4.2.1.1., varios especialistas tentaron identificar desde diferentes ópticas o prefixo como responsábel, en maior ou menor grao, da categorización verbal dunha base nominal, adxectiva ou adverbial. Porén, a opción maioritaria é a non transcategorización do prefixo como demostran as propostas de Scalise (1984) e Alcoba Rueda (1987). Tras unha análise das formacións parasintéticas, estes autores coinciden en negar esta transcategorización nos verbos parasintéticos, de modo que é o sufixo verbal quen realiza esta función, mais difiren na estrutura de deben presentar as ditas formacións.

Con todo, particularmente, a proposta de Scalise presenta o problema de se basear nun corpus moi reducido (uns poucos exemplos de formacións verbais con prefixo *in-*, do tipo *imbruttire*) e de dar total primacía á análise gramatical, sen ter en conta as relacións semánticas implicadas.

Pola súa parte, o carácter derivativo da terminación do infinitivo, ou ao menos de parte dela, é innegábel (Serrano Dolader 1995: 55), alén de que é consecuentemente lóxico pensármolo se a transcategorización non se produce a partir do primeiro

constituínte. Por tanto, exemplos en que un substantivo é verbalizado (do tipo *guisa* > *guisar*) demostran que o cambio de categoría gramatical obriga a pensar en que o elemento fónico (ou parte del) acrescentado á base debe ser considerado como un derivativo transcategorizador, pois os morfemas flexivos non teñen esta capacidade.

Sobre o problema decisivo que atinxe ao estatuto lingüístico da desinencia (extensa) de infinitivo, composta de VT + MS (-ar, -er, -ir), ficou demostrado en §4.2.2.4. após varias hipóteses que a VT é o morfema derivativo que permite a derivación. Este morfema explicitase nas respectivas vogais temáticas de cada conxugación (<-a-> para a C1, <-e-> para a C2, <-i-> para a C3), mais convén lembrar que en determinados tempos e persoas verbais poden aparecer alomorfos da VT, tal como <-e-, -o-, -ø-> para a C1, <-i-, -ø-> para a C2 e <-e-, -ø-> para a C3 (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 314-315), de aí que non fose lóxico manter o MS -r como sufixo derivativo cando unicamente aparece na forma de citación. Na seguinte tabela podemos ver un exemplo de formación parasintética:

Prefixo	Base	Sufixo derivativo verbal+VT	Afixos flexivos	
			MMT / MS / MA	MNP
a	guis	a	r	ø
a	guis	ø	ø	o
a	guis	o	ø	u
a	guis	a	ra	s

Tabela 9 Estruturas de derivación parasintética en galego

Deste modo, o “oco” de sufixo derivativo sempre está ocupado en todas as persoas e tempos verbais.

4.2.3.2. Estruturas parasintéticas

Do punto de vista histórico, este “procedemento xerou numerosos vocábulos, especialmente verbos, en xeral a partir de nomes verbalizados con prefixos e mais coa adopción dos morfemas do paradigma da flexión verbal da primeira conxugación e da segunda con -ecer” (Ferreiro 2001: 207). Sen dúbida, tamén na parasíntese a primeira conxugación é a máis prolífica na formación verbal, pois temos por volta de quince

estruturas con vogal temática <-a->, fronte a dous tipos de estruturas da segunda, as cales están restrinxidas unicamente ao sufixo incoativo <-ecer>.

A variedade de estruturas parasintéticas que encontramos en galego, e en concreto no galego medieval (cfr. 5.1.), reflicten unha produtividade, riqueza e expresividade deste procedemento, igual que acontece por exemplo en italiano (cfr. Scalise 1994: 219). En troca, no español “the prefixes are invariably either *a-* or *en-* and the infinitive morpheme may be of the overt suffix type, *-izar*, *-ificar*, or *-ecer*, or it may be the straight infinitive morpheme of the first conjugation, *-ar*” (Lang 1990: 186).

Resumimos nesta táboa as diferentes estruturas de derivación parasintética, que encontramos no galego ao longo da súa historia (con base en Freixeiro 1999: 270-272, Ferreiro 2001: 207-210 e López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 206)¹³⁰, clasificadas segundo a natureza dos seus constituíntes:

Estrutura	Tipo de transcategorización	Exemplo
<i>a- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>campo > acampar</i>
	adxectivo > verbo	<i>liso > alisar</i>
<i>de- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>val > devalar</i>
	adxectivo > verbo	<i>cru > decruar</i>
<i>des- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>ovo > desovar</i>
<i>en- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>barco > embarcar</i>
	adxectivo > verbo	<i>gordo > engordar</i>
<i>entre- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>liña > entrelíñar</i>
<i>es- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>fol > esfolar</i>
<i>extra- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>vía > extraviar</i>
<i>re- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>cu > recuar</i>
	adxectivo > verbo	<i>louco > reloucar</i>
<i>so-/sub- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>terra > soterrar</i>
		<i>liña > subliñar</i>

¹³⁰ Excluimos a estrutura “*de- + R + -er*”, que Ferreiro (2001: 207, n. 275) contempla para o único caso de *devecer* (*de- + vezo + -er*), a nos baseamos na excepcionalidade ou rareza desta estrutura parasintética – pois só se dá nesta palabra– e, sobre todo, a nos apoiarmos na proposta etimolóxica de Alonso Núñez / Navaza Blanco (2010) para o verbo *devecer*. Estes autores propoñen o étimo *DEBILESĈERE (formado polo adxectivo latino DEBĪLIS e o sufixo verbal incoativo latino -SCĈERE), polo que a voz romance debería representarse coa grafía : *debecer* (Alonso Núñez / Navaza Blanco 2010: 199).

4. A afixación

<i>tras-</i> + R + <i>-ar</i>	substantivo > verbo	<i>noite</i> > <i>trasnoitar</i>
<i>a-</i> + R + <i>-allar</i>	substantivo > verbo	<i>trapo</i> > <i>atrapallar</i>
<i>a-</i> + R + <i>-ear/exar</i> ¹³¹	substantivo > verbo	<i>pedra</i> > <i>apedrear/apedrexar</i>
<i>a-</i> + R + <i>-entar</i>	adxectivo > verbo	<i>vello</i> > <i>avellentar</i>
<i>en-</i> + R + <i>-izar</i>	substantivo > verbo	<i>cólera</i> > <i>encolerizar</i>
<i>es-</i> + R + <i>-izar</i>	substantivo > verbo	<i>cacho</i> > <i>escachizar</i>
<i>a-</i> + R + <i>-ecer</i>	substantivo > verbo	<i>noite</i> > <i>anoitecer</i>
<i>en-</i> + R + <i>-ecer</i>	adxectivo > verbo	<i>xordo</i> > <i>enxordecer</i>
<i>a-</i> + R + <i>-ado/a</i>	substantivo > adxectivo	<i>alma</i> > <i>desalmado/a</i>
	adxectivo > adxectivo	<i>louro</i> > <i>alourado/a</i>

Tabela 10 Estructuras de derivación parasintética en galego

4.2.4. Derivación regresiva

O cuarto e último dos procedementos de afixación que analizamos neste estudo é o denominado como derivación regresiva, sufixación cero ou derivación posverbal, que habitualmente cae no esquecemento das teorías sobre a formación de palabras, ao non se tratar dun procedemento normal consistente na combinación de morfemas léxicos e derivativos, de aí que non exista ningún estudo pormenorizado.

A categorización deste fenómeno como proceso para entre un tipo de derivación diferenciado da sufixación e a inclusión neste tipo de afixación. Porén, a existencia dunha vogal como posíbel afixo derivativo que non aumenta fonoloxicamente a palabras, mais que a reduce, así como a produtividade do fenómeno, aconsellan un tratamento particular.

¹³¹ Ferreiro (1997: 210, n. 277) considera que se trata dun caso de prefixación, mais non de parasíntese.

4.2.4.1. Caracterización xeral da derivación regresiva

A derivación regresiva é o mecanismo afixal que consiste na formación de substantivos a partir de verbos. Concirne, por tanto, ao ámbito da nominalización deverbal, mais, en lugar de producir un aumento no corpo formal da base, como normalmente acontece coa sufixación, provoca un efecto de encurtamento fonolóxico ao cal se acrecenta unicamente unha vogal á raíz verbal. Desta maneira, desaparecen os MMT e MNP e substitúense por unha vogal <-a, -e, -o>¹³², amálgama de VT e sufixo nocional¹³³:

Regresividade en <-a>	Regresividade en <-e>	Regresividade en <-o>
<i>axuda</i>	<i>combate</i>	<i>aborto</i>

Tabela 11 Cadro de clasificación dos derivados regresivos en galego

Como se observa, este procedemento mostra coincidencias evidentes entre flexión e derivación, debido a que os morfemas implicados son os que habitualmente se utilizan como marcas de xénero ou de paradigma verbal.

Canto á selección dun morfema específico -a, -e ou -o, esta parece resultar arbitraria, sen que exista aparentemente ningún tipo de condicionamento morfofonolóxico ou semántico. Con todo, como indica Freixeiro Mato (1999: 247), “as formacións en -a resultan produtivas nas tres conxugacións, aínda que máis na primeira”, así como as de -o; en troca, as de -e practicamente só se cinxen á primeira conxugación. Así mesmo, os verbos en -ear tamén producen derivados regresivo en -o “co mesmo valor iterativo das bases”¹³⁴.

<i>pelexar</i> → <i>pelexa</i>	<i>chocar</i> → <i>choque</i>	<i>asubiar</i> → <i>asubío</i>
<i>perder</i> → <i>perda</i>	<i>combater</i> → <i>combate</i>	<i>socorrer</i> → <i>socorro</i>
<i>subir</i> → <i>suba</i>		<i>repartir</i> → <i>reparto</i>
		<i>abanear</i> → <i>abaneo</i>

¹³² Almela Pérez (1999: 201) tamén inclúe un cuarto tipo de derivado regresivo, con terminación <-o> (*desliz* < *deslizar*; *perdonar* < *perdón*); porén, xulgamos que se tratar de palabras derivadas con este tipo de sufixación noutra lingua (cfr. *perdón* < lat. med. PERDONET; port. *deslize*).

¹³³ Outros autores cuestionan de que forma se parte como punto de partida: do infinitivo, da P3_{sing.} do presente do Indicativo ou doutra? (Almela Pérez 1999: 201).

¹³⁴ Cfr. Lang (1990: 148), que fala do sufixo -eo.

Algúns verbos poden presentar máis de unha derivación regresiva: *trocar* > *troca/troco*; *derribar* > *derriba/derribo*.

Por veces, resulta difícil discernir se é o substantivo o que deriva do verbo ou viceversa. Cómpre termos en conta, entón, que o substantivo deverbal indica unha acción (ou o efecto dunha acción) expresada polo verbo, en canto os substantivos base sinalan un obxecto ou unha esencia (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 207). Alén disto, “es el estudioso de la lingüística diacrónica el que, basándose en criterios históricos o en la fecha de documentación respectiva de las dos formaciones, propone hablar de derivación regresiva para aquellos casos en que la palabra afijada aparece registrada antes” (Pena 1994: 59). Non obstante, non sempre se pode resolver esta cuestión acudindo á historia da lingua.

saltar > *salto* ‘acto e/ou efecto de saltar’

cociña ‘electrodoméstico’ > *cociñar*

Unha interpretación interesante da derivación regresiva é a proposta por Alonso Núñez (2008: 347), que interpreta que a derivación regresiva –subtracción, segundo el– constitúe un “proceso supletorio para llenar lagunas en las series derivativas. Así, por exemplo, la palabra *queimar* ‘quemar’ carece de base de derivación y a partir de ella se crea, por resta de elementos, *queima* ‘quema’. Pero esta es una interpretación histórica”.

Por tanto, a derivación regresiva complica, consecuentemente, o sistema nominalizador deverbal, xa que non soamente compiten cada un dos sufixos entre si, senón que ademais coexisten xunto co derivado regresivo. Estabélcese, así, unha relación entre os derivados resultantes da regresión e os resultantes da sufixación; tal relación pode ser de:

- a) Substitución dos vocábulos sufixados: med. *desputaçon* → *disputa*.
- b) Coexistencia do regresivo co sufixado con igual significado: *mareamento* / *mareo*.
- c) Coexistencia do regresivo co sufixado de diferente sentido: *recibimento* / *recibo*.
- d) Inexistencia de contraste do regresivo cun sufixado: *axuda*.

A derivación regresiva é un mecanismo afixal altamente produtivo, xa desde os inicios do noso idioma, como veremos, mais en tendente crecemento na segundo pasan os séculos e fonte de neoloxismos na actualidade (Freixeiro Mato 1999: 246). Entre as razóns que poden explicar este avance, Almela Pérez (1999: 200) indica a tendencia á comodidade, “manteniendo el mismo sentido que el lema sufijado”, e a necesidade de expresar dous sentidos diversos con dous significantes diferentes.

Para Lang (1990: 196), máis ben parece que se debe a algún tipo de estratexia fonosimbólica, en virtude da cal sufixos tradicionais como *-mento*, *-dura* ou *-ción*, perfectamente posibles, son rexeitados a favor da nominalización mediante unha única vogal, dando lugar a un derivado moito máis simple, eufónico e estilístico (Freixeiro Mato 1999: 248). Os motivos aducidos por Scalise (1983: 204) para explicar o avance da derivación regresiva en italiano, principalmente aquela que fai referencia ao feito de que impide a acumulación indebida de sufixos en derivados iterativos dominados por *-ificare* e *-izzare*, non son válidos para o galego, que precisamente nestes casos rexeita a derivación regresiva.

Finalmente, poden alegarse tamén causas estilísticas que motivan a súa adopción, debidas ao seu carácter neutral por oposición ao repertorio estándar de sufixos, cuxos constituíntes individuais adoitan estar marcados como “cultos” ou “populares”¹³⁵. Así mesmo, debe realizarse a ductilidade no uso deste tipo de afixación fronte á sufixación.

¹³⁵ Para analizar as distintas hipóteses que se barallan no intento de explicación do desenvolvemento da derivación regresiva, consúltese Bauer (1984: 231-232).

| 4. A afixación

5. A AFIXACIÓN NO GALEGO MEDIEVAL

E também dizemos sarnoso e não sarnento; mas ao contrairo chamamos ao cheo de sapatulhas, sarapulhento e não sarapulhoso. E de pedras dizemos pedregoso, mas d'area areento, e de pó, nem poento nem pooso, mas en outra figura e sinificação, empoado.

Fernão de Oliverira

5.1. Caracterización xeral

Como expomos nos obxectivos iniciais deste estudo, neste capítulo pretendemos levar a cabo o estudo fundamental dos diferentes tipos de afixación existentes na primeira etapa da lingua galega, isto é, no período medieval. O estudo da afixación no galego medieval demostra ou confirma a enorme presenza e produtividade deste mecanismo de formación de palabras, entre os cales destaca, como é sinalado para outros períodos e linguas románicas, a sufixación. Este é, sen dúbida, o procedemento de creación vocabular máis importante, complexo e produtivo.

Como temos indicado ao longo deste estudo, na lingua galega conviven dous sistemas de formación de palabras: o sistema matriz ou latino e o sistema romance galego-portugués. Porén, como xa indicamos neste traballo as afixacións producidas no latín non poden ser tidas en conta nun estudo sobre a rendibilidade ou dispoñibilidade dos afixos nunha etapa en concreto, así como tampouco é posíbel describir un cadro afixal con formacións latinas que en moitos casos coinciden coas formas habituais dos afixos, de aí a confusión de procesos.

Precisamente, abrimos este quinto capítulo cunha cita do gramático Fernão de Oliveira (1536), cuasi-contemporáneo do período antigo medieval, en que comentaba que uns determinados sufixos, como *-ento*, *-oso* ou *-ado*, non se aplicaban a calquera base lexical, e outras palabras como o verbo *orar* derivada en *oraçom*; de modo que non era “solta a liberdade” das “dições tiradas” ou “dirivadas” para poderen “andar par’onde quiserem” (Oliveira [1536]: 136-137). Nestas afirmación de Oliveira podemos ver obsérvase por un lado o feito de algúns afixos (sufixos) seleccionaren as bases a que se xuntan, mais tamén o corsé formativo que unha serie de palabras posúen, isto é, as latinas. En consecuencia, transmite unha idea de escasa fecundidade e/ou produtividade do mecanismo afixal.

Alén disto, nesta convivencia dos dous sistemas formativos de palabras, a fecundidade da afixación no galego medieval compróbese polos diversos casos de reafixación ou de novas construcións derivadas xa vernáculas alternantes coas clásicas. Así, por exemplo, créase un derivado parasintético romance *agravear* (< *a+grave+ar), fronte ao resultado latino *agravar* < AGGRAVĀRE, en que facilmente é recoñecíbel tamén a parasíntese.

Por tanto, teremos ocasión de comprobar esta grande produtividade e cantidade de afixos, nomeadamente sufixos, que actúan sobre diversas bases. Unha consecuencia inevitábel da existencia dun catálogo tan elevado de sufixos é a concorrencia de diversos afixos para a realización de funcións e significados, nomeadamente se falamos dos sufixos nominais. Así, para expresar o ‘acto e ou efecto’ dispoñemos de *-çon*, *-mento*, *-nça*, *-o*, *-a* etc.

Por tanto, estes sufixos pasan a rivalizar ou competir con outros afixos, nunha pugna que se resolve de diferente maneira segundo os casos: ben coa desactivación funcional ou perda de dispoñibilidade con determinadas bases (*-çon* perde dispoñibilidade como sufixo produtivo), ben coa coexistencia dos dous afixos a operaren sobre a mesma base (*mareamento* / *mareo*) e con igual significado ou significado diferente (*recibimento* / *recibo*), ou ben coa substitución por outro afixo (*desputaçom* > *disputa*).

Esta rivalidade precisamente prodúcese ao compartiren contextos semánticos de uso, de modo que é posíbel a competición, pois en caso contrario non se produciría. A este respecto, por exemplo, é impensábel que o sufixo *-mente* deixe de funcionar como

formador de adverbios, e pase a ser substituído actualmente por outro ou que perda dispoñibilidade, simplemente polo feito de non dispormos doutro que concorra con el.

Os efectos desta concorrencia e competición afixal maniféstanse en dúas dimensións: produtividade e polisemia. A produtividade leva a que os sufixos máis rendíbeis continúen a estar máis dispoñíbeis, en canto que outros acaban por sucumbir, por pertenceren a un grupo máis restrito. Pola súa parte, o carácter polisémico dos afixos revélase como outra resultado do proceso de rivalidade sufixal, xa que conforme un sufixos van perdendo rendibilidade, os outros concorrentes pasan a acumular máis valores do punto de vista semántico.

Con todo, convén diferenciarmos entre produtividade ou rendibilidade dun afixo, fronte ao de frecuencia, enormemente asociado, pois en canto o primeiro fai referencia ao número de bases a que se asocia o segundo fai referencia ao número de veces que aparece tal afixo. Por tanto, neste último caso compútanse todas as palabras cun afixo determinado, de modo que se desvirtúan os datos, pois o feito de que unha palabra derivada mediante un afixo apareza trinta veces nun corpus non ten por que indicar que ese afixo é moi produtivo; a produtividade debe medirse, pois, polo número de bases a que ese prefixo se xunta.

Así pois, nas seguintes páxinas tentaremos elaborar unha descrición do cadro afixal do galego medieval. Así mesmo, alén de analizar e describir os diversos procedementos afixais nesta época, poderemos ver a concorrencia, rivalidade e substitución de sufixos. Así mesmo, imos comprobar que moitas destas afixacións romances rivalizan cos derivados afixados latinos, o que demostra o carácter vivo e produtivo da afixación como o grande mecanismo de ampliación e renovación vocabular.

5.2. A prefixación no galego medieval

A prefixación no galego medieval presenta unha produtividade moi moderada, sobre todo se o comparamos coa do período actual, mais tamén co resto de procedementos que estudamos. Neste sentido, convén recordar que unicamente imos estudar os prefixos que forman palabras dentro do sistema lingüístico galego, con base no

período medieval, de modo que o número de prefixos e formas que aparecen incluídas en numerosos manuais (cfr. Ferreiro 1997, Freixeiro 1999) é moito menor ao non considerarmos as formacións latinas (p.ex. *achegar* < APPLICARE): unicamente catorce prefixos dun total de corenta (cfr. §4.2.1.2.).

En liñas xerais, imos comprobar que o inventario total de prefixos que operan no galego medieval son limitados e cínxense, do punto de vista semántico, aos prefixos de lugar e negación, mais tamén se recollen de tempo, de cantidade e intensivos:

AT	LP	CSM	LT	CT	MS	CSMI
<i>a-, des-, en-</i>	<i>a-, ante-, bis-, con- /co, de-, des-, en-, es-, re-, tras-</i>	<i>a-, ante-, co-, de-, des-, en-, entre-, res-, er-, sobre-, tras-</i>	<i>a-, des-, en-</i>	<i>a-, co-, de-, des-, en-, re-, sobre-</i>	<i>a-, de-, des-, en-</i>	<i>a-, de-, des-, en-, in-, tras-</i>

Tabela 12 Ocorrencias dos prefixos do galego medieval por obra do corpus

No no máximo adquiren tres nocións como *de-* (cfr. §5.2.5.), de modo que os prefixos presentan unha polisemia baixa. Así mesmo, imos comprobar que existe alternancia prefixal unicamente na noción de oposición ou negación, pois o prefixo negativo *des-* compite con *de-*, *es-* e *-in-*. Porén, a produtividade de *des-* é tan alta que acaba por se impor como o grande sufixo formador de vocábulos con sentido contrario. Así mesmo, cómpre adiantar que, malia a rivalidade *des-/in-*, tan habitual na actualidade, no galego medieval unicamente semella estar dispoñíbel o prefixo *des-*. Alén disto, tamén existe concorrencia de prefixos pouco significativos, como *a-/en-/de-*.

Por outra parte, moitos destes prefixos aparecen en formacións parasintéticas, como imos ver en §5.4.1.

Así pois, a seguir imos realizar unha análise dos aspectos máis salientábeis dos prefixos tanto a nivel lingüístico como o seu funcionamento no galego medieval.

5.2.1. Prefixo *a-*

O prefixo latino *a-* procede das preposicións latinas AD ou AB, as cales tamén funcionaban como elementos prefixais co valor de ‘dirección’, en canto que o prefixo de orixe grega *a-* deriva da partícula A-/AN- (gr. α -/ $\alpha\nu$ -) e presenta un sentido negativo. Este último só ocorría con bases gregas, mais despois comezou a se xuntar a bases vernáculas. Así, deixou de se asociar unicamente a adxectivos (*acromático*) e pasou tamén a se xuntar a substantivos, sobre todo sufixados (*apolitización*). Con todo, no noso corpus unicamente rexistramos casos de prefixación latina en *a-*¹³⁶.

O prefixo latino *a-* presenta unha problemática derivada da súa inherente posición inicial, pois coincide formalmente coa prótese vocálica de *a-*, de modo que non é fácil diferenciarmos se se tratar dun prefixo ou dunha adición fonético-sintáctica de vogal¹³⁷ (**arrodeo*, **arrenegar*)¹³⁸. Alén disto, a aparición de *a-* en parellas do tipo *amostrar/mostrar* na lírica profana galego-portuguesa, mesmo combinadas no interior dunha mesma cantiga¹³⁹, semella obedecer a razóns de métrica. Neste sentido, e con base na indistinción semántica, Ferreiro (2001: 71), indica que os casos de *(a)mostrar*, *(a)podreecer*, *(a)presentar* etc. deben ser considerados vulgarismos con prótese de *a-*:

naqueles casos en que no seo da lingua se produce unha convivencia máis ou menos xeneralizada entre formas con e sen *a-*, sen distinción semántica, debemos considerar a existencia da prótese, que vai desde o simple vulgarismo (*alimpar*, *arradio*, *arrodeo*, *arroubar*, etc.) até unha ampla vacilación (mesmo na lingua literaria) noutros casos (Ferreiro 1997: 71).

¹³⁶ Mattos e Silva (2008: 321), a partir dos datos de Lucas Santos Campos en *A Negação Prefixal na História da Língua Portuguesa* –aínda en andamento–, tamén indica que non se documentan palabras portadoras do prefixo *a-* con valor negativo ou privativo no corpus medieval analizado.


¹³⁷ Esta vogal por veces pode ser o pronome identificador definido feminino *a*, como se observa nalgúns palabras ao longo da súa historia: *meaça* > *ameaça* (cfr. Ferreiro 1999: 203).

¹³⁸ Talvez por esta circunstancia, o prefixo *a-*, de procedencia latina, non aparece recollido no repertorio prefixal do galego moderno de Freixeiro Mato (1999: 254-269). Pola súa parte, Álvarez / Xove (2003: 727-728) tampouco o inclúen, xunto con *en-*, no cadro xeral de prefixos, mais ofrecen unha breve reflexión sobre a súa función e o seu significado; para estes autores, *a-* é un mero transcategorizador de nomes en verbos –xa que non contemplan as formacións parasintéticas (cfr. §3.3.3.)–, achegando unha significación mínima á base.

¹³⁹ Sirva como exemplo a cantiga de Bernal de Bonaval: *A dona que eu am’ e tenho por senhor / amostrade-mh-a, Deus, se vos en prazer for [...] Ay Deus! que mh-a fezeistes mays ca min amar, / mostrade-mh-a hu possa con ela falar* (LP 22,3).

Porén, outros autores¹⁴⁰ consideran que o *a-* inicial constitúe un prefixo, a pesar de achegar pouca modificación semántica á base, sobre todo a se basearen na participación deste prefixo nas construcións parasintéticas verbais denominais (cfr. §4.2.3.2 e §5.4.). É principalmente por este motivo que decidimos manter a consideración do *a-* inicial como prefixo, pois intervén en tres tipos de parasíntese (cfr. §5.4.). Así mesmo, esta situación podería facerse extensíbel, en parte, ao prefixo *en-* (tamén excluído do catálogo prefixal en Freixeiro Mato 1999 e Álvarez / Xove 2003) ao portar fundamentalmente unha leve intensidade da significación base.

Con base nisto, no noso corpus o prefixo *a-* opera sobre 34 bases diferentes, sendo en *CSM* onde recolleemos unha maior presenza. Tal produtividade referímola na seguinte gráfica:



Gráfica 3 Ocorrencias do prefixo *a-* no corpus

As derivacións prefixadas son exclusivamente isocategoriais e redúcense unicamente ás formacións verbais cun verbo como base. Canto ao seu significado, como xa indicamos, na meirande parte dos casos as palabras sufixadas por *a-* non difiren case nada do seu correspondente simple, como en *alançar* (CT) / *lançar*, *amostrar* (LP, CSM, LT, CT, MS) / *mostrar* ou *amatar* (CSM) / *matar*. Porén, noutros casos o derivado e a base poden presentar significados moi diferentes; así, *aficar* ‘atormentar(se)’ (LP, CSM, MS) e *assacar* ‘imputar calumniosamente’ (LP, CSM, CT), entre outros. Relacionamos, pois, a seguir máis casos:

¹⁴⁰ Cfr. Serrano Dolader (1995), Almela Pérez (1999), Álvarez / Xove (2003) (cfr. nota 138 deste estudo) etc.

acomendar(se) < a- + comendar
acontecer < a- + contecer
acreer < a- + creer
adeitar < a- + deitar
agardar ~ *aguardar* < a- + gardar~guardar
alevantar(se) < a- + levantar(se)
aperceber < a- + perceber
apostura < a- + postura

aprazer < a- + praizer
apresentar < a- + presentar
aqueixar < a- + queixar
arremeter(se) < a- + remeter
arrufar < a- + rufar
asentar < a- + sentar
aserrar < a- + serrar
atapar < a- + tapar

Con todo, talvez cumpra someter a revisión algunhas destas prefixacións de *a-* de acordo coas observacións xa indicadas anteriormente. Non obstante, e en calquera caso, a grande rendibilidade do prefixo *a-* reside, nomeadamente, na formación de parasintéticos denominais en <*a-...-ar*>, <*a-...-ear*> ou <*a-...-ecer*> (cfr. §5.4.).


5.2.2. Prefixo *ante-*

O prefixo *ante-* provén do adverbio e preposición latina ANTE, que indicaba anterioridade espacial e/ou temporal. Este prefixo aparece tanto en formación eruditas ou semieruditas de creación latina (ANTEPONERE > *antepor*), mais tamén se documenta en formacións romances galegas cos mesmos valores semánticos orixinais (Ferreiro 1997: 72).

Nos vocábulos máis recentes consérvase a vogal final do prefixo, aínda que a base inicie por vogal (*ante+ollos* > *anteollos*), mais se a xeración do vocábulo se producir nas primeiras fases da lingua observamos crase fonética entre a vogal final do prefixo e a vogal inicial do lexema.

Precisamente, en todo o noso corpus documentamos unicamente dous casos de xunción do prefixo *ante-* a unha base en que se produce este metaplasmo por supresión de fonemas: *antollar* [*LP*, *CSM* e *CT*] < ante + ollar, *antollo* < [*CSM*] < ante + ollo¹⁴¹. Por tanto, a produtividade deste sufixo no corpus é sumamente baixa e rexistrámola tanto en verbos con orixe verbal como en substantivos desubstantivais co valor de anterioridade, aínda que xa lexicalizado.

¹⁴¹ Non obstante, cfr. *DHLP* (s.v. **antolhar** e **antolho**), que alén desta etimoloxía tamén apunta a posíbel procedencia do español *antojar* e *antojo*, de modo que neste caso estaríamos perante un préstamo.




Gráfica 4 Ocorrencias do prefixo *ante-* no corpus

5.2.3. Prefixo *bis-*

O prefixo de orixe latina *bis-*, alomorfo de *bi-*, significa ‘dous’ ou ‘dúas veces’. A produtividade da forma *bi-* deste prefixo áchase combinase fundamentalmente con bases nominais, quer substantivas quer adxectivas, e aparece con maior frecuencia no galego moderno.


A variante alomórfica *bis-*, tal e como indica Freixeiro Mato (1999: 260), “só aparece nalgúns exemplos lexicalizados” hoxe en día. É o caso de *bisneto* (CSM, CT) e o de *bisauoo* (CT), polo que se comproba que é outro prefixo con rendibilidade residual. Neste caso xúntase a nomes de parentesco para indicar a proximidade na liña familiar.



Gráfica 5 Ocorrencias do prefixo *bis-* no corpus

5.2.4. Prefixo *con-/co-*

O prefixo *con-*, xunto co seu alomorfo *co-*, deriva da preposición latina CUM e integra a idea de ‘contigüidade, compañía’. A maior parte das formacións con preposición *con-* que encontramos son de orixe latina, polo que ficán fóra do noso corpus. Igual que acontecía cos prefixos *ante-* e *bis-*, *con-* preséntase como pouco produtivo na formación de novas palabras no galego medieval. O seu uso límitase unicamente á afixación de dous substantivos desubstantivais mediante *con-/co-*, *comarca* (CSM) e *coirmãa/coyrmão*¹⁴² (LP, CT).



Gráfica 6 Ocorrencias do prefixo *con/co-* no corpus


5.2.4. Prefixo *de-*

O prefixo *de-*, procedente da preposición latina DĒ, modifica levemente a significación orixinaria da base, indicando ‘tendencia a menos’ ou ‘movemento cara a abaixo’, aínda que o máis habitual é que non altere practicamente o significado da base, como en *dependorar* (CSM, CT, MS), *demudar* (CT) e *detardar* (CSM, CT, CSMI). Porén, ás veces tamén pode adquirir o valor de separación, perceptíbel en *departir* (CSM) e *derraigar* (CSM). A partir deste último significado, o prefixo *de-* tamén pode experimentar un sentido negativo ou opositivo, como se pode encontrar en *decinger* ‘desapertar, afrouxar’ (CSM) e *desoterrar* ‘desenterrar’ (CSM), se ben que neste último caso é posíbel estarmos perante un caso de prefixación con *des-* (*dessoterrar*).

¹⁴² Nesta fase da lingua aínda se pode observar perfectamente a derivación prefixal, xa que *a posteriori* isto esvaece na evolución en com. *curmán* / dial. *curmao*, *curmá*.

Precisamente, cos valores de separación e oposición, o prefixo *de-* compite co prefixo *des-*, o cal en certos casos acabará substituíndoo (p.ex., mod. *descinxir* ou *desarraigar*). Porén, no noso corpus *de-* non é tan produtivo como *des-* para expresar a negación.

A nivel morfosintáctico, nos casos rexistrados no corpus este prefixo crea exclusivamente sete verbos isocategoriais, cuxo reparto nas obras ollamos nesta gráfica:




Gráfica 7 Ocorrencias do prefixo *de-* no corpus

Por outra parte, o prefixo *de-* pode aparecer en formacións parasintéticas de C1 <*de-...-ar*> (*depenar*) (cfr. §5.4.).

5.2.5. Prefixo *des-*

O prefixo *des-* procede probabelmente do prefixo latino *DĪS-*, aínda que tamén se apunta a posibilidade de se orixinar a partir da aglutinación de *DĒ-*+*ĔX-* (Ferreiro 1997: 78). Constitúe o prefixo máis produtivo ao longo da lingua galega, así como o máis habitual na formación de palabras con significado privativo. Neste sentido, no noso corpus esta afirmación fica revalidada, pois únese a 94 bases diferentes (cfr. *Diccionario*) para indicar a noción de ‘acción contraria, negación, oposición ou privación’. En concreto, no corpus lírico é onde se usa a prefixación con *des-* de maneira máis fecunda, talvez pola existencia de binomios contrapostos do tipo *amor/desamor* (*LP, CSM, CT*), *mesura/desmesura* (*LP, CSM, CT*) etc.



Gráfica 8 Ocorrencias do prefixo *des-* no corpus

Talvez a alta produtividade deste prefixo se ache en que *des-* se pode xuntar a toda clase de bases, isto é, a substantivos (*desamor, desaveença, descousimento, deslealdade...*), a adxectivos (*desaventuroso, descomunal, deshonesto, desleal...*) e a verbos (*desacordar, desamar, descavalgar...*). Por tanto, o prefixo *des-*, como evidencian os exemplos recollidos, viola a Hipótese da Unicidade da Base (cfr. §3.3.1. e §4.2.1.1.), ao se asociar a diferentes categorías de palabras base, “o que parece mostrar que a selección das bases estará sobretudo dependente de criterios semânticos” (Brocardo / Caetano 2000: 44-45).

Alén disto, *des-* pode unirse tanto a bases verbais simples (*desamor, desamar, deshonesto*) como complexas (*desasperança, desafazer, desaconselhar*); nestas últimas destaca a asociación do prefixo a bases previamente parasintéticas, como en *desaguisar, desassanhar, desensanhar*.

Por outra parte, unha das peculiaridades destas formacións verbais con prefixo *des-* é o feito de ofrecerem dúas posibilidades de interpretación semántica e, por tanto, procesual. Así, en *descoorado* (CSM) podemos considerar que estamos perante un caso de prefixación e, xa que logo, a base é *coorado*, mais tamén é posíbel concluímos que se trata dunha construción parasintética, con base en *coor* (*des-coor-ado*). Esta dupla possibilidade desaparece cando a palabra base é un parasintético, de modo que nestes casos sempre imos estar perante casos de prefixación con *des-* (*desaguisar* < *des-* + *aguisar* [< a-+guisa+-ar]) (cfr. estrutura <*des...ar*> en §5.4.). Calquera opción é válida formal e semánticamente (cfr. §4.2.3.1.), mais neste caso en concreto consideramos que debe analizarse como prefixación por causa da existencia de formacións corradicais

sinónimas *guisar/aguisar*, cuxa base é o substantivo *guisa*; por tanto, a aparición do prefixo *des-* semella modificar ambas as formacións.

Relativamente á alternancia con outros prefixos, o prefixo *des-* encóntrase en competición con *de-* e *es-*¹⁴³, mais tamén *in-*, aínda que como veremos este só aparece nun único caso no século XV, o que semella que a extensión de *in-* como prefixo negativo se produce modernamente.

Fronte a esta rendibilidade, temos *dis-* e *de-*, que ocorren en palabras que teñen orixe en formas derivadas latinas, cuxo estatuto de palabras complexas en galego, dun punto de vista sincrónico, é discutíbel, polo menos nalgúns casos (Brocardo / Caetano 2000: 44). Así mesmo, algunhas “trocas” como as citadas por Nunes (1989: 394), *desbulhar/debulhar* ou *despravado/depravado*, reforzan a idea de que só *des-* é produtivo en galego e tamén en portugués (Brocardo / Caetano 2000: 44).

Neste sentido, no noso corpus encontramos exemplos de prefixación con *des-* que veñen substituír os derivados en *de-* creados en latín; así, *descrecer* (CSM) e *despoer* (MS, CSMI) serían formados en romance, á diferenza de *decrecer* (< DECRESCĒRE) e *depor* (< DEPONĒRE).

5.2.6. Prefixo *en-/in-*


O prefixo *en-* procede da preposición latina *ĪN-*¹⁴⁴, que contiña o significado ‘en, dentro’. Porén, na maior parte dos casos, igual que acontecía con *a-* (< AD), non altera grandemente o significado da base, de modo que constitúe un “reforzo pleonástico, alternando a forma simple coa forma prefixada” (Ferreiro 1997: 82). É o caso de *empreguntar/preguntar*, *emprestar/prestar*, *empuxar/puxar*... Nalgúns casos, a forma reforzada levou consigo a desaparición da forma simple, antiga no tempo (*comendar* → *encomendar*).

Porén, outros autores (Freixeiro 1999, Álvarez / Xove 2003) non recollen este prefixo na nómina afixal, como xa indicamos tamén para *a-*, polo escaso impacto semántico que proporciona ao derivado.

¹⁴³ Cfr. a este respecto, Neira (1976: 314-316).

¹⁴⁴ Para unha análise histórica do prefixo latino *IN-* véxase Brea (1977).

No noso corpus, xúntase exclusivamente a bases verbais e xera igualmente vocábulos sufixados verbais, malia tamén acharmos algún caso esporádico de substantivos base, como en *encomedio* ou *entorto*. A produtividade do sufixo *en-* no galego medieval semella concentrarse na etapa trobadoresca.



Gráfica 9 Ocorrencias do prefixo *en-* no corpus

Alén disto, o prefixo *en-* pode cristalizar en formacións parasintéticas cos sufixos *-ar* (<*en-...-ar*>) *-entar* (<*en-...-entar*>) e mais *-ecer* (<*en-...-ecer*>) (cfr. cfr. §5.4.).

Por outra parte, a evolución diverxente do prefixo latino *ĪN* é a forma latinizante *in-*, que nos casos analizados presenta o valor de negación. Este prefixo *in-* aplícase unicamente á unha única palabra e xa na fin da Idade Media (*inamiigos*¹⁴⁵ (CSMI) < in + amigo).


Segundo Silva Jr. / Andrade (1913: 311): “Desde o século XV que substituiu a negativa *não* nos compostos, e o seu emprego é hoje familiar e quasi popular. Combina-se com substantivos, mas principalmente com adjectivos e participios: — *ingratidão, irrelição, incalculavel, incauto, inconsiderado, inconsulto; illegal, immoral, irregular*”.

¹⁴⁵ Nesta palabra prodúcese unha prefixación romance fronte á de orixe latina, xa que na lingua medieval non se debe percibir como prefixada: INIMICUM > med. *ĩimigo/imigo* → *inimigo*.

5.2.7. Prefixo *entre-*

O prefixo *entre-*, do latín ĬTER, tal e como se salienta en diversos manuais (Freixeiro Mato 1999: 258), manifesta unha produtividade no galego moderno bastante baixa, “con tendencia á fosilización”, pois na actualidade a variante *inter-* posúe maior vitalidade.

Este feito podemos corroboralo no noso corpus, en que unicamente temos un caso de palabra prefixada no romance con *entre-*, *entredormir* (CSM 1), que presenta o significado de intensidade. Os casos de formacións latinas tamén ocorren mediante a forma patrimonial do prefixo (*entrepelar* (CT) < INTERPELLARE).




Gráfica 11 Ocorrencias do prefixo *entre-* no corpus

Por tanto, cúmprese a Hipótese da Unicidade da Base aronoffiana (cfr. §3.3.1. e §4.2.1.1.), face ao galego moderno en que se une tanto a substantivos (*entreperna*) como a verbos (*entremeter*) (Freixeiro Mato 1999: 258).

5.2.8. Prefixo *es-*

O prefixo *es-* deriva da preposición latina ĔX (‘fóra de’) na súa forma patrimonial. Este prefixo latino formou numerosos vocábulos na lingua romana, mais tamén se converteu nun prefixo maioritariamente verbalizador. Nos exemplos do noso corpus recolleemos 10 tipos de bases diferentes ás que afecta o prefixo *es-*. Nestes casos encontramos os significados de intensidade, como en *estardança*, *escontar*, *estorcer* etc., mais tamén o de negación, cal en *escooir*.



Gráfica 12 Ocorrencias do prefixo es- no corpus

Este prefixo participa tamén en construcións parasintéticas, como <es-...-ar> (*escabeçar, espedaçar*) ou <es-...-ecer> (*esclarecer, espavorecer*). Así mesmo, os casos *esconjurar* e *escoorir*, tal e como acontecía co prefixo *des-* (cfr. §5.2.5.), tamén poderían ser analizados como parasintéticos segundo a interpretación semántica da base e lexicoxenética da base; así, *escoorir* ‘sen colorear’ < es- + coorir, fronte a *escoorir* ‘sen cor’ < es- + coor + -ir.


Por tanto, o prefixo *es-* compite co seu rival semántico *des-*, que acabará por se impor, en casos dos tipo med. *escoorir* (CSM) → mod. *descolorir*.

5.2.9. Prefixo *re-*

O prefixo *re-* provén da partícula latina RE-, que perante vogal adoptaba a forma RED-. O seu significado fundamental era o de repetición, aínda que tamén podían contemplarse nocións de ‘oposición’, ‘retroceso’ etc.

No galego aparecen estas mesmas nocións, sobre todo a de iteración (*renembrancha, revender*), mais tamén o prefixo *re-* pode conferir certo valor intensificador aos vocábulos prefixados (*rematar*).

No noso corpus ten unha frecuencia de uso bastante limitada, a 10 bases, e opera tanto sobre substantivos (*renembramento, renembrancha*) como verbos (*rechantar, recreer(se), rematar, remolhar, requentar, revender*), sen mudar a categoría gramatical.

Gráfica 13 Ocorrencias do prefixo *re-* no corpus


Algúns verbos parasintéticos da C1 forman estrutura mediante o prefixo *re-* (*refresc-ar*, *recu-ar*) (cfr. §5.3.1.).

5.2.10. Prefixo *sobre-*

O prefixo *sobre-* deriva da preposición latina SŪPER, da cal tamén provén o alomorfo erudito *super-*, presentando as nocións de intensidade ou exceso. Porén, no noso corpus unicamente encontramos este prefixo co significado de superioridade (nun cargo). É o caso do substantivo *sobrejuiz* ‘xuíz de última instancia’ [CSM] (< juiz), *sobreposto* [LP] (< sobre+posto) e *sobredita* [CT] (< sobre+dito). Con todo, cómpre indicar que nos *Mirages de Santiago* aparece a locución adverbial *a sobreguisa*, con orixe na combinación da preposición *a* máis o adverbio “sobre+guisa”, que decidimos non incluír por estar gramaticalizada.

Nos textos aparecen outras palabras, como *sobrepeliça* (LP), *sobrencelhas* (LP) etc. mais trátanse de formacións con orixe latina, de modo que fican desbotadas deste estudo e, por tanto, do cómputo.


Na seguinte gráfica podemos observar, xa que logo, a baixa produtividade deste sufixo (unicamente tres casos), dato que sorprende fronte á súa alta rendibilidade tanto no latín como modernamente (Ferreiro 1997: 99).



Gráfica 14 Ocorrencias do prefixo *sobre-* no corpus

5.2.11. Prefixo *tras-/trans-*

Do prefixo latino TRANS- ('a través de') tamén se xeraron dúas evolucións prefixais, unha culta (*trans-*) e outra patrimonial (*tras-*). No corpus temos un exemplo coa variante *trans-*, que aparece nun caso de prefixación substantiva desubstantival (*transmoleira* en LP), en canto a variante *tras-* comparece nos verbos *traspasar* (CSM) e *trastornar* (CSMI), procedentes das bases verbais *pasar* e *tornar*; en ningún caso experimentan transcategorización.



Gráfica 15 Ocorrencias do prefixo *tras-* no corpus

5.3. A sufixación no galego medieval

O estudo da afixación no galego medieval demostra ou confirma a enorme presenza e rendibilidade deste mecanismo de formación de palabras. A cantidade de sufixos e de ocorrencias destes é tal que dificultan levar a cabo un estudo xeral deste procedemento, sen tender a ser demasiado esquemático, pois a análise de cada sufixo podería ser obxecto dun estudo particular e moi copioso a nivel descritivo. Porén, tentaremos debuxar os aspectos máis importantes dos sufixos máis importantes.

O galego medieval posúe un rico inventario de sufixos que permiten a creación de novas palabras mediante. Os afixos nocionais, fronte aos apreciativos, teñen a capacidade de transcategorizaren a base e por tanto mudaren a categoría gramatical da palabra. Únense a unha base (nominal –substantiva e adxectiva– ou verbal, fundamentalmente, e raras veces adverbial). E algunhas destas formacións son de procedencia latina, mais outras son de creación romance e teñen unha verdadeira rendibilidade.

Separámos os diferentes sufixos segundo a categoría gramatical resultante, mais non subdividiremos en sufixación nominal, verbal e adverbial, xa que un mesmo sufixo pode ter diversas procedencias.

5.3.1. Sufixación nominal

Os sufixos nominalizadores presentan a característica intrínseca de formaren nomes substantivos e adxectivos. Porén, as propiedades semánticas resultantes son variadas, aínda que en moitos casos partillan os mesmos valores. Comentamos os sufixos nominais máis interesantes e/ou produtivos.

5.3.1.1. Sufixo *-al*


O sufixo *-al* procede do latín *-ALE* “onde formaba adxectivos fundamentalmente a partir de bases substantivas” (Ferreiro 1997: 161). Con esta mesma funcionalidade é coa que chega ao galego medieval. Así, como sufixo formador de adxectivos, como observamos nas catorce ocorrencias diferentes do noso corpus, o sufixo *-al* combínase normalmente con bases nominais (*arçobispal, frontal, mentiral, mundanal, pedregal, pñal, rosál* e *terréal*) para indicar ‘relación, pertenza’, así como ‘lugar’ ou ‘calidade’.

Porén, tamén pode asociarse a bases adxectivas co mesmo significado: *apostolical*, *celestial*, *fraternal*, *monacal*, *negral* e *perenal*.

Porén, o sufixo *-al* tamén pode crear substantivos masculinos co mesmo valor semántico, mais no corpus presenta unha produtividade menor e tamén achamos casos de lexicalización: *estadal* ‘cirio’ < estado, *maioral* < maior, *portal* < porta.

Por outra parte, tamén temos casos dunha forma en *-ar*, procedente de *-ARE*, que na liña de moitos autores (Ferreiro 1997, Frexeiro 1999, Lacuesta / Bustos Gisbert 2003 etc.) constitúe a variante alomórfica, xa que non é unha clasificación unánime (cfr. Lacuesta / Bustos Gisbert 2003: 4527, n. 54). Tal e como apuntan estes dous autores, “la razón de esta alternancia es histórica. Ya en latín se utilizaron *-ali/-ari* según el lexema de los primitivos tuviera *-r* o *-l* (cf. *singularIS/plurALIS*)” (cfr. Lacuesta / Bustos Gisbert 2003: 4527, n. 53). Con este alomorfo *-ar* rexistramos o substantivo *chacotar* ‘canción’ < *chacota*.

Na seguinte gráfica podemos ollar a distribución da produtividade nas obras:



Gráfica 16 Ocorrencias do sufixo *-al/-ar* no corpus

Finalmente, sufixo *-al*, cando partilla contextos semánticos, pode entrar nun proceso de alternancia, rivalidade e, nalgúns casos, posterior substitución sufixal. Así, por exemplo, cando se refire a unha calidade, *-al* pode competir con *-oso/a*, *-eiro/a*, *-az*: med. *mentiral* (LP) / *mentiroso* (CSM) / *mentireiro* (CSM) / *mentiraz* (Demanda do Santo Graal) ← *mentira*.

5.3.1.2. Sufixo *-çon*

O sufixo latino *-TIONE*, é resultado orixinariamente da amálgama do sufixo *-IONE* precedido pola desinencia de participio de pretérito *-TU*, en que o *-U-* se acaba perdendo (Ferreiro 1997: 140). Este sufixo evolúe cara ao galego (medieval) baixo a forma *-çon/-zon* (cfr. Ferreiro 1997 e 1999), xunto cas variantes gráficas *-çom/-zom* e *-çõ/-zõ* (*quitaçon, sagraçon*). Así mesmo, alén de se asociar o sufixo latino *-IONE* á terminación de participio en *-TUS*, mais tamén existía outro grupo de participios de pasado en *-SUS*, de modo que se creaba unha forma *-SIONE* cuxo resultado no galego antigo foi *-son/-som/-sõ*¹⁴⁶ (*defenssón*). Modernamente, case todas as formacións (latinas ou xa galegas) sen iode acabaron sendo refeitas a través da forma *-ción* (*criaçõn* → *creación*, *perseguiçõn* → *persecución*), que hoxe en día é a variante produtiva.

No corpus literario medieval que manexamos a solución universal para calquera dos dous casos (*-çon/-son*) é precisamente sen o iode, como afirmou Ferreiro (1997: 140), a pesar de encontrarmos exemplos moi illados con *-i-* nas *Cantigas de Santa Maria* (unicamente, salvo erro, *religion* e *vision*) ou tamén na *Crónica Troiana*, que se cinxen en concreto á terminación *-sion* (*visiõ* [CT 220.2], *cõfussyõn* [CT 273.33]).

Porén, a se basear nestas mínimas ocorrencias no corpus literario e nalgúns casos máis recollidos na cronoloxía de Lorenzo (1968), Mariño Paz (1998: 754) indica que “o feito de se detecta-la fluctuación *-ión / -ón* xa na Idade Media¹⁴⁷, e mesmo xa nas *Cantigas de Santa María*, desautoriza a tese de que a terminación “cultá” é un castelanismo na nosa lingua”. Entre estas vinte e oito voces que recolle da Idade Media, podemos citar *absoluçõ, condjçion, condiction, jurisdiçõ, passiom, religion* ou *visiõ*, entre outras.

Por tanto, semella moi arriscado falar dunha flutuación ou pugna entre ambas as evolucións, pois, por un lado, os datos dos textos literarios medievais invalidan o feito de poder tirar unha conclusión, e por outro, o tipo de palabras en que aparecen é de filiación relixiosa, e inclusive de teor latinizante. Precisamente é na prosa notarial en que efectivamente se pode entrever unha certa pugna (gráfica) entre *-çon/-son* e *-cion/-sion* (cfr. Maia 1986); a este respecto, Maia indica con moita precaución que certamente

¹⁴⁶ Tamén se documenta a variante *-gon* (*prigon* ‘prisión’).

¹⁴⁷ Cfr. tamén Mariño Paz (1995) e sufixo *-nça* deste capítulo.


existe tal variación, mais que aínda está por estudar máis pormenorizadamente a causa dela. Neste sentido, convén recordar que este tipo de textos están fortemente influenciados polos usos gráficos, por fórmulas estruturais e até por voces puramente latinas.

En calquera caso, o certo é que a única forma dispoñible como sufixo no galego, con base nos textos do noso corpus, é *-çon*, o que remarca a tese de posíbel españolismo da terminación *-ción*, xa que todos eses casos en que se encontran posíbeis fluctuacións son derivacións latinas; absolutamente ningunha palabra formada en galego-portugués mediante este sufixo presenta un resultado con iode: *descomungaçon*, *escantaçon*, *estremaçon*, *perdoaçõn*, *perseguiçon*, *pregaçõn*, *quitaçon* e *trasladaçon*.

Canto á súa funcionalidade, o sufixo *-çon* crea substantivos deverbal coa significación de ‘acto e/ou efecto de’ ou ‘proceso’. Así, ao ter orixe verbal, entre o radical e o sufixo insírese a vogal temática, nunha distribución complementar exactamente igual do que en latín: *-a-* para a C1, mentres que se neutraliza en *-i-* nas na C2 e na C3. Por tanto, imos encontramos coas formas *-açõn* (*perdoaçõn*) e *-içon* (*perseguiçon*).

En latín, este sufixo era un dos nominalizadores máis produtivos, feito que podemos comprobar en numerosos casos dos textos en que se aprecia esta forma *-çon*: *coraçõn*, *criaçõn*, *razõn*, *sagraçõn*... Porén, fronte á alta produtividade deste sufixo na lingua latina, no galego medieval encontrámonos cunha situación inversa, pois unicamente rexistramos este sufixo nas palabras anteriormente citadas, oito en concreto.

Na seguinte gráfica podemos ver a produtividade do sufixo ao longo dos séculos a través das sete obras analizadas:



Gráfica 17 Ocorrências do sufixo *-çon* no corpus

Pola súa parte, no relativo á produtividade, o sufixo *-çon* alterna e rivaliza con outros sufixos nominalizadores deverbais, quer os derivados regresivos quer *-mento*, para designar o ‘acto e/ou efecto’. Así, por exemplo, *escusaçon/escusa*, *quitaçon/quita* e *destróiçon* [+latín] / *destróimento* [+romance], *outorgaçõ* (XIII) / *outorgamento* (XIII). Como vemos no último exemplo, acontece en moitas ocasións que á par da formación latina, créase outra sufixación romance con que alterna e compite.

5.3.1.3. Sufixo *-do/-da (-ado, -ada, -ido, -ida)*

O sufixo *-do* (*-ado, -ada, -ido, -ida*) tamén presenta un número de ocorrencias moi alto, un total de 65 palabras base sobre as que actúa. Esta é a evolución patrimonial que o latín *-ĀTUS, -A, -UM* ~ *-ĪTUS, -A, -UM* derivou no galego-portugués. O seu uso inicial en latín estaba reservado para a formación dos participios de perfecto pasivo, unidos á raíz mediante a vogal temática correspondente para cada conxugación; ademais, servían de base temática para a creación dos tempos de perfecto e pluscuamperfecto pasivos, polo que a importancia deles era considerábel. Mais, na orixe, este participio era un antigo adxectivo verbal en *-to-* (Väänänen 2003: 232-234)¹⁴⁸, que se declinaba, loxicamente, como os adxectivos latinos de tres declinacións, polo que van recibir mediante a concordancia as incidencias gramaticais de xénero e número inherentes do substantivo, xunto co caso e os graos.

Este carácter nominal é o que vai explicar, en certa medida, o progresivo incremento deste sufixo como formador de substantivos, unha transcategorización que xa se producira no latín e que levara a moitos participios de pasado a se empregaren como substantivos, coa conseguinte “adaptación semántica da terminación de participio” (Ferreiro 1997: 115-116).

Para explicar esta transcategorización do participio en sufixo substantivador, Grandgent (1963: 47), quere ver o avance deste uso nos participios femininos que tiñan en correlato “un sustantivo feminino sobreentendido, y fueron reforzados por los nombres de la cuarta declinación en *-tus*, como *collectus, narratus*”.

¹⁴⁸ Este adxectivo tamén se encontra “en osco-umbro [...] y en griego [...], aunque en este último caso sólo como adjetivo verbal” (Beltrán 1999: 177).

Porén, é preciso considerar *-do/-ado* como algo máis que unha transcategorización, toda vez que pode aparecer como *-ado/-ada* sen se asociar a unha base verbal.

É por iso polo que a produtividade do sufixo témola na creación de substantivos a partir de verbos das tres conxugacións, cuxa noción básica que presenta é a de ‘acto e/ou efecto de’, do mesmo xeito que acontece con outros sufixos como *-mento*. Relacionamos, a seguir, algunhas formacións nominais deverbais, segundo a VT e o xénero, entre as que destaca *-ada* polo seu número elevado (11), fronte a *-ado* (18), *-ido* (4) e *-ida* (5):

-ado: *comendado* < *comendar*, *desaguisado* < *desaguisar*, *furado* < *furar*, *gasalhado* < *gasalhar*, *mãdado* < *mandar*, *pescado* < *pescar*, *reinado* < *reinar*

-ada: *caualgada* < *cavalgar*, *demorada* < *demorar*, *detardada* < *detardar*, *entrada* < *entrar*, *ferrada* < *ferrar*, *morada* < *morar*, *pousada* < *pousar*, *tornada* ‘volta’ < *tornar*

-ido: *oido* < *oir*, *pedido* < *pedir*, *sentido* < *sentir*

-ida: *ferida* < *ferir*, *guarida* < *guarir*, *partida* < *partir*, *saýda-seýda* < *sair*, *subida* < *subir*


Como se pode observar, na maioría dos casos percíbese unha certa lexicalización e nalgúns casos, alén deste valor, o sufixo engade un matiz locativo á palabra derivada, principalmente no xénero feminino. É o caso, por exemplo, de *entrada* ou *morada* en que, ademais do ‘acto e efecto de entrar/morar’, tamén é o ‘lugar por onde se entra ou onde se mora’. A *pousada* é un ‘lugar onde se hospeda (pousa)’ etc. No que ao masculino respecta, tamén se habilitou a noción de ‘axente’ en ocasións como *chagado* ‘ferido’ (CT) < *chagar*; *criados* ‘vasalos’ (CT) < *criar*; ou *priuado* ‘persoa de confianza’ (CT, 40.6) < *privar*.

Moito máis produtivo resulta o sufixo masculino *-ado* cando opera sobre bases nominais indicando a noción de ‘lugar onde se exerce unha xurisdición’; así, recolleamos *arçobispado* < *arçobispo*, *condado* < *conde*, *patriarcado* < *patriarca*, *prinçipado* < *príncipe*...

Pola contra, a forma feminina *-ada* ten unha especial rendibilidade na formación de substantivos a partir de substantivos; en concreto, rexistramos 18. A significación que presentan é a de ‘golpe’, como demostran os seguintes derivados: *azcũadas* < *azcũa*; *espadadas* < *espada*; *lançada* < *lança*; *palmada* < *palma*, *pancada* < *panca*; *pedrada* < *pedra*, *saetada* < *saeta* etc.

Mais este sufixo tamén pode indicar ‘cantidad’, como en *braçada* < *braço*, *punhada* < *punho* ou *soldada* < *soldo*; un ‘período temporal’: *detardada* < *tarde*, *invernada* < *inverno*; e incluso designar unha ‘parte do corpo’: *queixada* < *queixo*. E finalmente, *-ada* tamén se pode asociar a bases adxectivas, aínda que unicamente rexistramos un único caso: *negrada* ‘música de negros’ < negro.

En números totais, rexistramos 64 sufixacións en *-do* no noso corpus de galego medieval, cunha grande presenza na lírica e tamén na *Crónica Troiana*.



Gráfica 17 Ocorrencias do sufixo *-do/-da* no corpus

Canto á produtividade, segundo o tipo de significado e o alomorfo de que se tratar, o sufixo *-do* alterna con outros sufixos no galego medieval. Así, o sufixo *-ado* compite con *-a* (*manda*) e *-ada* (*braçada*). Pola súa parte, a forma *-ada* con orixe deverbais rivaliza con *-nça* (*delongança*, *demorança*, *detardança*), *-ado* (*braçado*, *bailado*), *-ura* (*ferradura*), *-a* (*delonga*, *demora*, *junta*, *malha*), *-e* (*albergue*, *baile*). Canto ás formas con VT *-i-*, o feminino concorre por veces con *-a* (*suba*) e o masculino con *-mento* (*pedimento*).

5.3.1.4. Sufixo *-ez/-eza*, *-ece/-ice*

As formas latinas *-ĪTĪE/ĪTĪA* derivan no galego medieval para os sufixos *-ez/-eza*, predominando esta última, presentan unha grande dispoñibilidade para a formación de substantivos abstractos que denotan calidades morais valorativas, a partir de bases adxectivas. Así, localizámolo en 18 bases diferentes *braveza* < *bravo*, *crueza* < *cru/crua*, *dereiteza* < *dereito*, *escasseza* < *escasso/a*, *franqueza* < *franco/a*, *fraqueza* < *fraco/a*,

largueza < *largo/a*, *sageza* < *sage*, *soteleza* < *sotil*, *vileza* < *vil* etc. A variante *-ez* ten unha presenza minoritaria, unicamente reducidas a *meninez* e *sandez*.

Pola súa parte, a solución semiculta antiga *-ece/-ice* rexístrase tamén nos textos, principalmente a favor da primeira, mais cunha presenza residual e unicamente ligada a unha determinada serie de palabras: *velhece*, *prenhece*, *sandece*; *covardice*, *sandiçe*. Pola súa parte, a solución culta *-icie/-icia* só aparece en cultismos tirados directamente do latín.

Canto á concorrencia sufixal, o *eza* xúntase a bases que tamén son seleccionadas por outros sufixos, de maneira que presentan a mesma función e significado e, por tanto, rivalizan entre si. Esta competición pode resolverse ben coa substitución do sufixo ou ben coa perda de uso deste sufixo *-ez/-eza* a favor dos outros. Así, temos alternancias principalmente con *-ura* (*bravura*, *dereitura*, *grandura*, *largura*) e con *-idade* (*escassidade*).

5.3.1.5. Sufixo *-idade*

A forma sufixal latina *-TATE*, de grande extensión no latín vulgar para formar substantivos abstractos derivados de bases adxectivas, evoluciona en *-dade* como forma patrimonial, tamén cunha alta rendibilidade neste tipo de creacións.


En latín, estes substantivos presentaban normalmente unha secuencia *-idade*, cunha vogal *ĭ* intertónica, que herda o galego nestes compostos latinos (*claridade* < *CLARITATEM*). Pola súa parte, nos adxectivos terminados en *-n*, a vogal de enlace *ĭ* perdeuse ao ir en posición átona intertónica e derivou en *-dade*, precedido de *-l-* ou de *-n-* segundo os casos: *-ldade* (*maldade*), *-ndade* (*bondade*). Así mesmo, as bases adxectivas latinas que finalizaban en *-IUS* crearon unha secuencia final *-ETATE* > *-edade* (*piedade*). Noutros casos, apareceu unha solución diverxente que conserva o *-T-* latino, *-tade*.

Unha vez vista esta situación de como chegaron a nós os derivados latinos de *-TATE*, cómpre ver cal é a forma ou formas alótropas do sufixo que opera(n) no galego medieval, pois diversos estudiosos teñen escrito a respecto da determinación da configuración máis representativa do sufixo, nomeadamente identificada como *-dade* (Rio-Torto 1998: 37), alén de *-idade* e *-edade*. Así, o confronto con exemplos rexistrados

na produción literaria medieval indicánnos que as formacións vernáculas deste sufixo realízanse exclusivamente baixo a forma *-idade*: *escassidade* (LP), *gafidade* (CSM), *honestidade* (MS), *neicidade* (LP, CSM, CT), *torpidade* (LP, CSM, CT) etc. Neste sentido, convén cómpre recordar, canto ao segmento vocálico, que “a emergêcia de *-i-* por forza da adunção do sufixo, e largamente inscrita en compostos e en derivados do português, é herdada do latim e corresponde, en ambas as linguas, a una necesidade imposta polo padrão predominantemente *-CV-* da estrutura da sílaba” (Rio-Torto 1998: 39).

Por outra parte, as solucións en *-dade* que se observan no texto correspóndense con formacións sufixadas no latín: *crueldade* (CRUDELĪTĀTEM), *herdade* (< herdedade < HEREDĪTĀTEM), *humildade* (< HUMILĪTĀTEM), *mortaldade* (< MORTALĪTĀTEM)... Con todo, extractamos tres únicos casos de formacións romances galego-portuguesas por medio da variante *-dade*, que semellan ter a súa orixe na absorción da vogal *-i-* da terminación *-idade* na súa unión con unha base finalizada en fonema nasal; é o caso de *irmandade*, *livialdade* e *mesquindade*. Precisamente, a alternancia textual de *irmãidade* (LP) e *hyrmãdade* (CT) parecen confirmar esta hipótese.

Como se pode observar na seguinte gráfica de produtividade, o sufixo *-idade* xúntase a 11 bases diferentes, e sóldase a bases adxectivas (*escasso/a*, *honesto/a*, *neicio/a*, *torpe...*), mais tamén poden ser substantivas (*irmão*, *gafo*), para formar derivados nominais abstractos a indicar ‘calidade’.



Gráfica 18 Ocorrencias do sufixo *-idade* no corpus

Por outro lado, o sufixo *-idade* compite con *-eza*, que na maior parte dos casos acaba por se especializar na designación dunha calidade; así, os casos recollidos de certãidade (CSM), *escassidade* (LP) e *torpidade* (LP, CSM, CT) foron substituídos por


certeza (documentado no s. XV), *escaseza* (xa alternante en LP) e *torpeza*, respectivamente. Noutros casos, a alternancia *-idade* / *-eza* vai manterse (*claridade* / *clareza*), mais con diferenciacións ou especializacións de significado.

Finalmente, cómpre indicar que o sufixo *-idade* bloquea a acción de sufixos posteriores, de modo que frea a recursividade sufixal.

5.3.1.6. Sufixo *-eiro/a*, *-deiro/a*

O sufixo *-eiro*, *-eira* pode presentar os alomorfos *-adeiro*, *-a* / *-edeiro*, *-a* / *-ideiro*, *-a*, que se encontran cando a base é un verbo. A respecto da secuncia *-ad-*, cómpre indicar o mesmo que para o caso de *-idade* (cfr. *supra*).

En latín *-ĀRIUM* podía designar tanto nomes de instrumentos, de lugar, colectivos ou xentilicios. A súa produtividade en galego tamén é extraordinaria, e actúa tanto na formación de substantivos como de adxectivos, tendo unha cantidade inxente de significacións diferentes.



Gráfica 19 Ocorrencias do sufixo *-eiro/a* e *-deiro/a* no corpus

A noción máis abundante, como xerador de substantivos, é a de axente que realiza un oficio ou profesión: *agoyreyro* < *agoiro*; *arqueyros* < *arco*; *caualeyro* < *caualo*; *escudeyro* < *escudo*; *marineyro* < *mariña*; *messageyro* < *message(n)*; *monteyros* ‘cazadores’ < *monte*; *obreyros* < *obra...* xa que os axentes non profesionais aparecen en menor medida: *cõpanyeyro* ‘persoa que fai compañía, colega’ < *companha*; *herdeyro* ‘persoa que herda’ < *herdar...*

Para alén destas significacións, tamén observamos algúns substantivos que presentan un valor ‘locativo’, como *fugeyras* < *fogo*.

O sufixo *-eiro/a* tamén se habilita para a formación de nomes de ‘obxectos ou instrumentos’, como *candeeyros* < *candea*; *gorgeyra* ‘peza da armadura que protexe a gorxa’ < *gorja*; *saeteyras* ‘fiestras estreitas’¹⁴⁹ < *saeta*; ou *soðbreyros* < *sombra*:

Pola súa parte, os adxectivos formados a partir de substantivos ou verbos denotan unha ‘cualidade’ ou unha característica do individuo a que fai referencia e o resultado é unha carga estilística de maior eficacia expresiva que con outro sufixo caracterizador: *arteyros* ‘con arte’, ‘astutos’ < *arte*; *consselleyro* < *prazer*; *uerdadeyro* < *verdade*; *uertudeyras* < *vertude* etc.

Mais cando o adxectivo proceder dun outro primitivo, pode indicar un matiz ponderativo: *dereyteiro/a* < *dereito*.

5.3.1.7. Sufixo *-mento*

En latín, *-MĒNTUM*, que deriva no galego empregábase para crear inicialmente substantivos abstractos tanto a partir de substantivos (*FĒRRĀMĒNTUM* ← *FĒRRUM*) como a partir de verbos (*LĪGĀMĒNTUM* ← *LĪGĀRE*) (Väänänen 2003: 148). Mais, como indica Meyer-Lübke, xa na lingua latina se manifestaba unha tendencia a dotar estes derivados dun valor colectivo mediante o dito sufixo, e cita *CALCEAMĒNTUM*, *TABULAMĒNTUM* ou *VESTIMĒNTUM*. Este sentido “se acentuó cada vez más, sobre todo en plural” (Jordan / Manoliu 1972: 18), baixo a forma *-menta*.

Fronte á dupla posibilidade da categoría base que existía en latín, no galego (medieval) a operatividade do sufixo nominalizador *-mento* ficou restrinxida sobre bases verbais, como se observa na inxente cantidade de formas que recolleemos con *-mento*: *atrevimento*, *atreuemento* < *atrever*; *casamento* < *casar*; *cobramento* < *cobrar*; *encãtamento* < *encantar*; *juntamento* < *juntar*; *mereçemento* < *merecer*; *pagamento* < *pagar*...

¹⁴⁹ Inicialmente tiña un certo valor locativo, xa que era a ‘abertura estreita nun muro por onde se disparaban setas’.

En consecuencia, ao se xuntar a bases verbais, esta forma sufixal *-mento* vai aparecer precedida da vogal temática da conxugación. Así, no período inicial da lingua galego-portuguesa achamos a seguinte distribución complementaria: *-a-* para a C1 (*pensamento* < *pensar*) e *-i-* para os derivados da C2 e da C3 (*atrevemento* [CSM] < *atrever*, *departimento* [CSM] < *departir*). A neutralización en *-i-* para a C2 e a C3 é o resultado típico do galego-portugués no período trobadoresco (aprox. 1200-1350)¹⁵⁰, solución que mantén o portugués fronte ao galego, o cal regularizou esta vogal segundo a VT de cada conxugación, unha “tendencia apuntada no derradeiro período medieval” (Ferreiro 1997: 134).


Certamente, como indica este autor, a partir da segunda metade do s. XIV, e en territorio galego, o sufixo *-mento* presenta de modo universal a vogal temática pertinente segundo a conxugación (*-amento*, *-emento*, *-imento*), como podemos concluír após a nosa análise no corpus que manexamos. Así, fronte á forma universal *-imento* en LP e CSM, na *Crónica Troiana* xa vemos unha completa regularización da VT conforme a conxugación: *-a-* para a C1 (*pensamento* < *pensar*), *-e-* para a C2 (*atreuemento* < *atrever*) e *-i-* para a C3 (*guarnimento* < *guarnir*); o único caso discordante é o de *ardimento*, xa que provén dun verbo da C2 (< *arder*).

Canto ao verbo base, das tres conxugacións verbais susceptíbeis de ser derivada a través de *-mento*, aínda que se une maioritariamente a verbos da C1. Así mesmo, as bases verbais de que se parte son simples ou primitivas, aínda que *-mento* tamén é capaz de se unir a bases verbais derivadas parasintéticas ou por prefixación, como ocorre en *acapelamento* (CT) < *acapelar*; *rrecobramento* (CT) < *recobrar* etc.

Por outra banda, o significado inmanente e primario de *-mento* é o de ‘acción e/ou efecto’ (como en *outorgamento* ‘acto e/ou efecto de outorgar’; *pagamento* ‘acto e/ou efecto de pagar’, aínda que algúns derivados pódese ampliar esta noción, indicando un estado, duradeiro ou non, verbo da acción. En menor medida, noutras voces podemos ver as nocións de ‘calidade’ (*atreuemento*), ‘facultade’ (*entendimento*, *pensamento*), ‘dereito’ (*herdamento* ‘dereito de herdar’).

¹⁵⁰ Sirva como mostra o seguinte verso dunha cantiga de LP: “*e per entendimento e per falar*” [B1053/V643].

Relativamente á súa produtividade, o sufixo *-mento* é un dos máis produtivos sobre todo na *Crónica Troiana*, tendo a súa grande rendibilidade como sufixo formador de substantivos abstractos deverbais. Neste sentido, cabe dicir que as formacións con sufixo *-mento* son maioritariamente romances, aínda que tamén encontramos outras de orixe latina (*estormento, juramento...*). A grande produtividade deste sufixo, nomeadamente na prosa, podemos observala na seguinte gráfica:



Gráfica 20 Ocorrencias do sufixo *-mento* no corpus

Modernamente, o sufixo *-mento* perdeu practicamente a súa produtividade, de modo que unha grande parte destes derivados foron substituídos ou refeito por outros sufixos con que competía canto á significación, como *-o*, *-a*, *-nça* ou *-çon/-ción* (Ferreiro 1997: 134 e 141)¹⁵¹. Precisamente, a orixe desta mudanza afixal podemos observala no período medieval en que este sufixo *-mento* formaba substantivos abstractos deverbais, polo que alterna con outros homólogos como *-nça* (*abastança, deteença, mudança, herdanza, tardança*), *-çon* (*departiçon, perdiçon, outorgaçon*), aínda que neste casos son todos de formación latina, e os regresivos *-a* (*adevinha, delonga, derriba, deshonra, jura, salva*) e *-o* (*acorro, amparo, avondo, embargo, estrago, castigo, enfado*).

¹⁵¹ Noutros casos, foron refeitos co sufixo *-nza* (*herdamento* → *herdanza*).

5.3.1.8. Sufixo *-nça*

O sufixo latino *-NTĪA* provén da soldadura do sufixo *-ĪA* (latino de orixe grega) á terminación do participio de presente activo latino acabado en *-NTE*¹⁵² para así formar substantivos que designen semanticamente ‘acción ou estado’, ao procederen na súa maioría de bases verbais. Morfoloxicamente, este sufixo estaba precedido da vogal temática *-A-* (*-ĀNTĪA*) cando provir dun verbo da primeira conxugación, en canto para os verbos da segunda e terceira a vogal será *-E-* (*-ĒNTĪA*).

No paso cara ao galego medieval, o sufixo derivou na forma *-nça*, que é a forma máis documentada, quer nos exemplos de orixe latina (*auijnça* < *ADVENĪENTĪA*; *creẽça* < *L.M. CREDĒNTĪA*; *detẽença* < *DETĪNĒNTĪA*; *peedença* < *POENITĒNTĪA*) quer nos formados no galego medieval (*adeuinãça*; *andãça*; *asperãça*; *folgança*; *perdoança*...).


O sufixo *-nça* é un substantivador deverbal na lírica profana (fóra dos formados xa en latín), opera en 50 bases, presentando o valor de ‘acto e/ou efecto de’: *alegrança*, *asperança*, *conhocença*, *privança*, *sabença*, *vingança*...

Por outra parte, na lingua galega medieval e actual contamos con outra variante diverxente para este sufixo que é a que presenta un iode: *-ncia*.¹⁵³ Esta forma erudita tamén se documenta no galego medieval, mais en “vocábulos introducidos tardiamente desde o latín” (Ferreiro 1997: 137) (*pestilençia*, *rreuerençial*, *licencia*) ou naqueloutros ligados coas ciencias (*çiençia*, *negromãçia*) ou a Igrexa (*penjtençia*). Non obstante, estas formas fican obviamente fóra do noso estudo por teren orixe latina, co cal acontece unha situación similar á de *-çon/-cion*, xa que non encontramos ningún derivado romance con solución *-ncia*.

No que se refire á distribución porcentual no corpus, na gráfica obsérvase que *CSM* e *CT* é onde máis veces aparecen:

¹⁵² Esta é a explicación tradicional máis frecuente, tanto en ámbito latino-románico (Väänänen 2003:149; Meyer-Lübke 1895: 604) como galego (Ferreiro 1997: 135); porén, unha outra hipótese pode ser a procedencia directa de acusativos plurais neutros dos participios de presente: *deteẽça* < *DETINĒNTIA*, pl. neut. de *DETINENS*, *-ENTIS*.

¹⁵³ A respecto da presenza ou ausencia de iode neste sufixo, consúltense as obras de Maia (1986) e Mariño Paz (1998).



Gráfica 21 Ocorrencias do sufixo -nça no corpus

Como vimos nos exemplos apuntados, a produtividade deste sufixo é bastante alta na formación de substantivos a partir de verbos, onde ao lado de ‘acto ou estado’ (*demostrança, naçença*), que será a noción con que compita con outros sufixos, mais tamén a noción de ‘calidade’ (*ensinança*). Porén, tamén se pode xuntar a bases adxectivas: *omildança* < omilde + -nça.

A pesar da alta rendibilidade que o sufixo -nça mostra na lingua medieval, segundo reflicte o no noso corpus, nalgúñas formas antigas produciuse –como xa adiantamos e como lle aconteceu aos sufixos antes tratados– a substitución por outros sufixos equivalentes. Así, o sufixo -nça perdeu dispoñibilidade, principalmente a favor das formas regresivas (*demora, dúbida, escusa, amparo, antollo*) e dos sufixo -dade de orixe latina (*igualdade* < *iguança, humildade* < *humildança*) e -mento (*amparamento, conhecemento, detemento*).

5.3.1.9. Sufixo -or/-dor

O sufixo -or/-dor procede do latín -TŌRE, no cal se pode observar a unión do participio de perfecto pasivo -TU coa terminación -ŌRE, que formaba no latín vulgar numerosos nomes de axente ou de instrumentos (Väänänen 1988: 146).

Este sufixo presenta, ao menos, dous problemas teóricos fundamentais: por un lado, cómpre delimitarmos se -or/-dor constitúen variantes alomórficas do mesmo sufixo ou, polo contrario, son sufixos diferentes; e por outro, no caso de seren alomorfos, cal é a configuración formal representativa do sufixo (-or ou -dor?).

En primeiro lugar, os datos proporcionados polo noso corpus indicannos que o sufixo *-or* xúntase moi poucas veces a bases nominais para a creación de substantivos abstractos de calidade (*amargor*). Pola súa parte, cando o sufixo *-or* aparece asociados a verbos, encontramos unha estrutura de VT da conxugación correspondente e mais o sufixo *-or*, precedido dun *-d-* (*-ador*, *-edor*, *-idor*). A este respecto, a consoante *-d-* non debe ser contemplada como un interfixo, pois *-ad-/-ed-/-id-* constitúen os alomorfos do sufixo *-or* ao se xuntar a bases verbais. Estas formas eríxense como herdeiras do procedemento formativo latino con *-TŌRE>-dor* (co *-T-* procedente do participio de pasado latino, como vimos), pois chegaron a nós inxentes cantidades de nomes latinos deverbais en que se manifestan estas secuencias: *devedor* (< DEBITŌRE), *pescador* (< PISCATŌRE) etc. Neste sentido, é preciso aclarar que tampouco se pode afirmar que estas formas derivan dos participios correspondentes, pois a variante *-edor*, para verbos da C2, non pode proceder do participio *-ido* cunha mudanza de VT, tal e como reflicte o *DHLP* (cfr. s.v. **sabedor**: “rad. de *sabido* (part. de *saber*) com tema *-e-* de 2ª conj. + *-or*).

Consecuentemente, esta distribución complementaria demostra que *-or/-dor* son dúas variantes alomórficas, a segunda marcada para a formación deverbal, sendo *-or* a forma base de enunciación.

Pola súa parte, tamén existen formas *-tor* e *-sor*, mais aparecen unicamente en palabras sufixadas latinas, en cuxa evolución non sempre é facilmente recoñecíbel o sufixo *-TŌRE/-SŌRE*: *doctor* (*CSM*) (< DOCTŌRE), *pastor* (*LP*) (< PASTŌRE); *antecessor* (*CT*) (ANTECESSŌRE) etc.

Canto ás propiedades de xénero, este sufixo preséntase nos inicios da lingua galega como un nome de xénero contextual ou común de dous (López Viñas / Lourenço Mória / Moreda Leirado 2011: 227), isto é, posuía a mesma forma *-or* para masculino e para feminino. Porén, o sufixo masculino latino presentaba a forma *-TRICE* para o feminino, hoxe en día petrificada en moi poucos substantivos heterónimos en *-triz* (*actriz*, *emperatriz*¹⁵⁴). Posteriormente –por volta do século XIV tórnase máis


¹⁵⁴ Como indica Ferreiro (1997: 126), en nota de rodapé (n. 140), nestes casos “na lingua medieval desemboca na forma *-driz*, como correspondente feminina de *-dor* (cfr. *emperadriz* e *pecadriz* nas *Cantigas de Santa Maria*)”.

frecuente¹⁵⁵-, este sufixo e/ou terminación sufriu unha recaracterización xenérica do feminino coa adición do morfema *-a* de xénero feminino (*-ora*).

No galego medieval *-dor* presenta polisemia en dous campos semánticos, ou sexa, este sufixo é responsábel de acrecentar un valor ‘axentivo’ a bases verbais, dando orixe a un derivado ora [+humano], ora [-humano].

Pola súa banda, na *Crónica* achamos un arsenal de exemplos que designan substantivos e adxectivos abstractos e que suman un total de 35 voces diferentes. Estas formas sufixadas contan coa vogal temática de cada unha das conxugacións verbais (*-a-* para a C1, *-e-* para a C2 e *-i-* para a C3) con que se soldan á base léxica, e ao paso que designan ao ‘axente da acción’ caracterízano coma se dun adxectivo se tratar.

Ofrecemos na gráfica os datos de todos o corpus:



Gráfica 22 Ocorrencias do sufixo *-dor* no corpus

A maioría das voces en *-or* que rexistramos posúen xénero masculino, mais esta forma tamén se emprega no galego-portugués para o feminino, presentando un sincretismo formal entre ambos os xéneros.

Posteriormente, o sufixo acrecentou no feminino a vogal xenérica *-a* para romper esa homonimia, acomodando a forma ao xénero e mudándoa en *-ora*.

¹⁵⁵ En *LP* achamos nun único caso de *senhora*, salvo erro, nunha cantiga de Don Denis, en rima co adverbio *agora: e diss'*: "*Ai santa Maria, / que sera de min agora?*" / *E o papagai dizia: / "Ben, por quant'eu sei, **senhora**"* (*LP* 25,128). Cfr. Vasconcelos (1920): "Quanto ao verso 10136 {Estevan Faian} do *CA* alterei *por vos senhora dized' ora ja, pondo por vos senhor, e dized' ora ja*, por me parecer ritmicamente melhor".

Dentro desta noción de ‘axente da acción’ podemos agrupar 5 exemplos rexistrados e que mostran unha especialización na ‘profesión do axente’: *adeujñador*, *agüyrador*, *caçador*, *lauradores*, *mercadores*. Deste xeito, o sufixo *-dor* atribúe unhas cualidades adxectivas que repercuten sobre o axente da acción e que permite a súa caracterización.

Finalmente, o sufixo *-or* aparece en bases nominais substantivas ou adxectivas, e encontrámolo unicamente en *cheiror* < cheiro (CSM) e *amargor* < amargo (CSM), de modo que vemos que a produtividade deste sufixo se acha na nominalización deverbais, e non na denominal.

5.3.1.10. Sufixo *-oso/a*


O sufixo de tipo nominal *-oso/-osa* é un dos grandes formadores de nomes adxectivos. A orixe deste sufixo témola no latín *-ŌSU/A*, onde presentaba os valores de ‘calidade’ e ‘abundancia’ (Meyer-Lübke 1974: 562), segundo se trataben de bases nominais abstractas ou concretas, respectivamente. No galego medieval tamén se vai xuntar unicamente a bases nominais substantivas, e en menor medida adxectivas.

No primeiro dos casos, a sufixación desubstantiva, é o que se mostra como máis rendíbel, fronte á mínima procedencia deadxectival. En ambas as sufixacións podemos distinguir varias nocións. A máis numerosa é a de ‘provisto da cualidade’, como corresponde á semántica inherente do adxectivo cualificativo ou caracterizador: *aleyuosa* < *aleive*, *caualeiroso* < *cavaleiro*, *engenhoso* < *engenho*, *goçoso* < *goço*, *maraviloso* < *maravilha*, *mentiroso* < *mentira*, *poderoso* < *poder*, *quereloso* < *querela* etc. Nalgúns casos, esta cualidade vén acompañada polo significado de ‘abundancia de’: *cobijoso* < *cobiça*, *deseiosos* < *desejo*...

Noutros casos vemos o significado ‘que causa o expresado pola palabra primitiva’, como en *espantoso* < *espanto*; *temoroso* < *temor*... Inclusive, este valor e o cualitativo poden concorrer á mesma vez nunha soa palabra, como en *uergoñoso* (CT).

Produtividade anecdótica é a que achamos nos derivados en *-oso* a partir dun adxectivo, xa que son máis reducidos, como *amargoso* < *amargo*, *humildoso* < *humilde*, *piadoso* < *pio*, fornecendo unha grande expresividade á cualificación.

No noso corpus encontramos 62 bases diferentes a que se pode asociar este sufixo *-oso/a*, con numerososímas ocorrencias de cada unha delas. A gráfica porcentual destas voces sufixadas é a seguinte:



Gráfica 23 Ocorrencias do sufixo *-oso/a* no corpus

Finalmente, canto á conrrencia con outros sufixos, *-oso/a* presenta unha alternancia moi moderada, pois unicamente encontramos casos puntuais de conrrencia con *-al*, *-eiro* e até *-az* (*mentiroso* > *mentiral*, *mentireiro*, *mentiraz*).


5.3.1.11. Sufixo *-ura/-dura*

O sufixo latino *-TŪRAM* presenta dúas variantes diverxentes no galego portugués: por unha banda, *-(d)ura* e, pola outra, *-tura*, que mantén a forma latina de que provén. Para explicarmos as evolucións diverxentes *-dura* / *-tura* debemos acudir ao proceso lenitivo de sonorización das consoantes xordas intervocálicas en sonoras (Ferreiro, 1999), o que deriva en *-dura*. Porén, consideramos que a forma do sufixo é *-ura*, tal como era en latín, mais cando aparece con formacións deverbais adquire a forma *-adura*, *-edura*, *-idura*.

A forma latina *-TŪRAM* é produto da conrrencia do sufixo *-ŪRAM* co participio de perfecto *-TUM*, con que habitualmente se unía (*SEPULT*_(u) + *-ŪRA*), aínda que tamén se

engadía aos substantivos da cuarta declinación terminados en -US (CULTUS → CŪLTŪRA) (Väänänen 2003: 148-49).

No galego-portugués este sufixo pode formar substantivos deverbais ou denominais, segundo a significación semántica que presentar, achándonos no corpus unhas 35 ocorrencias en total, das cales trece son en *-ura* e vinte e dúas en *-dura*.



Gráfica 24 Ocorrencias do sufixo *-ura/-dura* no corpus

No que se refire ás formacións denominais, este sufixo nominal aparece baixo a forma *-ura*, que se xunta a adxectivos de tipo cualificativo, creando un substantivo abstracto. Nesta derivación habilitanse os trazos semánticos de ‘calidade’ ou ‘propiedade’: *amargura, bravura, diabrura, espessura, fremosura, friura, grossura, loucura, negrura, rancura, tristura*... Alén destas, poderíamos engadir *folgura* (CT), mais como provén de *folgar*, a forma correcta debería ser *folgadura*, de modo que este feito nos confirma que estamos perante unha construción exóxena ao sistema lingüístico galego-portugués; efectivamente, a historia da lingua lévanos a considerar que se trata dun castelanismo (esp. *holgura*), xa que en galego-portugués o sufixo *-ura* cando se solda a bases nominais realízase como *-dura*.

A respecto de *amargura, bravura, espessura, friura, grossura* e *rancura*, estas formas poden alternar con sufixadas en *-eza* e *-or* (*amargor, braveza, frieza, espessor,*

rancor...) para denotar unha cualidade, de modo que estes sufixos pasan a competir entre si¹⁵⁶. Alén

Pola súa parte, a forma alotrópica *-dura* preséntase baixo os alomorfos *-adura* e *-idura*, segundo a conxugación verbal correspondente. Rexistramos *aguilhadura*, *andadura*, *augadura*, *canterladura*, *catadura*, *cordura*, *debuxadura*, *deitadura*, *dereitura*, *entalhadura*, *ferradura* etc.

5.3.1.12. Outros sufixos nominais

Alén dos que acabamos de analizar, a seguir comentamos outros sufixos presentes no corpus, mais cunha produtividade ou interese menor:

1. O sufixo apreciativo aumentativo *-aço*/ documentámolo nunha única ocorrencia no corpus, baixo a forma masculina *espiaço* (< espinha). Como se pode observar estes sufixos proveñen de substantivos con xénero orixinario diferente ao resultante, contrariamente á tendencia que apunta Ferreiro (2001: 193).
2. O sufixo *-ádego* procede do latín *-ATICU*, recollémolo en dous casos do galego medieval, *arciprestadego* < arcipreste e *papadego* < papa. A significación que presenta ese sufixo formador de substantivos isocategoriais é claramente a de ‘xurisdición’. Alén desta evolución do sufixo, no noso corpus encontramos unha adaptación da variante española *-azgo*, cal é *-algo* en *portalgo*.
3. Tamén recollemos casos de substantivos sufixadas mediante o sufixo *-age*, procedente do francés *-age* ou do provenzal *-atge* (Ferreiro 1997: 122). No noso corpus, fóra dun único caso de incorporación moi temperá na lingua en que a base é un substantivo (*lingoage*), os casos de sufixación con *-age* son deverbais, a indicar ‘acto ou estado’: *contagen*, *damage*, *paragen*, *passage* e *portage*.
4. O sufixo latino *-ANU* evolúe no galego medieval nas formas masculinas patrimoniais *-ão*, *-ãa*, *-ã*, *-an* e *-ao*, e femininas *-ã*, *-á*. Forma varios xentilicios, mais tamén posúe as nocións de ‘relativo a’: *aldeão*, *cidaão*, *romão*, *toledão*... Tamén pode combinarse, aínda

¹⁵⁶ Como en *tristura-tristeza* ou *friúra-frieza*, por exemplo.

que moi raramente, a bases adverbiais, como en *jusão* < juso, onde se manifesta a noción de ‘proveniencia, orixe’.

Así mesmo, tamén recollemos unha forma con sufixo *-an* (*cordovan*), mais talvez neste caso se trate dun préstamo do castelán, polo que parece lóxico que fiquese fóra do *Dicionario*.

Finalmente, a variante alomórfica culta do sufixo é *-ano/a* e documentámola á par de formas patrimoniais con *-ão/-ã* (*romano, tolletano*), mais noutras como *arriano* ou *serrano*.

5. Segundo Ferreiro (2001: 120), o sufixo *-aria* “ten a súa orixe na fusión da forma latino-vulgar *-ARIA* (<*-ARIU*) co gr. *-ía* (polo lat. *-IA*)”, que convive coa forma *-eria*. A forma practicamente universal que documentamos nos textos é *-aria* (*cavalaria, drudaria, enfermaria, judaria...*), aínda que colectamos dous casos de *-eria* (*romeria, arteria e tesoureria* en *CSM*) alternantes coa abrumadora presenza de *-aria*.

Noutros casos, a forma *-eria* ten de se explicar por galicismo, como en *messengeria* (*CSM*).

6. Outro sufixo apreciativo cunha escasa produtividade (Ferreiro 1997: 179) é *-az* (< do latín *-AX, -ACIS*), que se aplica a substantivos base para crear un total de cinco adxectivos coa noción de ‘intensidade, competencia, aptitude’ (*agraz* < *agre*) ou con matiz pexorativo, como é o caso de *escudeiraz* < *escudeiro*, *frocraz* < *froco*, *fumaz* < *fumo*, *prumaz* < *pruma*. Noutros casos, a sufixación en *-az* é de orixe provenzal, como en *malvaz* (*LP*).

7. O sufixo *-edo* (< lat. *-ĒTU*) tamén aparece anecdoticamente nos textos, pois unicamente o rexistramos en dúas verbas: *avelanedo* e *penedo*. En ambos os casos o sufixo nominalizador infire valor colectivo á base substantiva.

8. O sufixo nocional *-én*, proveniente do latín *-ĒDĪNE*, crea substantivos abstractos a partir de bases adxectivas, de igual modo que no latín (Ferreiro 1997: 129). Documentamos en *gafeen* (*CSM*) < *gafo*.

9. Así mesmo, o sufixo adxectivo *-ento/a* ten orixe no latín *-ĒNTU/-A*, especializado en formar nomes adxectivos desubstantivais co sentido de ‘ter a cualidade de, ser semellante a’. No corpus documentámolo en *ferrugento -a* < *ferruge*. Porén, tamén pode provir dun nome adxectivo, do cal contamos cun único exemplo: *avarento* < *avaro*.

10. O sufixo *-es*, coa variante alomórfica *-ense* (non rexistrada no corpus), deriva do latín *-ENSE*, ten unha grande disponibilidad para a formación de adxectivos “facilmente substantivábeis, construídos sobre substantivos” (Ferreiro 1997: 150). Así, nos textos encontrámolo na formación de xentilicios (*françes* < França, *genoes* < Genoa ‘Xénova’, *leones* < León...), mais tamén de adxectivos coa noción de ‘relación ou pertenza’ (*cortes* < corte, *marques* < xerm. *marka*).

11. Outro sufixo adxectivador de moi baixa produtividade é *-isco/a*, que unicamente documentamos baixo a forma *mourisca* (*MS, LP*) < mouro.

12. O sufixo diminutivo *-ete/-eta* tamén ten unha moderada presenza no corpus, a se documentar en once bases diferentes; entre elas, destacamos *arqueta, barqueta, garceta, juguete*...

13. Outro sufixo apreciativo *-ón/-ona* (< *-ONE*) forma inicialmente adxectivos aumentativos, mais no noso corpus unicamente o encontramos con valor pexorativo: *bolson, capeiron, compannon, crerizon, escudeiron, espadarron*...

5.3.2. Sufixación verbal

A derivación verbal¹⁵⁷ realízase fundamentalmente a través dunha serie de sufixos determinados que constitúen un catálogo bastante breve, sobre todo se o comparamos co repertorio nominal, como tamén anotan Freixeiro Mato (1999: 232) e Lang (2003: 213) para o galego e para o español respectivamente.

Os sufixos que participan nese proceso creativo pertencen todos á primeira conxugación (*-ar, -ear, -ejar*...), excepto *-ecer*, que é o único formador de verbos da segunda, e operan sobre bases nominais. Porén, algúns deles poden actuar con verbos base, como *-ecer*, ou mesmo ter como base un adverbio, que é o que lle acontece ao sufixo *-ar*.

O valor máis habitual destes sufixos é o ‘factitivo’, ademais de indicaren unha “mudanza para un estado ou cualidade” (Freixeiro Mato 1999: 233). Como sufixos nominais, teñen propiedade transcategorizadora, isto é, teñen a capacidade para mudar a

¹⁵⁷ Sobre a derivación verbal isocategorial en galego, véxase González Seoane (1999).

categoría gramatical da palabra (de substantivo en verbo, de adxectivo en verbo...), motivo polo cal consideramos que *-ar* é sufixo verbal, no cal se aglutina flexión e derivación, como xa vimos no capítulo anterior.

Alén disto, moitos destes sufixos tamén se manifestan na derivación parasintética (*-ar, -ecer...*), a pesar de outros como *-ificar* resistiren a este procedemento.

5.3.2.1. Sufixo *-ar*

O sufixo *-ar* (< lat. *-ĀRE*) é o máis frecuente para a formación de novos verbos. Na época latina tivo unha grande produtividade que foi herdada polo galego tanto no período medieval como no moderno (Ferreiro 1997: 197).

Alén da consideración como afixo, convén lembrar que este tipo de derivación “inmediata” (Pena 1980: 11) dun sufixo verbal simple xa se producía no latín, onde tamén tiña grande vitalidade. A adición desta clase de afixos á base apenas presentaba na época repercusións fonéticas sobre a base, pois suprimíase a última vogal da raíz e, a seguir, engadíase este sufixo. A única excepción producíase nos nomes de tema en *-u*, en que alternaba o mantemento ou desaparición desta vogal: *TUMULT-UM > TUMULT-UĀRI*; *LUX-UM > LUX-ĀRI* (Pena 1980: 14). O sufixo *-ĀRE* uníase en latín a bases nominais, quer substantivas quer adxectivas (en que se inclúen participios de presente ou de pasado), e do punto de vista do significado en principio non acrecenta ningún trazo semántico relevante, simplemente reflicte un estado verbal (*PLANTĀRE < PLANTAM*). Non obstante, cando provén dunha base adxectiva, o sufixo *-ar* confírelle ao derivado certo valor factitivo (**ALTĪĀRE < ALTUS*).

No galego medieval este proceso é asumido con total normalidade e constitúe, mesmo hoxe, o sufixo verbal máis rendíbel para a creación de novos verbos, vitalidade que corroboramos no noso corpus. É o sufixo máis produtivo de todos os existentes, e en concreto dos verbais.

Así, por exemplo, na *Crónica Troiana* o número de bases sobre as que pode actuar é superior ao 70% do total de sufixos verbais, contando con derivados parasintéticos en que aparece, cunha semellante proporción nos *Miragres de Santiago*. As bases en que actúan son substantivas: *cobijçar* (CT 202.42) < *cobiça*; *esmaltar* (CT

245.34) < esmalte, *guisar* (CT 18.2) < guisa...; *alvoroçar* (MS 23) < alvoroço, *casou* (MS 6) < casa...

Alén destas dúas posíbeis bases, o galego permite a derivación con *-ar* tendo como raíz un adverbio, como documentamos de modo residual, por exemplo, en *çerquado* (CT 156.28) < LT. CĪRCĀRE < CĪRCA, ou *endeantado* (MS 102) < endeante.

<i>aaguar</i> [1]	<i>escarmentar</i> [4]	<i>offertar</i> [1]
<i>acajōar</i> [1]	<i>escudar</i> [5]	<i>omeziar</i> [1]
<i>acordar</i> [2]	<i>espertar</i> [11]	<i>peār</i> [3]
<i>açoutar</i> [4]	<i>espinnar</i> [1]	<i>penar</i> [1]
<i>acrecentar</i> [1]	<i>estremar</i> [2]	<i>perfiar</i> [2]
<i>aguillar</i> [1]	<i>estudar</i> [2]	<i>perigoar</i> [6]
<i>albergar</i> [10]	<i>faagar</i> [4]	<i>perlongar</i> [1]
<i>alegrar(se)</i> [6]	<i>faiçoar</i> [1]	<i>pobrar</i> [11]
<i>almorçar / emoçar</i> [1]	<i>falsar</i> [1]	<i>preçar</i> [1]
<i>alongar</i> [14]	<i>fartar(se)</i> [4]	<i>querelar(se)</i> [3]
<i>aluroçar(se)</i> [3]	<i>fillar</i> [104]	<i>rastrar</i> [3]
<i>ameaçar</i> [8]	<i>finar</i> [15]	<i>raviar</i> [3]
<i>ampolar</i> [1]	<i>forçar</i> [5]	<i>razōar</i> [12]
<i>apagar</i> [1]	<i>fretar</i> [1]	<i>redrar</i> [1]
<i>ancorar</i> [1]	<i>furtar</i> [4]	<i>reinar</i> [1]
<i>argentar</i> [1]	<i>gaançar</i> [6]	<i>remar</i> [2]
<i>avantar</i> [6]	<i>galardōar/gualardōar</i> [9]	<i>rimar</i> [7]
<i>baralhar</i> [6]	<i>garrotar</i> [1]	<i>sedar</i> [1]
<i>bautizar</i> [1]	<i>gradoar</i> [1]	<i>segurar</i> [1]
<i>casar</i> [18]	<i>guisar</i> [41]	<i>senorar</i> [1]
<i>cobiçar</i> [8]	<i>honrar</i> [17]	<i>sermōar</i> [1]
<i>consellar</i> [6]	<i>juntar</i> [28]	<i>sinalar</i> [7]
<i>contrallar</i> [2]	<i>justiçar</i> [4]	<i>silvar</i> [1]
<i>costumar</i> [5]	<i>lidar</i> [34]	<i>topar</i> [5]
<i>coutar</i> [2]	<i>maravillar(se)</i> [28]	<i>tormentar</i> [3]
<i>crismar</i> [1]	<i>marrar</i> [1]	<i>tornar</i> [2]
<i>cruzar(se)</i> [1]	<i>martear</i> [1]	<i>traballar</i> [1]
<i>demoniar</i> [4]	<i>mayar</i> [1]	<i>trasladar</i> [2]
<i>desejar</i> [5]	<i>mēaçar</i> [1]	<i>travar</i> [12]
<i>desguisar</i> [1]	<i>mercear(se)</i> [1]	<i>trebellar</i> [5]
<i>eixillar(se)</i> [2]	<i>mesturar</i> [5]	<i>viduar</i> [2]
<i>ementar</i> [5]	<i>millar</i> [1]	<i>violar</i> [3]
<i>empoçōar</i> [3]	<i>murad[a]</i> [1]	
<i>endeantar</i> [1]	<i>nevar</i> [1]	
<i>ermar</i> [1]		
<i>escamar</i> [1]		

Este sufixo verbal, como xa adiantabamos nas liñas precedentes, pode aparecer en construcións parasintéticas, de modo que se crean unha serie de formacións corradicais sinónimas.

5.3.2.2. Sufixo *-ear/-ejar*

Desde un punto de vista formal, o sufixo *-ear* pode presentar certa ambigüidade á hora de o analizarmos, xa que pode proceder de dous étimos diferentes, provocando diversas consideracións de se se trata dun ou doutro sufixo.

Por un lado, temos o sufixo *-ear*, presente en bases que terminan en vogal *-e*, mais na realidade trátase do sufixo *-ar*, que non produce a crase da vogal final da palabra base, polo que resulta a secuencia *-ear*, ao se manter o *-e*. Con todo, convén analizarmos benos casos de *-ear*, xa que poden darse análises erradas tanto de sufixo como de derivación romance, como en *alumear/alumiar*, pois esta provén do latín *ALLUMĪNĀRE.

Da outra parte, a terminación *-ear* como sufixo derivativo conforma a variante alotrópica do sufixo grego (–ιξειν), latinizado en *-ĪDĪĀRE*, do cal tamén evolucionan *-ejar* (> *-exar*) e *-izar* (este último baixo a forma *-IZĀRE*, que foi outro dos intentos de transposición do afixo heleno) (Pena 1980: 22).

Os verbos en que aparece este sufixo poden presentar un significado ‘iterativo’ ou ‘durativo’ e proveñen de bases substantivas. No noso corpus *-ear* verificase en seis bases diferentes. Cómpre tamén indicar que este sufixo forma parte de derivacións parasintéticas en <*a-...-ear*> como *apedrear*¹⁵⁸.

Actualmente, únese tanto a bases substantivas como adxectivas e continúa a manter o seu valor habitual de reiteración e duración (Álvarez / Xove 2002: 719).

Pola súa parte, a outra variante alotrópica de *-ĪDĪĀRE* é a forma *-ejar* que formou numerosos verbos factitivos desde os inicios do galego (Ferreiro 1997: 201), uníndose a bases nominais substantivas e adxectivas. En concreto, encontramos sete casos de bases a que se une.

No galego actual, *-exar* comparte significado con *-ear* e, inclusive, é frecuente que haxa dobretes *-ear/-exar*, como en *clarear/clarexar* ou *rastrear/rastrexar* (Ferreiro 1997: 202).

¹⁵⁸ Lémbrese que, modernamente, este derivado parasintético en *-ear* mudou para os terminados en *-ar*: *apedrar*.

5.3.2.3. Sufixo *-ecer*

O sufixo *-ecer* (ling. med. *-eçer* ~ *-esçer*) procede da forma latina *-ESCĒRE* ou *-ĪSCĒRE*, que inicialmente formaba verbos derivados que posuían un valor incoativo, indicando a acción no seu inicio, sentido que se perdeu rapidamente xa no propio latín, para ter unicamente valor intransitivo. Segundo Väänänen (2003: 221), posteriormente este sufixo estendeuse aos verbos transitivos, debido á súa expresividade e á súa unidade de acentuación no tempo presente. No paso cara ao romance galego-portugués mantivo tal incoatividade, mais nalgúns casos esta desapareceu ou ben pasou a non ser pertinente.

No latín vulgar produciuse unha grande eclosión de verbos con base noutros verbos (*FĪNĪRE* > **FINĪSCĒRE* > *fenecer*). O galego-portugués herda esta sufixación verbal tamén con grande éxito, mais agora, alén de bases verbais, o sufixo *-ecer* (grafado tamén como *-eçer* ou coa solución latinizante *-sçer*) tamén pode aparecer con bases nominais substantivas e adxectivas, sendo con estas últimas sobre as que actúe con máis intensidade, tal e como tamén sinalou Martínez Eiras (2004: 223). Ademais, como a maioría dos sufixos verbais, aparece na derivación parasintética do galego medieval con significación transitiva.

No galego medieval encontramos nove verbos en *-ecer* con valor incoativo de formación romance: *bastecer*, *cousecer*, *escarnecer*, *escurencer*, *gornecer*, *gradecer*, *guarecer*, *madurecer* e *riquecer*. Alén destas, tamén cómpre facer referencias ás formacións parasintéticas: *entristeçer*, *enuerdeçer*...

Un dos casos con que competiu fortemente o sufixo *-ecer* no galego medieval foi a partir de verbos da terceira conxugación romance (*-ir*). No período medieval, e en particular na *Crónica*, observamos unha verdadeira pugna entre as formas verbais derivadas con sufixo *-ecer* e os verbos en *-ir* dos cales proveñen, triunfando finalmente as formas con *-ecer* e desaparecendo practicamente os verbos en *-ir*. Isto, pola súa banda, vén reafirmar a tendencia a mudar os verbos da C3 para a C2. Será neste período, pois, no que convivan ambos os verbos, mais conforme asistimos ao solpor do Medievo os verbos derivados con *-ecer* triúnfan sobre os terminados en *-ir*, con escasa continuidade na sincronía actual. Así, temos os pares: *falir/falercer*, *cousir/cousecer*, *gracir/gradecer*, *florir/floreecer*, *gornir/gornecer*, *guarir/guarecer* etc.

Hoxe en día, a produtividade do sufixo *-ecer* cristalízase na parasíntese, xa que practicamente non se forman verbos unicamente con esta sufixación.

5.3.2.5. Sufixo *-entar*


Aínda rexistramos no noso corpus un outro sufixo verbal, mais neste caso cunha produtividade moi baixa ou case nula. É o caso dos sufixos *-entar* que encontramos na palabra *mamentar* (< *mama* + *-entar*), que presenta un sentido factitivo e que provén dun substantivo (Ferreiro 1997: 204). O máis habitual é que apareza en construcións parasintéticas, como tamén recolleemos no noso corpus con igual rendibilidade.

5.3.3. Sufixación adverbial

5.3.3.1. Sufixo *-mente*

O único sufixo adverbializador no galego medieval, e así continúa a ser até a actualidade, como xa indicamos anteriormente é *-mente*. O sufixo, como xa adiantamos, únese a bases adxectivas, para expresar un significado modal, ás veces temporal. Para observar máis en profundidade o compostamento do sufixo *-mente* no galego medieval, véxase a tese de licenciatura de Cereixo Silva (1997).

Na seguinte gráfica podemos ollar a extrema produtividade que presenta o sufixo *-mente* na lingua medieval, que afecta a 79 bases diferentes:



Gráfica 25 Ocorrencias do sufixo *-mente* no corpus

5.4. A parasíntese no galego medieval


O estudo da afixación no galego medieval demostra ou confirma a enorme presenza e rendibilidade deste mecanismo de formación de palabras. Rexistramos as seguintes estruturas parasintéticas:

Estrutura	Tipo de transcategorización	Exemplo
<i>a- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>abaixar(se)</i>
	adxectivo > verbo	<i>alongar</i>
<i>a- + R + -ear</i>	substantivo > verbo	<i>apedrear</i>
<i>a- + R + -ecer</i>	substantivo > verbo	<i>agravecer</i>
<i>de + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>defumar</i>
<i>des + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>desterrar</i>
<i>en- + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>enterrar</i>
	adxectivo > verbo	<i>engrosar</i>
<i>en + R + -ecer</i>	substantivo > verbo	<i>enfraquecer</i>
<i>en + R + -entar</i>	substantivo > verbo	<i>embebedentar</i>
<i>es + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>escabeçar</i>
<i>es + R + -ecer</i>	substantivo > verbo	<i>espavorecer</i>
<i>re + R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>referescar</i>
<i>so+ R + -ar</i>	substantivo > verbo	<i>soterrar</i>

Tabela 13 Estructuras de derivación parasintética no galego medieval

5.4.1. Parasintético <a-...-ar>

O esquema <a-...-ar>, xunto con <en-...-ar>, conforma o proceso parasintético (verbalizador) denominal máis frecuente do galego medieval, pois rexistrámolo en trinta e seis bases nominais (substantivas e adxectivas). Nas CSM o número de ocorrencias é maior.



Gráfica 26 Ocorrencias de <a...-ar> no corpus

As formacións parasintéticas desubstantivais conteñen a idea de ‘adquirir ou facer adquirir unha calidade do substantivo base’, mais tamén se expresan valores locativo-direccionais, instrumentais etc. (Serrano Dolader 1995: 123):

abaixar(se) < a- + baixo + -ar
abraçar(se) < a- + brazo + -ar
acabar(se) < a- + cabo + -ar
acimar < a- + cima + -ar
aconsellar < a- + consello + -ar
acostar(se) < a- + costa + -ar
acostumar < a- + costume + -ar
acuitelar < a- + cuitelo + -ar
afazendar(se) < a- + fazenda + -ar
afolar < a- + fol(e) + -ar
afondar < a- + fondo + -ar
afumar < a- + fume + -ar
agarrotar < a + garrote + -ar
agēolhar(se) < a- + gēolho + -ar
amassar < a- + massa + -ar

amercear < a- + mercé + -ar
anojar < a- + nojo + -ar
apartar < a- + parte + -ar
apedrar < a- + pedra + -ar
apoderar < a- + poder + -ar
aportar < a- + porto + -ar
aproveitar < a- + proveito + -ar
arredar < a + redro + -ar
assanhar < a- + sanha + -ar
assedar < a - + seda + -ar
atalhar < a- + talho + -ar
aterrar < a + terra + -ar
atormentar < a- + tormento + -ar
atravesar < a + través + -ar

Pola súa parte, o grupo de verbos parasintéticos deadxectivais é o menos numeroso, pois este esquema derivativo só se actualiza en sete ocasións, sempre con adxectivos bisílabos. O máis habitual é que expresen valores causativos e incoativos, este último a través do pronome reflexivo ou non, coa finalidade de indicar a adquisición dalgunha calidade.

acertar(se) < a- + certo/a + -ar
adestrar < a- + destro/a + -ar
ajuntar < a- + junto/a + -ar
alongar < a- + longo/a + -ar

amansar < a- + manso/a + -ar
apoucar < a + pouco/a + -ar
aquedar < a- + quedo/a + -ar


Por outra parte, algúns destes verbos do tipo <a-...-ar> presentan o derivado sufixal correspondente. Esta situación de “formación corradicais sinónimas”¹⁵⁹ é a que en numerosas ocasións levou a que se negase o carácter de derivado parasintético dalgúns vocábulos. Porén, como xa indicamos, a existencia de formas sen prefixo, e por tanto candidatas de seren os supostos estadios derivativos previos, non impide a súa consideración como casos de parasíntese.

A este respecto, cómpre analizar a semántica do termo en causa e observar se a palabra complexa provén dunha palabra anterior sufixada ou, polo contrario, procede dunha base nominal; neste último sentido, constitúe un caso de parasíntese. Estas construcións corradicais podemos velas en *abaixar/baixar*, *aconselhar/conselhar*, *acostumar/costumar*, *ajuntar/juntar*, *apedrar/pedrar*, *aquedar/quedar*...

En relación con outras estruturas parasintéticas, rivaliza con <a-...-ear> (*apedrar/apedrear*), <en-...-ar> (*assanhar/ensanhar*, *acimar/encimar*); nalgúns ocasións entre estes corradicais pode haber diferenciacións semánticas (*aterrar/enterrar*).

5.4.2. Parasintético <a-...-ear>

O modelo parasintético <a-...-ear> é moi pouco produtivo no noso corpus, porque unicamente se cinxe ás palabras *apedrear* (<a- + pedra + -ear) (*CSM*, *MS*) e *asenhorear* (<a- + senhor + -ear) (*CSMI*); este modelo posúe as mesmas características semánticas e sintácticas que a estrutura <a-...-ar> denominal (cfr. 5.4.1.), que en ocasión conta xa con estas bases (*apedrar*, *asenhorear*).




Gráfica 27 Ocorrencias de <a...-ear> no corpus

¹⁵⁹ A denominación “formación corradical sinónima” tomámola de Serrano Dolader (1995).

5.4.3. Parasintético <a-...-ecer>


O esquema parasintético <a-...-ecer> tamén se mostra moi pouco produtivo no galego medieval, porque só o documentamos nas palabras *agradecer* (< grado) e *agravecer* (< grave). Por tanto, como vemos son verbalizacións cun adxectivo de base.



Gráfica 28 Ocorrencias de <a-...-ecer> no corpus

5.4.4. Parasintético <de-...-ar>


O derivado parasintético <de-...-ar> tamén presenta un caso restrinxido de rendibilidade, pois no noso corpus só se xunta a dúas bases nominais, *decepar* (de- + cepa + -ar), *defumar* (< de + fume + ar) e *depenar* (de + pena + ar). Nestas dúas ocorrencias observamos dous posíbeis significados da estrutura, como o de ‘adquisición da calidade do nome base’, igual que en <a-...-ar> (cfr. §5.4.1.), e o ‘privativo’ (*decepar*, *depenar*), rivalizando con <des-...-ar> (cfr. §5.4.3.).



Gráfica 29 Ocorrencias de <de-...-ar> no corpus

5.4.5. Parasintético <des-...-ar>

O esquema <des-...-ar>, a pesar de ser bastante rendíbel na historia do galego, e no corpus medieval coa forma prefixal illada, non o rexistramos asociados máis de catro bases nominais: *desbragar* (LP), *desnembrar* (CT), *despedaçar* (CT) e *desterrar* (CSM).



Gráfica 30 Ocorrencias de <des...ar> no corpus


5.4.6. Parasintético <en-...-ar>

O modelo parasintético <en-...-ar>, como acabamos de indicar (cfr. §5.4.1.), partilla contextos sintácticos, pois pode asociarse tanto a bases substantivas como adxectivas nunha proporción similar, e grupos semánticos similares. Así, é máis frecuente con substantivos que con adxectivos, e en ambos os casos transmite o sentido ‘adquisición dalgunha calidade da base’, locativo-direccional, instrumental etc.

emparentar [1] < en + parente + ar
encimar [4] < en + cima + ar
encortinar [3] < en + cortina + ar
endevedar [1] < en + déveda + ar
enforcar [10] < en + forza + ar
engrudar [2] < en + grude + ar
enpoçonar [1] < en + poçón + ar

enrugar [1] < en + ruga + ar
ensanar [2] < en + sanha + ar
enselar [1] < en + sela + ar
enterrar [3] < en + terra + ar
envergonar [1] < en + vergoña + ar
namorar [7] < en + amor + ar
engrosar [1] < en + grosso/a + ar

Na seguinte gráfica podemos ver as ocorrencias no corpus, sendo na lírica onde máis exemplos rexistramos:



Gráfica 31 Ocorrencias de <en...-ar> no corpus

Relativamente a outras estruturas parasintéticas con que alterna, documentamos <a...-ar> (*enssanhar/asanhar*, *encimar/acimar*) (cfr. §5.4.1.); como tamén indicamos, raras veces entre as formacións corradicais sinónimas pode haber diferenciacións semánticas (*aterrar/enterrar*).

5.4.7. Parasintético <en...-ecer>


O derivado parasintético <en...-ecerr>, xunto con <en...-ar>, crea verbos denominais no galego medieval, nomeadame de orixe adxectiva, xa que documentamos oito casos, fronte a un único en que se esta estrutura se asocia a un substantivo.

embarvecer [1] < en- + barba + -ecer
envelhecer [1] < en- + velho + -ecer
enfraquecer [1] < en + fraco + ecer
enrriquecer [1] < en + rico + ecer
ensardecer(se) [6] < en + sordo + ecer

entrestecer [1] en + triste + ecer
envellecer [1] < en + vello + ecer
enverdecer [1] < en + verde + ecer
ensoberbecer [1] < en + soberbia + ecer

Estes verbos poden expresar a idea de '(facer) adquirir a calidade da base', de modo que se recollen neles valores factitivos e incoativos, nomeadamente por causa do sufixo *-ecer*.


Como se pode observar a produtividade no corpus non é moi alta e concéntrase nas *CSM*.



Gráfica 32 Ocorrencias de <en...-ecer> no corpus

5.4.8. Parasintético <en...-entar>

Outro dos modelos parasintéticos existentes no galego medieval é o formado polo sufixo verbalizador *-entar*, en simultáneo coa preposicións *en-*. Deste tipo tipo de estrutura, <en...-entar>, só a documentamos en *embebedentar* (< en- + bébedo + -entar)¹⁶⁰.




Gráfica 33 Ocorrencias de <en...-entar> no corpus

5.4.9. Parasintético <es...-ar>

Este tipo de formación verbal <es...-ar> unicamente se aplica sobre oito bases substantivas (Ferreiro 1997: 209): *esterrar* (< terra), *espedaçar* (< pedaço), *esfolar* (< fol(e)), *esforçar* (< força), *escabeçar* (< cabeça)... Estes derivados poden agruparse semanticamente nos sentidos de ‘privación’ (*esterrar*, *esfolar*, *escabeçar*) ou dunha ‘leve

¹⁶⁰ Freixeiro Mato (1999: 271) só menciona o modelo <a...-entar>.


intensidade' (*espedaçar, forçar*). Por tanto, presenta os mesmos valores que a formación corradical <des...-ar> (*desterrar*), así como cos prefixados con *es-* e *des-*. Este tipo de estruturas, permiten unha dupla interpretación semántica segundo a base de que se tratar; así, *esforçar* (<força) tamén podería ser analizábel en “es+forçar” (cfr. *DHLP*). Porén, hai outras palabras en que isto xa non é posíbel, pois dificilmente *escabeçar* pode derivarse dunha base que non sexa *cabeça*¹⁶¹.



Gráfica 34 Ocorrencias de <es...ar> no corpus

5.4.10. Parasintético <es...-ecer>

A parasíntese con <es...-ecer> resulta pouco frecuente no corpus; límitase a tres casos de verbos de adxectivos, como *esclarecer* < claro, *espavorecer* < pavor, *esvaeecer* < van, e tamén *estremecer*, aínda que a base neste caso é o substantivo *tremor*.




Gráfica 35 Ocorrencias de <es...ecer> no corpus

¹⁶¹ Cfr. o español *descabezar* en Serrano Dolader (1995: 132).

5.4.11. Parasintético <re-...-ar>


A formación parasintética en <re-...-ar> é moi pouco habitual no noso corpus, pois unicamente se documenta na *Crónica Troiana* baixo a palabra *rrefrescar* [CT] (< re- + fresco/a + -ar). Como acabamos de indicar, esta estrutura toma como base un adxectivo, mais tamén podería asociarse a substantivos (*recuar* < re- + cu + -ar).



Gráfica 36 Ocorrencias de <re...ar> no corpus

5.4.12. Parasintético <so-...-ar>

A estrutura parasintética <so-...-ar> presenta unha produtividade mínima ao longo da historia do galego (cfr. *sobrazar*, *solagar*, *soterrar* en Ferreiro 1997: 98), de modo que é un tipo de parasintéticos pouco produtivo. Obsérvase nestes casos unha certa homoxeneidade no significado expresado polos afixos <so-...-ar>, a indicar unha acción verbal que implica ‘pór debaixo de’, tal e como corresponde ao sentido orixinal da preposición latina *so-/sub-* (< SŪB). No corpus do galego medieval unicamente se documenta no verbo denominal *soterrar* (< so- + terra + -ar), tanto en *CSM* como en *MS*.




Gráfica 37 Ocorrencias de <so...ar> no corpus

5.4. A derivación regresiva no galego medieval

O estudo da afixación no galego medieval demostra ou confirma a enorme presenza e rendibilidade deste mecanismo de formación de palabras. A derivación regresiva, contra a teoría de que se trata dun mecanismo de formación de palabras que forma neoloxismos, ten unha grande presenza deste os inicios da lingua galega e xa era habitual na lingua latina.

A derivación regresiva máis produtiva é aquela que se realiza mediante o morfema *-a*, seguida da de *-o*. Nun lugar discreto, temos a regresividade en *-e*, mais cínxese unicamente a unhas decenas de casos.

Os regresivos en *-a* –evidentemente todos con xénero feminino– proceden fundamentalmente de verbos da primeira conxugación, mais tamén temos dúas representacións de verbos da segunda (*perda* < *perder* e *venda* < *vender*). Practicamente non existen restricións a respecto da base para se formar un regresivo en *-a*, salvo cando estas finalizan en *-ecer*, *-ificar* e *-izar*, que exclúen este tipo de afixación (Pena 1980: 204).



Gráfica 38 Ocorrencias de regresivos en <-a> no corpus

O número de bases con que opera o regresivo en *-a* cífrase en trinta e sete bases diferentes, na súa grande maioría verbos transitivos, de modo que conforma o derivado regresivo máis produtivo.

ajuda (< *ajudar*)

folga (< *folgar*)

barata (< *baratar*)

guarda (< *guardar*)

carrega (< *carregar*)

honra (< *honrar*)

5. A afixación no galego medieval


<i>carreta</i> (< carretar)	<i>jura</i> (< jurar)
<i>chufa</i> (< chufar)	<i>justa</i> (< justar)
<i>coita</i> (< custar)	<i>manda</i> (< mandar)
<i>compra</i> (< comprar)	<i>mingoa</i> (< mingoar)
<i>contenda</i> (< contender)	<i>mostra</i> (< mostrar)
<i>contralha</i> (< contralhar)	<i>paga</i> (< pagar)
<i>custas</i> ¹⁶² (< custar)	<i>peleja</i> (< pelear)
<i>demanda</i> (< demandar)	<i>perda</i> (< perder)
<i>demora</i> (< demorar)	<i>prova</i> (< probar)
<i>desaventura</i> (< desaventurar)	<i>salva</i> (< salvar)
<i>dulta</i> (< dultar < DUBĪTĀRE)	<i>seca</i> (< secar)
<i>duvida</i> (< duvidar < DUBĪTĀRE)	<i>talha</i> (< talhar)
<i>emenda</i> (< emendar)	<i>troba</i> (< trobar)
<i>encomenda</i> (< encomendar)	<i>venda</i> (< vender)
<i>erra</i> (< errar)	<i>volta</i> (< voltar)
<i>fala</i> (< falar)	

A derivación regresiva en *-a* crea xenericamente nomes de acción ('acto e/ou efecto de'), debido ao carácter verbal das bases. Por tanto, o *-a* regresivo vai alternar e competir con outros sufixos de acción (*-çon*, *-mento*, *-ña*, *-dura*, *-ado/a*); algunhas destas formacións corradicais ou isorradicais con que rivalizan acabarán substituídas modernamente por este derivado regresivo en avance: *desputaçõ* > *disputa*... Noutros casos perdeu dispoñibilidade o derivado regresivo: *jura/juramento*, *manda/mandado*...

Alén disto, poden aparecer "dobretes" cos regresivo en *-o* con que tamén vai rivalizar, como vemos en *erra / erro*, *talha / talho*.

Canto aos regresivos en *-e*, con xénero inherente masculino, unicamente rexistramos tres formacións substantivas con orixe de verbal: *baile*, *desconorte* e *recoste*. A vogal *-e* adhírese a partir da elisión da vogal temática do verbo e achegan o sentido 'resultativo' nos dous primeiros exemplos ou 'locativo' no último. Proceden, como se observa, da primeira conxugación e concéntranse todos no século XIII coas *Cantigas de Santa María*.

¹⁶² O substantivo *custa* está xeralmente limitado a usos fixos no plural (*custas*) ou en locucións (*a custa (de)*).




Gráfica 39 Ocorrencias de regresivos en <-e> no corpus

No corpus non compite con sufixos nocionais, mais encontramos alternancias con derivados regresivos en *-o* cos cales tamén vai rivalizar: *desconorte/desconorto*. Neste sentido, cómpre indicar que Malkiel (1945: 233) sinala que o prefixo *des-* favorece este tipo de derivados en *-e*.

En último lugar, os derivados regresivos en *-o*, masculinos canto ao xénero, tamén presentan unha alta produtividade na formación de substantivos deverbais de acción. En concreto, no corpus de galego medieval recolleemos 31 bases verbais da C1 diferentes a que se asocia o regresivo en *-o*.

<i>abrigo</i> (< abrigar)	<i>empeço</i> (< empeçar)
<i>acordo</i> (< acordar)	<i>engano</i> (< enganar)
<i>acorro</i> (< acorrer)	<i>erro</i> (< errar)
<i>[a]faago</i> (< afaagar)	<i>esforço</i> (< esforçar)
<i>aparelho</i> (< aparelhar)	<i>espanto</i> (< espantar)
<i>avondo</i> (< avondar)	<i>estorvo</i> (< estorvar)
<i>braado</i> (< braadar)	<i>folego</i> (<folegar)
<i>cambio</i> (< cambiar)	<i>perjuro</i> (< posfaçar)
<i>cheiro</i> (< cheirar)	<i>posfaço</i> (< posfaçar)
<i>choro</i> (< chorar)	<i>quebranto</i> (< quebrantar)
<i>começo</i> (< começar)	<i>recado</i> (< ant. recadar)
<i>conforto</i> (< confortar)	<i>rogo</i> (< rogar)
<i>deõsto</i> (< deõstar)	<i>roubo</i> (< roubar)
<i>derribo</i> (< derribar)	<i>sospiro</i> (< sospirar)
<i>desconorto</i> (< desconortar)	<i>talho</i> (< talhar)
<i>embargo</i> (< embargar)	

5. A afixación no galego medieval



Gráfica 40 Ocorrencias de regresivos en -o no corpus

Finalmente, os regresivos en -o poden alternar tanto con -a (*erro/erra*) como con -e (*desconorto/desconorte*), de igual modo que cos sufixos nocionais -mento, -nça etc.

6. CONCLUSIÓNS

Enunciar é construír significación.

Henriqueta Campos

Ao longo destas páxinas, foi a nosa intención elaboramos o estudo histórico-descriptivo dos diferentes mecanismos de formación de palabras en que unicamente interveñen afixos, isto é, prefixación, sufixación, parasíntese e derivación regresiva. Para levarmos a cabo esta investigación tomamos como base textual unha selección representativa da produción medieval da lingua galega, a nos cinxírmolos aos textos literarios, tanto poéticos como prosísticos, por estaren mellor editados e por gardaren unha maior cohesión lingüística, e mesmo estilística. Deste modo, tivemos ocasión de nos debuzarmos no galego medieval dos séculos XIII a XV e observarmos o funcionamento dun dos mecanismos de formación de palabras máis importantes e produtivo.

Após a descrición do establecemento do corpus textual, xulgamos necesario contextualizarmos a nivel teórico o fenómeno da formación de palabras coa finalidade de enmarcarmos o estudo nas diversas perspectivas que existen e tamén para evidenciamos a problemática desta (sub)disciplina. Así, no capítulo 3 realizamos un sucinto panorama histórico da formación de palabras na teoría lingüística xeral e nas gramáticas históricas do portugués e do galego, así como nas sincrónicas galegas a partir dos anos 80, que supoñen unha nova achega na lingüística galega.

Toda esta fundamentación, como vimos, foi necesaria para termos claro o marco teórico en que iamos operar. Así, ofrecemos unha relación dos aspectos máis importantes das aspectos de diversas teorías e escolas lingüísticas, alén dos modelos de análise ou descrición morfolóxica propostos. Neste capítulo puidemos ver que non existe un modelo teórico válido para o estudo da formación de palabras en que se contemplan interrelacionados parámetros diacrónicos, semánticos, sintácticos etc., pois as achegas realizadas circunscríbense nomeadamente a análises sincrónicas. Por este motivo, foi un principio rector no noso traballo a delimitación dos diversos mecanismos de formacións de palabras a través de diferentes criterios, como a interrelación entre diacronía e sincronía, entre a forma e o significado etc. Isto serviunos, por exemplo, para podermos delimitar con clareza o fenómeno da parasíntese ou para convencernos de que só é posíbel estudar a afixación produtiva dunha lingua unicamente cando esta se produce no sistema lingüístico correspondente.

Alén disto, e tras o establecemento das gramáticas históricas do portugués e do galego, elaboramos un breve tratado da formación de palabras nestes manuais, para xa observamos o tratamento que concedían á formación de palabras, pois non ocupa un lugar fixo na descrición do sistema lingüístico-gramatical das linguas. Así, encontramos gramáticos que consideran que forma parte da Morfoloxía, outros do Léxico, en canto que para outros se trata dunha disciplina autónoma. Ao noso modo de ver, cremos que os diferentes mecanismos de derivación e composición son fundamentalmente morfolóxicos, a pesar de participaren noutras áreas como o léxico, a Sintaxe ou a Fonoloxía.

Por outra parte, tamén analizamos nas gramáticas históricas os diversos procedementos de creación vocabular para observarmos os tipos de afixación, a delimitación dos procesos etc., de igual modo que tamén fixemos no apartado referido ao estudo das gramáticas sincrónicas galegas.

A partir deste marco xeral, e polo que se refire aos diferentes procedementos de afixación, no capítulo 4 puidemos estudar as diferentes problemáticas e as características máis importantes dos diferentes tipos de mecanismos de formación de palabras que operan con afixos. Neste apartado destaca a nosa concepción do estudo das derivacións afixais unicamente cando estas se produciren no mesmo sistema lingüístico, de xeito que fican fóra de análise as formacións afixais xeradas no latín e herdadas polo sistema

lingüístico galego. Así, en primeiro lugar enfrontámonos coa problemática do estatuto da prefixación como proceso derivativo ou compositivo, mais tamén o posíbel valor transcategorizador do prefixo.

Relativamente ao mecanismo de formación vocabular máis produtivo, a sufixación formula unha serie de cuestións relativas á propia vitalidade do fenómeno, como a nómina de sufixos, a variación alomórfica, os significados, as restricións de base ou o tipo de produto resultante a nivel gramatical, entre outros. Neste último aspecto, destaca a capacidade dos sufixos nominais poderen formar substantivos, adxectivos ou ambas as clases de palabras.

Canto á sufixación verbal, salienta o problema que afecta ao estatuto lingüístico da desinencia do infinitivo en formacións verbais unicamente de *-ar*, pois foi preciso reflexionarmos se se tratar ou non dun morfema derivativo e, neste caso, se este permitir a derivación. Á vista das diversas hipóteses, que consideraban ora o morfema substancial *-r-* ora a vogal temática como o afixo derivativo, decantámonos por esta última opción, pois é o elemento derivativo máis plausíbel que aparece ao longo do paradigma flexivo.

Na parasíntese tivemos a ocasión de reflexionar sobre a existencia deste tipo de afixación como tal, pois non é xeral a consideración da parasíntese como un procedemento de formación vocabular diferenciado. Por tanto, para asegurarmos a existencia deste mecanismo, tentamos delimitar o proceso parasintético. Así, a definición tradicional considera que é parasintética toda a formación constituída por unha base léxica sobre a que actúan prefixación e sufixación ao mesmo tempo, sempre que non existe unha fase derivativa previa ou intermedia. Porén, como xustificamos, estas condicións non son correctas nin suficientes para demarcar o concepto de parasíntese. Para iso, alén da simultaneidade do proceso, é necesario aplicarmos tamén criterios semánticos para confirmar se a formación é parasintética, con independencia de se existiren resultado previos entre a base nominal e o derivado parasintético.

Por outra parte, a parasíntese tamén presenta o problema a estrutura (binaria ou ternaria) e o número e natureza dos seus constituíntes, así como o da transcategorización, pois discútese que afixo posúe tal capacidade, o prefixo ou a desinencia verbal do infinitivo. Neste sentido, consideramos que era preciso harmonizar os criterios adoptados na prefixación e na sufixación en *-ar*, de modo que defendemos o valor transcategorizador da vogal temática.

Para alén disto, discriminamos a derivación regresiva como un procedemento de creación vocabular propio, xa que frecuentemente é incluído na derivación sufixal. Porén, a existencia dunha vogal (-a, -e, -o) como posíbel afixo derivativo que reduce ou iguala o corpo fónico da base, así como a enorme produtividade deste fenómeno, apunta para un tratamento particular. Así, as vogais finais conformarían unha amálgama de VT e afixo derivativo con capacidade transcategorizadora para converter substantivos a partir de verbos.

Após estas consideracións, no capítulo 5 levamos a cabo o estudo destes diferentes mecanismos xa con base no noso corpus de galego medieval. Nesta descrición da configuración do cadro afixal medieval, describimos os prefixos, sufixos, parasintéticos e regresivos documentados, alén de analizarmos a rendibilidade destes ao longo destes séculos.

E finalmente, cos datos extraídos do noso corpus elaboramos o *Diccionario de afixos do galego medieval*, que conforma o primeiro dicionario temático de afixos dentro do sistema lingüístico galego-portugués.

Así pois, o noso estudo xerou unha serie de conclusión que pasamos a enunciar nos seguintes puntos:

1. Unicamente é posíbel estudarmos a afixación no galego medieval cando as formacións foren xeradas e estiveren dispoñíbeis no seu propio sistema lingüístico, pois as restantes formacións con sufixos reconecíbeis e coincidentes son de creación latina. Deste modo, o número de afixos e ocorrencias con que nos encontramos é inferior ao que aparece noutros manuais.
2. A afixación foi o mecanismo de derivación máis produtivo para ampliar a masa lexical galega desde a súa conversión en lingua romance, diferenciada do latín. En concreto, dos catro procedementos estudados, a sufixación é o mecanismo que opera cun maior número de afixos e cunha enorme vitalidade e produtividade.
3. A produtividade do sistema afixal do galego medieval é tan abondosa que até convive coas correspondentes formas latinas afixadas, quer co mesmo afixo vernaculinado quer con outros. Deste modo, asistimos á concorrencia de dous sistemas de derivación, o latino e o romance.

4. En relación coa produtividade afixal, asistimos á concorrencia de diferentes afixos para expresaren funcións e significados, como vimos cos prefixos de negación (*des-*, *de-*, *es* e *in-*), así como cos sufixos nominais (*-çon*, *-mento*, *-nça*, *-eza*, *-ura* etc.) e/ou cos derivados regresivos (*-a*, *-e*, *-o*). Así, pois ao alternaren varios prefixos para un mesmo significado ou varios sufixos ou regresivos para outros, prodúcese unha situación de competencia ou rivalidade afixal que se traduce de diferente maneira segundo os casos: a) desactivación funcional ou perda de dispoñibilidade de determinados afixos (*-çon* perdeu dispoñibilidade como sufixo, fronte ao latín; *-mento* diminuíu actualmente o seu uso como sufixo altamente produtivo no galego medieval); b) coexistencia dos dous afixos asociados a unha base común con significado similar (*esterrar/desterrar*, *levada/leva*, *demorança/demora*) ou diferente (*recibimento/recibo*, *folgança/folga*); e c) substitución dun afixo polo seu rival (*duvidança* → *dúvida*).

Esta rivalidade precisamente prodúcese ao compartiren contextos semánticos de uso, de modo que é posíbel a competición, pois en caso contrario non se produciría. Precisamente, isto podemos velo no sufixo *-mente*, que é impensábel que o sufixo *-mente* deixe de funcionar como formador de adverbios, e pase a ser substituído actualmente por outro ou que perda dispoñibilidade, simplemente polo feito de non dispormos doutro que conorra con el.



PARTE II:
DICIONARIO

7. DICCIONARIO DE AFIXOS DO GALEGO MEDIEVAL¹

A exploração e análise da lingua em que está escrita determinada obra (sobretudo quando se trata de época recuada) só pode levar-se a efecto de forma completa se a obra for acompañada de glossários.

M.^a Elena Mira Mateus

7.1. GUÍA DE USO DO DICCIONARIO

	LEMA	NÚMERO TOTAL DE OCORRENCIAS	ORIXE ETIMILÓXICA	CATEGORÍA GRAMATICAL	
ENTRADA	assacar	[6]	(< a- + sacar)	vbo.	'imputar
	calumniosamente, inventar'				ACEPCIÓNS
APARATO DE VARIANTES	V1	asacar [1]:	CT [1].	et tal cousa lles asacã que nũca foy dita nẽ pensada (CT 51.7).	
	V2	assacar [5]:	LP [3].	que mi assaca tal mentira e al, / ai meu amigo, vedes quant'i á: (LP 63,4). De fazer mentira sei-m'eu guardar, / mais non de quen me mal quer assacar . (LP 63,4). Pero d'Ambroa sei eu ca foi lh'i; / mais queres-te-lhi tu mal assacar . (LP 116,15). CSM [1]. outrosi que me guardes d'ome torp' alvardan, / e d'ome que assaca , que é peor que can, / e dos que lealdade non preçan quant' un pan, pero que sempr' en ela muito faland' estan (CSM 401.62-71). CT [1]. Cõmo fforõ assacados os jogos dos dados et do asederex et das tablas (CT 16.1).	
					OBRA + OCORRENCIAS POR OBRA NÚMERO DE OCORRENCIAS POR VARIANTE
					SEPARADOR DE EXEMPLOS
					SEPARADOR DE OBRAS
DATAÇÃO CRONOLÓXICA					Ⓜ: XIII
REMISIÓNS					↪: sacar/asacar ↩: asacar

¹ Unha primeira versión deste *Diccionario* foi presentada nunha comunicación oral no “Encuentro Internacional de Jóvenes Investigadores en Filología, Lingüística y Literaturas Románicas y áreas afines ‘Filología Románica Hoy’ (Madrid, 3-5 de noviembre de 2011)”. Así mesmo, tamén foi aceptado a publicación dun artigo na *Revista Galega de Filoloxía* en que presentamos xa con máis detalle o *Diccionario*.

7.2. PREFIXOS

7.2.1. Prefixo <a->

acalar [1] (< a- + calar) **vbo.** ‘facer calar, sosegar’

acalar [1]: LP [1]. Lourenço, gran verdade ti direi, / toda-las novas foran *acaladas*; (LP 70,38).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: calar/acalar

Ⓜ: acalar

achantar [1] (< a- + chantar) **vbo.** ‘plantar, cravar, enterrar’

achantar [1]: LP [1]. topou comigu'e sobraçou o manto / e quis en mi *achantar* o caralho. (LP 120,16).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: chantar/achantar

Ⓜ: achantar

acomendar(se) [19] (< a- + comendar) **vbo.** ‘orar, confiar, mandar’

acomendar(se) [19]: LP [3]. *A dem'acomend'eu amor; / e bēeiga Deus la senhor / de que non sera sabedor* (LP 143,8). | *E ao Demo vou acomendar / prez d'este mundo e armas e lidar,* (LP 18,13). | *ao Demo o acomendo / que o aja en sa comenda.* (LP 68,2). || **CSM [16].** *E porend' un gran miragre | vos direi desta razón, / que feze Santa Maria, | dun mui malfeitor ladron / que Elbo por nom' avia; | mas sempr' en ssa oraçon / a ela s' acomendava, | e aquello lle prestou* (CSM 13.5-8). | *Poren m' acomendo / a ti e rendo, / que os teus non faleces* (CSM 20.48-50). | **COMO SANTA MARIA SACOU DE CATIVO DE TERRA DE MOUROS / A UN OME BÕO QUE SE LL' ACOMENDARA** (CSM 83.1-2). | *Aos seus acomendados / a Virgen tost' á livrados* (CSM 83.3-4). | “*Ay, Madre de Deus*”, *enton / diss' ela en ssa razón, / “leixo-vos est' en comenda e a vos de coraçõ / m' acomend' ”* (CSM 94.40-44). | *Vosso prazer, rogo-vos*

que roguedes / a Deus por mi e me ll' acomendedes, / ca bēes aqui vos me veeredes / ora jazer morto e sen coor (CSM 96.66-69). | **COMO SANTA MARIA GUARDOU DE MORTE HÛA JUDEA QUE / ESPENARON EN SEGOVIA; [E] PORQUE SSE ACOMENDOU A / ELA NON MORREU NEN SE FIRIU** (CSM 107.1-3). | *Que acorre-las coyadas / que ti son acomendadas, / ontre toda-las culpadas / val a mi, ca mester m' á* (CSM 107.26-29). | *Aquesta un fillo ouve que amava / mais ca ren, e sempre o acomendava / a Santa Maria e por el rogava / que llo d' ocajões guardass' e de maes* (CSM 114.11-14). | *Aquesto fez un gran tenpo, | que non faleceu de ren / que a guerlanda das rosas | no tenpo delas mui ben / fazia, e a pōya | na sa omagen; des en / a ela s' acomendava, | que aos seus nunca fal* (CSM 121.15-18). | *Aquel podedes jurar / que é ben de mal guardado / que a Virgen fillar / vai por seu acomendado* (CSM 135.4-7). | *A que ss' ele noit' e dia senpr' acomendava / e que o daquel pecado tirasse rogava, / que o ben que el fazia todo desatava / e fazia sa promessa sempre mentireira* (CSM 137.20-23). | *Este monje acusado | fora aquela sazõ / de mandar fazer mōeda; | e por aquesta razón fez-lo prender o ifante | que foi de Mont-Aragon / abade e que a terra | tñia acomendada* (CSM 164.11-14). | *Os seus omēes cruees | muit' aginna o fezeron / e da coita de seu padre | sol mercee non ouveron; / e despois que o na forca | ante seus ollos poseron, / el acomendou-ll' a alma | aa Sennor de bondade* (CSM 175.40-43). | *Pidiu-os; e pois llos deron, | aa Reyna de prez / s' acomendou e mandou-se | logo levar dessa vez / a cas dun celorgião, | e começou-ll' a rogar* (CSM 177.21-23). | *Muitas vezes volv' o demo | as gentes por seus pecados, / que non quer Santa Maria, | pois lle son acomendados* (CSM 198.4-5). | *Poren, Sennor, val ao servo teu / que se non perça; ca eu sōo seu / angeo, e*

acomendad' é meu, / e poren te venno por el rogar
(CSM 404.80-83).

Ⓜ: XIII

↻: encomendar(se)

↷: acomendar(se)

acontecer [1] (< a- + contecer) vbo. 'ocorrer, ser ou tornarse realidade'

acontecer [1]: CSM [1]. Desto direi un miragre | que no Port' **aconteceu**, / que fezo Santa Maria, | Madre daquel que prendeu / paixon e ena cruz morte | por nos, e que nos tolleu das maõa do ãemigo, | o diab' enganador (CSM 356.6-9).

Ⓜ: XIII

↻: contecer/acontecer

↷: acontecer

acreer [1] (< a- + creer [CREDERE]) vbo. 'emprestar, dar a crédito'

guarida [7]: LP [1]. *"Se me queres dar guarida" / diss'a pastor, "di verdade, / papagai, por caridade, / ca morte m'é esta vida" (LP 25,128). || CSM [7]. El Cond' Abran foi aqieste, de mui santa vida, / que fez mui gran pëdenç' en aquela hermda / servind' a Santa Maria, a Sennor comprida / de todo ben, que aos seus sempre dá guarida, / ca a ssa mui gran mercee nunca é falida / a quanto-la ben serviren, assi é sen falla (CSM 95.13-18). | Mas ele pos sa alm' e sa fazenda / ena Virgen e deu-xe-ll' en comenda, / e a Salas prometeu offerenda / se el chaga ouvesse guarida (CSM 129.15-18). | E de bõa vida / foi pois, e servida / del a que convida- / nos a gran prazer / de dar sen falida, / qual non foi oyda, / d' avermos guarida / sen nunca morrer (CSM 192.154-161). | En Portugal, a par dũa | vila, muy rica cidade / que é chamada Lxbõa, | com' eu achei en verdade, / á y un [rico] mðesteyro | de donas, e castidade / mantëen, que pois nos ceos | ajan por*

senpre guarida (CSM 222.16-19). | Sennor mansa, Sennor bõa, | de todos bẽes comprida, / eu es corõa dos santos | e tu dos angeos vida; / dá-e pola ta vertude | a este corpo guarida, / ca muit' agyã o podes | fazer, como nos creemos (CSM 268.45-48). | Ond' avẽo en Sevilla | que deron ùa pedrada / a un ome na cabeça | mui grand', assi que britada / ll'ouveron toda a fronte | e a tea assedada, / assi que nunca cuidava | da chaga aver guarida (CSM 385.21-24).

☉: XIII

☪: -

☩: guarida

oído [1] (< oír + -ido) subst. masc. ‘órgano de audición’

oydo [1]: CSM [1]. *Que mandou ao preste revestido / que lle fezera cobra-lo oydo, / que lle fizesse que logo guarido / fosse da lingua, que non dissess' "ãa" (CSM 69.90-93).*

☉: XIII

☪: ouvido

☩: oído, ouvido

partida [6] (< partir + -ida) subst. fem. ‘acto e/ou efecto de partir; distancia; parte’

partida [6]: CSM [5]. *Se purgamẽo foss' o ceo estrelado / e o mar todo tinta, que grand' é provado, / e vivesse por sempr' un ome enssinado / de escrever, ficar-ll-ia a mayor partida (CSM 110.14-17). | Eno braço e tallou-lle | del hũa mui gran partida (CSM 215.30). | E log' en aquela ora | pos eno seu coração / que daquelo que lle davan | que lle déss' en seu q[u]yõn; / e des y foi comer logo, | e apartou da raçon / seu a mayor partida | e foi-lla logo guardar (CSM 353.46-49). | E ouveron seu acordo | que fossen tẽer vegia / ena fremosa capela | da Virgen Santa Maria / e logo en cavalgada | movessen en outro dia, / e se gãassem, a Virgen | ouves[s]' en de sa partida (CSM 374.22-25). | Porend' o ome contreyto / ouv[e] a seer dun lado, | e foi daquela partida (CSM 385.33-34). || CT [1]. Et choraua moyto cõ gra coyta et cõ grã pesar que auja de sua partida, ca moyto era a donzela cortesa et ensynada (CT 198.8).*

Ⓜ: XIII
Ⓜ: -
↳: partida

pedido [1] (< pedir + -ido) subst. masc. ‘acto de pedir’

pedido [1]: CSMI [1]. *O qual pasou moitos traballos en guerras con os caballeiros de seu arçobispado et con os cidaaos desta cidade de Santiago, outrosi con o conde de Trastamar que se apoderou enna cidade; porlo qual, el indo a mandado de noso señor el rei, se levantaron contra el, non lle querendo obedescer por señor, et esto porlos pedidos grandes que el deitara enna cibdade; et villas et lugares desasperaron del (CSMI III.3.1.3-7).*

Ⓜ: XIII
Ⓜ: pedimento, pedida
↳: pedido

saida [3] (< sair + -ida) subst. fem. ‘acto e/ou efecto de saír’

sayda [2]: CSM [2]. *Quando ll’ est’ ouve dito, | foi-sse; e mui guarida / ficou assi a dona, | e tan toste sayda / fez dali e pres orden, | u acimou ssa vida / tan ben, por que dos santos | foi en ssa conpania (CSM 201.65-68). | E porend’ ñus peõ[e]s, / almogavares*

muy bõos, | pero ja quanto ladrões, / foran mal fazer a mouros | con muy bõos corações; / mais gãar ten non podian | d’entrada nen de sayda (CSM 374.12-15). || CT [1]. Et catauã ben suas entradas et suas saydas cõmo estauã (CT 219.7).

Ⓜ: XIII
Ⓜ: -
↳: saída

sentido [1] (< sentir + -ido) subst. masc. ‘facultade de sentir ou percibir’

sentido [1]: CT [1]. *Et nũca fuj [de] tã grã sentido que o y mester nõ ouuese (CT 248.29).*

Ⓜ: XIII
Ⓜ: -
↳: sentido

subida [1] (< subir + -ida) subst. fem. ‘acto e/ou efecto de subir’

subida [1]: CSM [1]. *El usand’ aquesto, foi muit’ envellecendo / e a carn’ e os nenbros tant’ enfraquecendo, / que u ss’ agẽollava caya dezendo / toste e non podia faze-la subida (CSM 141.21-24).*

Ⓜ: XIII
Ⓜ: suba
↳: subida

7.3.1.10. Sufixo <-ez/-eza/-ece/-ice>

braveza [5] (< bravo + -eza) subst. fem. ‘calidade de bravo’

braueza [4]: CT [4]. *cõ braueza do mar (CT 54.7). | Da gram coyta que aquela noyte sofrerõ os da oste porla braueza do tẽpo (CT 170.2). | que tã esquiou era o mal que lles fazia et tã sen mesura erã as suas brauezas que nõ finara y home dos gregos que morto nõ fosse (CT 176.19). | que ome naçido ãno mũdo nũca ueu hũ caualeyro que fezese taes brauezas (CT 328.14).*

braveza [1]: CSM [1]. *Sempr’ a Virgen grioriosa | ao que s’en ela fia / ajuda-o per que vença | gran braveza e perfia (CSM 377.4-5).*

Ⓜ: XIII
Ⓜ: bravura
↳: braveza

covardice/covardez [4] (< covardo + -ice/ez) subst. fem. ‘cobardía’

couardez [1]: CT [1]. *Et ben uso semellaria que nõ sabiã nada de couardez (CT 232.47).*

7. Dicionario de afixos do galego medieval

couardiçe [3]: CT [3]. Outrossy tã grã **couardiçe** tomava en ssy que lle nõ ousaua dizer nada (CT 215.20). | que cauleyro tã ardido fosse chegado por aficamento d'amor a tã grã **couardiçe** (CT 215.22). | *Pero ben creo que nõ ha home ãno mudo que moy de coraçõ ame a ssua seõnor que aas uegadas nõ tome **couardiçe** en lle dize algũas cousas que lle conprian et que lle estariã ben et por que seria delo mays preçado* (CT 215.23).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

Ⓢ: cobardice

crueza [4] (< cru + -eza) subst. fem.
'característica ou estado de cru, crueldade'

crueza [4]: CSM [2]. *D' angeos, que lle diss' assi: / "A ta oraçon ben oý; / mais pero non conven a mi / fazer **crueza**, nen me praz* (CSM 68.29-32). | Gran piadad' e mercee e nobreza, / daquestas tres á na Virgen assaz, / tan muit' en, que maldade nen **crueza** / nen descousimento nunca lle praz (CSM 105.3-6). || **CT [2].** *Et [Nástor] era tã soberuio que nõ tijña en nada de fazer grã torto a quen sse pagaua, tãto auja de **crueza** et de brauura et de saña* (CT 23.8-9). | *Et ya moy sañudo et cõ grã **crueza*** (CT 123.3).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: crudeleza

Ⓢ: crueza

dereiteza [1] (< dereito + -eza) subst. fem.
'regra, costume'

dereiteza [1]: LP [1]. *As que son, per natureza, / corpos d'ũa parecença / juntan-s'e fazen nacença, / esto é sa **dereiteza*** (LP 118,4).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: dereitura

Ⓢ: dereiteza

escasseza [1] (< escasso + -eza) subst. fem.
'calidade de escaso'

escasseza [1]: LP [1]. *E quen vos pois vir-la saia molhada, / ben lhe terrá que é con **escasseza**, / e en vós*

ouve sempre gran largueza; / e pois aqui vee-la invernada, (LP 64,10).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: escassidade, escassez

Ⓢ: escaseza

estrañeza [1] (< estraño + -eza) subst. fem.
'carácter diferentes, singular'

estrañeza [1]: CT [1]. *et fazia todo aquesto que uso ey cõtado por mostrar as **estrañezas** das naturas* (CT 209.47).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

Ⓢ: estrañeza

franqueza [5] (< franco + -eza) subst. fem.
'calidade de franco'

frãqueza [1]: CT [1]. *contando as bondades et as **frãquezas** d'Éutor* (CT 239.28).

franqueza [4]: LP [1]. *ca, pois **franqueza**, / proeza, / venceu escasseza,* (LP 4,15). || **CSM [1].** *Ca pero o don mui pouc' é, / segund' a mia pobreza, / non catará est', a la ffe, / a Sennor da **franqueza**; / ca por un don, esto sey ja, / que ll' eu dé, çento me dará / dos seus mui nobres dões, / e a mia mingua comprirá* (CSM 400.20-28). || **CT [2].** *por la sua grã **franqueza** et porlo seu entendemento et ardimento fora senpre Troya defenduda de quantos ãno mudo fosem* (CT 240.9). | *et nõica achamos cauleyro que tanto ualuese en armas et en grandeza et en tódaslas outras **franquezas*** (CT 246.84).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: francura

Ⓢ: franqueza

fraqueza [1] (< fraco + -eza) subst. fem.
'calidade de fraco'

fraqueza [1]: LP [1]. *dizede-mi quen é comendador / eno Espital ora da escassidade, / ou na **fraqueza**, ou quen no forniz,* (LP 152,7).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

Ⓢ: fraqueza

**grandeza [8] (< grande + -eza) subst. fem.
'calidade de grande'**

grãadez [2]: LP [1]. *U foi mesur'ou grãadez? U jaz / verdad', u é quen á amigo leal? (LP 94,18). || CSM [1].* *Se fillou, e despois esto | ar direi-vo-lo que fez: /foi-ss' aa rua chorando | e loand' a do bon prez, / a Madre de Jhesus-Christo, | por aquesta grãadez / tan grande que feit' avia , e fez a todos chorar (CSM 258.45-48).*

grãadece [3]: CSM [3]. *Aos soberviosos / d'alto vas decendo, / e os omildosos / en onrra crecendo, / e enadendo / e provezendo / tan santas grãadece (CSM 20.41-47). | E el de noite jazendo, | chegaron y muitos santos / cona Virgen groriosa, | cantando mui dulces cantos; / e tantos santos cantavan | que vos non sei dizer cantos; / loand' a Santa Maria, | seu ben e ssa grãadece (CSM 288.21-24). | E de tal razon com' esta | vos direi com' hũa vez / a Virgen Santa Maria | un mui gran miragre fez / polo bon Rei Don Fernando, | que foi comprido de prez, / d' esforç' e de grãadeza | e de todo ben, sen mal (CSM 292.6-9).*

grãdeza [2]: CT [2]. *que erã anbos de hũa grãdeza et de hũ grosso (CT 56.3). | Señor, porla grãdeza sen mesura moytos son desgastados do que an et pobres et m̃jgados (CT 216.6).*

grandeza [1]: CT [1]. *et nũca achamos caualeyro que tanto ualuese en armas et en grandeza et en tódaslas outras franquezas (CT 246.84).*

⊙: XIII

∪: grandura, grandor

↳: grandeza

**largueza [2] (< largo + -eza) subst. fem.
'calidade de largo'**

largueza [2]: LP [1]. *E quen vos pois vir-la saia molhada, / ben lhe terrá que é con escasseza, / e en vós ouve sempre gran largueza; / e pois aqui vee-la invernada, (LP 64,10). || MS [1].* *Et quando aquel que filla boa creëça cõtra a maa, et sofrença cõtra a sana, et largueza cõtra avariçia, et omildade cõtra a soberbea, et castidade cõtra a luxuria, et oraçõ cõtra a entẽçon do [demo], et pobreza cõtra a rriqueza, et perseuerãça do bem et se cala cõtra os deostos, et vay*

cõtra a voõtade de seu coraçõ, a sua lâça, que he a alma, seera frofida ao dia do juyzo, ante a façe de Nostro Señor (MS 91).

⊙: XIII

∪: largura

↳: largueza

**meninhez [2] (< menino + -ez) subst. fem.
'meninice, infancia'**

menñez [1]: CSM [1]. *Ben com' en Bitoria guarriu hũa vez / a un frade m̃õr, que de menñez / entrara na orden e y mui bon prez / vivendo gãara (CSM 123.10-13).*

menynnez [1]: CSM [1]. *Esto por hũa donzela | mostrou a Sennor de prez, / que mui de coraçõ senpre | a amou des menynnez / e servia de bon grado; | poren tal amor lle fez, / que o ben que lle quería | non llo quis per ren negar (CSM 188.12-15).*

⊙: XIII

∪: -

↳: meniñez, nenez

**nobreza [11] (< noble + -eza) subst. fem.
'calidade do que é noble'**

nobleza [5]: CT [2]. *ca o amor nõ guarda dereyto nẽ nobleza nẽ proeza nẽ fidalgía (CT 277.7). || CSMI [3]* *Os santos padres et doutores da Santa Escripura escripviron os feitos pasados, por que se encomendase a memoria dos homes et non perecese de las cousas por entraballo de longos tenpos, por que despois deles viesem e achasen en escripto os principios et fundamentos, et tomasen enxemplo das noblezas dos santos homes antiĩgos, et quanto traballaron por fondar et acrecentar os santos et devotos lugares en que Deus fose loado et servido (CSMI I.1.2.1-6). | Et a sua morte foi elegido por obispo de Iria et de Santiago don Cresconio, varon moi noble de bõa generaçom et moita nobleza, lanpada resplandecente (CSMI IV.4.13.7-8). | Et o dito don Diego Pelaez floresceu por moito tempo en voa vida, et moita nobleza et generosidade (CSMI V.5.1.4-5).*

nobreza [6]: CSM [6]. *Gran piedad' e mercee e nobreza, / daquestas tres á na Virgen assaz, / tan muit'*

7. Dicionario de afixos do galego medieval

en, que maldade nen crueza / nen descousimento nunca lle praz (CSM 105.3-6). | *E logo foi ssa carreyra / e leixou a gran riqueza / que avia, e maneyra / fillou de mui gran pobreza / por servir a que senlleira / foi e será en **nobreza**, / que os seus amigos guia* (CSM 132.149-155). | *Loemos a ssa **nobreza**, / sa onrra e ssa alteza, / sa mercee e ssa franqueza / e sas virtudes preçadas* (CSM 140.9-12). | *A mi de grandes pobrezas / sacou e deu-me riquezas, / por que sas grandes **nobrezas** / quantas mais poder direi* (CSM 200.24-27). | *A Madre de Jhesu-Cristo, | que é Sennor de **nobrezas**, / mas soffre que en sa casa | façan furtos nen vilezas* (CSM 302.3-4). | *Ca muit' é cousa sen guisa | de fizeren avolezas / os que creen ena Virgen, | que é Sennor de **nobrezas**, / que mais ama limpidõe | que avarento riquezas, / e piadad' e mercee | ca judeu dar [a] usura* (CSM 312.5-8). | *Ben vennas, Mayo, | con muitas riquezas; / e nos roguemos | a que á **nobrezas** / en ssi mui grandes, | que nos de tristezas / guard' e de coitas | e ar d'avolezas* (CSM 406.18-21). || **CT [2]**. *forõ feytas a grã **nobreza** et pintadas moy estrayament* (CT 14.14). | *que parecã moy ben porla grã **nobreza** que aujã* (CT 123.9). | *que auja hũa filla moy fremosa et moy cortesa et de grã **nobreza*** (CT 192.11).

☉: XIII

☪: -

☾: nobreza

pobreza [11] (< *pobre* + *-eza*) *subst. fem.*
'estado de pobre'

pobleza [1]: CSMI [1]. *Atanta era a pobleza dos coengos et oprobrio que non he de dezer; que agora en este tempo boa vida passan elles, que non he de dizer sin lagrimas, ca non ousavan viinr nin vinan aa eglleja, ca todos eran roubados por seglares* (CSMI V.5.2.11-14).

pobreza [8]: LP [1]. *que en **pobreza** todo seu sen á / e con ben fazer sandice lhi dá,* (LP 30,9). || **CSM [6]**. *COMO SANTA MARIA FEZ VEER AO CLERIGO QUE ERA MELLOR / **POBREZA** CON OMILDADE CA REQUEZA MAL GÃADA CON / ORGULLO E SEN SOBERVIA* (CSM 75.1-3). | *Omildade con **pobreza** / quer a Virgen corõada, / mais d'orgullo con riqueza / é*

ela mui despegada (CSM 75.4-7). | *E logo foi ssa carreyra / e leixou a gran riqueza / que avia, e maneyra / fillou de mui gran **pobreza** / por servir a que senlleira / foi e será en nobreza, / que os seus amigos guia* (CSM 132.149-155). | *E el con **pobreza**, / por gãar riqueza / fez grand' avoleza, / disse que querria; / e mui vergonnosa- / mente lla deu con vileza, / ca non por esposa* (CSM 195.47-53). | *A mi de grandes **pobrezas** / sacou e deu-me riquezas, / por que sas grandes nobrezas / quantas mais poder direi* (CSM 200.24-27). | *Diss' enton el Rey: "Amigo, | eu fui errado, par Deus, / de vos averdes **pobreza** | en meu reyn' e ontr' os meus"* (CSM 281.80-81). | *U leixarán todos | os viços e as riquezas, / di-lle que sofriste | con el[e] muitas **pobrezas*** (CSM 422.19-20). || **MS [1]**: *Et quando aquel que filla boa creẽça cõtra a maa, et sofrença cõtra a sana, et largueza cõtra avariça, et omildade cõtra a soberbea, et castidade cõtra a luxuria, et oraçõ cõtra a entẽçon do [demo], et **pobreza** cõtra a rriqueza, et perseuerãça do bem et se cala cõtra os deostos, et vay cõtra a voõtade de seu coraçõ, a sua lâça, que he a alma, seera frolida ao dia do juyzo, ante a façe de Nostro Señor* (MS 91).

proueza [1]: CT [1]. *et es rrico et queres auer **proueza*** (CT 35.21).

proveza [1]: CSMI [1]. *Iten, o santo obispo considerando a grande onra en que a Egleja de Iria fora sublimada et cathedra de tantos santos obispos, ante que o corpo do santo apostollo Santiago fose revellado, et de como agora de toda era destroida et posta en tanta **proveza** que algũs pouquos clerigos, que ende moravan, partidos do officio clerical, non se dizian ende os officios, salvo enno Avento et enna Coreesma et esto non mui conpridamente, porquanto non avian ende abastança para seu manteemento et vistirario; condolendose moito delo por consello de dez canonigos, por privilegio del rei, fezo ende hũa moi boa eglleja aa onra de Santa Maria con hũu mui grande altar en que poso moitas reliquias, et fezo poer outros dous altares: hũu de San Martino et outro de San Miguell* (CSMI VI.6.10.1-10).

☉: XIII

☪: pobreza

☾: pobreza

prenhece [1] (< *prenhe* + *-ece*) subst. fem. ‘gravidez’

prennece [1]: CSM [1]. *E fez que tevesse vinta | ven como prennada sol / cengir per cima do ventre | quando ll’a prennece dol (CSM 306.30-31).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: preñez

redondeça [1] (< *redondo* + *-eça*) subst. fem. ‘calidade de redondo’

rredondeça [1]: MS [1]. *et ãna rroda do carro son tres cousas: o madeiro do meogo et os braços et a rredondeça, et pero he hũa rroda (MS 122).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: redondez

↳: dedondeza

riqueza [19] (< *rico* + *-eza*) subst. fem. ‘característica ou condición do que é rico’

requiza [2]: CSMI [2] *O qual era de noble linajêe et de grandes parentes et requizas (CSMI IV.4.8.2-3). | Et Almeçor carteousse con el rei Veremundo et con o dïto conde don Rodrigo, et disolles, se con sua ajuda podesen cobrar o reino, que lles darian gran multitudêe de pagãos et moitas joias et requizas (CSMI IV.4.12.3-6).*

riqueza [1]: LP [1]. *por compoer riquezas, e non pensamos / quan pouco sa riqueza logr'o romeo. (LP 49,5).*

rriqueza [3]: CT [2]. *et chamaua moyto seu señor Menelao et sua filla Herméona et seus yrmãos Polus et Cástor et seus amjgos et todos seus parêtes et sua herdade et seu paresçer et sua fremosura et sua onrra et sua rriqueza et seu prez et seu ben (CT 46.6-7). | que era de grã rriqueza (CT 121.92). || MS [1]. por que leixara as onrras et as rriquezas d’este mûdo (MS 208).*

rrequiza [1]: MS [1]. *Et algũus dos cristiãos cõ cobiiça do auer dos que morrerã ãna lide coluerõ ali de noyte nõ o sabedo Calrros et carregãdose d[e] ouro*

et de prata et d’outras moytas rrequizas et en voluendo para a oste (MS 115).

riqueza [9]: CSM [9]. *Este castel’ aquel conde | por al fillar non queria / senon pola gran riqueza | que eno logar avia; / poren gran poder / de gent’ ali assũara / con que combater / o fez, e que o tomara (CSM 51.14-17). | COMO SANTA MARIA FEZ VEER AO CLERIGO QUE ERA MELLOR / POBREZA CON OMILDADE CA RIQUEZA MAL GÃADA CON / ORGULLO E SEN SOBERVIA (CSM 75.1-3). | Outro dia de mannã | fezeron log’ eles vïir / o crerig’; e el de grado | vëo y e foi-lles pedir / sa filla por casamento, | e prometeu-lles sen falir / que lle daria en arras | gran riqueza que avia (CSM 125.68-71). | E logo foi ssa carreyra / e leixou a gran riqueza / que avia, e maneyra / fillou de mui gran pobreza / por servir a que senlleyra / foi e será en nobreza, / que os seus amigos guãa (CSM 132.149-155). | E el con pobreza, / por gãar riqueza / fez grand’ avoleza, / disse que querria; / e mui vergonnosa- / mente lla deu con vileza, / ca non por esposa (CSM 195.47-53). | A mi de grandes pobrezas / sacou e deu-me riquezas, / por que sas grandes nobrezas / quantas mais poder direi (CSM 200.24-27). | Este con outra gran gente | vëo y en romaria, / a acolleu-ss’ a un ome | con que fillou conpania; / e quando chegou a noite, | os dinneiros que tragia / lle furtou da esmolneira | por crecer en sas riquezas (CSM 302.10-13). | Ca muit’ é cousa sen guisa | de fazeren avolezas / os que creen ena Virgen, | que é Sennor de nobrezas, / que mais ama limpidõe | que avarento riquezas, / e piadad’ e mercee | ca judeu dar [a] usura (CSM 312.5-8). | Ben vennas, Mayo, | con muitas riquezas; / e nos roguemos | a que á nobrezas / en ssi mui grandes, | que nos de tristezas / guard’ e de coitas | e ar d’avolezas (CSM 406.18-21). | U leixarán todos | os viços e as riquezas, / di-lle que sofriste | con el[e] muitas pobrezas (CSM 422.19-20).*

rriqueza [3]: CT [2]. *Et tan grãde foy a rriqueza que trouxerõ de Troya que toda Greçia foy ende cõprida (CT 7.34). | et en que auja grãde onrra et grã rriqueza (CT 201.13). || MS [1]: Et hũa boa moller que era de boo linageẽ, que fora abondada de rriquezas, entraronlle os ladrões na casa et tomarõlle quanto avia, que nĩhũa cousa nõ lle ficou para comer (MS 42).*

7. Dicionario de afixos do galego medieval

| *Et quando aquel que filla boa creëça cõtra a maa, et sofrença cõtra a sana, et largueza cõtra avariça, et omildade cõtra a soberbea, et castidade cõtra a luxuria, et oraçõ cõtra a entẽçon do [demo], et pobreza cõtra a rriqueza, et perseuerãça do bem et se cala cõtra os deostos, et vay cõtra a voõtade de seu coraçõ, a sua lâça, que he a alma, seera frolida ao dia do juyzo, ante a façe de Nostro Señor (MS 91). | Et desi enviou a Calrros que fose a el cõ poucos caualeiros, et que lle daria saseenta caualos carregados d'ouro et de prata, et outras rriquezas moytas se lle quisese obedecer (MS 93).*

Ⓜ: XIII

Ⓜ: ricura

Ⓜ: reieueza

sageza [1] (< sage + -eza) subst. fem. 'calidade de sabio'

sageza [1]: LP [1]. *E gran sageza fezeistes de pran; / mais-los trobadores travar-vos-an (LP 60,5).*

Ⓜ: XIII

Ⓜ: -

Ⓜ: saxeza

sandece/sandez/sandice [28] (< sandeu + -ece/-ez/-ice) subst. fem. 'loucura'

sandece [16]: LP [9]. *Assanhei-me vos, amigo, / per boa fe, con sandece, / como se molher assanha (LP 123,3). | Gran sandece me fez fazer (LP 47,13). | Sandece e morte que busquei sempre i! (LP 70,1). | Vedes que sandeç'e que gran loucura! (LP 44,5). | e con sandece o direi: (LP 70,9). | Pero non devi'a perder / ome, que ja o sèn non á, / de con sandece ren dizer; / e con sandece digu'eu ja: (LP 70,9). | o por que m'ajan de saber / quan gran sandece comecei, (LP 106,17). | pois crece, / sol non quer sandece, (LP 79,35). || CSM [7]. Gran sandece faz quen se por mal filla / cona que de Deus é Madre e Filla (CSM 19.3-4). | Ca tu noit' e dia / senpr' estás rogando / teu Fill', ai Maria, / por nos que, andando / aquí peccando / e mal obrand' — o / que ti muit' avorreces — / non quera, quando / sever julgando, / catar nossas sandeces (CSM 20.8-17). | E o ermitan lle diss' enton: "Sandeçe / non*

á en aquel se non quanto parece / aas gentes, e tod' aquest' el padeçe / por lle seer de Deus pois galardõado" (CSM 65.85-88). | Se muito non amamos, | gran sandeçe fazemos, / a Sennor que nos mostra | de como loemos (CSM 71.3-4). | Muitas vegadas o dem' enganados / ten os omes, porque lle[s] faz creer / muitas sandeces; e taes pecados / desfaz a Virgen por seu gran saber (CSM 192.3-6). | Mas parou-lle muito mentes, | e pois que a ben catou, / con gran sandez o astroso | a rremendar-a cuidou (CSM 293.25-26). | COMO SANTA MARIA DE TERENA RESORGIU Û OME / QUE MORRERA DE SANDECE E TORNÓ-O SÃO (CSM 334.1-2). || CSM I [1]: En este tempo Leandro, arçobispo de Sibilla, viera do concilio de Constantinopla a fazer amistança et pazes con Gregorio, diacono da Eglleja de Roma, et foi predicar a Leonegildo que leixasse a sandece dos arrianos et creesse enna Santa Treidade (CSMI II.2.5.6-9).

sandeçe [1]: CT [1]. *sandeçe et grã loucura (CT 24.5).*

sandez [2]: LP [1]. *Mais en gran sandez andava / eu, quando me non pagava (LP 27,1). || CSM [1]. E o cavaleyro fez, / poi-la levou dessa vez, / en ela fillos e fillas; / mais la Virgen de bon prez, / que nunca amou sandez, / emostrou y maravillas, / que a vida estrannar / lle fez que fazia, / per en sa claustra tornar, / u ante viva (CSM 94.51-60).*

sandice [1]: LP [1]. *Sandice devia perder, / amigos, por quanto provei / de m'end'alongar e direi / vos, mais non no posso sofrer (LP 95,4).*

sandice [5]: LP [5]. *eu o dev'a lazerar que o fiz / sandeu e el con sandice o diz. (LP 33,4). | eu o dev'a lazerar que o fiz / sandeu e el con sandice o diz. (LP 33,4). | eu o dev'a lazerar que o fiz / sandeu e el con sandice o diz. (LP 33,4). | e ora jura que ja se quitasse / da gran sandiç'en que m'ante falava (LP 88,6). | que en pobreza todo seu sen á / e con ben fazer sandice lhi dá, (LP 30,9).*

sandiçe [2]: CT [2]. *¿Et cõmo fuste ousado ou per cujo cõsello ou quen te mãdou que tã grande atreuemento fezeesses et tã grã sandiçe? (CT 23.16). | Et sobre el se deue tornar sua sandiçe (CT 104.6).*

Ⓜ: XIII

Ⓜ: sandez

Ⓜ: sandice

soteleza [3] (< *sutil* + *-eza*) subst. fem. ‘calidade do que é sutil’

soteleza [3]: CSM [1]. *Mais non quiso iñu deles | que o anel lle durasse, / ante buscou soteleza | per que llo logo furtas[s]e;* (CSM 369.35-36). || CT [2]. *Et diz o conto que tres maestros moy sabedores de negromãcia poserõ et ordenarõ estes piares per grã rrecado et per grã soteleza* (CT 208.18). | *laurada a laços et a frores per grã soteleza* (CT 246.43).

Ⓜ: XIII

Ⓝ: -

Ⓞ: sutileza

vellece [5] (< *velho* + *-ece*) subst. fem. ‘velho’

velhece [1]: LP [1]. *E dixelhe eu: -Gran folia pensades, / se per velhece a guarecer cuidades;* (LP 2,16).

vellece [4]: CSM [4]. *U entraba en hũa eigreja vedra, / mui ben feita tod’ a boveda de pedra, / pero con vellece ja cuberta d’edra, / que fora d’ antigo lugar mui’ onrrado* (CSM 65.125-128). | *Que o ergeu mui toste pela destra mão, / des i ar fez-lle sinal que logo de chã / o seu altar bejasse, e seria sã / e ssa vellece lle seria consomida* (CSM 141.36-39). | *COMO UN CAVALEIRO D’ ALEIXANDRIA FOI MALFEITOR, E / QUANDO VÊO A VELLECE, REPENTIU-SSE E FOI A UN SANTO / HERMITAN CONFESSAR-SSE; E EL DISSE-LLE QUE JAJÛASSE, / E O CAVALEIRO DISSE QUE NON PODIA* (CSM 155.1-4). | *O ome bõo tod’ esto | viu, e deu poren loores / a Deus e pois a ssa Madre, | que é Sennor das sennores; / e se ben costumad’ era, | outros costumes mellores / fillou dali adeante, | e en mui boa vellece* (CSM 288.36-39).

Ⓜ: XIII

Ⓜ: -

Ⓝ: vellice

vileza [5] (< *vil* + *-eza*) subst. fem. ‘calidade do que é vil’

vileza [5]: LP [1]. *e iia cousa vos quero dizer: / tenh’eu por mui bõa vileza assaz;* (LP 120,17). || CSM [3]. *E el con pobreza, / por gãar riqueza / fez grand’ avoleza, / disse que querria; / e mui vergonnosa- / mente lla deu con vileza, / ca non por esposa* (CSM 195.47-53). | *A Madre de Jhesu-Cristo, | que é Sennor de nobrezas, / mas soffre que en sa casa | façan furtos nen vilezas* (CSM 302.3-4). | *Outrosi por mi roga, | Virgen do bon talan, / que me guard’ o teu Fillo | daquel que adaman / mostra sempr’ en teus feitos, | e daqueles que dan / pouco por gran vileza | e vergonna non an, / e por pouco serviço | mostran que grand’ affan / prenden u quer que vaan, | pero longe non vam; / outrosi que me guardes | d’ome torp’ alvardan, / e d’ome que assaca, | que é peor que can, / e dos que lealdade | non preçan quant’ un pan, pero que sempr’ en ela | muito faland’ estan* (CSM 401.62-71). || CSMI [1]: *Et entrou o reino por estas partes de Galiza, et entrou a egliseja de Santiago et destroeu moitas das paredes da egliseja, salvo o altar et o santo sepulcro do glorioso apostollo Santiago, et fezo outras muitas suzidades et villezas enna egliseja de Santiago* (CSMI IV.4.12.6-9).

Ⓜ: XIII

Ⓝ: -

Ⓞ: vileza

7.3.1.11. Sufixo <-edo>

avelanedo [1] (< *avelã* + *-edo*) subst. masc. ‘lugar plantado de abeleiras’

avelanedo [1]: LP [1]. *"Ai estornhinho do avelanedo / cantades vós e moiro eu e peno: / e d'amores ei mal",* (LP 14,9).

Ⓜ: XIII

Ⓝ: avelanal, avelãedo

Ⓞ: abeleiral

penedo [7] (< pena + -edo) subst. masc. ‘pedra grande’

penedo [7]: CSM [3]. Dizend’ esto, sairon fora | da eigrej’ e viron estar / o **penedo** que caera, | que Deus fezo desviar; / começaron Deus a beizer / e a Virgen o seu poder (CSM 113.27-30). | Pero Bonifaz per nome; | mas un dia foi assi / que sse foi en un **penedo** | a galea espeçar (CSM 236.13-14). | A casa u jantavan | en un **pened’** estava / muyt’ alt’ e muyt’ esquivo, | u a dona morava; / e o menño un vaso | en sa mão fillava / contra hũa feëstra, | e lavar-o queria (CSM 241.34-37). || **MS [4].** Et aquel ydalo esta ãna rribeira do mar en vn **penedo** antigo, sobre la terra, moy bẽ laurado de hũa obra moy noble, aa mourisca (MS 82). | Et a cabo de

doze dias en yndo a oste del rrey por los montes de Nauarra et d’Alaua, acharõ o corpo del todo quebrantado en hũu monte cabo do mar, que avia en alto tres legoas, ençima de hũu **penedo**, a quatro jornada[s] de Bayona, hu os demoes leixarã o corpo del et leuarã a alma para os infernos (MS 87-88). | cabo de hũu **penedo** de marmore, so hũa aruore que y estaua (MS 142). | dou cõ ela tres vezes en hũu **penedo** de marmore cabo que siia, et cada vez fendeo ata o tarreo (MS 145).

Ⓜ: XIII

Ⓜ: peneira

Ⓜ: penedo

7.3.1.12. Sufixo <-en>

gafeen [2] (< gafo + -en) subst. fem. ‘lepra’

gafeen [2]: CSM [2]. El assi mantẽendo orgull’ e desden, / quiso Deus que caess’ en el mui gran **gafeen**, / ond’ ele foi coitado que non quis al ren / do mund’ erg’ ù’ ermid’ u se foi apartar (CSM 93.17-20). | Quand’ ll’ est’ ouve dit’, a teta descubriu / e do seu

santo leito o corpo ll’ ongiu; / e tan tost’ a **gafeen** logo del se partiu, / assi que o coiro ouve tod’ a mudar (CSM 93.37-40).

Ⓜ: XIII

Ⓜ: leproso

Ⓜ: -

7.3.1.13. Sufixo <-ento>

avarento [2] (< avaro + -ento) adx. ‘avaro’

avarento [2]: CSM [2]. Mais da besta e dos panos | que aquel jogar tragia / aquel cuteif avarento | tal cobiiça ll’ en crecia, / que mandou a un seu ome | mao e mui soberbioso (CSM 194.48-54). | Ca muit’ é cousa sen guisa | de fazeren avolezas / os que creen ena Virgen, | que é Sennor de nobrezas, / que mais ama limpidõe | que **avarento** requezas, / e piadad’ e merceo | ca judeu dar [a] usura (CSM 312.5-8).

Ⓜ: XIII

Ⓜ: -

Ⓜ: avarento

ferrugento -a [1] (< ferruge + -ento) adx. ‘que ten ferruxe’

ferrugeëta [1]: MS [1]. —Ay espada moy fremosa, que nũca foy sizia nẽ **ferrugeëta**, mais sempre foy fremosa et clara et cõueniuele d’ancho et de longo (MS 142-143).

Ⓜ: XIII

Ⓜ: -

Ⓜ: ferrugento

7.3.1.14. Sufixo <-eiro/-eira>

agoreiro -a [3] (< agoiro + -eiro/a) subst./adx. ‘agoirador’

agoyreyro [2]: CT [2]. *Et Colcos, o moy bon sabedor agoyreyro et leterado lles preegaua de cada día (CT 181.16-18). | Pero, ante que se partissen, Colcos, o agoyreyro, que auja hũa filla moy fremosa (CT 192.10).*

agüreyro [1]: CT [1]. *Como Colcos, o agüreyro, vëo buscar rresposta pera os d[e] Troya ao tenplo de Apolo (CT 91.1-2).*

Ⓜ: XIII

↻: agoireiro, agoirador

↪: agoreiro

arqueiro -a [3] (< arco + -eiro/a) subst./adx. ‘tirador de arco’

arqueiro [1]: CSM [1]. *Mas aquel mouro Soldan / fez-lles pöer pedreiras / per’ aos de dentr’ afan / dar de muitas maneiras, / e os arqueiros tirar; e assi combatudo / o muro foi sen vagar, / que toste foi fendudo (CSM 28.50-57).*

arqueyro [2]: CT [2]. *Et vijnã cõ el tódoslos de Perssya, que erã todos arqueyros (CT 134.2-3). | Et, sen falla, se nõ fora porlos arqueiros et baesteyros que estauã ñnos muros (CT 373.22-24).*

Ⓜ: XIII

↻: -

↪: arqueiro

arteiro -a [15] (< arte + -eiro/a) subst./adx. ‘que promove artes’

arteiro -a [15]: AT [1]. *E pero que alguns dizen que há i algũas cantigas de “joguete d’arteiro”, estas non son mais ca d’escarnho, nem ham outro entendimento (AT III.5.7-9). || LP [1]. —Pero nós ambas somos muit’arteiras, / melhor conhosqu’eu vós ca vós a min. (LP 64,11). || CSM [11]. Des que lle naceu o fillo, | en logar que adianos / déss’ end’ a Santa Maria | teve-o grandes set’ anos / que lle non vëo emente | nen da cera nen dos panos / con que o levar devera, | e cuidou*

seer arteira (CSM 43.30-33). | Este mong’ ordyado | era, segund’ oý, / muit’, e mui ben sa orden | tũa, com’ aprendi; / mas o demo arteiro | contorvou assy / que o fez na adega | beber do vÿ’ assaz (CSM 47.17-20). | Mas, que fez o diabr’ arteiro por lle toller seu bon prez / a aquela dona? (CSM 64.46-48). | En esta guisa o demo | chëo de mal e arteiro / fez tanto que o bon ome | o fillou por escudeiro; / e en todos seus serviços | a el achava primeiro, / dizendo-lle: “Que queredes, | sennor? A min o mandade” (CSM 67.36-39). | Tan toste correndo foi-s’ aquel fals’ arteiro, / e non teve via, mas per un semedeiro / chegou ao forno; e logo o caleiro / o deitou na chama fort’ e perigoosa (CSM 78.65-68). | El en tal coita vivendo, a mui Groriosa, / entendendo que saude dest’ era dultosa, / porque non perdess’ sa alma, come piadosa / faz e come mui sisuda e come arteira (CSM 137.30-33). | E pois lles aquest’ avëo, | fillaron seu conpanheiro / e trouxërono a Elvas, | onde moveran primeiro; / e souberon o engano | que lles fez o dem’ arteiro, / e perdõaron o outro | da sanna omez[i]eyra (CSM 213.91-94). | Onde con nojo da casa | que ouve, o cavaleiro / tornou-sse log’ aa outra | u jouvera de primeiro; / mais pero seer non soube | tan sabedor nen arteiro / que sol podesse con ela | aver prazer nen folgura (CSM 312.70-73). | D’y entrar, e en querendo | sobir per hũa encaeyra / do batel e[n] essa nave, | sobiu a filla primeyra- / mente, e depois a madre | cuidou a seer arteyra / de sobir tost’, e na auga | caeu con sa vestidura (CSM 383.41-44). | Con el alá offreçessen; | ca non tiinnam dineyros / que partir de ssi podessem, | nen ovellas nen carneiros / dos seus dar non y quieriam, | ca os santos son arteiros; / mais dar-ll-ia dous capões | ou ben leu dous ansarin[n]os (CSM 389.30-33). | E a el te rog’ ainda | que lle queyras rogar / que do diabr’ arteiro | me queira el guardar, / que punna todavia | pera om’ enartar / per muitas de maneiras, | por faze-lo peccar, / e que el me dé siso | que me poss’ amparar / dele e das sas obras, | con que el faz obrar / mui mal a queno cree | e pois s’en mal achar, / e que contra os mouros, | que terra d’Ultramar / tÿen e en Espanna | gran part’ a meu

7. Dicionario de afixos do galego medieval

pesar, / me dé poder e forza | pera os en deitar (CSM 401.22-31).

arteyro [2]: CT [2]. *ca dyz o prouerbio antigo que dos escarmentados sse fazê os arteyros* (CT 125.12-14). | *El rrey Napus auía outro fillo engeñoso et arteyro et rreoluedor et sabedor de fazer mezclas et de buscar mal* (CT 467.2-3).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: arteyro

Ⓞ: arteyro

augadeiro -a [1] (< augar + -deiro/a) subst./adx.
‘protector/a da chuva’

augadeiro [1]: LP [1]. *Ja un s'achou con corpes na carreira, / ca o vej'andar con capa augadeira;* (LP 16,11).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

Ⓞ: augadeiro

avelaneira [6] (< arco + -eiro/a) subst./adx.
‘lugar onde hai abeleiras’

avelaneira [6]: LP [6]. *Bailemos nós ja todas tres, ai amigas, / so aquestas avelaneiras froolidas / e quen for velida, como nós, velidas, / se amig'amar, / so aquestas avelaneiras froolidas / verra bailar.* (LP 14,5). | *Bailemos agora, por Deus, ai velidas, / so aquestas avelaneiras froolidas / e quen for velida como nós, velidas, / se amigo amar, / so aquestas avelaneiras froolidas / verra bailar.* (LP 83,1). | *Bailemos agora, por Deus, ai velidas, / so aquestas avelaneiras froolidas / e quen for velida como nós, velidas, / se amigo amar, / so aquestas avelaneiras froolidas / verra bailar.* (LP 83,1).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: avelaneira, avelanal, avelaneiro

Ⓞ: abeleira

azyeira [1] (< azya + -eira) subst. fem.
‘azinheira’

azyeira [1]: CSM [1]. *E foi-sse a el chegando, | sa azcõa sobre mão, / cuidando ben que corria | depos el per un gran chãõ e que lle dava gran colbe; | mas*

sayu-lle tod' en vãõ, / c'a azc4ua chantou toda | per hũa azyeira (CSM 213.76-79).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

Ⓞ: aciñeira

barreira [3] (< barra + -eira) subst. fem.
‘trincheira’

barreira [3]: CSM [1]. *Macar esto todo fazia, | da Virgen, de Cristus Madre, | [sempr' as igrejas onrrava / e vigias de sas festas | jajũava, e sen esto | os sabados [ben guardava, / porque non podess' o demo | leva-lo a sas barreiras / e que sempre a Virgen santa | oysse as sas pregueiras* (CSM 151.10-13). || **CT [2].** *et fezeron barreyras de moytas (de moytas) gisas* (CT 113.18). | *en tal gisa que nós nõ poderemos passar fora das barreyras* (CT 121.119-120).

Ⓜ: XIII

Ⓞ: barreira

Ⓞ: barreira

baesteiro [8] (< beesta + -eiro/a) subst./adx.
‘soldado armado con besta’

baesteiro [3]: CSM [3]. *Mantenente dos de fora | vẽõ log' un baesteiro / e diss' a outro dia da vila, | que poseran por porteiro, / que pera guarir / da omagen s'escudara, / que vẽess' abrir / a porta que el serrara* (CSM 51.42-47). | *[Q]ue tragia gran conpanna | de mui bõõs cavaleiros, / ardidos e arrizados, | e demais bõõs guerreiros / e almogavares muitos, | peões e baesteiros, / per que o castelo todo | mui' agya foi entrado* (CSM 205.22-25). | *Este de que vos eu falo | era fidalg' escudeyro, / e foi en hũa fazenda | bõõ, ardid' e ligeyro; / mas foi per un baesteiro / mui mal chaggad' aquel dia* (CSM 408.15-18).

baesteyro [1]: CT [1]. *Et, sen falla, se nõ fora porlos arqueiros et baesteyros que estauã ãnos muros, eles forã estonçe maltreytos et maldesbaratados* (CT 373.22-24).

baesteiro [1]: LP [1]. *Os baesteiros d'aquesta fronteira / pero que cuidan que tiran mui ben, / quero-lhis eu conselhar ãa ren:* (LP 126,9).

beesteyro [3]: CT [3]. *Mays os das naos tragiã tres mill beesteyros, et nõ quedauã de tirar saetas ãna mayor espessura que vijan (CT 116.8-10) . | et era tã forte que o nõ falssaua njhũa arma de nehũa maneyra, ca ja fora prouado per moytos beesteyros (CT 121.100-101). | [Et] poserõ perlos muros beesteyros et arque[eyro]s muytos et outros, (CT 373.8).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: besteiro

barqueiro [4] (< barco + -eiro/a) subst./adx.
‘aquele que move ou dirixe un barco’

barqueiro [4]: LP [4]. *E cercaron-mi as ondas, que grandes son, / non ei i barqueiro, nen remador: (LP 98,1). | E cercaron-mi as ondas do alto mar, / non ei i barqueiro, nen sei remar: (LP 98,1). | Non ei i barqueiro, nen remador, / morrerei fremosa no mar maior: (LP 98,1). | Non ei i barqueiro, nen sei remar / morrerei fremosa no alto mar: (LP 98,1).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: barqueiro

braceiro [1] (< braço + -eiro/a) subst./adx.
‘relativo ao brazo’

braceiro [1]: LP [1]. *mais empero é-x'el tan braceiro, / que ouv'end'ela de ficar colpada. (LP 18,11).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: braceiro

bragueiro [1] (< braga + -eiro/a) subst./adx.
‘cueiro’

bragueiro [1]: LP [1]. *tirou con el, e á d'ele levado / quanto tragiã atãe no bragueiro. (LP 126,9).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: bragueiro

cabeceira [2] (< cabeça + -eira) subst. fem.
‘cabeza’

cabeceira [2]: CSM [1]. *E fillou o Corpus Cristi | e o caliz da ygreja; / e quando foi aa choça, | viu a que bẽeyta seja, / Madre do que se non paga | de torto nen peleja, / seend' aa cabeceira | daquela vella sentada (CSM 75.83-86).*

Ⓢ: XIII || **cabeceyra [1]: CT [1].** *et rreçebédeo por seõor et por uosa cabeceyra (CT 457. 23).*

Ⓤ: -

↳: cabeza

caleiro [4] (< cale + -eiro/a) subst./adx.
‘operario de fornos de cal’

caleiro [4]: CSM [4]. *E que non soubessen de qual morte lle dava, / por un seu caleiro atan tost' enviava / e un mui gran forno encender llo mandava / de lenna mui grossa que non fose fumosa (CSM 78.30-33). | Outro di' el conde ao que merzcrad' era / mandó-o que fosse a veer se fezera / aquel seu caleiro o que ll' ele dissera, / dizend': “Esta via non te seja nojosa” (CSM 78.40-43). | E dise-lle: “Logo vay corrend' e asseita / se fez o caleiro a justiça fremosa (CSM 78.62-63). | Tan toste correndo foi-s' aquel fals' arteiro, / e non teve via, mas per un semedeiro / chegou ao forno; e logo o caleiro / o deitou na chama fort' e perigoosa (CSM 78.65-68).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: caleiro

candeeiro [3] (< candea + -eiro) subst. masc.
‘utensilio destinado a iluminar’

candeeiro [1]: CSMI [1]. *Et a dita eglleja asi feita, poso enlla candeeiros et ornamentos conpotentes ao culto ecclesiastico (CSMI VI.6.10.21-22).*

candeeiros [2]: CT [2]. *Et arredor del sijam moytos candeeiros d'ouro, moy grandes ademais (CT 243.21). | Et todo o altar era cheo et conprido a cada parte de candeeiros nobres et preciosos d'ouro (CT 408.8-9).*

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: candeeiro

certeiro -a [1] (< *certo/a* + *-eiro/a*) *subst./adx.* ‘**acertado**’

certeiro -a [1]: LP [1]. *E disse: -Esta é a madeira certa, / e, de mais, nõna dei eu a vós sinlheira; (LP 18,21).*

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

↳: certeiro

cevadeira [1] (< *cevar* + *-eira*) *subst./adx.* ‘**escudela**’

cevadeira [1]: LP [1]. *e diss'a outr': -E vós mal ascondedes / as tetas, que semelhan cevadeiras. (LP 64,11).*

Ⓜ: XIII

Ⓞ: -

↳: cevadeira

cimeira [1] (< *cima* + *-eiro/a*) *subst./adx.* ‘**punto máis alto, cima**’

çimeyra [1]: CT [1]. *Et tragía synaes de leõ uis et o cãpo d'ouro, et sobre seu elmo tragía hũa çimeyra tã brãca cõmo a neue (CT 204.45).*

Ⓜ: XIV

Ⓞ: cimeira

↳: cimeira

companheiro -a [29] (< *companha* + *-eiro/a*) *subst./adx.* ‘**amigo**’

cõpaneiro [12]: MS [12]. *Et en outro dia aa manã diso o enfermo a aquel seu cõpaneiro que se o el quisese ajudar que prouaria de sobir aquel monte et o cõpaneiro disolle que o nõ leyxaria ata a morte (MS 177). | Quando o rromeu viuio vio o cõpaneiro morto ouve moy grã medo en aquel monte hermo por la noyte que era moyto escura et por la maa jente dos bazquos que morauã arredor do monte (MS 177). | cobiiço moyto a soter[r]ar o corpo d'este morto meu cõpaneiro (MS 178). | acharas os teus cõpaneiros que desanpararõ a ti et ao [ẽ]fermo (MS 179). | — O apostollo santo vos envia dizer por mĩ que porque leixastes voso cõpaneiro et lle birtastes o juramẽto (MS*

179). | et tornãdose para sua terra topou cõ os cõpaneiros en aquel lgar meesme hu lle o apostolo diser (MS 179). | Outro seu cõpaneiro lan[ç]oulle hũu escudo ãno mar et disolle: —[O] glorioso apostolo Santiago (MS 191). | Et quando os outros caualeiros seus cõpaneiros aqesto virõ forõ a el et diserõlle que se mãefestase et demãdase aquelas cousas que perteesçiã a cristiaõ en tempo da sua morte (MS 198). | eu sen dulta cõ grã conpana de meus cõpaneiros (MS 203). | Et a cabo dos tres dias agistou seu asno et foyse seu camiõ cõ o outro seu cõpaneiro poble que gouernauã por amor de Santiago (MS 205). | sayan ja d'y os seus cõpaneiros que se del partirõ (MS 205). | - Semellã aqueles homẽs os cõpaneiros que nos leixamos (MS 205).

cõpaneiro [2]: CT [2]. *et trouxo por cõpaneiros Tẽçor et Afimacos et Doriõ et Polisenãs // et Teseus (CT 88.9). | Et por ende taes cõpaneiros busca que seiã uerdadeiros et leaes et fortes et cometedores (CT 341.7). || MS [1]. —Leuãtate et cõ teus cõpaneiros vay visytar o meu altar (MS 175).*

companheiro -a [1]: LP [1]. *de viver pobre, ca, quen x'assi fal, / facer-lh'-an todos seus companheiros (LP 18,3).*

companheiro [9]: CSM [9]. “Par Deus”, diss’ el Conde, “aqueste rogo farei volonter, / ca mia *companneira* tal come vos muito quer / que criedes nosso fill’ e façedes crecer” (CSM 5.78-80). | *Depos aquest’ un seu conpanneiro / San Basilio logo chamou, / e catar foi logo de primeiro / u as sas armas ante leixou / de San Mercurio, o cavaleiro / de Jeso-Crist’, e nonas achou; / e teve que era verdadeyro / seu sonn’, e Deus a Deua en loor (CSM 15.122-129). | Seus companneiros, poi-lo mort’ acharon, / por non lles apõer que o mataron, / foron-ss’; e logo chegaron / a alma tomar / demões, que a levaron / mui toste sen tardar (CSM 26.55-59). | E pois foron na eigreja, | Santa Maria rogaron / que podessen aver fillo | ontr’ el e ssa *conpanneira* (CSM 43.17-18). | E gran doo fez por el seu *conpanneiro*, / e quant’ el viveu foi senpr’ ali senlleiro, / guardand’ o sepulcro; mais Deus verdadeiro / levó-o consigu’, e el seja loado (CSM 65.250-253). | E poren te rogamos | que filles tal maneyra / de rezares mui passo, | amiga *conpanneyra*,*

/ e duas partes leixa | e di ben a terceira, / de quant' ante dizias, | e mais t' end' amaremos (CSM 71.55-58). | O miragre foi muit' apost' e mui bel / que Santa Maria fez por San Miguel, / que é **conpanheiro** de San Gabriel, / o angeo que a vëo saudar (CSM 86.15-18). | Sola fusti, senlleira, / Virgen, sen **conpanneira** (CSM 90.2-3). | E muit' a Virgen loaron, | que non ouve **conpanneiras** / en seus feitos e que sempre | faz sas mercees enteiras (CSM 151.42-43). | En vïir; e el en tanto, | assi como de primeiro, / fillou-ss' a jogar os dados | con outro seu **conpanheiro** (CSM 154.26-27). | E como quer que falasse | nas outras razões ben, / "Salve Reña" sabia | dizer mellor d'outra ren / toda mui conpridamente, | que ren non minguava en, / como lle mostrou a Virgen, | que non ouve **conpanneira** (CSM 262.30-33). | Donzelas, escudeiros, / burgueses, cidadãos, / outrossi aldeãos, / mesteiraes, ruãos, / des i os mercadeiros, / non deven postremeiros, / seer; mais com' irmãaos, / todos alçand' as mãos, / con corações sãos, / en esto **conpanheiros** / deven seer obreiros, / loand' a Virgen santa, / que o demo quebranta / por nossa amparança (CSM 409.81-94).

conpañeiro [5]: *LT* [5]. e anbolos cavaleiros eran de casa de rei Artur e **conpañeiros** da Tavola Redonda, e o ùu avia nume Brandeliz e o outro Keia d'Estrauz, e eran ambos boos cavaleiros e ardidos (*LT* III.37-39). | E Queia, quando viu o cavaleiro ficar, que todo o dia andara deante, e viu o ficava con pavor do cavaleiro armado que a ponte guardava, teve que o seu **conpañeiro** ficava con pavor do cavaleiro da ponte e tevello por mal e por covardia, e non se pode tẽer que non dissesse a Bradeliz (*LT* IV.67-71). | Falando eles assi Brandeliz, que viu seu **conpañeiro** derribado, guisouse de passar a ponte (*LT* VI.100-101). | Depois que Lançarot foi partido de seus **conpañeiros**, cavalgou por la montaña ata que chegou preto da montaña do castelo, a duas deitaduras de pedra (*LT* VII.111-113). | —Escudeiro —disso Lançarote—, si soo sen falla, de casa de rei Artur soo e **conpañeiro** da Tavola Redonda (*LT* VII.128-129).

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: compañeiro

costeira[2] (< *costa* + *-eira*) *subst. fem.* 'costa mariña'

costeira [2]: *LP* [1]. e vejo las costeiras, / logo mi veen ondas (*LP* 143,14). || **CSM** [1]. Mais pela **costeira** do gran mar d'España / ind' aquela nave con mui gran compaña, / levantous-s' o mar con tormenta tamanna / que muito per foi aquel dia irado (CSM 267.35-38).

Ⓢ: XIII

Ⓤ: costa

↳: costeira

covilleira [2] (< *covilla* + *-eira*) *subst. fem.* 'criada de confianza, alcaiota'

covilleira [2]: **CSM** [2]. E con seus amores a poucas tornou sandeu; / e porend' hũa sa **covilleira** cometeu / que lle fosse bõa, e tanto lle prometeu / que por força fez que fosse con ela falar (CSM 64.51-54). | E foi-ss' e leixou a dona | con todas sas **covilleiras** (CSM 151.28).

Ⓢ: XIII

Ⓤ: alcovilleira, alcoviteira, alcaioiteira

↳: covilleira

deanteiro -a [5] (< *deante* + *-eiro/a*) *subst./adx.* 'dianteiro, dos primeiros'

deãteyra [2]: *CT* [2]. Et fezeron logo azes das naues et mãdarõ quaes fossen ãna **deãteyra** et quaes fossen enpós elas (*CT* 114.7). | Et en estas azes **deãteyras** ýan moytos bõos caualeyros preçados et ardidos et orgullosos (*CT* 305.9-10).

deanteiro -a [3]: *LP* [1]. Venha Pachacho e Don Roi Cabreira, / pera daren a min a **deanteira** (*LP* 6,9). || **CSM** [2]. Saude e salvaçon, / que deu a un monteiro / que na ssa eigreja 'nton / entrou mui **deanteiro** / alá (CSM 276.17-21). | Outrosi cavaleiros / e as donas onrradas, / loores mui grãadas / deven per eles dadas / seer, e mercẽe[i]ros / e demais **deanteiros** / en fazer sinaadas / cousas e mui preçadas / por ela, que contadas / sejan, que verdadeiros / lles son e prazenteiros, / ca serán perdõados / porende seus pecados, / e guardados d'errança (CSM 409.66-79).

Ⓢ: XIII

Ⓤ: -

↳: dianteiro

denteira [1] (< *dente* + *-eira*) *subst. fem.*
‘arregaño’

denteira [1]: CSM [1]. *Assi a Virgen avïir / fez estas duas, sen falir, / que x’ ant’ avian, sen mentir, / denteira come con agraz* (CSM 68.49-52).

⊙: XIII

↳: -

↳: denteira

dereitureiro -a [8] (< *dereitura* + *-eiro/a*)
subst./adx. **‘xusto, xusticeiro’**

dereitoreira [1]: CSM [1]. *Esto fez a Virgen santa, | a Sennor dereitoreira, / de cujo nome o mundo | será chëo per meu grado* (CSM 328.87-88).

dereitureiro [3]: CSM [3]. *Por veer o gran miragre | que a Virgen demostrara / de cómo aquel menino | de morte ressucitara, / que a cabo de seis dias | jazendo morto chorara / por prazer da Groriosa, | santa e dereitureira* (CSM 43.75-78). | *E por esto foi o monge | escusado daquel furto, | de [que o mal sospeitavan; / e todos esses abades | logo pera el vëeron | e perdon lle [demandavan, / tollend’ os frocos das testas | e descubrind’ as moleiras / pola Virgen, cujas obras | son sempre dereitureiras* (CSM 151.45-48). | *Cousa, que o guardaria | de non prender mal a torto, / e que, tënd’ el verdade, | non fosse preso nen morto; / ca todos mui mal jugados | a ela van por conorto, / ca en todo-los seus feitos | senpr’ é mui dereitureira* (CSM 213.41-44).

dereyteiro [1]: CT [1]. *Et muyto(s) som bōos et dereyteiros et leaes* (CT 399.33).

dereyteyro -a [2]: CT [2]. *Pero [a rreýña Écuba] foy piadosa et daua moytas esmōlas et era moy sábea et moy dereyteyra* (CT 83.5-6). | *Et eu sey ben que os deuses nos dyrã verdade sen falimento, ca el he de moy bon cōssello et moy dereyteyro* (CT 89.37-38).

dereytureyro [1]: CSM [1]. *Quand’ est’ oyron as gentes, | loaron os justiceyros, / Jhesu-Cristo e sa Madre, | Sennores dereytureyros; / e logo aquel astroso | fillárono os monteyros / e posérono na forca | suso na mayor altura* (CSM 392.50-53).

⊙: XIII

↳: dereitureiro

↳: dereitureiro

despenseiro -a [3] (< *despensa* + *-eiro/a*)
subst./adx. **‘encargado de gardar a despensa’**

despenseiro [2]: LP [1]. *E queixa-se-m’ele muitas vegadas / dos escrivães e dos despenseiros* (LP 18,6). || **CSMI [1].** *O qual foi tan mao et peor que o primeiro, et afligeu tanto a familia, et clerigos et a terra, et destroeu as posisoos da eglleja, en tal maneira que os canonigos et servidores da eglleja, que devian seer despenseiros da eglleja [et] dos beens ecclesiasticos, eran tan pobres que non tinan cousa de que se manteer* (CSMI V.5.2.6-10).

despenseyro [1]: CSM [1]. *Mais sabbado aquel dia | era, e muitos cuidavan / que pescado non ouvessen, | ca per rrem nono achavan / a vende-lo en Sevilla; | e porende se queyxavam / al Rey os seus despenseyros | dizen[do]: “Obra d’aranna* (CSM 386.40-43).

⊙: XIII

↳: -

↳: despenseiro

duradeiro -a [1] (< *durar* + *-eiro/a*) *subst./adx.*
‘duradoiro’

